ORDENANZAS DE TRIBUTOS E PREZOS PÚBLICOS

ANO 2011

Concello de Lugo
Concellería de Economía e Emprego

ÍNDICE

A) ORDENANZA FISCAL XERAL
ORDENANZA FISCAL XERAL.....7

B) TAXAS

B.1. TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS

ORDENANZA FISCAL NÚM. 100
TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS....73
ORDENANZA FISCAL NÚM. 101
TAXA POLA UTILIZACIÓN DO ESCUDO DO MUNICIPIO.....82
ORDENANZA FISCAL NÚM. 102
TAXAS POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS E AUTORIZACIÓNS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER 87
ORDENANZA FISCAL NÚM. 103
TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS.....91
ORDENANZA FISCAL NÚM. 104
TAXA POR LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS 104
ORDENANZA FISCAL NÚM. 105
TAXAS POLOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUÍNAS, DERRIBAS, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS. 111
ORDENANZA FISCAL NÚM. 106
TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CEMITERIO MUNICIPAL 118
ORDENANZA FISCAL NÚM. 107
TAXAS POLO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, INCLUÍDA A VIXILANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES. 128
ORDENANZA FISCAL NÚM. 108
TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS. 137
ORDENANZA FISCAL NÚM. 109
TAXAS POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.....147
ORDENANZA FISCAL NÚM. 110
TAXA POLA INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS.....167
ORDENANZA FISCAL NÚM. 111

TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ALUGUER DO CONTADOR DA AUGA 172
ORDENANZA FISCAL NÚM. 112
TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA.....174
ORDENANZA FISCAL NÚM. 113
TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MATADOIRO E CARREXO DE CARNES 182
ORDENANZA FISCAL NÚM. 114
TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MERCADO 184
ORDENANZA FISCAL NÚM. 115
TAXAS POLA UTILIZACIÓN DE VEHÍCULOS, INSTALACIÓNS MÓBILES E EFECTOS DE PROPIEDADE MUNICIPAL.....190
ORDENANZA FISCAL NÚM. 116
TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS ESCOLAS INFANTÍS (0-3 ANOS) MUNICIPAIS 195
ORDENANZA FISCAL NÚM. 117
TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR PARTE DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS. 199
ORDENANZA FISCAL NUM. 118
TAXA POLO VERQUIDO DE AUGAS RESIDUAIS PROCEDENTES DE CISTERNAS NA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS (EDAR) 204
ORDENANZA FISCAL NÚM. 119
TAXA POR DEREITOS DE EXAMES.....211
ORDENANZA FISCAL NÚM. 120
TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMIDA NO FOGAR214

B.2. TAXAS POLO APROVEITAMENTO DO DOMINIO PÚBLICO

ORDENANZA FISCAL NUM. 150
TAXAS POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (SISTEMA ORA) 219
ORDENANZA FISCAL NÚM. 151
TAXAS POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE SACAS DE AREA E DOUTROS MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN EN TERREOS PÚBLICOS MUNICIPAIS 227
ORDENANZA FISCAL NÚM. 152
TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA....231
ORDENANZA FISCAL NÚM. 153

TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON ENTRADAS DE VEHÍCULOS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA.....246
ORDENANZA FISCAL NÚM. 154
TAXAS POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DA VÍA PÚBLICA CON QUIOSCOS.....258
ORDENANZA FISCAL NÚM. 155
TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL 264
ORDENANZA FISCAL NÚM. 156
TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE PELÍCULAS, ADOSADOS ÓS EDIFICIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA.....270

C) IMPOSTOS

ORDENANZA FISCAL NÚM. 200
IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA 275
ORDENANZA FISCAL NÚM. 201
IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA 284
ORDENANZA FISCAL NÚM. 202
IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.....296
ORDENANZA FISCAL NÚM. 203
IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. 303
ORDENANZA FISCAL NÚM. 204
IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.....308

D) CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS

ORDENANZA FISCAL NÚM. 300
ORDENANZA XERAL DE CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS.....312

E) PREZOS PÚBLICOS

ORDENANZA NÚM. 400
PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E DE RECREO MUNICIPAL.....326

ORDENANZA NÚM. 401
PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS 332
ORDENANZA NÚM. 402
PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN (CEI) E DO CENTRO DE SERVIZOS TECNOLÓXICOS NODUS. 334
ORDENANZA NÚM. 403
PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS CULTURAIS 340
ORDENANZA NÚM. 404
PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE PUBLICACIÓNS LOCAIS 347

F) ANEXOS

ANEXO 1
ÍNDICE ALFABÉTICO DE VÍAS PÚBLICAS APLICABLE A TODAS AS ORDENANZAS FISCAIS E PREZOS PÚBLICOS. 351
ANEXO 2
MANUAL PARA OBTER O PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL DUNHA EDIFICACIÓN, APLICABLE Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS E Á ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS. 386
ANEXO 3
CUSTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS MENORES, APLICABLE Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS E Á ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS. 391

ORDENANZA FISCAL XERAL

ORDENANZA FISCAL XERAL

TÍTULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS DO ORDENAMENTO TRIBUTARIO

CAPITULO I

PRINCIPIOS XERAIS

ARTIGO 1º.

A presente Ordenanza fiscal xeral díctase ó amparo do artigo 106.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dos artigos 11, 12.2 e 15.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como do apartado 3 da disposición adicional cuarta da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 2º.

A presente Ordenanza fiscal xeral contén normas comúns tanto substantivas como procesais que se consideran, a todos os efectos, parte integrante das ordenanzas fiscais e regulamentos que se diten en relación á xestión, recadación e inspección de ingresos de dereito público municipais.

CAPITULO II

NORMAS TRIBUTARIAS

ARTIGO 3º. INTERPRETACIÓN

1. As normas contidas na presente ordenanza interprétanse conforme ó disposto no apartado 1 do artigo 3 do Código Civil.

2. En tanto non se definan pola normativa tributaria, os termos empregados nas súas normas entenderanse conforme ó seu sentido xurídico, técnico ou usual, segundo proceda.

3. Non se admitirá a analoxía para estender máis alá dos seus termos estrictos o ámbito do feito impoñible, das exencións e demais beneficios ou incentivos fiscais.

ARTIGO 4º. ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. As ordenanzas fiscais serán de aplicación en todo o termo municipal de Lugo e aplicaranse consonte cos principios de residencia efectiva e territorialidade.

2. Así mesmo, serán de aplicación fóra do termo municipal no caso de servizos prestados polo Concello de Lugo a outros termos municipais.

TITULO II

OS TRIBUTOS

CAPÍTULO I

OBRIGAS TRIBUTARIAS

ARTIGO 5º. OBRIGA TRIBUTARIA PRINCIPAL

A obriga tributaria principal ten por obxecto o pagamento da cota tributaria.

ARTIGO 6º. FEITO IMPOÑIBLE

O feito impoñible é o presuposto fixado polas ordenanzas fiscais correspondentes para configurar cada tributo e cuxa realización orixina o nacemento da obriga tributaria principal. As ordenanzas fiscais poderán completar a delimitación do feito impoñible mediante a mención de supostos de non suxeición.

ARTIGO 7º. SIMULACIÓN

Nos actos ou negocios nos que exista simulación, o feito impoñible gravado será o efectivamente realizado polas partes.

ARTIGO 8º. DEVENGO

O devengo é o momento en que se entende realizado o feito impoñible e no que se produce o nacemento da obriga tributaria principal.

A ordenanza de cada tributo poderá dispoñer a esixencia do pagamento da cota, ou de parte dela, en momento distinto do devengo.

ARTIGO 9º. EXENCIÓNS

Son supostos de exención aqueles nos que, a pesar de realizarse o feito impoñible, a ordenanza exime do cumprimento da obriga tributaria principal.

ARTIGO 10º. INTERPRETACIÓN

1. Non se outorgarán outras exencións, bonificacións ou reduccións que as concretamente autorizadas pola lei, pactos ou tratados internacionais. A ordenanza fiscal de cada tributo deberá regular os supostos de concesión de beneficios fiscais.

2. As exencións, bonificacións e reduccións interpretaranse en sentido restrictivo e non se aplicarán a máis persoas -e só polas súas obrigas tributarias propias e directas- que ás taxativamente previstas, nin se estenderán a máis supostos que os sinalados especificamente.

3. Cando nas respectivas ordenanzas se declare exento de pagamento de tributos ó Estado, este beneficio non comprenderá ás entidades ou organismos que, calquera que fose a súa relación ou dependencia do Estado, posúan personalidade xurídica propia e independente e non teñan recoñecida por lei exención especial.

ARTIGO 11º. BONIFICACIÓNS EN MATERIA DE TAXAS

1. Para a fixación das tarifas das taxas que, polas súas características, o permitan, terase en conta a capacidade económica das persoas que deban satisfacelas.

2. O importe estimado das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade, non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate.

3. O Concello Pleno, nos actos de aprobación de plans de actuación sectorial ou instrumentos de planeamento poderá establecer beneficios fiscais de taxas municipais sometidas en todo caso ós principios de capacidade económica e xustiza distributiva.

4. Nos supostos establecidos no apartado 3 anterior así como no suposto de que unha ordenanza específica autorice a concesión de beneficios fiscais a persoas de escasa capacidade económica como xubilados, pensionistas e outras, haberán de cumprirse os requisitos establecidos no artigo seguinte deste texto.

ARTIGO 12º. TRAMITACIÓN

1. O Concello Pleno determinará para cada exercicio, os supostos obxectivos e requisitos subxectivos que deben reunir os beneficiarios de bonificacións ou exencións de taxas. Noutro caso entenderanse vixentes os do exercicio anterior.

2. A aplicación de exencións, bonificacións e reduccións que procedan, efectuarase a petición de parte, coa xustificación documental que proceda.

3. Será requisito necesario para a concesión dunha bonificación ou exención tributaria que o suxeito pasivo beneficiario estea ó corrente de débedas de calquera tributo neste Concello.

4. O suxeito pasivo beneficiario de calquera exención ou bonificación tributaria deberá comunicar calquera variación que se produza nas circunstancias da súa concesión.

ARTIGO 13º. OBRIGAS TRIBUTARIAS ACCESORIAS

Teñen a natureza de obrigas tributarias accesorias as obrigas de satisfacer o xuro de demora, os recargos por declaración extemporánea e os recargos do período executivo.

Por lei poderán impoñerse outras obrigas tributarias accesorias.

ARTIGO 14º. XURO DE DEMORA

1. O xuro de demora é unha prestación accesoria que se esixirá ós obrigados tributarios e ós suxeitos infractores como consecuencia da realización

dun pagamento fóra de prazo, ou da presentación dunha autoliquidación ou declaración da que resulte unha cantidade a ingresar, unha vez finalizado o prazo establecido pola ordenanza. Esixirase xuro de demora como consecuencia do cobro dunha devolución improcedente así como noutros casos previstos na normativa tributaria.

A esixencia do xuro de demora tributario non require a previa advertencia da administración nin un retraso culpable no obrigado.

2. O xuro de demora calcularase sobre o importe non ingresado en prazo ou sobre a contía da devolución cobrada improcedentemente e resultará esixible durante o tempo a que se extenda o retraso do obrigado.

3. O xuro de demora será o xuro legal do diñeiro vixente ó longo do período en que aquel resulte esixible, incrementado nun 25%, agás que a Lei de presupostos xerais do Estado estableza outro diferente.

4. Non se esixirán xuros de demora ou serán esixidos por prazo distinto do establecido no parágrafo 2 deste artigo, nos supostos regulados nos apartados 4 e 5 do artigo 26 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 15º. RECARGOS POR DECLARACIÓN EXTEMPORÁNEA SEN REQUERIMENTO PREVIO

1. Os recargos por declaración extemporánea son prestacións accesorias que deben satisfacer os obrigados tributarios como consecuencia da presentación de autoliquidacións ou declaracións fóra de prazo sen requerimento previo da administración.

2. Se a presentación da autoliquidación ou declaración se efectúa dentro dos 3, 6 ou 12 meses seguintes ó termo do prazo establecido para a presentación e ingreso, o recargo será do 5, 10 ou 15%, respectivamente. Dito recargo calcularase sobre o importe da liquidación derivado da declaración extemporánea e excluirá as sancións e os xuros de demora devengados ata a presentación da autoliquidación ou declaración.

Se a presentación da autoliquidación ou declaración se efectúa unha vez transcorridos 12 meses dende o termo do prazo establecido para a presentación, o recargo será do 20% e excluirá as posibles sancións. Neste caso, esixiranse os xuros de demora polo tempo transcorrido dende o día seguinte ó termo dos 12

meses posteriores á finalización do prazo establecido para a presentación ata o momento da autoliquidación ou declaración.

ARTIGO 16º. RECARGOS DO PERÍODO EXECUTIVO

Os recargos do período executivo devenganse co inicio de dito período. Son de tres tipos: recargo executivo, recargo de constrinximento reducido e recargo de constrinximento ordinario. A súa regulación consta no artigo 35 da presente ordenanza.

ARTIGO 17º. OBRIGAS TRIBUTARIAS FORMAIS

1. Son obrigas tributarias formais aquelas que, sen ter carácter pecuniario, son impostas pola ordenanza ós obrigados tributarios. O seu cumprimento está relacionado co desenvolvemento de actuacións ou procedementos tributarios.

2. Entre outras que poidan ser establecidas legalmente, os obrigados tributarios deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Solicitar e utilizar o número de identificación fiscal nas relacións de natureza ou transcendencia tributaria.
b) A obriga de presentar declaracións, autoliquidacións e comunicacións.
c) A obriga de aportar á Administración tributaria libros, rexistros, documentos, informes, antecedentes con transcendencia tributaria.
d) A obriga de facilitar inspeccións e comprobacións administrativas.

ARTIGO 18º. OBRIGAS E DEBERES DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA

A Administración tributaria está suxeita ás seguintes obrigas de contido económico: realizar as devolucións derivadas da ordenanza de cada tributo, devolución de ingresos indebidos, o reembolso do custo das garantías e satisfacer xuros de demora.

CAPITULO II

OBRIGADOS TRIBUTARIOS

ARTIGO 19º. OBRIGADOS TRIBUTARIOS: CONCEPTO E CLASES

1. Son obrigados tributarios as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que as Ordenanzas fiscais impoñen o cumprimento de obrigas tributarias.

2. Entre outros son obrigados tributarios:

a) Os contribuíntes.
b) Os substitutos dos contribuíntes.
c) Os obrigados a realizar pagos fraccionados.
d) Os sucesores.

3. Tamén terán o carácter de obrigados tributarios aqueles a quen as ordenanzas fiscais impoñen o cumprimento de obrigas formais.

4. Terán a consideración de obrigados tributarios, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constituan unha unidade económica ou patrimonio susceptible de imposición.

ARTIGO 20º. SUXEITOS PASIVOS: CONTRIBUÍNTE E SUBSTITUTO DO CONTRIBUÍNTE

1. É suxeito pasivo o obrigado tributario que, segundo a ordenanza, debe cumprir a obriga tributaria principal, así como as obrigas formais inherentes a aquela, sexa como contribuínte ou como substituto deste.

2. É contribuínte o suxeito pasivo que realiza o feito impoñible.

3. É substituto ó suxeito pasivo, que, por imposición da ordenanza e en lugar do contribuínte, está obrigado a cumprir a obriga tributaria principal, así como as obrigas formais inherentes a aquela. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe das obrigas tributarias satisfeitas.

ARTIGO 21º. OBRIGADOS A REALIZAR PAGOS A CONTA

É obrigado a realizar pagos fraccionados o contribuínte a quen, a ordenanza de cada tributo, impón a obriga de ingresar cantidades a conta da obriga tributaria principal con anterioridade a quen esta resulte esixible.

ARTIGO 22º. SUCESORES DE PERSOAS FÍSICAS

1. Á morte dos obrigados tributarios, as obrigas tributarias pendentes transmitiranse ós herdeiros, sen prexuízo do que establece a lexislación civil en canto a adquisición da herdanza.

As referidas obrigas tributarias transmitiranse ós legatarios nas mesmas condicións que as establecidas para os herdeiros cando a herdanza se distribúa a través de legados e nos supostos nos que se institúan legados de parte alícuota.

En ningún caso se transmitirán as sancións. Tampouco se transmitirá a obriga do responsable salvo que se tivera notificado o acordo de derivación de responsabilidade antes do falecemento.

2. Non impedirá a transmisión ós sucesores das obrigas tributarias devengadas o feito de que na data da morte do causante a débeda tributaria non estivera liquidada, en cuxo caso as actuacións entenderanse con calquera deles, debéndose notificar a liquidación que resulte de ditas actuacións a todos os interesados que consten no expediente.

3. Mentres a herdanza se atopa xacente, o cumprimento das obrigas tributarias do causante corresponderá ó representante da herdanza xacente.

As actuacións administrativas que teñan por obxecto a cuantificación, determinación e liquidación das obrigas tributarias do causante deberán realizarse ou continuarse co representante da herdanza xacente. Se ó termo do procedemento non se coñeceran os herdeiros, as liquidacións realizaranse a nome da herdanza xacente.

As obrigas tributarias a que se refire o parágrafo anterior, e as que foran transmisibles por causa de morte, poderán satisfacerse con cargo os bens da herdanza xacente.

ARTIGO 23º. SUCESORES DE PERSOAS XURÍDICAS E DE ENTIDADES SEN PERSONALIDADE

1. As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas nas que a lei limita a responsabilidade patrimonial dos socios, partícipes ou cotitulares, transmitiranse a estes, que quedarán obrigados solidariamente ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda.

As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas nas que a lei non limita a responsabilidade patrimonial dos socios, partícipes ou cotitulares transmitiranse integramente a estes, que quedarán obrigados solidariamente ó seu cumprimento.

2. O feito de que a débeda tributaria non estivera liquidada no momento de producirse a extinción da persoalidade xurídica da sociedade ou entidade non impedirá a transmisión das obrigas tributarias devengadas ós sucesores, podéndose entender as actuacións con calquera deles.

3. Nos supostos de extinción ou disolución sen liquidación de sociedades mercantís, as obrigas tributarias pendentes delas transmitiranse as persoas ou entidades que sucedan ou que sexan beneficiarias da correspondente operación. Esta norma tamén será aplicable a calquera suposto de cesión global do activo e pasivo dunha sociedade mercantil.

4. No caso de disolución de fundacións ou entidades as que se refire o apartado 4 do artigo 19 desta Ordenanza, as obrigas tributarias pendentes delas transmitiranse ós destinatarios dos bens e dereitos das fundacións ou ós partícipes ou cotitulares de ditas entidades.

5. As sancións que puideran proceder polas infraccións cometidas polas sociedades e entidades as que se refire este artigo serán esixibles ós sucesores delas, nos termos establecidos nos puntos anteriores, ata o límite do valor da cota da liquidación que lles corresponda.

ARTIGO 24º. RESPONSABLES

1. De acordo coa lei, as ordenanzas respectivas poden declarar responsables solidarios ou subsidiarios da débeda tributaria xunto cos debedores principais, a outras persoas ou entidades.

2. Agás precepto expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

3. A responsabilidade alcanzará á totalidade da débeda tributaria esixida en período voluntario.

Cando tivera transcorrido o prazo voluntario de pagamento que se conceda ó responsable sen realizar o ingreso, iniciarase o período executivo e esixiranse os recargos e xuros que procedan.

4. A responsabilidade non alcanzará as sancións agás lei que estableza unha excepción.

5. Agás norma con rango de lei que dispoña outra cousa, a derivación da acción administrativa para esixirlles o pagamento da débeda tributaria ós responsables requirirá un acto administrativo no que, previa audiencia do interesado, se declare a responsabilidade e se determine o seu alcance. Este acto seralles notificado con expresión dos elementos esenciais da liquidación, e conferiráselles dende ese instante todos os dereitos e obrigas do debedor principal.

6. Cando sexan dous o máis os responsables solidarios ou subsidiarios dunha mesma débeda, esta poderá esixírselle integramente a calquera deles.

7. Serán responsables solidarios ou subsidiarios, ademais dos que establecen outras normas con rango de lei, os declarados expresamente nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 25º. CAPACIDADE DE OBRAR E REPRESENTACIÓN LEGAL

As persoas que carezan da capacidade de obrar no ámbito tributario nos termos regulados no artigo 44 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, terán a representación legal establecida no artigo 45 da mesma Lei.

ARTIGO 26º. REPRESENTACION VOLUNTARIA

1. Os obrigados tributarios con capacidade de obrar poderán actuar por medio de representante, que poderá ser un asesor fiscal con quen se entenderán as sucesivas actuacións administrativas, agás que se faga manifestación expresa en contrario.

2. Para interpoñer recursos ou reclamacións, desistir deles, renunciar a dereitos, asumir ou recoñecer obrigas en nome do obrigado tributario, solicitar devolucións de ingresos e outros supostos en que sexa necesario a sinatura do obrigado tributario, a representación deberá acreditarse por calquera medio

válido en dereito que deixe constancia fidedigna ou mediante declaración en comparecencia persoal do interesado diante da administración tributaria do Concello.

ARTIGO 27º. ENDEREZO FISCAL

1. O enderezo fiscal é o lugar de localización do obrigado tributario nas súas relacións coa administración tributaria.

2. O enderezo fiscal será, para as persoas físicas, o lugar onde teñan a súa residencia habitual e deberá coincidir co enderezo de empadroamento.

3. O enderezo fiscal será, para as persoas xurídicas, o seu enderezo social no municipio de Lugo, sempre que nel estea efectivamente centralizada a súa xestión administrativa e a dirección dos seus negocios. Noutro caso atenderase ó lugar en que efectivamente se realice a dita xestión ou dirección. Estas mesmas regras son de aplicación para as entidades a que se refire o apartado 4 do artigo 19 desta ordenanza.

4. Os obrigados tributarios deberán comunicar o seu enderezo fiscal e o seu cambio á administración tributaria do Concello, sen que o cambio de enderezo produza efecto ante a Administración ata que se presente a citada declaración tributaria. A administración tributaria do Concello poderá comprobar e rectificar o enderezo fiscal declarado polos obrigados tributarios.

5. O incumprimento da obriga de comunicar o enderezo fiscal ou cambio deste constituirá infracción tributaria.

6. Os obrigados tributarios, para a súa comodidade, poderán comunicar ó Concello, ademais do enderezo fiscal, outros enderezos a efectos de notificación.

ARTIGO 28º. RESIDENCIA NO ESTRANXEIRO

1. Os suxeitos pasivos que residan no estranxeiro durante máis de seis meses de cada ano natural, están obrigados a designar un representante con enderezo en territorio español para os efectos das súas relacións coa administración tributaria do Concello.

2. As persoas xurídicas residentes no estranxeiro que desenvolvan actividades no termo municipal de Lugo, terán o seu enderezo fiscal no lugar no que radique a efectiva xestión administrativa e a dirección dos seus negocios.

CAPITULO III

ELEMENTOS DE CUANTIFICACIÓN DA OBRIGA TRIBUTARIA PRINCIPAL E DA OBRIGA DE REALIZAR PAGOS A CONTA

ARTIGO 29º. BASE IMPOÑIBLE: MÉTODOS DE DETERMINACIÓN

1. A base impoñible é a magnitude en diñeiro ou doutra natureza que resulta da medición ou valoración do feito impoñible.

2. A ordenanza de cada tributo establecerá o método para determinar a base impoñible dentro dos seguintes:

a) Estimación directa.
b) Estimación obxectiva.
c) Estimación indirecta.

3. Con carácter xeral, as bases impoñibles determinaranse polo método de estimación directa. Por lei estableceranse os supostos en que, con carácter voluntario, poida aplicarse unha estimación obxectiva. O método de estimación indirecta aplicarase cando a Administración tributaria non poida dispoñer dos datos necesarios para a determinación da base impoñible.

ARTIGO 30º. BASE LIQUIDABLE

A base liquidable é a magnitude resultante de practicar, no seu caso, na base impoñible, as reduccións establecidas na ordenanza fiscal.

ARTIGO 31º. TIPO DE GRAVAME

O tipo de gravame é a cifra, coeficiente ou porcentaxe, que se aplica á base liquidable para obter a cota íntegra.

ARTIGO 32º. COTA TRIBUTARIA: COTA ÍNTEGRA, LÍQUIDA E DIFERENCIAL

1. A cota íntegra é a resultante de aplicar á base liquidable o tipo de gravame ou ben unha cantidade fixa establecida na ordenanza fiscal.

2. A cota líquida é o resultado de aplicar sobre a cota íntegra as deduccións, bonificacións e coeficientes correctores que se establecen na ordenanza fiscal.

3. A cota diferencial é o resultado de minorar a cota líquida no importe dos ingresos a conta realizados se estes fosen establecidos na ordenanza fiscal.

CAPITULO IV

A DÉBEDA TRIBUTARIA

ARTIGO 33º. DÉBEDA TRIBUTARIA

1. A débeda tributaria estará constituída pola cota ou cantidade a ingresar que resulte da obriga tributaria principal ou das obrigas de realizar pagos a conta.

2. Ademais, a débeda tributaria estará integrada, no seu caso, por:

a) Xuros de demora.
b) Recargo por declaración extemporánea.
c) Recargos de período executivo.
d) Outros recargos esixibles legalmente.

3. De conformidade co artigo 16 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral presupostaria, non se liquidarán as débedas inferiores a 6,00 € que procedan dunha liquidación ou autoliquidación tributaria de calquera dos impostos esixidos por este Concello, agás no Imposto sobre construccións, instalacións e obras. Cando se trate do Imposto sobre bens inmobles estarase ó establecido na súa ordenanza fiscal.

ARTIGO 34º. EXTINCIÓN DA DÉBEDA TRIBUTARIA

1. As débedas tributarias poderán extinguirse por:

a) Pagamento.
b) Prescrición.
c) Compensación

d) Condonación e
e) Insolvencia

ARTIGO 35º. PAGAMENTO

1. A débeda tributaria satisfarase co pagamento en efectivo ou mediante o emprego de efectos timbrados segundo dispoña cada ordenanza fiscal.

2. O pagamento deberá facerse dentro dos prazos que se sinalan no artigo 37 desta ordenanza.

3. O vencemento do prazo establecido para o pagamento sen que este se efectuare determinará os seguintes recargos incompatibles entre sí e calculados sobre a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario:

a) O recargo executivo que será do 5% e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario antes da notificación da providencia de constrinximento.
b) O recargo de constrinximento reducido que será do 10% e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e o propio recargo antes de finalizar o prazo indicado na notificación da providencia de constrinximento.
c) O recargo de constrinximento ordinario que será do 20% aplicable cando non se dean os supostos a) e b) anteriores.

4. O recargo de constrinximento ordinario é compatible cos xuros de demora. Cando proceda o recargo executivo ou de constrinximento reducido non se esixirán os xuros de demora devengados no período executivo.

5. Os ingresos correspondentes a declaracións, liquidacións ou autoliquidacións presentadas fora de prazo sen requerimento previo terán os recargos e xuros regulados nos artigos 14 e 15 desta ordenanza.

ARTIGO 36º. FORMAS DE PAGAMENTO

1. A débeda tributaria satisfarase co pagamento en efectivo ou mediante emprego de efectos timbrados, segundo dispoña a ordenanza fiscal.

2. Enténdese pagada en efectivo unha débeda tributaria cando se fixese o ingreso do seu importe na Tesourería, na que só se poderán abonar as débedas

que non excedan de 3.000,00 €, oficinas de Recadación ou entidades colaboradoras autorizadas competentes para a súa admisión.

3. Enténdese pagada unha débeda mediante efectos timbrados cando estes se utilicen na forma que determine a respectiva ordenanza fiscal e, no non previsto, estarase ó que dispoñen as normas do imposto sobre actos xurídicos documentados.

ARTIGO 37º. PRAZOS DE PAGAMENTO

1. As débedas tributarias resultantes dunha autoliquidación deberán pagarse nos prazos que establece a ordenanza fiscal correspondente.

2. No caso de liquidacións practicadas pola Administración o pagamento en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 do mes, ata o día 20 do mes posterior e, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
b) Se a notificación se realiza entre os días 16 e último do mes, ata o día 5 do segundo mes posterior e se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

3. O pagamento en período voluntario de débedas relativas a padróns fiscais periódicos e, polo tanto, de notificación colectiva e periódica, no prazo establecido nos correspondentes anuncios de cobranza, que será publicado no BOP e exposto no Taboleiro de anuncios municipal. O prazo non será inferior a dous meses.

O calendario do contribuínte, en tributos de cobro periódico, será preferentemente o que se sinala a continuación:

a) Imposto sobre vehículos de tracción mecánica: do 20 de abril ó 20 de xuño.
b) Imposto sobre bens inmobles: do 20 de setembro ó 20 de novembro.
c) Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública (pasaxes): do 20 de setembroó 20 de novembro.
d) Imposto sobre actividades económicas: do 20 de outubro ó 20 de decembro.
e) Recibos trimestrais de auga, lixo e sumidoiros:
1º trimestre: do 20 de abril ó 20 de xuño.

2º trimestre: do 20 de xullo ó 20 de setembro.
3º trimestre: do 20 de outubro ó 20 de decembro.
4º trimestre: do 20 de xaneiro ó 20 de marzo.

Coa indicación de que no caso de que as datas de inicio ou fin sexan coincidentes cun día festivo, trasladaranse as mesmas á data hábil máis próxima.

4. As débedas que deban satisfacerse mediante efectos timbrados, no momento da realización do feito impoñible.

5. As débedas resultantes de concertos ingresaranse nos prazos determinados neles.

6. As débedas non tributarias, nos prazos que determinen as súas normas ou acordos segundo os que son esixibles e, no seu defecto, nos prazos establecidos nos apartados 1, 2 e 3 deste artigo segundo corresponda.

ARTIGO 38º. MEDIOS DE PAGAMENTO EN EFECTIVO

1. O pagamento das débedas tributarias que deban realizarse en efectivo farase por algún dos seguintes medios:

a) Diñeiro de curso legal.
b) Cheques expedidos por entidades de crédito contra as súas propias contas.
c) Cheques de contas correntes bancarias ou de caixas de aforros.
d) Transferencia bancaria ou de caixa de aforros
e) Xiro postal
f) Tarxetas de crédito, no momento en que o Concello teña asinado os correspondentes convenios con entidades de crédito e segundo o disposto neles.
g) Pago vía internet polos medios telemáticos debidamente establecidos polo Concello.
h) Calquera outro que sexa autorizado polo Concello.

2. Todas as débedas que deban satisfacerse en efectivo poderán pagarse con diñeiro de curso legal, calquera que sexa o órgano ou entidade que haxa de percibir o pagamento, o período de recadación en que se efectúe e a contía da débeda.

3. Os contribuíntes poderán utilizar cheques bancarios ou de caixas de aforros para efectuar os seus ingresos en efectivo na caixa do Concello. O importe do cheque poderá contraerse a un débito ou comprender varios ingresos que se efectúen de forma simultánea. A súa entrega só liberará á persoa debedora cando fosen efectivamente realizados.

4. Os cheques de conta corrente bancaria ou de caixa de aforros que con tal fin se expidan deberán reunir, ademais dos requisitos xerais esixidos pola lexislación mercantil, os seguintes:

a) Ser nominativos a favor do Concello de Lugo, por un importe igual á débeda ou débedas que se satisfagan con eles.
b) Estar librados contra banco ou caixa de aforros da praza.
c) Certificados ou conformados pola entidade librada.
d) Figurará o nome da persoa que asina debaixo da sinatura con toda claridade. Cando se estenda por apoderado, figurará na antesinatura o nome completo do titular da conta corrente.

Os ingresos efectuados por medio de cheque, atendidos pola entidade librada, entenderanse realizados no día en que aqueles tivesen entrada na caixa do Concello.

5. Os pagamentos en efectivo que deban realizarse na caixa municipal, poderán efectuarse mediante transferencia bancaria. O mandato da transferencia terá un importe igual ó da débeda e haberá de expresar o/s número/s de liquidación/s ou recibo/s. Os ingresos efectuados mediante transferencia entenderanse realizados na data en que se realice a operación.

6. Os pagamentos en efectivo das débedas tributarias que deban realizarse nas contas municipais poderán efectuarse mediante xiro postal. Os suxeitos pasivos consignarán, sucintamente, no “talón para o destinatario” que integra o impreso de imposición os datos referentes ó remitente e domicilio, así como o número de recibo ou liquidación. Os ingresos por este medio entenderanse para todos os efectos realizados no día en que o xiro fose imposto.

7. Os ingresos realizaranse de luns a venres, excepto os días non laborables. Os vencementos que coincidan cun sábado ou un día inhábil quedan trasladados ó primeiro día hábil seguinte.

ARTIGO 39º. DOMICILIACIÓNS

1. O pagamento dos tributos periódicos que son obxecto de notificación colectiva, poderán realizarse mediante domiciliación en establecementos bancarios ou caixas de aforros, tras a solicitude á Administración municipal e segundo os requisitos establecidos no artigo 38 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación.

Para iso os interesados dirixirán comunicación á Tesourería municipal ó menos dous meses antes do comezo do período de cobro. Noutro caso, a comunicación xurdirá efecto a partir do período seguinte.

2. As domiciliacións de pagamento terán validez por tempo indefinido, en tanto non sexan anuladas polo interesado, rexeitadas pola entidade de crédito en dúas ocasións consecutivas ou o Concello dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas as cales deberán notificarse ó obrigado ó pagamento e á entidade colaboradora.

3. Nos supostos de recibos domiciliados, non se remitirá ó enderezo do obrigado ó pagamento o documento de pagamento; alternativamente, os datos da débeda incorporaranse no soporte magnético que orixine o correspondente cargo bancario; deberá a entidade financeira expedir e remitir o comprobante do cargo en conta.

ARTIGO 40º. XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO

1. Quen pague unha débeda terá dereito a que se lle entregue un xustificante do pagamento realizado. Os xustificantes de pagamento en efectivo serán:

a) Os recibos.
b) As cartas de pagamento.
c) Os xustificantes debidamente dilixenciados polos bancos e caixas de aforro autorizados.
d) Os efectos timbrados.
e) Calquera outro documento ó que lle outorgue expresamente o Concello o carácter de xustificante de pagamento.
f) As certificacións de calquera dos anteriores.

2. O pagamento das débedas tributarias acreditarase mediante a exhibición dalgún dos documentos enumerados anteriormente.

3. Os xustificantes de pagamento en efectivo deberán indicar, polo menos, as seguintes circunstancias:

- Nome e apelidos, razón social ou denominación e NIF, se consta, da persoa debedora.
- Enderezo
- Concepto e período a que se refire.
- Importe da débeda.
- Data de cobro.
- Órgano, persoa ou entidade que o expide.

4. Cando os xustificantes de pagamento se estenderan por medios mecánicos, as circunstancias anteriormente mencionadas poderán expresarse en clave ou abreviatura suficientemente identificadoras, no seu conxunto, do debedor e da débeda satisfeita a que se refiran.

ARTIGO 41º. APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS. NORMAS XERAIS

1. O pagamento das débedas tributarias e demais de dereito público poderá aprazarse ou fraccionarse só nos casos e na forma que se determina na presente ordenanza.

2. Os aprazamentos e fraccionamentos concederaos a Administración municipal tras a petición dos obrigados ó pagamento, de conformidade coas regras dos artigos seguintes.

3. As débedas aprazadas ou fraccionadas deberán garantirse mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, coas salvedades reguladas no artigo 82 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. As cantidades aprazadas que estiveran garantidas cos medios citados no punto anterior, devengarán xuro de demora na contía do xuro legal.

5. A presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario impedirá o inicio do período executivo, pero non o devengo do xuro de demora.

ARTIGO 42º. DÉBEDAS TRIBUTARIAS APRAZABLES

1. Poderá aprazarse o pagamento da débeda, tanto en período voluntario como executivo, tras a petición dos obrigados cando a súa situación económica-financeira lles impida, transitoriamente, efectuar o pagamento dos seus débitos.

2. O fraccionamento de pagamento, como modalidade de aprazamento, será rexido polas normas aplicables a este no que non estea regulado especialmente.

3. A Tesourería disporá o necesario para que as solicitudes se formulen en documento específico, no que se indiquen os criterios de concesión e denegación de aprazamentos e fraccionamentos, así como a necesidade de fundamentar as dificultades económico-financeiras, aportando os documentos oportunos.

4. O acordo de concesión especificará a clase de garantía que o solicitante deberá aportar ou, no seu caso, a dispensa desta obriga.

5. Os criterios xerais de concesión de aprazamentos son:

a) As débedas entre 301,00 euros e 600,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de tres meses ou mensualidades.
b) As débedas entre 601,00 euros e 900,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de seis meses ou mensualidades.
c) As débedas entre 901,00 euros e 1.500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de nove meses ou mensualidades.
d) As débedas entre 1.501,00 euros e 3.000,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de doce meses ou mensualidades.
e) As débedas entre 3.001,00 euros e 4.500,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de quince meses ou mensualidades.
f) As débedas de importe superior a 4.501,00 euros poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de dezaoito meses ou mensualidades.

6. Como regra xeral, na concesión de fraccionamentos, se esixirá a domiciliación do pago das sucesivas fraccións.

7. Documentación que se ten que achegar:

a) Persoas físicas:

- Copia das dúas últimas nóminas recibidas.
- Certificación de cuenta bancaria para a domiciliación.
- Certificado de patrimonio.
- Certificado de bases impoñibles a efectos do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

b) Persoas xurídicas:

- Balance de situación e conta de perdas e ganancias do último exercicio pechado.
- Copia, debidamente compulsada, do Imposto sobre sociedades correspondente ó último exercicio económico presentado
- Certificación de cuenta bancaria para a domiciliación.

8. Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano de recadación, denegaranse as seguintes solicitudes:

a) As de reconsideración de aprazamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundadas, tendo como única finalidade demorar o cumprimento da obriga tributaria.

b) As presentadas por contribuíntes que incumpran aprazamentos concedidos ou non formalizaran as garantías

c) As que correspondan a débedas illadas presentadas por contribuíntes que manteñen outras débedas co Concello de Lugo sen regularizar.

d) Se se trata de empresas mercantís, cando a base impoñible para os efectos do Imposto sobre sociedades do último exercicio económico sexa superior a 6.000 euros.

9. O ingreso dos prazos deberá efectuarse nas datas establecidas nos acordos de concesión de aprazamento ou fraccionamento, que serán sempre o día 5 ou 20 do mes a que se refiran. Con carácter preferente considerarase o día 20 de cada mes.

10. Na petición de aprazamento ou fraccionamento farase constar, ademais dos datos identificativos do suxeito pasivo e da débeda, as causas que motivan a solicitude de aprazamento, os prazos e restantes condicións que se solicitan, e a garantía que se ofrece de entre as que constan no artigo seguinte desta ordenanza, así como o número de conta bancaria para a súa domiciliación das fraccións. Á solicitude achegaráselle a documentación que determine a norma regulamentaria de aplicación.

ARTIGO 43º. GARANTÍAS PARA APRAZAMENTO OU

FRACCIONAMENTO

1. Como regra xeral, o solicitante deberá ofrecer garantía en forma de aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución. En todo caso achegarase coa solicitude o correspondente compromiso expreso e irrevogable da entidade de formalizar o aval necesario no caso de que o aprazamento fose concedido. O aval deberá achegarse no prazo de trinta días seguintes ó da notificación do acordo de concesión.

2. Cando se xustifique que non é posible obter o aval, ou certificado, ou que con isto se compromete seriamente a viabilidade da actividade económica, o órgano competente poderá admitir algunha das seguintes garantías:

a) Hipoteca inmobiliaria.
b) Hipoteca mobiliaria.
c) Prenda con ou sen desprazamento.
d) Fianza persoal e solidaria.
e) Calquera outro que estime pertinente.

Deberá acompañar á solicitude declaración responsable e informe xustificativo da imposibilidade de obter o aval, no que consten as xestións efectuadas ó respecto debidamente documentadas.

3. Non se esixirá garantía cando a contía da débeda a aprazar ou fraccionar non exceda de 2.000,00 €.

4. A garantía cubrirá o importe do principal e dos xuros de demora que xere o aprazamento, máis un 25 por cento da suma de ambas partidas.

5. A garantía constituída mediante aval deberá ser por termo que exceda, cando menos, en seis meses ó vencemento do prazo ou prazos garantidos.

6. Poderase dispensar total ou parcialmente das garantías esixibles, nos termos que estableza a norma regulamentaria de aplicación, cando a persoa debedora careza de medios suficientes para garantir a débeda e a execución do seu patrimonio puidese afectar ó mantemento da capacidade productiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, ou ben puidese producir graves quebrantos para os intereses da Facenda municipal. Se se solicita dispensa total ou parcial de garantía, deberá acompañar coa solicitude declaración

responsable na que se manifeste carecer de bens ou non posuír outros que os ofrecidos en garantía.

ARTIGO 44º. TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Tesourería do Concello tramitará as solicitudes de aprazamento ou fraccionamento examinando e avaliando a falta de liquidez e a capacidade para xerar recursos conforme ó disposto nas normas regulamentarias de aplicación, formulando a correspondente proposta de resolución ó órgano competente para a súa aprobación.

2. Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano que resolva, denegaranse as seguintes solicitudes:

a) As de reconsideración de aprazamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundadas, tendo como única finalidade demorar o cumprimento da obriga tributaria.
b) As presentadas por contribuíntes que incumpriran aprazamentos concedidos ou non formalizaran as garantías.
c) Se se trata de empresas mercantís, cando a base impoñible para os efectos do Imposto sobre sociedades do último exercicio económico sexa superior a 6.000 €.

3. A resolución notificarase conforme a normativa regulamentaria de aplicación xunto co cálculo de xuros e procedemento en caso de falta de pagamento.

4. A resolución deberá adoptarse no prazo de seis meses a contar dende o día en que a solicitude tivo entrada oficial no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido este prazo poderá entenderse desestimada a solicitude.

ARTIGO 45º. CÁLCULO DE XUROS EN APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS

1. As cantidades que se apracen ou fraccionen devengarán o xuro de demora regulado no artigo 33.2 a) desta Ordenanza e 17 da Lei xeral presupostaria, segundo se trate de débedas tributarias ou non tributarias, respectivamente, que será o xuro legal que corresponda ata a data do seu ingreso.

2. No caso de concesión de aprazamento, os xuros de demora calcularanse sobre a débeda aprazada polo tempo comprendido entre o vencemento do período voluntario e o vencemento do prazo concedido. Se o aprazamento foi solicitado en período executivo a base para o cálculo de intereses non incluirá o recargo do período executivo que corresponda. Os xuros devengados deberán ingresarse xunto coa débeda aprazada.

3. No caso de fraccionamentos, calcularanse xuros de demora por cada fracción de débeda, computándose o tempo dende o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo de ingreso concedido para cada fracción. Os xuros devengados por cada fracción deberán pagarse xunto coa fracción no prazo de ingreso desta. Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo a base para o cálculo non incluirá o recargo do período executivo que corresponda.

4. En caso de denegación de aprazamento ou fraccionamento de débedas:

a) Se foi solicitado en período voluntario, liquidaranse xuros de demora polo período transcorrido dente o vencemento do período voluntario ata a data da resolución denegatoria.

b) Se fose solicitado en período executivo liquidaranse xuros unha vez efectuado o pagamento de acordo co establecido na normativa regulamentaria de aplicación.

ARTIGO 46º. PRAZOS DE INGRESO, FORMA DE PAGAMENTO E EFECTOS DA FALTA DE PAGAMENTO

1. O ingreso dos prazos deberá efectuarse nas datas establecidas nos acordos de concesión de aprazamento ou fraccionamento, que serán sempre o día 5 ou 20 do mes a que se refiran.

2. Como regra xeral esixirase a domiciliación das sucesivas fraccións en entidades bancarias e caixas de aforro.

3. Nos aprazamentos e fraccionamentos, se chegado o vencemento do prazo concedido ou fraccionado non se efectuase o pagamento procederase a exaccionar a débeda pola vía de constrinximento ou ben a executar a garantía de conformidade co disposto no artigo 168 da Lei 58/2003 xeral tributaria e normativa regulamentaria de aplicación.

ARTIGO 47º. PRESCRICIÓN

1. Prescribirán ós catro anos os seguintes dereitos:

a) O dereito do Concello para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación.

b) O dereito do Concello para esixir o pagamento das débedas tributarias liquidadas e autoliquidadas.

c) O dereito a solicitar as devolucións derivadas da ordenanza de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custo das garantías.

d) O dereito a obter as devolucións derivadas da ordenanza de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custo das garantías.

2. O prazo de prescrición comenzará a contarse:

No caso a), dende o día seguinte a aquel en que remate o prazo regulamentario para presentar a correspondente declaración ou autoliquidación.

No caso b), dende o día seguinte a aquel en que remate o prazo de pagamento voluntario.

No caso c), dende o día seguinte a aquel en que a devolución puido solicitarse, ou se realizou o ingreso indebido, ou fose firme o acto impugnado, segundo establece o artigo 67 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

No caso d), dende o día seguinte a aquel en que remate o prazo fixado na ordenanza para practicar a devolución ou fose recoñecido o dereito á devolución, ou o reembolso de garantías.

3. Os prazos de prescrición ós que se refire o apartado 2 anterior interrómpense por actuacións da administración tributaria, así como dos obrigados tributarios, nos termos regulados no artigo 68 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. A prescrición ganada extingue a débeda tributaria.

5. A prescrición aplicarase de oficio, mesmo nos casos en que estivese pagada a débeda, sen necesidade de que a invoque ou excepcione o obrigado ó pagamento.

ARTIGO 48º. COMPENSACIÓN

1. As débedas coa Facenda municipal poderán extinguirse total ou parcialmente por compensación, tanto en período voluntario como executivo cos créditos recoñecidos por ela a favor do debedor.

2. As débedas a favor do Concello, cando o debedor sexa un ente territorial, organismo autónomo, Seguridade Social ou entidade de dereito público nos que a súa actividade non se rexa polo ordenamento privado, serán compensables de oficio, unha vez transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, segundo o procedemento establecido na normativa regulamentaria de aplicación.

3. Cando un debedor á Facenda municipal, non comprendido no punto anterior, sexa á vez acredor dela por un crédito recoñecido, transcorrido o período voluntario, compensarase de oficio a débeda e os recargos do período executivo que procedan, co crédito. A compensación seralle notificada á persoa interesada.

4. Cando unha liquidación da que se ingresou o seu importe sexa anulada e substituída por outra, poderase diminuír esta na cantidade previamente ingresada.

ARTIGO 49º. COMPENSACIÓN A INSTANCIA DO SUXEITO PASIVO

1. O debedor que solicite a compensación deberá dirixirlle ó Concello a correspondente solicitude que conterá os seguintes requisitos:

a) Nome e apelidos ou razón social completa, número de identificación fiscal e enderezo fiscal do obrigado tributario.
b) Débeda tributaria á que se refire a compensación e o seu importe, data de vencemento do prazo de ingreso voluntario e referencia contable.
c) Crédito contra o Concello que se ofrece compensar, o seu importe e natureza.
d) Declaración expresa de non ter transmitido ou cedido o crédito a outra persoa.

2. A Xunta de Goberno Local ou Órgano en quen delegue acordará ou denegará a compensación no prazo máximo de seis meses.

ARTIGO 50º. INSOLVENCIA

1. As débedas que non puidesen facerse efectivas por insolvencia probada dos obrigados tributarios e demais responsables, declararanse provisionalmente extinguidas, en tanto non se rehabiliten dentro dos prazos de prescrición.

2. Se, vencido o prazo de prescrición, non se rehabilitase a débeda, quedará definitivamente extinguida.

3. O departamento de Recadación, sen prexuízo do que estableza a normativa presupostaria, atendendo a criterios de eficiencia poderá propoñer declaración de insolvencia segundo contía e natureza das débedas afectadas.

ARTIGO 51º. CONDONACIÓN

1. As Entidades Locais non poderán allear ou hipotecar os seus dereitos e propiedades nin conceder exencións, perdóns, rebaixas ou moratorias para o pagamento dos seus recursos ou dos créditos por calquera concepto que tivesen liquidados ó seu favor, agás nos casos previstos polas leis.

2. As débedas só poderán condonarse en virtude de lei, na contía e cos requisitos que nela se determinen.

TITULO III

APLICACIÓN DOS TRIBUTOS

CAPITULO I

ACTUACIÓNS DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E DOS OBRIGADOS TRIBUTARIOS

ARTIGO 52º. ÁMBITO DA APLICACIÓN DOS TRIBUTOS

1. A aplicación dos tributos desenvolverase a través dos procedementos de xestión, inspección e recadación. Igualmente, comprenderá, actuacións de información e asistencia ós obrigados tributarios, publicacións, contestación a consultas tributarias escritas, colaboración social na aplicación dos tributos, cumprimento de obrigas de información e outros.

ARTIGO 53º. DEBER DE INFORMACIÓN E ASISTENCIA ÓS

OBRIGADOS TRIBUTARIOS

1. A administración tributaria do Concello prestará ós obrigados tributarios a necesaria información sobre os seus dereitos e obrigas.

2. A actividade á que se refire o parágrafo anterior, desenvolverase polos seguintes medios:

a) Mediante a publicación anual dun texto actualizado das ordenanzas fiscais e de prezos públicos do Concello.
b) O Servizo de Facenda Local informará ós contribuíntes dos criterios administrativos seguidos para a aplicación da normativa fiscal do Concello; dita información será accesible a través da páxina web do Concello.

ARTIGO 54º. COLABORACIÓN SOCIAL NA XESTIÓN TRIBUTARIA

1. A colaboración social na xestión dos tributos poderá instrumentarse a través de acordos da Administración Tributaria municipal con outras administracións públicas, con entidades privadas ou con institucións e organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais.

Dita colaboración poderá referirse entre outros, ós seguintes aspectos:

a) Campañas de información e difusión.
b) Simplificación do cumprimento das obrigas e deberes tributarios e asistencia na realización de declaracións.
c) Presentación e remisión á Administración tributaria do Concello de autoliquidacións, declaracións, comunicacións ou calquera outro documento con transcendencia tributaria, previa autorización dos obrigados tributarios.
d) Solicitude e obtención de certificados tributarios e información do estado de tramitación de devolucións, previa autorización dos obrigados tributarios.

2. Toda persoa natural ou xurídica, pública ou privada, estará obrigada a proporcionarlle á Administración Tributaria do Concello toda clase de datos, informes ou antecedentes con transcendencia tributaria, deducidos das súas relacións económicas, profesionais ou financeiras con outras persoas, nos termos establecidos no artigo 93 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Así mesmo, as autoridades, calquera que sexa a súa natureza, os xefes ou

encargados de oficinas civís ou militares do Estado e dos demais entes públicos territoriais, os organismos autónomos e sociedades estatais, as Cámaras e Corporacións, Colexios e Asociacións Profesionais, Mutualidades de Previsión Social, as demais entidades publicas incluídas as Xestoras da Seguridade Social e quen, en xeral exerzan funcións públicas estarán obrigados a subministrarlle á Administración Tributaria do Concello cantos datos e antecedentes con transcendencia tributaria solicite esta, nos termos establecidos no artigo 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. Os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración Tributaria do Concello no desempeño das súas funcións teñen carácter reservado e só poderán ser utilizados para a efectiva aplicación dos tributos ou recursos dos que teñan encomendada a súa xestión, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, agás que a cesión teña por obxecto os supostos regulados no artigo 95 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. A denuncia pública é independente do deber de colaboración coa Administración Tributaria municipal conforme co apartado 2 deste artigo, e consistirá en poñer en coñecemento da administración tributaria do Concello feitos ou situacións que poidan ser constitutivos de infraccións ou ter trascendencia para a aplicación dos tributos.

Recibida unha denuncia, trasladarase ós departamentos competentes para levar a cabo as actuacións que procedan.

As denuncias infundadas poderán arquivarse sen máis trámite.

Non se considerará ó denunciante interesado na actuación administrativa que se inicie a raíz da denuncia, nin lexitimado para a interposición de recursos ou reclamacións en relación cos resultados dela.

ARTIGO 55º. CONSULTA TRIBUTARIA ESCRITA

1. Os obrigados tributarios poden formularlle á Administración Municipal consultas debidamente documentadas, en relación ó réxime, á clasificación ou á cualificación tributaria que en cada caso lles corresponda.

2. Así mesmo, poderán formular consultas tributarias os colexios profesionais, cámaras oficiais, organizacións patronais, sindicatos, asociacións de consumidores, asociacións ou fundacións que representen intereses de persoas

con discapacidade, asociacións empresariais e organizacións profesionais cando se refiran a cuestións que afecten á xeneralidade dos seus membros ou asociados.

3. A contestación ás consultas tributarias escritas terá efectos vinculantes para o órgano encargado da aplicación dos tributos na súa relación co consultante no seguinte sentido:

- Mentres non se modifique a lexislación ou a xurisprudencia aplicable ó caso, aplicaranse ó consultante os criterios expresados na contestación e sempre que non se tiveran alterado as circunstancias e datos recollidos no escrito da consulta.
- Aplicaranse os criterios contidos nas consultas tributarias escritas a calquera obrigado, sempre que exista identidade entre os feitos e circustancias de dito obrigado e os que se inclúan na constestación á consulta.

4. A competencia para contestar as consultas establecidas neste precepto corresponderalle á Xunta de Goberno Local ou órgano en quen delegue, sen que caiba recurso ningún contra a contestación e sen prexuízo de que poida emprenderse aquel contra o acto ou actos administrativos ditados de acordo cos criterios manifestados nelas.

5. A Administración municipal deberá contestar ás consultas efectuadas nun prazo máximo de seis meses.

CAPITULO II

NORMAS SOBRE ACTUACIÓNS E PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS: ESPECIALIDADES DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS EN MATERIA TRIBUTARIA

ARTIGO 56º. NORMAS REGULADORAS DOS PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS

As actuacións e procedementos de aplicación dos tributos do Concello regularanse:

a) Pola presente Ordenanza.
b) Polas Ordenanzas fiscais de cada tributo.

c) Pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e disposicións regulamentarias que desenvolvan aquela e poidan resultar de aplicación para a Administración tributaria do Concello.

d) Supletoriamente, polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos.

ARTIGO 57º. FASES DOS PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS

1. Os procedementos tributarios realizaranse nas fases de iniciación, desenvolvemento e terminación.

2. A iniciación poderá ser de oficio ou a instancia do obrigado tributario por medio de autoliquidación, declaración, comunicación ou solicitude.

3. A Administración tributaria do Concello poñerá a disposición dos obrigados tributarios modelos normalizados de autoliquidacións, declaracións, comunicacións e solicitudes segundo a normativa propia de cada tributo.

4. No desenvolvemento do procedemento tributario, os obrigados tributarios teñen dereito a que se lles expida certificación de autoliquidacións, declaracións e comunicacións así como copia, á sua costa, dos documentos que consten no expediente agás que afecten a terceiras persoas. Así mesmo, o contribuínte que sexa parte dun procedemento de xestión tributaria poderá coñecer, en calquera momento do seu desenvolvemento, o estado de tramitación do procedemento.

5. As actuacións da Administración tributaria documentaranse en comunicacións, dilixencias e informes:

a) Comunicacións son aqueles documentos polo que a Administración tributaria notifica ó obrigado tributario o inicio do procedemento, realiza requerimentos ou pon de manifesto feitos ou actuacións relativos a aquél.

b) As dilixencias son os documentos públicos que se extenden para facer constar feitos e manifestacións do obrigado tributario ou persoa co que se entenden as actuacións.

6. O trámite de audiencia previo á proposta de resolución dun expediente poderá obviarse nos expedientes de actas con acordo ou naqueles en que estea

previsto un trámite de alegacións posterior á proposta. O trámite de alegacións terá unha duración de 10 días hábiles.

7. A terminación dos procedementos tributarios producirase por resolución, desestimento, renuncia ó dereito en que se fundamentaba a solicitude, caducidade, cumprimento da obriga e outras previstas na ordenanza reguladora do tributo.

ARTIGO 58º. LIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS: CONCEPTO E CLASES

1. A liquidación tributaria é o acto resolutorio polo que ó Concello determina a débeda tributaria.

2. As liquidacións tributarias serán provisionais e definitivas.

3. Con carácter xeral, as liquidacións tributarias terán carácter de provisionais, agás que fosen practicadas nun procedemento inspector previa comprobación e investigación de todos os elementos da obriga tributaria.

ARTIGO 59º. NOTIFICACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS

1. As liquidacións tributarias notificaránse ós obrigados tributarios coa expresión de:

a) Identificación do obrigado tributario.
b) Elementos determinantes da contía da débeda tributaria.
c) Motivación das mesmas coa expresión dos feitos e elementos esenciais que as orixinen así como dos fundamentos de dereito.
d) Os medios de impugnación que poidan ser exercidos, órgano ante o que deban presentarse e prazo para a súa interposición.
e) Lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.
f) O seu carácter de provisional ou definitiva.

2. No caso de tributos de cobro periódico e tal e como establece a respectiva ordenanza fiscal, notificarase individualmente a liquidación correspondente á alta no respectivo padrón, matrícula ou rexistro, e as sucesivas liquidacións poderanse notificar colectivamente mediante edictos que o advirtan. O aumento da base tributaria sobre o resultante das declaracións deberá notificárselle ó suxeito pasivo con expresión concreta dos feitos e elementos adicionais que o motiven, excepto cando a modificación proveña de

revalorizacións de carácter xeral autorizadas polas leis ou de modificación das ordenanzas fiscais regulamentariamente tramitadas. Neste caso serán notificadas colectivamente segundo o disposto no artigo 63.2 desta ordenanza.

3. As ordenanzas fiscais especificarán, se é o caso, outros supostos nos que non será preceptiva a notificación expresa e advertirase igualmente nos correspondentes impresos regulamentarios de declaracións, autoliquidacións ou partes de alta, ou mediante escrito ó declarante.

4. No caso de que a primeira liquidación se faga polo procedemento de autoliquidación entenderase que esta substitúe á alta no Padrón ou Rexistro.

5. Os prazos para recursos en notificacións practicadas mediante exposición ó público dos padróns prodúcense desde o día seguinte ó de finalización de período voluntario de pagamento.

6. As notificacións defectuosas surtirán efecto a partir da data na que o interesado realice actuacións que supoñan coñecemento do contido da resolución ou acto obxecto da notificación, ou interpoñan o recurso procedente.

7. En todo caso, terán efecto polo transcurso de seis meses as notificacións practicadas persoalmente ós suxeitos pasivos que, aínda que conteñan o texto íntegro do acto, omitisen algún outro requisito, agás que se fixese protesta formal dentro deste prazo solicitando que a Administración municipal rectifique a deficiencia.

8. A notificación poderá practicarse no enderezo fiscal do obrigado tributario, no centro de traballo, no lugar en que se desenvolva a actividade económica ou en calquera outro adecuado a tal fin. De tratarse dun procedemento iniciado a solicitude do interesado, a notificación practicarase no lugar sinalado polo obrigado tributario ou, no seu defecto, no domicilio fiscal.

9. Cando non fose posible efectuar a notificación, citarase ós obrigados tributarios para ser notificados por comparecencia mediante publicación única no Boletín oficial da Provincia. Estas publicacións realizaranse os días 5 e 20 de cada mes ou inmediato hábil posterior. Na publicación constarán a relación de notificacións pendientes indicando:

- Obrigado tributario.
- Procedemento que as motiva.

- Órgano que as tramita.
- Lugar en que o destinatario deberá comparecer e prazo, sendo este último de 15 días naturais dende o seguinte ó da publicación.

CAPITULO III

PROCEDEMENTO DE XESTIÓN TRIBUTARIA

ARTIGO 60º. A XESTIÓN TRIBUTARIA

1. A Xestión tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas dirixidas a:

a) Recepción e tramitación de declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e demáis documentos con transcendencia tributaria.
b) A comprobación e realización das devolucións previstas na Ordenanza fiscal procedente.
c) O recoñecemento e comprobación da procedencia dos beneficios fiscais dacordo coa Ordenanza fiscal.
d) Control do cumprimento da obriga de presentar declaracións tributarias e outras obrigas formais.
e) As actuacións de verificación de datos.
f) As actuacións de comprobación de valores.
g) As actuacións de comprobación limitada.
h) A práctica de liquidacións tributarias derivadas de declaracións tributarias así como actuacións derivadas de verificación e comprobación.
i) Emisión de certificados tributarios, agás os relativos á recadación e inspección.
j) A elaboración e mantenemento de censos e padróns fiscais.
k) A información e asistencia tributaria.
l) As restantes actuacións de aplicación dos tributos non integradas nas funcións de inspección e recadación.

2. A Administración tributaria do Concello desenvolverá as actuacións relacionadas no apartado anterior conforme o disposto nas ordenanzas fiscais de cada tributo, artigo 61 a 65 da presente Ordenanza, e artigos 117 a 140 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 61º. PADRÓNS FISCAIS PERIÓDICOS

1. Serán obxecto de padrón, matrícula ou rexistro, a parte do que se estableza en cada ordenanza específica, as exaccións nas que, pola súa natureza, se produza unha continuidade dos presupostos determinantes da esixibilidade do tributo.

2. Os padróns, matrículas ou rexistros en soporte documental ou magnético deberán conter, ademais dos datos específicos que requira cada un deles segundo as características da exacción, os aspectos seguintes:

a) Nome, apelidos, NIF e domicilio do suxeito pasivo.
b) Finca, establecemento industrial ou comercial ou elemento obxecto da exacción.
c) Base impoñible e/ou liquidable.
d) Tipo de gravame.
e) Cota tributaria.

ARTIGO 62º. FORMACIÓN

A formación dos padróns, matrículas ou rexistros será realizada polas oficinas xestoras da respectiva exacción e tomará como base:

a) Os datos existentes na propia oficina ou noutras da Administración Municipal.
b) As declaracións ou declaracións-liquidacións dos suxeitos pasivos nos casos en que así se esixa.
c) O resultado da investigación practicada.

ARTIGO 63º. APROBACIÓN

1. Os padróns serán elaborados polo Servizo de Facenda Local e corresponderalle á Intervención Xeral a súa fiscalización e toma de razón.

2. Os padróns, matrículas ou rexistros someteranse cada ano á aprobación do órgano competente e expoñeranse ó público nas oficinas municipais durante o prazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Esta exposición, que será anunciada tamén na prensa local, producirá os efectos de notificación a cada un dos suxeitos pasivos.

3. Os obrigados tributarios poderán formular contra as liquidacións contidas no Padrón anual reclamación económico-administrativa ou recurso

potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó de finalización do período voluntario de pagamento.

4. Non precisarán de notificación individualizada as variacións na cota tributaria orixinadas por modificación de tipos impositivos, índices, coeficientes ou tarifas aprobadas por Lei de carácter xeral, de obrigatoria aplicación, ou procedentes da correspondente modificación da ordenanza fiscal regulamentariamente tramitada.

Así mesmo, non precisarán de notificación individualizada as cotas de recibos periódicos con aumentos nas bases impoñibles e liquidables cando tales aumentos procedan de revalorizacións de carácter xeral autorizados polas leis.

ARTIGO 64º. ALTAS E BAIXAS: EFECTOS

1. As altas por declaración dos interesados ou descubertas pola acción investigadora da Administración Municipal terán efecto dende a data en que, por disposición de cada ordenanza, naza a obriga de contribuír e serán incorporadas definitivamente ó padrón, matrícula ou rexistro do ano seguinte.

2. As baixas ou alteracións deberán ser formuladas polos suxeitos pasivos e producirán a eliminación ou rectificación do padrón, matrícula ou rexistro, con efectos a partir do período seguinte a aquel no que fosen presentadas, sen prexuízo da correspondente verificación ou comprobación.

ARTIGO 65º. PROCEDEMENTO DE COMPROBACIÓN LIMITADA

1. De conformidade cos artigos 123 e 136 a 140 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a administración tributaria do Concello realizará as seguintes actuacións de comprobación limitada:

a) Exame dos datos consignados polos obrigados tributarios nas súas declaracións.

b) Exame dos datos e antecedentes obrantes na Administración do Concello que poñan de manifesto a realización do feito impoñible ou do presuposto dunha obriga tributaria, ou a existencia de elementos determinantes da mesma non declarados ou distintos ós declarados polo obrigado tributario.

c) Exame dos rexistros e demáis documentos esixidos pola normativa tributaria e de calquera outro libro, rexistro ou documento de carácter oficial agás a contabilidade mercantil, así como exame de facturas ou documentos que

sirvan de xustificante das operacións incluídas en ditos libros, rexistros ou documentos.

d) Requerimentos a terceiros para que aporten a información que estean obrigados a suministrar con carácter xeral ou para que a ratifiquen mediante a presentación dos correspondentes xustificantes.

2. As actuacións de comprobación limitada realizaranse nas oficinas do Concello agás a comprobación de datos censais e elementos tributarios de carácter obxectivo que deban ser comprobados visualmente tales como superficies, potencia instalada, uso de locais e outros.

3. As actuacións de comprobación limitada realizaranse de oficio notificando a súa natureza e alcance ós obrigados tributarios. Documentaranse en comunicacións e dilixencias.

4. Con carácter previo á práctica de liquidación provisional, a administración tributaria do Concello comunicará á proposta de liquidación a fin de que o obrigado tributario poida presentar as alegacións que estime oportunas.

5. O procedemento de comprobación limitada rematará, agás supostos de caducidade ou inicio de procedemento inspector, con resolución administrativa que conteña:

- Elementos da obriga tributaria obxecto de comprobación e o seu ámbito temporal.
- Especificación das actuacións realizadas.
- Relación de feitos e fundamentos de dereito que motivan a resolución.
- Liquidación provisional ou manifestación expresa de que non procede regularizar a situación tributaria como consecuencia da comprobación realizada.

6. Ditada a resolución anterior, a administración tributaria non realizará nova regularización sobre o obxecto e ámbito temporal comprobado. Os obrigados tributarios non poderán impugnar os feitos e elementos determinantes da débeda tributaria ós que manifestaran conformidade expresa.

CAPITULO IV

PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓN

ARTIGO 66º. A INSPECCIÓN TRIBUTARIA

1. A Inspección tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas dirixidas a:

a) Á investigación dos supostos de feito das obrigas tributarias para o descubrimento dos que sexan ignorados pola Administración do Concello.
b) Á comprobación da veracidade e exactitude das declaracións presentadas polos obrigados tributarios.
c) Á realización de actuacións de obtención de información relacionadas coa aplicación dos tributos, de conformidade co establecido nos artigos 93 e 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
d) Á práctica das liquidacións tributarias resultantes das súas actuacións de comprobación e investigación.
e) Á realización das intervencións tributarias de carácter permanente e non permanente, a iniciativa propia ou a requerimento dos órganos do Concello ou doutras administracións, reguladas de forma específica ou, en defecto de regulación expresa, conforme ós artigos 141 a 159 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Agás o disposto expresamente no presente capítulo así como no título IV desta Ordenanza Fiscal Xeral, o procedemento e actuacións da Inspección Tributaria do Concello adecuaranse ó disposto nos artigos 141 a 159 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 67º. FACULTADES DA INSPECCIÓN

1. A Inspección de Tributos poderá entrar nas fincas, locais de negocio e demais establecementos ou lugares nos que se desenvolvan actividades ou explotacións sometidas a gravame, existan bens suxeitos a tributación ou ben se produzan feitos impoñibles ou exista algunha proba destes, sempre que o xulgue conveniente para a práctica de calquera actuación e, en particular, para recoñecer os bens, despachos, instalacións ou explotacións do interesado, e practicaranse cantas actuacións probatorias conexas sexan necesarias.

2. Cando no exercicio das súas actuacións, sexa necesario entrar no domicilio constitucionalmente protexido do obrigado tributario deberá obterse o consentimento de aquel ou a oportuna autorización xudicial.

ARTIGO 68º. LUGAR DAS ACTUACIÓNS INSPECTORAS

1. As actuacións inspectoras poderán desenvolverse indistintamente:

a) No lugar onde o obrigado tributario teña o seu enderezo fiscal, ou naquel onde o seu representante teña o seu enderezo, despacho ou oficina.
b) No lugar onde se realicen total ou parcialmente as actividades gravadas.
c) Onde exista algunha proba do feito impoñible.
d) Nas oficinas do Concello, cando os elementos sobre os que deban realizarse as actuacións poidan ser examinados nelas.

2. A Inspección de Tributos poderá personarse sen previa comunicación nas empresas, oficinas e instalacións do obrigado tributario, entendéndose as actuacións con este ou co encargado ou responsable dos locais.

3. Cando a Inspección de Tributos actúe nas súas dependencias ou noutras oficinas públicas, faráo dentro do horario oficial de apertura ó público destas e, en todo caso, dentro da xornada de traballo vixente.

Se a Inspección actúa nos locais do interesado, observarase a xornada laboral da oficina ou da actividade que rexa neles, agás que as circunstancias das actuacións esixan actuar fóra dos días e horas anteditos.

ARTIGO 69º. ACTUACIÓNS DA INSPECCIÓN

1. O procedimento de inspección iniciarase:

a) De oficio.
b) A petición do obrigado tributario nos termos establecidos no artigo 149 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. As actuacións da Inspección documentaranse en:

- Comunicacións.
- Dilixencias.
- Informes e Actas.

3. As actas son os documentos públicos que extende a Inspección dos tributos co fin de recoller o resultado das actuacións inspectoras de comprobación e investigación, propoñendo a regularización que estime procedente da situación tributaria do obrigado ou declarando esta correcta.

4. As actas de inspección poden ser con acordo, de conformidade ou de disconformidade.

ARTIGO 70º. RECURSOS CONTRA LIQUIDACIÓNS DERIVADAS DE ACTAS

1. Os obrigados tributarios poderán interpoñer recurso económico-administrativo ou potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó de notificación das liquidacións derivadas de actas de conformidade e disconformidade. Entenderase producida a notificación, no caso de acta de conformidade, de non existir notificación de liquidación, transcorrido un mes dende a data da acta.

Non poderá impugnarse a liquidación e sanción derivadas dun acta de acordo, agás suposto de nulidade ou existencia de vicios de consentimento.

2. Calquera reclamación formulada contra a liquidación practicada nas actas de acordo ás que se dera conformidade, e que, en consecuencia, a sanción fose obxecto das reduccións previstas no art. 188 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, dará lugar á esixencia do importe da reducción sen máis requisitos que a notificación ó interesado.

CAPITULO V

PROCEDEMENTO DE RECADACIÓN

ARTIGO 71º. FASES DA RECADACIÓN TRIBUTARIA

1. A recadación tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas conducentes ó cobro das débedas tributarias.

2. A recadación das débedas tributarias poderá realizarse:

a) En período voluntario, mediante o pagamento nos prazos previstos no artigo 37 da presente ordenanza.
b) En período executivo, mediante o pagamento espontáneo do obrigado tributario cos recargos establecidos no artigo 35 ou, no seu defecto a través do procedemento administrativo de constrinximento.

3. O relativo ás formas de pagamento, recargos, medios de pagamento, domiciliacións, xustificantes de pagamento, aprazamentos e fraccionamentos, garantías para aprazamentos, a súa tramitación, cálculo de intereses e efectos da falta de pagamento de débedas aprazadas, figura regulado na presente ordenanza no Título II, Capítulo IV relativo á débeda tributaria.

4. O período executivo iniciarase:

a) Para as débedas liquidadas pola administración tributaria do Concello, o día seguinte ó vencemento do prazo regulamentario establecido para o seu pagamento voluntario no artigo 37 da presente Ordenanza.

b) No caso de débedas a ingresar mediante autoliquidación presentada, sen realizar o ingreso, o día seguinte da finalización do prazo que establece a Ordenanza fiscal correspondente, ou se este xa estiviese concluído, o día seguinte da presentación da autoliquidación.

5. A presentación dunha solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación en período voluntario impedirá o inicio do período executivo durante a tramitación de ditos expedientes, pero non o devengo de xuros de demora.

6. A interposición dun recurso ou reclamación non impedirá o inicio do período executivo agás que aquel sexa contra unha sanción. Neste último caso, o período executivo comenzará cando a sanción sexa firme en vía administrativa.

ARTIGO 72º. SUSPENSIÓN DE COBRANZA

1. O procedemento de constrinximento iniciarase de oficio mediante providencia notificada ó obrigado tributario e impulsarase de oficio. Unha vez iniciado só se suspenderá nos casos previstos nos parágrafos que siguen.

2. A cobranza dunha débeda tributaria quedará suspendida automáticamente a instancia do interesado, estea en período voluntario ou executivo, se se garante o importe da débeda, os xuros de demora que xere a suspensión e os recargos que poideran proceder no momento da solicitude de suspensión. En particular, se a débeda estivera en procedemento de constrinximento, a garantía consistirá en aval solidario de Banco ou Caixa de Aforros por tempo indefinido e por cantidade que cubra a débeda inicial certificada de constrinximento e un 25% máis.

3. Se a impugnación afecta a unha sanción tributaria, a súa execución quedará suspendida automaticamente sen necesidade de aportar garantías.

4. O procedemento de constrinximento suspenderase de forma automática sen necesidade de prestar garantía, cando o interesado demostre terse producido erro material, aritmético ou de feito na determinación da débeda, que esta tivera sido ingresada, condonada, compensada, aprazada ou suspendida ou que tivera prescrito o dereito a esixir o pagamento.

5. Igualmente poderá suspenderse o procedemento de recadación en supostos previstos expresamente en normas legais ou regulamentarias que fosen de aplicación.

ARTIGO 73º. PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO

1. A providencia de constrinximento identificará a débeda pendiente, liquidará os recargos de constrinximento reducido e ordinario previstos no artigo 35 desta Ordenanza e requerirá ó obrigado para que efectúe o pagamento.

2. A providencia de constrinximento é titulo suficiente para iniciar o procedemento de constrinximento e terá a mesma forza executiva que a sentencia xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados tributarios.

3. Contra a providencia de constrinximento só serán admisibles os seguintes motivos de oposición:

a) Extinción total da débeda mediante o seu pagamento ou prescripción do dereito a esixir aquel.
b) Solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación en período voluntario e outras causas de suspensión do procedemento de recadación.
c) Falta de notificación da liquidación.
d) Anulación da liquidación.
e) Erro ou omisión no contido da providencia de constrinximento que impida a identificación do debedor ou da débeda apremiada.

4. Os prazos para efectuar o pagamento da débeda constrinxida serán os seguintes:

- Se a providencia de constrinximento se notifica entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o 20 de dito mes e, se non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- Se a providencia de constrinximento se notifica entre o 16 e último de mes, ata o 5 do mes seguinte e, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

De non efectuarse o pagamento en ditos prazos, procederase ó embargo dos bens do obrigado tributario.

ARTIGO 74º. EMBARGO

1. Conforme ó último parágrafo do artigo 73, producirase o embargo dos bens e dereitos do obrigado tributario en contía suficiente para cubrir:

a) O importe da débeda non ingresada.
b) Os xuros devengados ou que se devenguen ata a data de ingreso na Recadación Municipal.
c) Os recargos do período executivo.
d) Os custos do procedemento de constrinximento.

2. Cada actuación de embargo documentarase en dilixencia, que se notificará á persoa coa que se entenda dita actuación.

3. O procedemento de constrinximento remata:

a) Co pagamento das cantidades relacionadas no apartado 1 deste artigo.
b) Con acordo que declare o crédito total ou parcialmente incobrable, unha vez declarados fallidos todos os obrigados ó pagamento.
c) Co acordo de ter sido extinguida a débeda por outra causa.

4. Nos casos en que se tivese declarado o crédito incobrable, o procedemento de constrinximento reanudarase dentro do prazo de prescrición cando se teña coñecemento da solvencia dalgún obrigado ó pagamento.

ARTIGO 75º. PROCEDEMENTO DE CONSTRINXIMENTO

1. O procedemento de constrinximento levarase a cabo na forma sinalada no regulamento xeral de recadación, coas seguintes particularidades:

-Anulación de débedas: conforme se autoriza no artigo 16 da Lei xeral presupostaria, ó remate de cada exercicio económico, a 31 de decembro, poderanse anular causando baixa na contabilidade as débedas acumuladas que por cada debedor, nese momento, non supere 15 €, sempre e cando se den as seguintes circunstancias:

* Que non existiran créditos recoñecidos no último exercicio económico por acto administrativo firme da Facenda Municipal a favor do mesmo suxeito pasivo, e consecuentemente non se poda compensar a débeda.

* Que se levaran a cabo actuacións no expediente de procedemento administrativo de constrinximento, intentándose alomenos embargo de conta corrente en dúas ocasións, resultando todas elas, no último exercicio económico, infrutuosas.

- Custos: ademais dos enumerados no artigo 113 do regulamento xeral de recadación, terán a consideración de custos do expediente por seren gastos que imprescindible e concretamente esixe e require a tramitación do procedemento:

a) As notificacións que deban publicarse, por esixilo un precepto regulamentario, no Boletín Oficial da Provincia.

b) Os anuncios de poxa ou concurso nos medios ós que fai referencia o artigo 101.3 do regulamento xeral de recadación.

- Valoracións: en relación ó disposto no artigo 97 do regulamento xeral de recadación, debe entenderse:

a) Se a diferenza entre as sumas dos valores asignados ós bens pola Administración e o obrigado o pagamento excedesen do 20 por 100, emprazarase ó debedor para que compareza na sede de Recadación no prazo de 10 días hábiles para dirimir a diferenza de valoración e, se se logra acordo, considerarase como valor do ben embargado o alcanzado en dito acordo.

b) O interesado que non compareza en tal prazo debe considerar decaído o seu dereito no referido trámite e por non existir acordo entre as partes, o Recadador solicitará nova valoración por perito adecuado, tal como se establece no artigo 97.4 do regulamento xeral de recadación.

2. Non se providenciarán en vía de constrinximento os recibos ou liquidacións nas que non estea debidamente acreditado o suxeito pasivo, con nome, apelidos, denominación social e NIF ou CIF.

Todos os expedientes de recadación executiva nos que fora imposible realizar as actuacións recadatorias como consecuencia da ausencia de identificación fiscal do suxeito pasivo (NIF/CIF), e realizadas as comprobacións e depuración de datos encamiñadas á súa regularización sen que esta fose posible, poderanse anular causando baixa na contabilidade, previo informe da empresa colaboradora na xestión recadatoria executiva.

ARTIGO 76º. MESA DE POXA

1. A Mesa de subhasta de bens estará integrada pola Tesoureira que actuará de Presidente, o Interventor Municipal, e o Xefe do Servizo de Contratación que actuará como Secretario. Todos poderán ser substituídos.

2. As subhastas de bens embargados anunciaranse en todo caso no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Cando o tipo supere a cifra de 300.000 €, anunciarase no Boletín Oficial do Estado.

3. O Xefe da Unidade de recadación poderá acordar a publicación do anuncio de subhasta en medios de comunicación de gran difusión e en publicacións especializadas cando, ó seu xuízo, resulte conveniente e o custo da publicación sexa proporcionado co valor dos bens.

4. Nas subhastas de bens, o tempo para constituír depósitos ante a Mesa será, en primeira e segunda licitación, de media hora antes da celebración destas. Estes prazos poderán ampliarse, discrecionalmente, por acordo da Mesa, no tempo necesario para que os licitadores poidan constituír os depósitos regulamentarios.

5. Cando se estean a allear varios bens ou lotes, a Mesa indicará ós licitadores que poden concorrer á licitación de calquera ben ou lote posterior a aquel que sinalen como preferente, sempre que non resulten adxudicatarios del. Neste suposto, o importe do depósito ascenderá ó 20 por cento do ben ou lote de maior tipo de subhasta. No suposto de que resulten adxudicatarios de calquera ben ou lote neste suposto, quedarán automáticamente excluidos da concorrencia ás posteriores.

6. O importe dos tramos de licitación, deberá adecuarse ás seguintes escalas:

Tipo de subhasta	Valor das poxas
Ata 300,51	3,01
De 300,52 a 601,01	6,01
De 601,02 a 1.502,53	15,03
De 1.502,54 a 3.005,06	30,05
De 3.005,07 a 6.010,12	60,10
De 6.010,13 a 15.025,30	150,25
De 15.025,31 a 30.050,61	300,51
De 30.050,62 a 60.101,21	601,01
Máis de 60.101,21	1.502,53

7. Os licitadores poderán enviar ou presentar as súas ofertas en sobre pechado, dende o anuncio da subhasta ata unha hora antes do comezo desta. Ditas ofertas, que terán o carácter de máximas, serán rexistradas nun libro que a tal efecto se levará na oficina recadatoria municipal. Tales ofertas deberán ir acompañadas de cheque conformado expedido a favor do Concello de Lugo polo importe do depósito, que será, como mínimo, do 20 por cento do tipo de licitación.

8. Os cheques serán ingresados na conta que designe a Tesoureira, procedéndose á devolución dos importes depositados ós licitadores non adxudicatarios unha vez concluída a subhasta. A materialización de tal devolución efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que se facilite polo interesado.

9. No suposto de que antes da celebración da subhasta, algún licitador que presentara a súa oferta en sobre pechado, manifeste por escrito a súa vontade de non concorrer á licitación, procederase á devolución do depósito nas condicións establecidas no número anterior.

10. No suposto de concorrencia de varias ofertas en sobre pechado, empezará a admisión de posturas a partires da segunda máis alta daquelas, e será adxudicada a postura máis alta polo tramo superior á segunda no caso de non existiren outras ofertas.

11. Cando a Mesa teña que substituír ós licitadores en sobre pechado, puxará por eles, segundo os tramos establecidos no presente artigo, sen sobrepasar o límite máximo fixado na súa oferta.

Se unha oferta é inferior ó tipo máis un tramo, considerarase que a oferta é polo tipo e por esta se iniciará a licitación.

12. A subhasta realizarase con suxeición ós seguintes criterios:

a) En primeira licitación, o tipo aplicable será o resultado de aplicar a valoración asignada ós inmobles á allear. En caso de existir cargas que accederan ó rexistro con anterioridade, servirá de tipo para a subhasta a diferencia entre o valor asignado e o importe destas cargas, que deberán quedar subsistentes sen aplicar á súa exitinción ó prezo do remate. En caso de que as cargas preferentes absorban ou excedan o valor asignado ós bens inmobles, o tipo será o correspondente ó importe do débitos e custos, salvo que estes sexan superiores ó valor do ben, en cuxo caso o tipo da subhasta será dito valor.

b) En segunda licitación, o tipo aplicable será o 75 por cento do anterior.

c) En caso de que as subhastas en primeira e en segunda licitación resultaran desertas ou, cos bens adxudicados non se cobrará a débeda e quedaran bens por allear, continuarase o procedemento co anuncio da venda directa destes bens, a xestionar durante o prazo de seis meses contado dende a data de celebración da subhasta. Non obstante, a Mesa de subhasta poderá acordar a adxudicación dos bens, antes da finalización deste prazo, cando polas características dos bens considere que poderían perder valor de mercado polo transcurso do tempo e que algunha das ofertas presentadas é vantaxosa economicamente.

13. Cando os bens foran obxecto de subhasta cunha soa licitación, o prezo mínimo de adxudicación directa será o tipo de subhasta en dita licitación.

Cando se celebraran dúas adxudicacións en subhasta, non existirá prezo mínimo de adxudicación directa. Non obstante, se a Mesa de subhasta estimara desproporcionada a diferencia entre o valor asignado ós bens por tasación e o prezo ofrecido por calquera persoa interesada, co fin de non favorecer o enriquecimento inxusto do comprador en detrimento do propietario dos bens, poderá declarar inadmisible a oferta, non accedendo á formalización da venda.

14. Indicativamente, fíxase o 33,5 por cento do tipo da primeira licitación como oferta admisible nas vendas por xestión directa cando resultaran desertas as subhastas en primeira e segunda licitación.

TITULO IV

A POTESTADE SANCIONADORA

CAPITULO I

PRINCIPIOS DA POTESTADE SANCIONADORA EN MATERIA TRIBUTARIA

ARTIGO 77º. SUXEITOS INFRACTORES

1. Son infraccións tributarias as accións ou omisións dolosas ou culposas con calquera grado de neglixencia que estean tipificadas e sancionadas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria ou noutra lei.

2. Serán suxeitos infractores as persoas físicas ou xurídicas e as entidades mencionadas no apartado 4 do artigo 19 da presente ordenanza que realicen as accións ou omisións tipificadas como infraccións nas leis, e en particular os seguintes:

a) Os contribuíntes e os substitutos dos contribuíntes.
b) Os obrigados a realizar ingresos a conta.
c) Os obrigados ó cumprimento de obrigas tributarias formais.
d) A sociedade dominante en réxime de consolidación fiscal.
e) O representante legal dos suxeitos obrigados que carezan de capacidade de obrar na orde tributaria.

3. O suxeito infractor terá a consideración de debedor principal a efectos de declaración de responsabilidades.

4. As accións ou omisións tipificadas nas leis non darán lugar a responsabilidade por infracción tributaria nos seguintes supostos:

a) Cando se realicen por quen careza de capacidade de obrar no ámbito tributario.
b) Cando concorra forza maior.

c) Cando derivan dunha decisión colectiva para quen tiveran salvado o seu voto ou non asistira á reunión na que se tomou a mesma.

d) Cando se tivese posto a dilixencia necesaria no cumprimento das obrigas e deberes tributarios.

En particular, entenderase que se puxo a dilixencia necesaria cando o contribuínte tivese presentado unha declaración veraz e completa e practicase, se é o caso, a correspondente autoliquidación, amparándose nunha interpretación razoable da norma.

e) Cando sexan imputables á deficiencias técnicas de programas informáticos de asistencia facultados pola Administración tributaria.

ARTIGO 78º. TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES

1. Os Inspectores-Actuarios iniciarán os expedientes sancionadores correspondentes ás infraccións tributarias, postas de manifesto como consecuencia das actuacións de comprobación e investigación que lles sexan encomendadas, naqueles casos en que, ó tempo de extender as actas, teñan no seu poder todos os elementos necesarios para calificar a infracción cometida e graduar e determinar a contía da sanción a impoñer; asemade, ó incoar o expediente, poderán formular a proposta de imposición de sanción a que se refiren os artigos 31, 33 e 34 do Real decreto 1930/1998, do 11 de setembro.

2. O Xefe da Inspección de Tributos tramitará os expedientes sancionadores, unha vez formulada a proposta polos Inspectores-Actuarios e, particularmente, elevar á Alcaldía a proposta de resolución que proceda.

3. Nos casos de ausencia, enfermidade, abstención ou recusación do Xefe da Inspección, tramitará ó expediente sancionador o Inspector de maior antigüidade no servizo, sempre que non sexa o Actuario nas actuacións que dan lugar á sanción, en que asumirá a competencia o Actuario segundo en antigüidade.

CAPITULO II

DISPOSICIONS XERAIS SOBRE INFRACCIÓNS E SANCIONS TRIBUTARIAS

ARTIGO 79º. CLASES DE INFRACCIÓNS TRIBUTARIAS

1. As infraccións tributarias clasificanse en leves, graves e moi graves segundo o que segue:

a) Deixar de ingresar a débeda tributaria que debera resultar dunha autoliquidación.

- Será infracción leve cando a base da sanción sexa inferior ou igual a 3.000 € ou, sendo superior, non exista ocultación. A sanción consistirá en multa proporcional do 50%.

- Será infracción grave cando a base da sanción sexa superior a 3.000 € e exista ocultación. A sanción consistirá en multa proporcional do 50% ó 100% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme ós criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e prexuízo económico para a facenda do Concello.

- Será infracción moi grave cando se utilizaran medios fraudulentos. A sanción consistirá en multa do 100 ó 150% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme ós criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e prexuízo económico para a facenda do Concello.

b) Incumplir a obriga de presentar de forma completa e correcta declaracións ou documentos necesarios para practicar liquidacións.

- Será infracción leve cando a base da sanción sexa inferior ou igual a 3.000 € ou, sendo superior, non exista ocultación. A sanción consistirá en multa porporcional do 50%.

- Será infracción grave cando a base da sanción sexa superior a 3.000 € e exista ocultación. A sanción consistirá en multa proporcional do 50 ó 100% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme ós criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e prexuízo económico para a facenda municipal.

- Será infracción moi grave cando se tiveran utilizado medios fraudulentos. A sanción será multa proporcional do 100 ó 150% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme ós criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e prexuízo económico para a facenda municipal.

c) Solicitar indebidamente, devolucións, beneficios ou incentivos fiscais.

c1) Constitúe infracción tributaria solicitar indebidamente devolucións derivadas da normativa de cada tributo mediante a omisión de datos relevantes ou a inclusión de datos falsos en autoliquidacións, comunicacións ou solicitudes, aínda que as devolucións non se obtiveran. Esta infracción será sempre grave. A sanción consistirá en multa proporcional do 15% da cantidade indebidamente solicitada.

c2) Se a infracción consiste en solicitar indebidamente beneficios fiscais, e non fose sancionable por outra infracción, sancionarase con multa fixa de 300 €.

d) Non presentar en prazo autoliquidacións ou declaracións sen que se produza prexuízo económico. Será infracción leve, sen prexuízo das especialidades reguladas no artigo 198 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. A sanción será multa fixa de 200 euros. Se se tratare de declaracións censais, comunicación da designación de representante de persoas ou entidades cando así o estableza a normativa, a multa será de 400 euros.

e) Non comunicar o enderezo fiscal ou cambio deste polas persoas que non realicen actividades económicas. Será infracción leve. A sanción consistirá en multa fixa 100 euros.

f) Presentar incorrectamente autoliquidacións ou declaracións sen que se produza prexuízo económico. Será infracción grave. A sanción será de 150 euros no caso de autoliquidacións ou declaracións incompletas, inexactas ou con datos falsos e, 250 euros, no caso de declaracións censais incompletas, inexactas ou con datos falsos.

g) Contestar de forma inexacta ós requirimentos individualizados de información previstos no artigo 54 da presente ordenanza. Será infracción grave. A sanción será a establecida no artigo 199 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

h) Incumplir as obrigas relativas á utilización do número de identificación fiscal. Será infracción leve. A sanción consistirá en multa fixa de 150 €.

i) Resistencia, obstrucción, excusa ou negativa ás actuacións da Administración tributaria. Entenderase producida esta circunstancia cando o suxeito infractor, debidamente notificado ó efecto, teña realizado actuacións tendentes a dilatar, entorpecer ou impedir as actuacións da Administración tributaria en relación co cumprimento das súas obrigas. Será infracción grave. As sancións serán as previstas no artigo 203 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

j) Outras infraccións reguladas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria ou en outra norma legal. Serán clasificadas e sancionadas conforme as citadas normas legais.

ARTIGO 80º. CRITERIOS DE GRADACIÓN

De resultaren aplicables os criterios de gradación aludidos no artigo precedente, aqueles aplicaranse conforme o disposto no artigo 187 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Igualmente, aplicarase o criterio de acordo ou conformidade do interesado ó abeiro dos artigos 187 e 188 da citada Lei. Este criterio implicará a reducción do 50% nas sancións en actas con acordo. En actas con conformidade as reduccións poderán ser do 30% máis un 25% sobre a sanción reducida nos termos regulados no citado artigo 188, en actas con conformidade.

ARTIGO 81º. PROCEDIMENTO SANCIONADOR EN MATERIA TRIBUTARIA

1. O procedemento sancionador en materia tributaria tramitarase de forma separada ós de aplicación dos tributos, agás renuncia do obrigado tributario. Neste caso tramitarase conxuntamente.

2. O procedemento sancionador en materia tributaria iniciarase sempre de oficio, mediante a notificación do acordo do órgano competente.

3. Na instrucción do procedemento sancionador serán de aplicación as normas especiais sobre desenvolvemento das actuacións e procedementos tributarios a que se refire o artigo 99 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. O procedemento sancionador en materia tributaria terminará mediante resolución ou por caducidade. Previamente, a proposta de resolución será notificada ó interesado concretando a sanción proposta con indicación dos criterios de gradación e a súa motivación, indicándolle a posta de manifesto do expediente e concelléndolle un prazo de 15 días para alegacións.

5. O acto de resolución do procedemento sancionador poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ou recurso potestativo de reposición coas especificidades reguladas no artigo 212 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

TITULO V

REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA

CAPITULO I

MEDIOS E PROCEDEMENTOS DE REVISIÓN

ARTIGO 82º. MEDIOS DE REVISIÓN

1. Os actos e actuacións de aplicación dos tributos e os actos de imposición de sancións tributarias poderán revisarse mediante:

a) Procedementos especiais de revisión.
b) Recurso potestativo de reposición.
c) Reclamación económico administrativa.

2. As resolucións do Tribunal económico-administrativo do Concello, non poderán ser revisadas en vía administrativa calquera que sexa a causa alegada, agás nos supostos de nulidade de pleno dereito, e rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos.

3. As resolucións do Tribunal económico-administrativo do Concello poderán ser declaradas lesivas conforme ó disposto nos artigos 213 e 218 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. Cando foran confirmados por sentencia xudicial firme, non serán revisables, en ningún caso, os actos de aplicación dos tributos e de imposición de sancións nin as resolucións de reclamacións económico-administrativas.

CAPITULO II

PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN

ARTIGO 83º. CLASES DE PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN

Son procedementos especiais de revisión os de:

a) Revisión de actos nulos de pleno derecho.
b) Declaración de lesividade de actos anulables.
c) Revogación.
d) Rectificación de erros.
e) Devolución de ingresos indebidos.

ARTIGO 84º. DECLARACIÓNS DE NULIDADE E LESIVIDADE

Corresponderalle á Xunta de Goberno a declaración de nulidade de pleno dereito así como a declaración de lesividade para o interés público os actos ditados en materia tributaria e resolucións do Tribunal económico-administrativo do Concello, nos supostos e conforme ó procedemento establecido nos artigos 217 e 218 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 85º. REVOGACIÓN DE ACTOS DE APLICACIÓN DOS TRIBUTOS E DE IMPOSICIÓN DE SANCIÓNS

1. O Concello poderá revogar os seus actos en beneficio dos interesados cando se estime que infrinxen manifestamente a lei, cando circunstancias sobrevenidas que afecten a unha situación xurídica particular poña de manifesto a improcedencia do acto ditado, ou cando na tramitación do procedimento se tivera producido indefensión ós interesados.

2. A revogación non poderá constituír, en ningún caso, dispensa ou exención non permitida polas normas tributarias, nin ser contraria ó principio de igualdade, ó interese público ou ó ordenamento xurídico.

3. A revogación só será posible mentras non tivera transcorrido o prazo de prescripción.

4. O procedemento de revogación iniciarase sempre de oficio e será competente para declarala a Xunta de Goberno.

ARTIGO 86º. RECTIFICACIÓN DE ERROS

O Concello rectificará en calquera momento, de oficio ou a instancia do interesado, os erros materiais, de feito ou aritméticos sempre que non tivera transcorrido o prazo de prescrición.

ARTIGO 87º. DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS

1. O procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos iniciarase de oficio ou a instancia do interesado, nos seguintes supostos:

a) Cando se tivera producido duplicidade no pagamento.
b) Cando a cantidade pagada fose superior á que resulta dun acto administrativo ou dunha autoliquidación.

c) Cando se ingresaran cantidades correspondentes a débedas ou sancións tributarias despois de transcorridos os prazos de prescripción.

d) Noutros supostos establecidos en normas legais ou nas Ordenanzas fiscais do Concello.

2. Cando o dereito á devolución fose recoñecido en virtude de acto administrativo de liquidación ou resolución económico-administrativa ou xudicial, así como por resolucións dos expedientes aludidos no apartado 1 deste artigo, procederase a execución da devolución.

3. O procedemento para a devolución de ingresos indebidos a instancia do interesado axustarase, ó seguinte:

a) O solicitante deberá achegar á sua solicitude documento orixinal que acredite que a cantidade tivo ingreso na Caixa Municipal.

b) Deberá consignar na súa solicitude un número de conta bancaria completo a fin de proceder a realizara eventual devolución a través de transferencia bancaria.

4. Cando un obrigado tributario considere que a presentación dunha autoliquidación dera lugar a un ingreso indebido, deberá instar a rectificación da autoliquidación.

Neste caso a Administración tributaria do Concello aprobará a correspondente liquidación provisional, recoñecemento ou non do ingreso indebido e conseguinte devolución.

ARTIGO 88º. DEVOLUCIÓN DE OFICIO

Se na resolución dun recurso ou reclamación se declara un ingreso indebido ou se condona unha multa xa pagada, acordarase de oficio a devolución do seu importe previo aporte do correspondentes xustificante do seu ingreso en arcas municipais.

CAPITULO III

RECURSOS ADMINISTRATIVOS

ARTIGO 89º. RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN

1. Os actos ditados pola Administración tributaria do Concello poderán ser obxecto de recurso potestativo de reposición diante do órgano que dictó o acto.

2. O presente recurso de reposición deberá interpoñerse con carácter previo á reclamación económico-administrativa. Se o interesado interpuxera o recurso potestativo de reposición, non poderá promover a reclamación económico-administrativa ata que existira resolución expresa do recurso de reposición ou tivese transcorrido o prazo dun mes dende a súa interposición, en cuxo caso se considerará desestimado.

3. O prazo para interpoñer o recurso postestativo de reposición será dun mes contado a partir do día seguinte á notificación do acto recurrible ou do seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tratándose de débedas incluídas en padróns periódicos e de notificación colectiva o prazo contarase a partir da finalización do período voluntario de pagamento.

4. A interposición do recurso non suspende a execución do acto, agás que se garanta o importe total, os xuros de demora e os recargos.

5. Non se admitirán outras garantías que as seguintes, a elección do reclamante:

a) Depósito en diñeiro efectivo ou en valores públicos na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais ou, no seu caso, no Concello.
b) Aval ou fianza de carácter solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución prestado por banco ou banqueiro rexistrado oficialmente por unha Caixa de Aforros Confederada, Caixa Postal de Aforros ou Cooperativa de crédito cualificada.
c) Fianza provisional e solidaria prestada por dous contribuíntes do municipio de recoñecida solvencia, só para débedas inferiores a 1500 €.

6. En casos moi cualificados e excepcionais, o Concello poderá acordar, a instancia de parte, debidamente motivado o acordo, a suspensión do procedemento cobratorio sen prestación de garantía ningunha, cando o reclamante alegase e xustificase na súa solicitude a imposibilidade de prestala ou demostre de maneira indubidable a existencia de erros materiais ou aritméticos nos actos sobre aplicación e efectividade de tributos.

ARTIGO 90º. RECLAMACIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA

1. Os actos ditados pola Administración Tributaria do Concello poderán ser obxecto de reclamación económico-administrativa directamente ante o Tribunal económico-administrativo do Concello de Lugo.

Igualmente poderán ser obxecto de reclamación económico administrativa os actos ditados en vía executiva relativos a outros ingresos de dereito público non tributarios.

2. O prazo para interpoñer a reclamación económico-administrativa será dun mes contado a partir do día seguinte á notificación do acto recurrible ou do seguinte a aquel en que se produzan os efectos o silencio administrativo. Tratándose de débedas incluídas en padróns periódicos e de notificación colectiva o prazo contarase a partir da finalización do período voluntario de pagamento.

3. De terse interposto previamente recurso potestativo de reposición, o prazo dun mes contarase dende a notificación da resolución do recurso de reposición ou, transcorrido un mes dende a interposición daquel sen que existira resolución.

4. A interposición da reclamación non suspende a execución do acto, agás que se garanta o importe total, os xuros de demora e os recargos.

5. En casos moi cualificados e excepcionais o Tribunal económico-administrativo do Concello poderá acordar, a instancia de parte, con acordo debidamente motivado, a suspensión do procedemento cobratorio sen prestación de garantía ningunha, cando o reclamante alegase e xustificase na súa solicitude a imposibilidade de prestala ou demostre de maneira indubidable a existencia de erros materiais ou aritméticos nos actos recurridos.

6. De existir acordo de suspensión no procedemento de recurso potestativo de reposición, poderá manterse aquela en vía económico-administrativa.

7. A resolución da reclamación esgota a vía administrativa e contra ela caberá recurso en vía contencioso-administrativa ante o órgano xurisdicional competente. O interesado poderá igualmente recurrir en vía contencioso-

administrativa se, transcorrido un ano dende a interposición da reclamación, non se producira resolución expresa.

TITULO VI

RESPONSABILIDADE DA ADMINISTRACIÓN E DOS ADMINISTRADOS

ARTIGO 91º. RESPONSABILIDADE DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL

A Administración municipal responderá dos danos e perdas que se irroguen ós bens e dereitos dos particulares como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos ou da actuación, no exercicio dos seus cargos, das súas autoridades, funcionarios ou axentes, de acordo coa normativa xeral de responsabilidade administrativa; e sempre que se dean as seguintes circunstancias:

a) Que non se trate dun caso de forza maior.
b) Que o dano sexa efectivo, material e individualizado.

ARTIGO 92º. RESPONSABILIDADE DOS ADMINISTRADOS.

1.- Toda persoa natural ou xurídica que por acción ou omisión cause dano nos bens, obras ou instalacións municipais estará obrigada a reparar o dano causado sempre que non se trate de caso de forza maior debidamente acreditada en expediente ou declarada, se é o caso, en sentencia firme.

2.- Se se trata de gastos de reconstrución, reparación, reinstalación, amaño e conservación, o causante estará obrigado, polas cantidades que ten que liquidar, ó depósito previo do seu importe, se se trata de obras ou traballos que se realicen dunha vez, e á consignación anticipada, se se trata de perturbacións repetidas.

3.- As obras de reparación realizaráas o Concello á custa do interesado, ou ben directamente por este, baixo a vixilancia da inspección municipal.

4.- Se se tratase de danos, o Concello será indemnizado.

O Concello de Lugo establece a seguinte taxación xenérica de danos:

A) Movementos de terras

Por cada m^2 de roza e limpeza de maleza e terra vexetal:	1,93 €
Por cada m^3 de escavación en desmonte, en todo terreo, excepto rocha:	5,19 €
Ídem en rocha:	49,37 €
Por cada m^3 de aterraplenado, con produtos seleccionados:	5,69 €
Ídem anterior con préstamos: grixo compacto, grava:	14,17 €
Por cada m^3 de escavación en gabia, en todo terreo, excepto rocha, sen esteamento:	7,87 €
Por cada m lineal de limpeza e formación cuneta en terra:	2,11 €
Por cada m^2 de adecuación e rasanteo firme existente, con achega material granular ou grixo compacto para nivelación:	3,11 €
Por cada m^3 de recheo en gabia con productos seleccionados ou de préstamos:	9,44 €

B) Canalizacións enterradas e instalacións:

Por cada m lineal de canalización de iluminación pública segundo disposicións municipais, excepto escavacións e reposición de firme:	50,80 €
Por cada m lineal de canalización de auga potable de fundición:	41,50 €
Por cada m lineal de canalización da rede de saneamento con encanamento “campá” e xunta elástica:	59,38 €
Por metro lineal de acometida domiciliaria de auga potable, en calquera tipo de pavimento:	110,96 €
Por metro lineal de acometida domiciliaria de rede de saneamento, en calquera tipo de pavimento:	121,36 €
Por cada unidade de arqueta de iluminación pública:	163,84 €
Por cada unidade de arqueta ou pozo de rexistro de rede de augas, excepto válvulas de corte ou retención:	239,69 €
Por cada unidade de boca de rega:	339,86 €
Por cada unidade de boca de incendios:	447,18 €
Por cada unidade de saneamento sifónico:	211,78 €
Por cada unidade de pozo de rexistro rede de saneamento terminado:	559,51 €
Por cada unidade de báculo metálico e punto de luz de iluminación pública:	1.353,70 €
Por cada unidade de punto de luz de iluminación pública en fachada:	740,53 €
Por cada unidade de báculo ornamental de fundición e farol artístico:	2.607,95 €
Ídem anterior con tres farois:	4.221,37 €
Por supresión ou retranqueo dunha boca de rega:	178,87 €

Por supresión ou retranqueo dun farol de iluminación pública:	250,42 €
Ídem cadro de mando de iluminación pública:	321,97 €
Ídem cadro de mando semáforo:	321,97 €

C) Firmes e pavimentos:

Por cada m^2 de execución firme de macadam ou grixo artificial:	3,50 €
Por cada m^2 de execución pavimento de aglomerado asfáltico en quente, incluso paquete de firme necesario:	22,18 €
Por cada m^2 de execución pavimento de DTS (dobre tratamento superficial):	11,74 €
Por cada m^2 de execución de pavimento de formigón H-40 en capa rodadura (e=25 cm), H-150 en base (e= 20 cm) e sub-base granular:	48,65 €
Por cada m^2 de execución de pavimento de laxe sobre soleira formigón:	77,99 €
Por cada m^2 de execución capa de rodadura (e=7 cm) de aglomerado asfáltico en quente sobre firme existente:	8,58 €
Por cada m^2 e 1 cm de profundidade de fresado de firmes flexibles:	0,82 €
Ídem firmes ríxidos:	1,25 €
Por cada m lineal de bordo de beirarrúa de formigón:	20,75 €
Por cada m lineal de bordo de beirarrúa de granito:	45,07 €
Por cada m^2 de beirarrúa de baldosa hidráulica de 30x30 sobre soleira formigón H-150 (e=18 cm) e base granular (15 cm):	39,00 €
Ídem anterior con laxelas de terrazo:	55,81 €
Ídem anterior con laxelas de granito, grosor mínimo 6 cm:	111,62 €
Por cada unidade de paso de minusválidos, segundo normas municipais:	235,39 €
Por cada metro de formación paso acceso garaxes, segundo normas municipais:	99,59 €
Por cada unidade de remate e enreixado normal, árbores en beirarrúas:	203,92 €
Por cada unidade remate e enreixado:	511,57 €
Por cada unidade de reposición bordo:	45,07 €

D) Sinalización viaria e protección peonil:

Por cada unidade de sinal de tráfico colocada en soporte metálico:	123,06 €
Por cada m lineal de valado metálico de fundición (salva peonil):	119,49 €
Por cada m lineal de valado metálico de fundición, tipo vieira:	208,93 €
Por cada unidade de fito de fundición:	198,90 €

Por cada unidade de semáforo: a) Columna: b) Báculo con brazo:	 1.121,89 € 2.353,95 €
Por cada unidade de armario-central de cruzamento (segundo modelo):	entre 5.618,08 € e 9.547,05 €
Por cada unidade de armario de detectores de semáforos:	1.124,74 €
Por cada m lineal de valado salvapeóns personalizadas, con escudo:	182,45 €
Por cada unidade de espello de distintos tamaños:	entre 225,46 € e 498,65 €
Por cada unidade de valado móbil:	75,13 €
Por cada m^2 de paso de peóns:	19,32 €
Por cada m lineal de liña continua ou descontinua:	1,07 €
Por cada unidade de cartel informativo:	entre 112,37 € e 503,04 €
Por cada unidade de cono de balizamento:	33,63 €
Por cada unidade de sinal de obra:	101,59 €
Por cada unidade de bolardo desmontable:	188,82 €
Por cada unidade de bolardo de polietileno e de caucho:	99,66 €
Por cada unidade de bolardo, a petición de particulares:	99,66 €
Por cada unidade de sinal vertical de aluminio:	236,03 €
Por cada unidade de sinal vertical de aluminio e leds:	818,22 €
Por cada unidade de banda redutora de caucho:	68,19 €
Por cada metro lineal de pintura termocaucho (Banda):	15,74 €.
Por cada unidade de pintura termocaucho (Sinal):	225,54 €

E) Mobiliario urbano e xardinería:

Por cada unidade de banco de madeira:	400 €
Por traslado dun banco:	200 €
Por traslado dunha árbore:	350 €
Por cada unidade de xardineira prefabricada:	300 €
Por cada m^2 de céspede:	6 €
Por cada m lineal de peche vexetal (sebes):	55 €
Por cada m^3 de muro de granito:	345 €
Por cada m lineal de balaustrada de fundición:	250 €
Por cada m^2 de peche de fábrica ladrillo ou bloque:	50 €
Por cada unidade de papeleira:	150 €
Por contedor recollida selectiva:	390 €

Por contedor RSU:	340 €
Por cada unidade de papeleira de fundición:	850 €
Por cada unidade de fonte fundición:	840 €
Por cada unidade de boca de rega automática:	60 €
Gallas metálicas:	78,70 €
Conxunto de panel e poste (carril bicis-paseo Fábrica da Luz):	384,93 €
Aparcadoiro de bicicletas (conxunto de 10):	465,07 €
Aparcadoiro de bicicletas (conxunto de 5):	393,52 €
Marquesiñas de BUS (mod. C-3)*:	9.122,45 €
"MUPIS" (soportes publicitarios) mod. PEDRA*:	5.079,96 €
COLUMNA (mod. "mesquita")*:	7.655,71 €
Illa ecolóxica*:	6.510,93 €
Contedor ecolóxico (para colocar dentro das illas)*:	1.860,26 €
Papeleira (mod. "GUADIANA")*:	200,33 €
Banco (mod. "ARPA")*:	362,03 €
FITO DE BENVIDA*:	7.083,32 €
INFOBÚS:	1.180,55 €
Por cada unidade de Armario monobloque poliéster tipo Polymel 530x430x200mm sen soporte de fixación	360 €
Por cada unidade de Arqueta estándar de polietileno reforzado con tapa verde de 27 x 53 cm	32 €
Por cada unidade de Arqueta jumbo de polietileno reforzado con tapa verde de 35 x 65 cm	60 €
Por cada unidade de Arqueta redonda de polietileno reforzado redonda tapa verde de 18 cm	6,50 €
Por cada unidade de Arqueta redonda de polietileno reforzado redonda tapa verde de 24 cm	14 €
Por cada unidade de Tapa arqueta fundición marco de 80 x 80 cm, incluso arqueta de fábrica de ladrillo.	300 €
Por cada unidade de Caixa de conexión de TBOS de 1 estación.	155 €
Por cada unidade de Caixa de conexión de TBOS de 2 estacións	220 €
Por cada unidade de Caixa de conexión de TBOS de 4 estacións	255 €
Por cada unidade de Caixa de conexión de TBOS de 6 estacións.	300 €
Por cada unidade de Módulo de ampliación de 2 estacións para programador TMC-212	40 €
Por cada unidade de Programador TMC 212 interior 2-12 estacións.	154 €
Por cada unidade de Programador a pilas Tbos de 1 estación	160 €
Por cada unidade de Programador a pilar Tbos de 2 estacions	220 €
Por cada unidade de Aspersor emerxente 2001 en plástico círculo	78 €

completo/axustable.	
Por cada unidade de Aspersor Mini 8.	20 €
Por cada unidade de Aspersor TR50 e similares	30 €
Por cada unidade de Aspersor S700 xiro completo/axustable.	30 €
Por cada unidade de Boquilla aspersor S700	1,50 €
Por cada unidade de Boquilla 1.5, 2.0, 3.0 ...	2 €
Por cada unidade de Boquilla 15H, 15Q, TVAN 15 ...	2 €
Por cada unidade de Boquilla de Difusor 570 Z 30 cms.	18 €
Por cada unidade de Difusor 570 Z 12P.	16 €
Por cada unidade de Difusor 570 Z 3P.	8 €
Por cada metro lineal de Tubería de goteo 16 mm incluso pp de pezas de conexión e grampas de fixación	2,50 €
Por cada unidade de Electroválvula de 1 polgada	45 €
Por cada unidade de Electroválvula de 1 1/2 polgada	120 €
Por cada unidade de Electroválvula de 2 polgadas	170 €
Por cada unidade de Solenoide	35 €
Por cada unidade de Válvula eléctrica 252 2".	200 €
Por cada unidade de Válvula de retención para aspersor Mini 8.	2 €
Por cada unidade de Válvula eléctrica EZ FLO-II con solenoide de 1" RH.	20 €
Por cada unidade de Codo fundición D = 63 mm	25 €
Por cada unidade de Collarín fundición D= 40mm	11,50 €
Por cada unidade de Enlace metálico D = 63 mm	40 €
Por cada unidade de Enlace reducido de polietileno D= 90-75 mm.	38 €
Por cada unidade de árbore ornamental: A súa contía determinarase conforme á Norma Granada (Método de Valoración de Árbores e Arbustos Ornamentais).	
Por cada metro cadrado de Pavimento continuo Amortecedor de Seguridade	94 €
Por cada unidade de Cartel Indicativo en Áreas de Xogos Infantís	1.000 €
Por cada metro cadrado de valo de madeira delimitatoria de Xogos ou Áreas de Xogos Infantís.	75 €
Por cada metro cadrado de céspede artificial de cor verde	42 €
Por cada metro cadrado de céspede artificial doutras coloracións.	48 €
Por cada unidade de Listón de madeira 2000x40x35 con acabado Caoba de banco tipo romántico, incluso parafusería	20 €
Por cada unidade de bicicleta do sistema municipal de préstamo	430 €

Os elementos sinalados cun asterisco (*) corresponden a un convenio entre o Excmo. Concello e a empresa "EQUIPAMIENTOS URBANOS" (concesionaria por concurso da explotación de publicidade nos elementos do mobiliario descrito).

Estes prezos enténdense en execución material, polo que se incrementarán co 18% de IVE, ou o que legalmente se estableza.

Para os casos non previstos anteriormente, ou en situacións especiais, os servizos técnicos correspondentes efectuarán valoración contraditoria.

Os anteriores importes sufrirán anualmente, en forma automática e acumulativa, unha variación equivalente á do índice oficial do custo medio de vida que puidese producirse no exercicio anterior, segundo o Instituto Nacional de Estadística.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No non previsto na presente ordenanza fiscal xeral, será de aplicación directa o disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e restantes normas que resultaren de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 27 de decembro de 2005 e do 8 de novembro de 2010, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2011. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2010

TAXAS

TAXAS POR PRESTACIÓNS DE SERVIZOS

ORDENANZA FISCAL NÚM. 100

TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas por expedición de documentos administrativos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó prevido nos artigos 20.4 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. É obxecto deste tributo a tramitación a instancia de parte de toda clase de documentos que correspondan á Administración municipal.

3. Entenderase a instancia de parte a tramitación de calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou que repercuta no seu beneficio, aínda que non mediase solicitude expresa do interesado.

ARTIGO 2º. OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR

1. FEITO IMPOÑIBLE

Estará determinado pola actividade municipal desenvolvida con motivo da tramitación a instancia de parte, e da exposición do documento de que se trate, para verificar os puntos a xustificar ou a facer constar nel. A obriga de contribuír nacerá no intre de presentación da solicitude que inicie o expediente ou da expedición do documento que beneficie ó particular ou fose provocado por este. Sen o pagamento da dita taxa non será tramitada a solicitude.

Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigacións fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos a

prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens do dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa municipal ou polos que este Concello esixa un prezo público.

Nos casos nos que as persoas físicas ou xurídicas incursas nun litixio demanden copias de expedientes obrantes neste Concello e este non sexa parte no litixio aboarán as taxas correspondentes.

2. SUXEITO PASIVO

Estarán obrigados ó pagamento as persoas físicas ou xurídicas que soliciten, provoquen ou no interese do cal repercuta a tramitación ou a expedición do documento.

ARTIGO 3º. BASE DE GRAVAME

Tomarase como base o importe íntegro dos documentos gravados, cando proceda; no caso contrario determinará o importe do gravame a clase ou característica do documento.

ARTIGO 4º. COTAS

As cotas tributarias serán as seguintes:

I.- ANTECEDENTES E BASTANTEOS.

1.- Pola procura de documentos ata catro anos de antigüidade e por folio:	4,05 €
Por cada ano máis e folio:	1,30 €
2.- Por bastanteo de poderes e autorizacións: a) Por bastanteo e autorizacións singularizadas de poderes para participación en procedementos de contratación, convocados polo Concello: b) Por bastanteo de carácter xeral (neste suposto, non será necesario que os licitadores sometan o poder a novo bastanteo mentres o apoderamento non sexa modificado, pero os apoderados deberán achegar en cada licitación á que concorran unha declaración xurada acreditativa de que o dito poder continúa vixente):	9,90 €. 173,35 €.

3.- Pola procura de antecedentes no padrón municipal de habitantes con anterioridade a 1981, por cada padrón consultado:	4,00 €

II.- CERTIFICACIÓNS E OUTROS DOCUMENTOS.

1.- A) Certificacións numéricas relativas ó padrón municipal de habitantes: A.1) Poboación total de habitantes do municipio: A.2) Poboación total ou parcial de habitantes detallada por distritos e seccións: A.3) Datos de poboación con inclusión de conceptos específicos tales como nivel de estudios, idade, rúas, unidades de poboación, e outros análogos: B) Estudios de poboación estandarizados, por folio de impresión que exceda de 5: Eximiranse das taxas contidas neste punto primeiro ós estudantes e ós particulares que os soliciten para realizar proxectos ou estudios académicos, cursos de inserción laboral e outros análogos; deberán acreditar tal circunstancia mediante tarxeta de estudante, escrito do centro educativo, oficio do organismo de que se trate ou outros análogos.	 4,90 €. 9,35 €. 32,50 €. 0,10 €.
2.- Certificacións de acordos municipais:	15,00 €
3.- Certificacións de resolucións da Alcaldía:	7,95 €
4.- Visado ou legalización de cada documento pola Alcaldía:	9,05 €
5.- Certificacións de informes emitidos por técnicos municipais, incluídas as de clasificación do solo (excepto informes sobre o réxime urbanístico dun predio, recollido no artigo 3º 2.I c) da Ordenanza fiscal núm. 103):	27,90 €
6.- Certificacións de antecedentes, que obran en oficinas municipais e que non estean incluídas de forma específica en ningún outro punto, por folio:	4,85 €.
7.- Certificacións catastrais telemáticas emitidas no Punto de Información Catastral (PIC): No caso de que a certificación se emita coa finalidade de acceder, en réxime de arrendamento, a unha vivenda de promoción pública, por unidade familiar:	4,85 €. 2,15 €.
8.- Certificacións de copias autenticadas de proxectos técnicos, por folio:	9,25 €

9.- Pola celebración de matrimonios civís: Por cada enlace celebrado de luns a venres que sexan hábiles (entre as 7:30 e as 20:30 horas) e os sábados (entre as 9:30 e as 13:30 horas), agás os sábados do mes de agosto: Por cada enlace celebrado os días previstos no punto anterior en horario distinto ó establecido, así como os sábados do mes de agosto, os domingos e festivos:	70,00 €. 131,35 €.
10.- Autorizacións de transporte escolar, por vehículo autorizado:	12,35 €
11.- Fotocopias de atestados levantados pola Policía Local:	74,00 €
12.- Por cada documento no que conste a relación de predios incluídos no padrón de bens inmobles de natureza rústica, agás as solicitadas no período voluntario de cobranza do Imposto, exclusivamente do exercicio en curso:	2,40 €
13.- Informes emitidos por técnicos municipais a petición do interesado:	21,45 €.
14.- Expedición de duplicados de títulos de concesión administrativa no cemiterio municipal de San Froilán: Concesións anteriores a 1982: Concesións posteriores a 1982:	10,50 €. 6,30 €.
15.- Certificacións xustificativas dos servizos prestados no Concello:	4,85 €.
16.- Pola procura de información específica, sobre a parte do fondo do arquivo con antigüidade superior a 5 anos por hora utilizada. Utilizarase a fracción correspondente nos casos que correspondan:	5,00 €.

As certificacións ou xustificacións de empadroamento non darán lugar a devengo por esta ordenanza.

III.- COTEXOS E COMPULSAS

1.- A actividade pola cal o Secretario Xeral do Pleno, Vicesecretario, o titular da Asesoría Xurídica, Rexistro Xeral ou unidade administrativa que teña encomendada a tramitación do expediente, a solicitude dos interesados, cotexen cos seus orixinais as copias dos documentos de calquera clase, natureza ou orixe que aqueles presenten para incorporar ós expedientes administrativos que se xestionen no Concello, terá carácter gratuíto.

2.- A actividade pola cal o Secretario Xeral do Pleno, Vicesecretario, o titular da Asesoría Xurídica, Rexistro Xeral ou unidade administrativa que teña encomendada a tramitación do expediente, a solicitude dos interesados, expidan

copias auténticas dos documentos de calquera clase, natureza ou orixe obrantes nos expedientes que se custodien nas distintas dependencias municipais, aboarán as tarifas que a continuación se relacionan. En ningún momento o cotexo determinará a validez ou invalidez do documento orixinal.

Por folio cotexado, primeiro folio:	1,80 €
Por cada un dos restantes:	0,30 €

Os importes antes referidos inclúen o importe das fotocopias realizadas.

IV.-CONTRATACIÓN

l.- Na formalización de contratos de calquera clase, o 1% da súa contía, cando esta non exceda de 6.000 €, e sen que a cota resultante poida ser inferior a 30 €. Por cada 6.000 € máis ou fracción, engadirase á cota resultante conforme ó parágrafo anterior, ou ó citado mínimo, se é o caso, un 0,25 % sobre o exceso de 6.000 €.

En todo caso, a cota máxima resultante non excederá de 300 €.

V.- DOCUMENTOS TÉCNICOS.

1.- Por copias de planos existentes en calquera dependencia municipal:

DIN A-4:	2,00 €
DIN A-3:	3,10 €
DIN A-1:	4,00 €
Por cada m^2 ou fracción de exceso sobre un DIN A-1:	9,85 €
Plano guía plastificado, edición 2002:	9,85 €
Cartografía dixitalizada, de propiedade do Concello, por cada folla da cartografía oficial, gravada en soporte CD: A persoa a favor da que se expidan as copias soamente poderá utilizalas para estudios e traballos, e quedará expresamente prohibida toda transmisión, cesión, préstamo, comercialización ou copia sen o permiso previo e por escrito do Concello, e este non é responsable dos erros ou omisións que puideran existir na citada cartografía.	19,05 €.
Copia dixital de documentos de arquivo en soporte papel por unidade documental simple:	2,50 €.

Copia dixital de documentos de arquivo textuais, en soporte electrónico:	0,60 €.
Por impresión de documentos de arquivo textuais en soporte electrónico:	0,30 €.
Por impresión de ficheiros de imaxe de arquivo, en soporte electrónico:	0,60 €.
Por copia dixital de documentos de arquivo gráficos e visuais:	15 €.
Subministración en soporte CD documentos de arquivo:	0,60 €.
Subministración en soporte DVD documentos de arquivo:	1,00 €.
Por copia dixital de documentos de arquivo en soporte papel por unidade documental simple:	2,50 €.
Por copia dixital de documentos de arquivo textual, en soporte electrónico por unidade documental simple:	0,60 €.
Por impresión de documentos de arquivo textuais en soporte electrónico por unidade documental simple:	0,30 €.
Por impresión de ficheiros de arquivo de imaxe, en soporte electrónico por unidade documental simple:	0,60 €.
Por copia dixital de documentos de arquivo gráficos e visuais por unidade documental simple:	6,00 €.

VI.- VENDA DE IMPRESOS E DOUTRAS PUBLICACIÓNS.

1.- Por cada impreso ou xogo de impresos que non exceda de cinco follas:	0,70 €
2.- Por xogo de impresos que exceda de cinco follas:	0,90 €
3.- Por folio de impresión das ordenanzas fiscais do Concello, da Ordenanza municipal de protección ambiental ou da Ordenanza xeral municipal reguladora da contaminación acústica: En formato editado, segundo o custo desta.	0,10 €.
4.-Venda de guía de rúas, por folio de impresión:	0,10 €
5.- Venda de tarxeta magnética para o acceso á zona peonil dos vehículos de tracción mecánica:	7,85 €.
6.- Pola expedición de “Tarxeta Cidadá”:	3,00 €.

VII.- FOTOCOPIAS.

Por fotocopias de documentos non regulados nos puntos anteriores, por cada unha:	0,10 €

VIII.- OUTRAS PUBLICACIÓNS.

Calquera outra publicación en xeral, non recollida nas alíneas anteriores, que realice o Concello, tales como planos guías, guías de Lugo, libros e outros, segundo o custo da publicación.

ARTIGO 5º.

1. As cotas esixibles por esta exacción liquidaranse por cada expediente que se tramite, quedarán comprendidas nelas todos os documentos e dilixencias do expediente non especificados con separación nas tarifas do artigo anterior, salvo os honorarios de profesionais e peritos que non actúen para a Administración municipal.

2. Para os efectos do previdо no artigo anterior, e de conformidade co contido do artigo 164-1 do Regulamento de ordenación, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por R.d. 2568/1986, do 28 de novembro, enténdese por expediente o conxunto ordenado de documentos e actuacións que serven de antecedente e fundamento á resolución administrativa, así como as dilixencias encamiñadas a executala.

ARTIGO 6º. EXENCIÓNS

1.- No caso das certificacións reguladas no punto II.6 do artigo 4º, estarán exentos de tributar os estudiantes e demandantes de emprego que reúnan os seguintes requisitos:

a) Acreditación da súa condición.

b) Que a actuación que se pretende realizar sexa en función do seu estado laboral actual.

2.- No caso dos cotexos e compulsas regulados no punto III do artigo 4º, estarán exentos de tributar por este concepto os estudiantes, demandantes de emprego e a tramitación de expedientes de xustiza gratuíta, cos seguintes requisitos:

a) Acreditación da súa condición.

b) Que a actuación que se pretende realizar sexa en función do seu estado laboral actual.

3.- Non se esixirá esta taxa na emisión de certificacións relativas a atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias, cando a dita certificación se solicite para formar parte nun expediente de contratación deste Concello.

ARTIGO 7º. NORMAS DE XESTIÓN

1. As cotas aboaranse en metálico na Tesourería municipal no momento da presentación do documento que inicie o expediente, ou ó retirar a certificación ou notificación da resolución recaída nel se non mediou solicitude expresa do interesado, conforme a prevención do artigo 1º.3 desta ordenanza.

2. Os documentos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 66 da Lei de procedemento administrativo serán admitidos provisionalmente, pero non se lles dará curso sen o previo pagamento das taxas procedentes, para tal fin requiriráselle ó interesado para que no prazo de dez días hábiles aboe as cotas correspondentes, baixo o apercibimento de que, transcorrido o dito prazo sen efectualo, se terán por non presentados os escritos ou documentos e será arquivada a solicitude.

3. A forma de exacción da taxa en metálico poderá ser substituída, trala resolución con carácter xeral da Alcaldía, por timbre ou efecto de valor expedido pola Tesourería, ou por medio de documento de declaración-liquidación.

4. Os funcionarios, que teñan ó seu cargo a tramitación de documentos suxeitos á taxa, non admitirán nin cursarán documento ningún sen que leven adheridos os selos ou timbres na contía que correspondan, nos que figurará a data para inutilizalos ou copia do documento de ingreso directo por declaración-liquidación debidamente validado.

5. A petición de reintegros por omisión do presentador dará dereito á percepción do importe dos gastos de correos que se producisen.

ARTIGO 8º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Dada a natureza e xestión destas taxas, serán responsables das infraccións que se observen os funcionarios que pola súa omisión ou neglixencia as

motivasen, os cales estarán obrigados ó reintegro correspondente, sen prexuízo das demais responsabilidades que poidan esixírselles.

PARTIDAS FALIDAS

Pola forma de imposición e xestión destas taxas non son admisibles partidas falidas.

NORMA COMPLEMENTARIA

En todo o non previdо expresamente nesta ordenanza teranse en conta os preceptos da Ordenanza fiscal xeral e demais disposicións lexislativas aplicables á materia de que se trate.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 8 de novembro de 2010, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2011. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2010

ORDENANZA FISCAL NÚM. 101

TAXA POLA UTILIZACIÓN DO ESCUDO DO MUNICIPIO

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola utilización do escudo do municipio na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó prevido nos artigos 20.4 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. OBRIGA DE CONTRIBUÍR

1. FEITO IMPOÑIBLE

Está constituído pola autorización para a utilización das placas ou patentes, ou pola posesión de calquera elemento suxeito a obriga de levar placa ou patente.

2. SUXEITOS PASIVOS

Son os usuarios de vehículos obrigados a exhibir patente e aqueles que soliciten e obteñan autorización para a utilización voluntaria de patentes co escudo do municipio.

3. OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR

Nace dende o momento no que se obteña a autorización referida no número anterior ou dende que naza a obrigación de proverse das placas correspondentes.

ARTIGO 3º. BASE GRAVAME

A base de gravame constitúena os vehículos ou outros obxectos sometidos ó dito gravame.

ARTIGO 4º. TARIFAS E COTAS Ó ANO

Patente para uso do escudo do municipio como marca de fábrica.	224,85 €

As cotas anuais son irreductibles.

ARTIGO 5º. EXENCIÓNS

1. Encóntranse exentos da obrigación de obter placas e do pago destas taxas os vehículos propiedade do Estado, da comunidade autonóma e entidades locais.

ARTIGO 6º. NORMAS XERAIS

No primeiro mes de cada exercicio económico, por medio de anuncio que se inserirá na prensa local, e colocarase no Taboleiro de Edictos da Casa Consistorial, requiriráselles ós obrigados para que no prazo de quince días hábiles se provexan na Tesourería municipal das respectivas placas.

A dita obrigación alcanzará tamén ás persoas que durante o exercicio adquiran vehículo que deba levar o referido distintivo.

ARTIGO 7º.

O pagamento destas taxas realizarase no momento mesmo de adquirírense os distintivos, se é o caso, o día que se obteña autorización do Concello para o uso do escudo da cidade, contra entrega das correspondentes placas no primeiro caso e a carta de pagamento no segundo.

ARTIGO 8º.

No Servizo de Facenda Local anotarase o nome, NIF, domicilio do propietario do vehículo, así como os datos dos solicitantes de patentes.

ARTIGO 9º.

Poderá concederse substitución do interesado por causa xustificada. Para iso chegará un volante escrito, expedido polo Xefe do Servizo de Facenda Local, co visto e prace do Ilmo. Sr. Alcalde.

ARTIGO 10º.

As placas que se coloquen nos vehículos haberán de ir en letra ben lexible e estarán precintadas. Os precintos colocaranse necesariamente polos axentes municipais que se designen.

ARTIGO 11º.

Os interesados devolverán as placas e patentes á Administración Municipal ó ser baixa no concepto contributivo que motivou a obrigación de telas.

ARTIGO 12º.

No caso de extravío das placas ou patentes, os interesados deberán darlle coñecemento disto á Administración, que declarará a anulación por medio da providencia da Alcaldía, e expedirá nova placa ou patente ó interesado mediante o pagamento daquela.

ARTIGO 13º.

As persoas ou entidades que desexen facer uso do escudo da cidade nos vehículos, marcas de fábricas ou outros usos mercantís, mediante instancia dirixida ó Ilmo. Sr. Alcalde, acompañada de bosquexo, debuxo ou reproducción do escudo. Tralo informe do Arquitecto municipal, a Alcaldía concederá ou denegará a petición, segundo crea procedente. No caso de autorización, a solicitude, xunto co decreto, pasará ó Servizo de Facenda Local para que esta efectúe a liquidación da taxa que será visada por Intervención. Aprobada, chegado o caso, pola Alcaldía, notificaráselle ó interesado para que proceda ó ingreso directo da cota polo primeiro ano.

ARTIGO 14º.

Ningunha concesión do uso do escudo da cidade terá o carácter de exclusiva, reservándose o Concello a facultade de efectuar cantas estime oportunas, aínda que sexan para idéntico obxecto.

ARTIGO 15º.

As altas producirán efectos no exercicio no que se concedan e as baixas no seguinte a aquel no que se presenten.

ARTIGO 16º.

Coas declaracións dos obrigados ó pago e as solicitudes, chegado o caso de utilización potestativa de patentes, a Admistración de Facenda Local formará a matrícula anual, que será tramitada e posta ó cobro segundo as regras para as exaccións que se recaden mediante valores no recibo que figuran na Ordenanza fiscal xeral.

ARTIGO 17º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

A falta do cumprimento da obrigación de obter distintivo constituirá infracción, que se sancionará conforme as normas que para o caso establece a Ordenanza fiscal xeral.

ARTIGO 18º. PARTIDAS FALIDAS

Dada a forma de xestión desta taxa, só caben no caso de infracción tributaria para as cotas das anualidades posteriores á inicial. Para a súa declaración estarase ó preceptuado para o caso na Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003

MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008

ORDENANZA FISCAL NÚM. 102

TAXAS POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS E AUTORIZACIÓNS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas polo outorgamento de licenzas e autorizacións de autotaxis e demais vehículos de aluguer na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó prevido nos artigos 20.4 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. Serán obxecto desta exacción:

a) A concesión de licenza municipal para a prestación do servizo público de autotaxis.

b) A concesión de licenzas para a substitución dos vehículos referidos no punto anterior.

c) A transmisión de licenzas por actos “mortis causa” ou “inter vivos”, segundo a normativa vixente.

d) A revisión de vehículos lixeiros de aluguer.

e) A realización das probas de aptitude ós solicitantes do permiso municipal de conductor de vehículos destinado ó servizo urbano de transporte de viaxeiros, e á expedición daquel.

ARTIGO 2º. OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR

1. FEITO IMPOÑIBLE

Está determinado pola actividade municipal desenvolvida con motivo da prestación dos servizos sinalados no núm.2 do artigo anterior. A obriga de contribuír nacerá no momento en que, na forma regulamentariamente, se presten os servizos.

2. SUXEITO PASIVO

Están obrigados ó pagamento as persoas físicas ou xurídicas:

a) Titulares da licenza de vehículos lixeiros de aluguer en calquera das modalidades establecidas ós que se presten polo Concello os correlativos servizos.

b) Solicitantes do permiso municipal de conductor de vehículos destinados ó servizo urbano de transporte de viaxeiros.

ARTIGO 3º. BASES DE GRAVAME E TARIFAS

Rexerán as seguintes tarifas:

A) LICENZAS MUNICIPAIS.

Para a prestación de servizo público, de autotaxis, por cada vehículo adscrito á licenza:	771,65 €

B) LICENZAS PARA SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULOS.

Para autotaxis, por cada licenza:	31,95 €

C) TRANSMISIÓNS DE LICENZAS.

Nos casos en que regulamentariamente proceda. Para autotaxis:

“Inter vivos”:	1.969,90 €
“Mortis causa”:	175,10 €

D) REVISIÓN ANUAL DOS VEHÍCULOS.

Revisión inicial, e cada unha das anuais dos vehículos suxeitos a esta taxa, por cada vehículo:	20,00 €

E) CONCESIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCIR.

Pola práctica da proba de aptitude e expedición do permiso municipal de conductor:	49,85 €

As taxas de revisión inicial, así como as que se perciban pola práctica das probas de aptitude de conductores, permiten que o vehículo ou quen solicite a práctica das probas poidan ser sometidos, respectivamente, á nova revisión ou exame se no primeiro acto non desen resultado satisfactorio, sen devengo de novas taxas, por unha soa vez.

ARTIGO 4º. EXENCIÓNS

Non se consignan exencións.

ARTIGO 5º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

Estarase ó prevido para esta materia na Ordenanza fiscal xeral.

PARTIDAS FALIDAS

Estarase ó previsto na Ordenanza fiscal xeral.

NORMA COMPLEMENTARIA

En todo o non previsto expresamente nesta ordenanza teranse en conta os preceptos da Ordenanza fiscal xeral e demais disposicións lexislativas aplicables á materia de que se trate. E, no que non se opoña, o Regulamento dos servizos urbanos de transportes de automóbiles lixeiros do Excmo. Concello de Lugo, aprobado en sesión plenaria do 22 de febreiro de 1974, ou norma que o substitúa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008

ORDENANZA FISCAL NÚM. 103

TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS

ARTIGO 1º. NATUREZA E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 133 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación de servizos urbanísticos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 20.4 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR.

1. FEITO IMPOÑIBLE E DEVENGO.

a) Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos á concesión das licenzas que, preceptivamente, deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase de construcións e obras ou instalacións dentro do termo municipal, así como a prestación doutros servizos urbanísticos, incluíndo a aprobación de proxectos básicos.

b) A taxa devengarase cando inicie a prestación do servizo a Administración municipal, coa recepción da solicitude ou/e a correspondente iniciación do expediente, ou ben dende que se realice calquera dos actos do artigo 194 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Non obstante, continuarase coa tramitación do expediente da licenza cando se trate exclusivamente de obras oficiais, en cuxo caso a taxa devengarase cando se produza a adxudicación da obra ós contratistas. En todo caso, non se someterá á Xunta de Goberno Local a proposta de acordo de concesión/denegación da licenza, namentres non se teña realizado o ingreso da preceptiva autoliquidación.

c) Unha vez nacida a obriga de contribuír, non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada, ou a renuncia, ou desestimento do solicitante con posterioridade a súa concesión.

d) Nos casos de renuncia ou desestimento con anterioridade a Resolución Administrativa procederá a devolución do 50% da taxa ingresada, sempre que a solicitude fose presentada antes de que se formule a proposta de resolución polo Órgano competente.

2. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

a) Están obrigados ó pagamento dos dereitos e taxas previstos nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas solicitantes e/ou titulares da respectiva licenza ou documento.

b) Os solicitantes e/ou titulares da licenza deberán facer constar na solicitude nome, DNI, ou CIF, domicilio fiscal do dono do terreo, dono das obras e empresa constructora. En relación con esta última, en caso de non estar designada, achegarase no momento da súa designación.

c) Responderán solidariamente cos suxeitos pasivos os propietarios ou posuidores, así como os arrendatarios, chegado o caso, dos inmobles nos que se realicen as obras, instalacións ou construccións. No suposto dos arrendatarios só poderá esixirse a responsabilidade solidaria dos propietarios ou posuidores, se as obras fosen executadas coa súa conformidade e sen abuso de dereito.

d) Serán substitutos do contribuínte os promotores e os contratistas.

ARTIGO 3º. BASES DE GRAVAME E TARIFAS

1.- Tomarase como base impoñible e liquidable da presente exacción, en xeral, o custo real e efectivo da obra, construción ou instalación.

2.- TARIFA XERAL.

O tipo de gravame que se aplicará sobre a base liquidable, e por unha soa vez, será o seguinte:

I.- Informes técnicos e outros servizos urbanísticos:

a) Por cada aliñación ou tira de corda realizada sobre o terreo en zona urbana: Ata 100 metros: Por cada metro lineal ou fracción de exceso:	 147,85 € 1,18 €
b) Licenzas de parcelamento ou segregación en terreo urbano: Por cada metro cadrado de superficie do terreo matriz: Ademais, por cada metro cadrado de superficie edificable: Licenzas de parcelamento ou segregación en terreo rústico: Por cada metro cadrado de superficie do terreo matriz:	 0,05 €. 0,05 €. 0,03 €.
c) Información (consultas urbanísticas) sobre o réxime urbanístico dun predio:	181,25 €.
d) Instrumentos de planeamento de desenvolvemento do PXOU, expedientes de delimitación ou modificación de ámbitos de planeamento ou poligonais, instrumentos de equidistribución de cargas e beneficios e expedientes previos necesarios dentro da fase de execución do planeamento (como por exemplo: constitución de xuntas de compensación, etc.), proxectos de urbanización e de obras ordinarias, todos eles promovidos por particulares, ademais dos gastos xustificados do expediente: Por cada metro cadrado de superficie do terreo matriz: Ademais, por cada metro cadrado de superficie edificable: En todo caso as cotas resultantes mínimas serán: * Plans parciais, plans de sectorización e plans especiais: * Estudios de detalle: * Expedientes de delimitación ou modificación de ámbitos de planeamento, poligonais ou unidades reparcelables, instrumentos de equidistribución de cargas e beneficios e expedientes previos necesarios dentro da fase de execución de planeamento: * Proxectos de urbanización e de obras ordinarias: * Por inclusión ou exclusión de predios no rexistro de soares sen edificar conforme á lexislación urbanística:	

e, no caso de discrepancia co interesado, polo colexio profesional correspondente.

e) Certificacións sobre a caducidade da acción para reestablecer a legalidade urbanística alterada e sobre a prescrición da acción para sancionar:	200,00 €.
f) Por tramitación de autorizacións previas en solo rústico (excluíndo o custo do anuncio en prensa):	57,35 €

II.- Proxecto básico, obras de nova planta, reconstrución e reforma:

O importe do gravame será do un por cento (1%) do presuposto de execución material da obra.

O dito presuposto determinarase conforme ó previsto no artigo 5 da presente ordenanza.

III.- Obras no solo, subsolo e voo da vía pública:

a) Colocación de cables subterráneos: Por metro lineal ou fracción:	0,16 €
b) Colocación de encanamentos no subsolo da vía pública: Por metro lineal ou fracción:	0,33 €
c) Colocación de postes na vía pública: Por unidade:	124,05 €
d) Colocación de roscas de ás na vía pública: Por unidade:	3,05 €
e) Colocación de quioscos na vía pública: Por metro cadrado ou fracción de superficie ocupada:	19,10 €
f) Acondicionamento de beirarrúas: Por metro lineal ou fracción:	6,20 €
g) Colocación de rótulos e anuncios fixos: Por metro cadrado ou fracción:	9,55 €

IV.- Outras obras:

As licenzas de obras non mencionadas nin excluídas expresamente e as que sexan obxecto de regulación especial nesta ordenanza gravaranse co 1% do seu presuposto, determinado polos técnicos municipais no caso de discrepancia

co presentado polo interesado, segundo o disposto no artigo 5º da presente ordenanza.

V.- Licenzas de primeira utilización dos edificios:

1.- Polo outorgamento de licenzas de primeira utilización de vivendas ou locais de todo tipo satisfarase o cero vinte por cento (0,20%) do presuposto total de execución da obra. O dito presuposto calcularase conforme ó anexo 2 (manual para obter o presuposto de execución material dunha edificación). O módulo básico que se aplicará será o vixente no momento da solicitude da dita primeira utilización.

2.- Á solicitude de licenza de primeira utilización acompañarase inescusablemente a alta no Imposto de bens inmobles, selada pola Delegación de Hacienda.

VI.- Licenzas de modificación do uso dos edificios:

Ó outorgamento da dita licenza aplicaráselle o 50% da tarifa sinalada co núm. 1 do epígrafe anterior; é de aplicación a prevención contida no seu núm. 2.

VII.- Licenzas por construcións, reparacións e instalacións de cemiterios:

1.- CONSTRUCIÓNS:

a) Para construcións de panteóns, por metro cadrado:	181,30 €.
b) Para construción de cada corpo en sepulturas soterradas, en calquera grupo:	6,25 €.
c) Por construción de beirarrúas en nichos e sepulturas soterradas con lonxitude máxima de 50 cm:	12,35 €.

2.- INSTALACIÓNS:

a) Por colocación de lápidas en panteóns, por cada unha:	12,35 €.
b) Por colocación doutras instalacións fixas nelas, por cada clase delas:	6,25 €.
c) Por colocación de lápidas en sepulturas soterradas:	9,55 €.
d) Por colocación doutras instalacións fixas nelas, por cada clase delas:	6,25 €.
e) Por colocación de lápidas en nichos, por cada corpo:	6,25 €.

f) Por colocación doutras instalacións fixas neles, por cada clase delas:	3,75 €.
g) Por colocación de instalacións fixas nos cinceiros:	3,75 €.

VIII- Incidentes de ruínas e actuacións análogas

a) Tramitación de expedientes de declaración de ruína a instancia de particular:	129,65 €
b) Tramitación de expedientes de expropiación forzosa a iniciativa de particular ou entidades urbanísticas colaboradoras coa Administración: Por cada 100 m^2 ou fracción de superficie afectada:	4,09 €/m^2

3.- BONIFICACIÓNS E EXENCIÓNS.

1. Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota da taxa, por unha soa vez, a favor das construcións, instalacións e obras, coa excepción de obras novas e obras realizadas en locais comerciais, que se realicen dentro das zonas delimitadas polo Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) ou en Áreas de Rehabilitación Integral (ARI).

O presuposto bonificado non poderá exceder de 11.000 euros por vivenda no caso de que se realice no ámbito do PEPRI e de 9.000 euros por vivenda no caso de que se realice no ámbito do ARI.

Esta bonificación non poderá simultanearse con calquera outra bonificación desta ordenanza.

2.- Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota da taxa a favor das novas instalacións completas de calefacción en vivendas e de ascensor en edificios, sempre que os inmobles teñan unha antigüidade mínima de 15 anos.

3.- Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota da taxa por pintura e tratamento integral de fachadas, substitución de materiais de cubertas e elementos externos de fachadas, cando se comprendan dentro dos deberes de conservación e rehabilitación previstos no artigo 9 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ou supoñan unha notoria mellora nas condicións estéticas da edificación.

4.- Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota da taxa a favor das obras de movementos de terra, desmontes, demolicións, e baleirados interiores que sexa necesario realizar neste termo municipal por mor das excavacións arqueolóxicas, para o que deberá terse achegada a correspondente solicitude de autorización arqueolóxica, se fose necesaria.

5.- Estará exenta do pagamento desta taxa a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, e que vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, anque a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de novo investimento como de conservación.

6.- Establécese unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o presuposto de execución material das obras específicamente destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo.

O solicitante deberá achegar documentación ou proxecto que acredite as condicións antes sinaladas, que afecten a ramplas, aseos adaptados, dimensións de portas e corredores, ascensores, etc. No caso de existir dúbidas acerca de se as construcións, instalación e obras favorecen as condicións de acceso ou habitabilidade, solicitarase informe dos servizos técnicos municipais, con carácter previo á resolución da petición de bonificación.

7.- Establécese unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

8.- En calquera caso, ningunha cota que resulte da aplicación das tarifas sinaladas no punto 2 deste artigo 3º poderá ser inferior a 19,25 €.

4.- REGRAS ADICIONAIS.

a) As taxas reguladas na presente ordenanza son compatibles coas que poidan devengarse polo aproveitamento especial de bens ou instalacións de uso público municipal, ou por prestacións de servizos e realización de actividades diferentes.

b) As taxas reguladas na tarifa desta ordenanza aplicable a obras de nova planta, reconstrución ou reforma sobre a base do importe do presuposto de execución material da obra, son compatibles coas que están enumeradas nas restantes tarifas por outros actos concretos suxeitos a gravame con base liquidable de distinta natureza.

c) As licenzas relativas ás construcións de vivendas e instalacións vinculadas a explotacións agrícolas serán obxecto dunha redución do 50% nas taxas reguladas pola presente ordenanza fiscal, e do 75% se o solicitante é menor de 36 anos.

ARTIGO 4º. EXCLUSIÓNS DA OBRIGACIÓN DE SOLICITAR LICENZA

Exclúense unicamente da obrigación de solicitar licenza, sempre que as obras ou actuacións de que se trata non impliquen ocupación da vía pública ou perturbacións do uso normal dela:

O branqueo ou pintado de interiores que non sexan visibles dende a vía pública.
A substitución ou modificación de portas ou fiestras interiores ou os marcos delas non visibles dende a vía pública.
A colocación de sanitarios e baixantes nos servizos hixiénicos.

ARTIGO 5º. NORMA ESPECIAL SOBRE O INGRESO DA COTA

DOCUMENTACIÓN

1. As taxas regulamentadas nesta ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación; o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude, deberá acreditar o ingreso do importe total declarado da débeda tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda, e cubrir a folla de avaliación que figura no anexo 2. A base liquidable nas obras maiores en ningún caso poderá ser inferior ó presuposto de referencia que resulte de aplicar o cálculo que figura no anexo 2. No caso das obras menores aplicarase a lista de prezos unitarios que figura no anexo 3.

2. A Administración de Tributos, no momento de concederse a preceptiva licenza, practicará unha liquidación complementaria no caso de que a autoliquidación presentada non fose conforme a esta ordenanza.

3. Unha vez finalizadas as construccións, instalacións e obras, no caso de que o custo real e efectivo delas sexa superior ou inferior ó que serviu de base impoñible na liquidación referida no punto anterior, os suxeitos pasivos presentarán no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á dita finalización, certificado e presuposto final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas, e calquera outro documento que se considere oportuno.

4. Á vista da documentación aportada e das construccións, instalacións e obras realizadas e do custo real e efectivos das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, se é o caso, a base impoñible e practicará a correspondente liquidación definitiva esixindo ou reintegrando a diferencia ó suxeito pasivo."

ARTIGO 6º.

As solicitudes para obras de nova planta, reforma esencial de construccións existentes e, en xeral, para todas aquelas en que así se esixa polas regulacións profesionais dos arquitectos, enxeñeiros, arquitectos técnicos, e enxeñeiros técnicos, deberán ir subscritas polo executor das obras e polo técnico director delas e acompañadas polos correspondentes planos, proxectos, memorias e presupostos por triplicado. Serán necesarios catro exemplares cando a obra se realice dentro do recinto histórico-artístico.

ARTIGO 7º.

Se despois de formulada a solicitude de licenza se modificase ou ampliase o proxecto, deberá serlle comunicado á Administración municipal, e acompañarase o novo presuposto ou o reformado e, se é o caso, planos memorias da modificación ou ampliación, autoliquidando a diferencia resultante en relacion co proxecto inicial.

ARTIGO 8º.

O Concello poderá axustar a tramitación das licenzas urbanísticas ás prevencións que consten nunha ordenanza de edificacion e uso do solo, que sexa tramitada e aprobada en debida forma.

ARTIGO 9º. TRAMITACIÓN

1. O Rexistro Xeral remitiralles a documentación ós Servizos Urbanísticos, que pedirán nun só acto os informes doutros organismos e os técnicos regulamentarios que sexan precisos, que han de ser emitidos no prazo de dez días hábiles, sobre a procedencia ou non da licenza solicitada.

2. Emitidos os ditos informes, formularase a proposta de resolución, que terá que ser motivada se fose denegatoria.

3. Previamente ó outorgamento da licenza polo órgano competente, directamente ou en virtude de delegación, a Facenda Local comprobará a liquidación das taxas que procedan. A dita liquidación será pasada a Intervención para os efectos da censura correspondente.

ARTIGO 10º. RESOLUCIÓN

A Alcaldía ou a Comisión de Goberno por delegación adoptará a resolución procedente en canto ó outorgamento da licenza solicitada e á aprobación da liquidación das taxas.

ARTIGO 11º. NOTIFICACIÓNS

Adoptada a resolución ou acordo procedente, o negociado efectuaralles a correspondente notificación ós interesados e comunicarállela ós servizos municipais responsables da execución daqueles.

ARTIGO 12º. CARÁCTER DAS LIQUIDACIÓNS

1. As autoliquidacións, unha vez comprobadas, darán lugar á liquidación provisional ata que, unha vez terminadas as obras, sexa comprobada pola Administración municipal a natureza da obra realizada, as súas unidades ou importe; requiririase para iso dos interesados as correspondentes certificacións de obra e demais elementos que se consideren oportunos, para a determinación do custo real final, obxecto de gravame. Á vista do resultado da comprobación practicarase a liquidación definitiva.

2. Deberase tomar como punto de referencia para a súa práctica a data da presentación da solicitude da obra e como módulo para determinar o custo real das obras o establecido no anexo 2, e no caso de obras menores o custo de execución regulamentado no anexo 3.

ARTIGO 13º. VIXILANCIA DA EXECUCIÓN DAS OBRAS

1. A execución das obras queda suxeita á vixilancia, fiscalización e revisión do Concello, que a exercerá a través dos seus técnicos e axentes.

2. Se así o establecese a Ordenanza de edificación e uso do solo que no seu día pode aprobarse, os interesados estarán obrigados a solicitar comprobación das obras nas fases ou estados que determine a dita ordenanza.

ARTIGO 14º.

As licenzas e as cartas de pagamento ou fotocopias dunhas ou doutras conservaranse no lugar das obras mentres duren estas, para que poidan ser exhibidas a requirimento dos axentes municipais da autoridade, os cales en ningún caso poderán retiralas das obras.

ARTIGO 15º. CADUCIDADE, DURACIÓN E PRÓRROGA DAS LICENZAS.

1. A licenza caducará pola demora na iniciación e na finalización das obras, así como por mor da súa interrupción. O prazo máximo de iniciación ou interrupción será de SEIS MESES nas obras maiores; nas obras menores o prazo de iniciación ou interrupción non poderá superar a metade do prazo de execución sinalado en cada caso. Estes prazos computaranse dende a data da notificación do acto de outorgamento da correspondente licenza no suposto de iniciación, e no caso de interrupción desde a data na que a Administración teña coñecemento ou constancia documental desta.

2. Todas as licenzas que se concedan levarán un prazo para a execución das obras ou instalacións, que se propoñerá polo técnico autor do proxecto, e non poderán superar 3 anos. O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, despois de solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación

urbanística vixente no momento da concesión de prórroga. A taxa pola concesión da prórroga fíxase nun 20% que lle correspondería á liquidación inicial en valores actualizados no IPC no momento de solicitarse a dita prórroga.

ARTIGO 16º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

1. Nas materias regulamentadas nesta ordenanza constitúen infraccións:

a) A realización sen licenza das obras ou actividades enumeradas no artigo 194 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e para os que a esixe a presente ordenanza, prodúzase ou non prexuízo ós dereitos da facenda municipal.
b) Non lle dar conta á Administración municipal do maior valor das realizadas, das modificacións daquelas ou do seus presupostos.
c) A falsidade da declaración en cuestións que afecten á determinación da base do gravame.

2. Para a cualificación das infraccións e a súa sanción estarase ó prevido na Ordenanza fiscal xeral, e nos artigos 199 e 209 e 175 Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e concordantes.

3. De conformidade co establecido na Ordenanza fiscal xeral e artigos 199 e 209 e 175 Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, non impedirá a liquidación ou cobro das cotas devengadas non liquidadas.

ARTIGO 17º. PARTIDAS FALIDAS

Dada a forma de xestión destas taxas só cabe declaración de partidas falidas en supostos de defraudación, neste caso estarase ó prevido na Ordenanza fiscal xeral.

NORMA COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza teranse en conta os preceptos da Ordenanza fiscal xeral e demais disposicións lexislativas aplicables á materia de que se trate, especialmente a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 8 de novembro de 2010, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2011. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2010

ORDENANZA FISCAL NÚM. 104

TAXA POR LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e segundo o disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas por licenzas de apertura de establecementos, que se rexirán pola presente ordenanza, de conformidade co previdо nos artigos 20.4 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos destinados ó exercicio de actividades comerciais, industriais e profesionais así como os destinados á organización de espectáculos públicos e actividades recreativas, de carácter eventual, reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outra esixida polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenza de apertura.

2. Entenderase por establecemento para tal efecto todo local ou instalación que, non tendo destino específico de vivenda, se adique ó exercicio nel das actividades citadas no parágrafo anterior, ben sexa con despacho ou acceso directo ó público ou ben como elemento complementario ou accesorio doutro establecemento ou actividade principal.

3. Para os efectos desta ordenanza, terá a consideración de apertura:

a) A primeira instalación.

b) Os traslados a outros locais diferentes. Non terán a consideración de apertura, para estes efectos, os traslados motivados por causa de incendio ou catástrofe, expropiacións forzosas do municipio, e os motivados por desafiuzamentos que non teñan causa imputable ó arrendatario, sempre que, en todos estes casos, a licenza de traslado se solicite dentro do ano, contado a partir do peche do establecemento anterior.

c) Os traspasos ou cambios de titularidade das licenzas de apertura. Non terán a consideración de traspasos ou cambios de titularidade, para estes efectos, os que se refiran a licenzas de apertura concedidas a favor dunha comunidade de bens, cando o novo titular sexa un membro da dita comunidade, ou cando o cambio teña lugar debido a actos de fusión de sociedades mercantís, nas que se produza unha subrogación universal do activo e pasivo das mesmas.

d) As ampliacións ou variacións de actividade nos mesmos locais anque continúe o titular anterior.

4. Non estarán suxeitos ó pagamento desta taxa, pero si á obriga de obtención da licenza:

a) Os establecementos benéficos.
b) Os economatos e cooperativas.
c) O exercicio dunha profesión en dependencias da vivenda que ocupe o profesional.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, se é o caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial, mercantil ou profesional.

2. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os parágrafos a) e b) do artigo 42.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 4º. BASE IMPOÑIBLE

1. A base da taxa estará constituída pola superficie útil do local ou locais do establecemento que teñan comunicación entre si.

2. Cando se trate de ampliación do establecemento tomarase como base impoñible a superficie útil na que se ampliou o local.

3. Cando se trate de reformas de establecementos que melloren as condicións estéticas, ornamentais, decorativas e de salubridade pública, tomarase como base impoñible o 80% da superficie útil reformada.

4. Cando se trate de explotacións agrícolas ou gandeiras, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns, etc., tomarase como base impoñible o 30% da superficie útil computable.

ARTIGO 5º. COTAS TRIBUTARIAS

1. Ás actividades non sometidas a avaliación ambiental, aplicaráselles unha cota tributaria de 3,37 € o m^2.

Ás actividades sometidas a avaliación ambiental, aplicaráselles unha cota tributaria de 3,71 € o m^2.

2. As licenzas concedidas por apertura de establecementos con carácter temporal, por prazo non superior a 6 meses devengarán unicamente o 25% das taxas que procedan de conformidade coa tarifa.

3. As licenzas concedidas para a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas, de carácter eventual por prazo non superior a 15 días devengarán unicamente o 5% das taxas que procedan de conformidade coa tarifa.

4. As resolucións autorizando o cambio de titularidade da licenza de apertura devengarán a taxa mínima regulada no punto seguinte.

5. En todos os casos, calquera cota calculada segundo as normas anteriores, e corrixida co coeficiente establecido no artigo seguinte, non poderá ser inferior a 198,97 €.

ARTIGO 6º.

1. As cotas determinadas conforme ó establecido no artigo anterior, serán corrixidas, segundo a categoría das rúas deste municipio, aplicando sobre elas os coeficientes correctores expresados a continuación:

Categoría das rúas	Coeficiente corrector
1	2,0
2	1,6
3	1,2
4	0,8
5	0,6

2. A clasificación das rúas para os efectos de aplicación desta tarifa, será a que en calquera momento se encontre vixente, aprobada polo Concello en forma regulamentaria.

ARTIGO 7º.

1. Nos establecementos situados en centros comerciais aplicaranse os coeficientes correctores correspondentes á categoría da rúa pola que teñan acceso.

2. Cando un establecemento teña acceso á vía pública por dúas ou máis rúas, aplicarase o coeficiente corrector correspondente á rúa de superior categoría.

ARTIGO 8º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Serán de aplicación as exencións e bonificacións establecidas polas leis.

ARTIGO 9º. DEVENGO.

1. Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se conceda a correspondente licenza.

2. Cando a apertura tivera lugar sen obterse a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse

para autorizar a apertura do establecemento ou decretar o seu peche, se non fora autorizable a dita apertura.

ARTIGO 10º. NORMAS DE XESTIÓN.

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecementos presentarán previamente a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades que van desenvolver e superficie total dos locais xuntando plano a escala dos referidos locais.

2. Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura se variase ou ampliase a actividade que se vai desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións haberán de comunicárselle á Administración municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

3. No suposto de que a concesión da licenza esixa o trámite de información pública, o solicitante deberá xustificar a publicación da petición nos termos que sinale a Alcaldía, e correrá, en todo caso, da súa conta o importe dos gastos que iso leve consigo.

Para estes efectos, a unidade administrativa encargada da tramitación da solicitude da licenza de apertura requirirá ó peticionario para que, no prazo máximo de dez días hábiles contados dende o día seguinte a aquel en que se lle notifique o dito requirimento, se presente na referida unidade para proceder a retirar o edicto de apertura do trámite de información pública e aboar á Deputación Provincial os importes da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia. De non se cumprir este requisito dentro do prazo sinalado anteriormente, entenderase que o interesado desiste da tramitación, polo que se procederá a declarar tal desistencia na forma legal ou regulamentariamente establecida.

4. As licenzas caducarán ós 6 meses da súa expedición se non comezase a actividade para a que se concedera ou se interrompese polo mesmo período. A declaración de caducidade require a tramitación do correspondente procedemento, no que se outorgará audiencia ó titular daquela.

ARTIGO 11º. LIQUIDACIÓN E INGRESO.

O pagamento da taxa realizarase a través de liquidación practicada polo Servizo de Facenda Local, unha vez que sexa concedida a licenza de apertura correspondente.

No caso de que a Resolución Administrativa sexa denegatoria devengará igualmente a taxa que lle correspondería no caso de concederse a licenza. No caso de que o interesado desista antes de que aquela se dite, satisfará o 50% da cota prevista.

ARTIGO 12º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Sen perxuízo do disposto con carácter xeral no parágrafo anterior, estimaranse especificamente como infraccións graves da taxa establecida nesta ordenanza:

a) A inexactitude ou falsidade na declaración de superficie dos locais, realizada na solicitude de licenza.
b) A inexactitude ou falsidade dos planos de composición dos locais obxecto da licenza, tendente a alterar a liquidación que houbese de resultar por aplicación do disposto nos artigos 4º a 7º.

NORMA COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza teranse en conta os preceptos da Ordenanza fiscal xeral e demais disposicións lexislativas aplicables á materia de que se trate, especialmente as que regulan os tributos estatais que hai que ter en conta para a base de gravame e o Decreto 133/2008, do 12 de xullo, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 25 de marzo de 2003 e do 8 de novembro de 2010, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2011. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2010

ORDENANZA FISCAL NÚM. 105

TAXAS POLOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUÍNAS, DERRIBAS, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS.

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, derribas, salvamentos e outros análogos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 20.4 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. Será obxecto deste tributo:

a) A asistencia prestada no caso de incendios, ruínas, derribas, salvamentos e outros análogos, con persoal e material adscrito ó servizo municipal de que se trata.
b) A utilización da escaleira de incendios para usos particulares.
c) A utilización de alxibes para a subministración de auga, cando se utilicen para usos distintos ó da extinción de incendios.
d) Pola asistencia do persoal do servizo a espectáculos públicos, cando fosen requiridos para iso.
e) Calquera outra actuación prestada nos casos de ruínas, derribas, salvamentos e situacións análogas, para os que fose requirido para iso o persoal do servizo.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR

1. Constitúen o feito impoñible deste tributo as actividades de prestación dos seguintes servizos:

a) Extinción de incendios de toda clase, realizada polo servizo municipal con persoal e material deste.
b) Prevención de incendios, ruínas e outros riscos graves e inminentes para persoas e bens.
c) Auxilios, salvamentos e recuperacións de persoas e bens con ocasión dos servizos sinalados nos puntos anteriores ou doutras situacións de perigo como afundimentos, asolagamentos, explosións, derribas e cando o soliciten os interesados.

2. Será obrigatoria a prestación dos servizos nos casos de risco grave e inminente conforme ó disposto na normativa urbanística, de policía e protección civil e cando as autoridades competentes así o determinen por razóns de seguridade pública.

3. A obriga tributaria xorde da utilización ou prestación dos servizos devanditos, o devengo prodúcese coa orde de intervención ou a requirimento dos interesados, aínda que non o solicitase persoalmente o suxeito en situación de perigo na súapersoa ou bens.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES.

1. Serán contribuíntes deste tributo, respondendo solidariamente, as persoas físicas ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras, que estén nalgún dos supostos seguintes:

a) Os solicitantes do servizo que resulten especialmente beneficiados por el, sexan alugueiros, posuidores ou ocupantes dos lugares ou bens nos que se produza o risco motivador.
b) Os donos ou propietarios dos bens nos que se produza o risco ou sinistro motivador, cando os informes técnicos amosen que non estaban dotadas das debidas condicións de seguridade para prever e atenuar o sinistro, agás se este fose causado por culpa ou neglixencia dun usuario.
c) As persoas causantes do risco ou sinistro que pola súa actuación ou neglixencia obriguen á prestación do servizo.

2. Serán substitutos do contribuínte nesta taxa, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco. No caso de que o inmoble ou o ben non se encontre asegurado, será substituto do contribuínte o propietario daquel.

3. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os parágrafos a) e b) do artigo 42.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala no artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 4º. INTERVENCIÓN FÓRA DO TÉRMINO MUNICIPAL

1. A actuación dos servizos municipais ven determinada e limitada polo seu ámbito territorial e competencial, o espacio no que se poden e deben prestar os servizos, que é o término municipal.

2. A organización e os medios materiais e humanos de que dispón o Servizo Municipal de Extinción de Incendios de Lugo están diseñados e dimensionados en función do territorio e a poboación de Lugo, e a actuación habitual fóra dos parámetros anteriores supón un serio risco para a poboación de Lugo.

3. Segundo o anterior, o Servizo Municipal de Extinción de Incendios con carácter xeral e habitual non intervirá fóra do término municipal de Lugo, agás supostos puntuais debidamente ponderados en cada caso, e que en ningún caso servirán para suplir a responsabilidade e competencia doutra administración ou doutras institucións, ou para invadir o campo de actuación de empresas privadas.

4. En todo caso, as intervencións fóra do término municipal quedarán supeditadas ás disponibilidades reais do servizo e, previo requirimento das autoridades competentes, poderase acudir a un sinistro localizado noutro concello da zona, sempre e cando o Sarxento do Servizo de Extinción de Incendios de Lugo estime que a cidade queda atendida cos mínimos suficientes.

5. Serán responsables solidariamente das taxas devengadas o Concello respectivo e o propietario do lugar sinistrado".

ARTIGO 5º. EXENCIÓNS SUBXECTIVAS

Gozarán de exencións subxectivas destas taxas aqueles contribuíntes que obteñan ingresos anuais inferiores ó salario mínimo interprofesional, excepto nos casos de requirimento polo interesado do servizo de coche-escaleira para abrir portas.

ARTIGO 6º. BASE DO GRAVAME E TARIFAS

Constituirá a base do gravame:

a) O tempo investido de toda clase de persoal que interveña no servizo.

b) A utilización do material empregado.

As cotas determinaranse aplicando á base a seguinte tarifa:

a) Persoal

	VALOR HORA	VALOR HORA EXTRA
Sarxento:	10,74 €	18,80 €
Cabo:	8,75 €	15,30 €
Bombeiro:	8,42 €	14,74 €

b) Ademais satisfaranse as seguintes cantidades por utilización do material:

	pola primeira hora ou fracción	restantes períodos de hora ou fracción.
1. Autobomba (coche Pegaso equipado con escaleira, tanque e bidóns de espumóxeno ou vehículo nodriza):	61,80 €	36,90 €
2. Vehículo urbano pesado (BUP):	82,15 €	50,15 €
3. Furgón de útiles:	30,35 €	30,35 €
4. Autobombas carrocetas:	61,80 €	36,90 €
5. Autobomba (BUL) con equipamento e rescate:	82,15 €	50,15 €
6. Motobomba (gasolina):	5,00 €	5,00 €
7. Motobomba (gasóleo):	6,40 €	6,40 €
8. Escaleira “magirus”:	95,55 €	47,75 €
9. Unidade transporte de persoal:	18,20 €	18,20 €

10. Cada peza de mangueira de 15 metros, calibre 70 mm:	5,95 €	5,95 €
11. Ídem de 45 mm:	2,40 €	2,40 €
12. Ídem de 25 mm:	2,20 €	2,20 €
13. Motoserra:	7,95 €	7,95 €
14. Extractor de fumes:	15,90 €	15,90 €
15. Equipo de desencarceramento:	39,70 €	39,70 €
16. Xerador de alta expansión:	6,40 €	6,40 €
17. Electrobomba para achicar:	4,80 €	4,80 €
18. Xerador eléctrico:	11,10 €	11,10 €
19. Cámara de infravermellos:	14,80 €	14,80 €
20. Reenchido de botellas de aire respirable (botella):	4,00 €	

O espumóxeno, os extintores ABC e de CO_2, o absorbente e o dispersante consumidos, aboaranse segundo a tarifa vixente.

c) Nos casos de aluguer da mangueira, as tarifas recargaranse nun 100%.

d) Nas intervencións realizadas fóra do termo municipal de Lugo a cota incrementarase nun 100% e devengaranse ademais 0,89 €/km por vehículo utilizado.

e) Nas intervencións ordenadas ou solicitadas para derribamentos e auxilios nos casos de ruína inminente dun edificio ou parte del, con grave urxencia e perigo, incrementarase a cota nun 100%.

f) Nas extincións de incendios nos locais que teñan substancias tóxicas, inflamables ou explosivas en cantidade ou condicións non permitidas polas disposicións aplicables, as cotas incrementaranse nun 100%.

g) En xeral, as taxas liquidadas por extinción de incendios en locais comerciais ou industriais sufrirán unha recarga do 50%.

h) Pola emisión de informes técnicos do servizo 73,10 €.

i) Polo informe de actuación do servizo 52,80 €.

ARTIGO 7º. DEVENGO

Devéngase a taxa e nace a obrigación de contribuír cando saia do Parque Municipal de Bombeiros a dotación correspondente, momento en que se inicia, para todos os efectos, a prestación do servizo.

ARTIGO 8º. LIQUIDACIÓN E INGRESO.

De acordo cos datos que certifique o Parque Municipal de Bombeiros, os servizos tributarios deste Concello practicarán a liquidación que corresponda, que será notificada para o ingreso directo na forma e prazos sinalados pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 9º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a esta correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente neste texto será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes do réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria. Así mesmo, serán de aplicación directa os preceptos pertinentes da Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001

MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008

ORDENANZA FISCAL NÚM. 106

TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CEMITERIO MUNICIPAL

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO, NATUREZA E OBXECTO

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación de servizos no cemiterio municipal na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. Serán obxecto deste tributo os diversos servizos que se regulan na presente ordenanza e as concesións administrativas de terreos do cemiterio e de sepulturas construídas polo Concello.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1. Está constituído pola utilización dos diversos servizos prestados no cemiterio ou relativos a este**,** e polo outorgamento de concesións administrativas sobre os seus terreos e sobre os nichos ou sepulturas subterráneas construídas naquel.

2. Malia o sinalado na alínea anterior, a concesión de permisos ou licenzas para obras no cemiterio inclúese na Ordenanza fiscal de taxas polas ditas licenzas por congruencia coa esixencia que establece o artigo 100 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ó referirse ó feito impoñible do Imposto sobre construccións, obras e instalacións, que tamén grava as realizadas nos cemiteros.

3. Para a concesión de licenzas esixirase a presentación da solicitude e os datos precisos para que se poida facer a liquidación das taxas.

4. O encargado do cemiterio comprobará que as obras ou servizos realizados se axusten ó permiso concedido.

ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos contribuíntes os titulares da concesión administrativa, así como os solicitantes da concesión da autorización ou da prestación do servizo e, chegado o caso, os titulares da autorización concedida.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren o artigo 42.1.a) e b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5º. DEVENGO.

Nace a obriga de contribuír por esta taxa no momento en que se inicie a prestación dos servizos, entendendo para estes efectos que o dito inicio se produce coa solicitude destes.

ARTIGO 6º. EXENCIÓNS SUBXECTIVAS.

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de:

a) Enterramentos de cadáveres cando se trate de persoas sen recursos, ben perceptores do salario social (RISGA), ou ben de persoas non integradas nas canles de axuda social das que, pola súa condición de transeúntes ou outras circunstancias especiais, se descoñezan datos relativos á súa situación económica e/ou familiar. Estas circunstancias deberanse xustificar nun informe social.

b) Enterramentos que ordene a Autoridade Xudicial na sección de comúns do cemiterio.

Nestes casos, serán por conta do Concello os gastos mínimos imprescindibles para poder efectuar o enterramento.

ARTIGO 7º. BASES DE GRAVAME, TARIFAS E COTAS

1.- A base impoñible determinarase atendendo á diferente natureza dos obxectos de gravame, de acordo cos distintos epígrafes da tarifa, polos seguintes conceptos:

a) O outorgamento de concesións administrativas sobre terreos, nichos e sepulturas con ou sen cinceiro e as correspondentes a renovacións.
b) Cambios de titularidade, despois da autorización municipal, de concesións sobre terreos e sepulturas no dito cemiterio.
c) Apertura de toda clase de sepulturas para inhumacións ou exhumacións, e ocupación daquelas no primeiro caso.
d) Retirada dos restos dos cinceiros.
e) Exhumacións para traslados fóra da poboación.
f) Depósito de cadáveres.
g) Utilización da sala de autopsias.
h) Utilización da capela do cemiterio para misas ou funerais.

2.- As cotas tributarias determinaranse por aplicación das seguintes TARIFAS:

A) Concesións por 25 anos e renovación por períodos iguais:

1.- TERREOS:

1.1 Zonificados para panteóns, por m^2:	250,00 €
1.2 Grupo 1º, por m^2:	163,55 €
1.3 Grupo 2º: - nicho - cripta - columbario	 79,85 € 245,80 € 27,85 €
1.4 Grupo 3º, por m^2:	74,05 €

Para a determinación destes grupos, estarase ó disposto no anexo da presente ordenanza.

2.- CONSTRUCIÓNS:

2.1 Nichos sitos no antigo cemiterio: - Corpo con cinceiro: - Corpo sen cinceiro:	 1.089,50 € 945,00 €
2.2 Nichos sitos no anexo ó cemiterio: - Por corpo:	 1.584,05 €
2.3 Criptas, unidade:	4.331,70 €
2.4 Columbarios, unidade:	329,90 €
2.5 Sepulturas de 4 corpos con cinceiro, construídas no antigo cemiterio:	5.459,15 €
2.6 Sepulturas construídas no cemiterio vello: - Sepultura castelá (1 parcela): - Sepultura de 3 corpos con acceso lateral (2 parcelas): - Sepultura de 6 corpos con acceso central (3 parcelas):	 2.668,18 € 3.513,10 € 4.558,15 €
2.7 Sepulturas construídas na ampliación: - Sepultura castelá de 3 corpos: - Sepultura de 3 corpos con acceso lateral: - Sepultura de 6 corpos con acceso central:	 3.629,10 € 5.254,26 € 7.575,90 €
2.8 Panteóns: O valor se establecerá individualmente, segundo proxecto técnico de construción aprobado no seu día e informe técnico que en cada caso se realice.	

B) Concesión por 10 anos.

1.- Nichos sitos no anexo ó cemiterio. Por corpo:	624,43 €

C) Renovacións.

Transcorrido o período de 25 anos, procederase a renovar a concesión tras a tramitación do oportuno expediente e o aboamento do gravame que corresponda para a concesión de terreos, segundo o grupo de sepulturas, nichos ou panteóns ó que pertenza a concesión que se renova.

D) Cambio de titularidade.

Previa a tramitación do expediente que proceda, a modificación da titularidade das concesións administrativas devengará unha taxa segundo a unidade de enterramento e o concepto polo que se realice, segundo a continuación se indica:

UNIDADE ENTERRAMENTO	CONCEPTO	TAXA
Nichos, columbarios	Falecemento titular	70,00 €.
Sepulturas, criptas	Falecemento titular	200,00 €.
Panteóns	Falecemento titular	1.500,00 €.
Nichos, columbarios	Cesión intervivos	125,00 €.
Sepulturas, criptas	Cesión intervivos	400,00 €.
Panteóns	Cesión intervivos	3.000,00 €.

E) Licenzas de apertura e inhumación.

Por cada inhumación de cadáveres:

a) En panteóns:	149,10 €
b) En sepulturas do grupo 1º:	62,55 €
c) En sepulturas do grupo 2º:	38,45 €
d) En sepulturas do grupo 3º:	38,45 €
e) Por cada inhumación de restos cadavéricos ou cinzas en calquera unidade de enterramento:	23,75 €

F) Exhumacións:

a) Cadáver:	62,55 €
b) Restos cadavéricos:	38,45 €
c) Exhumación para traslado fóra do cemiterio:	62,55 €
d) Exhumación de restos cadavéricos por traslado dun corpo a outro da unidade de enterramento ou ó cinceiro:	38,45 €

G) Depósito de cadáveres:

Por depósito de cadáveres no cemiterio, por cada 24 horas:	24,65 €

H) Utilización da sala de autopsias:

Por cada servizo:	24,65 €

I) Utilización da capela do cemiterio para misas ou funerais.

Por servizo:	49,30 €.

K) Entrada de vehículo con coroas para depósito en sepultura:

- Sen enterramento:	3,35 €
- Con enterramento:	incluída na taxa de enterramento.

L) Reparacións:

- Tellados de nichos adosados ó muro, por cada corpo:	50,00 €
- Tellados de nichos das seccións interiores:	60,00 €
- Reparación en panteóns adosados:	200,00 €

NORMAS ACLARATORIAS

a) GRUPOS DE SEPULTURAS

1.- Para a determinación dos grupos ós que se refiren distintos epígrafes da presente ordenanza estarase ó disposto no anexo á presente ordenanza.

b) REGULACIÓN DAS CONCESIÓNS

1.- As concesións regularanse polas normas contidas no capítulo IV do Regulamento xeral dos servizos mortuorios no municipio de Lugo aprobado en sesión plenaria do día 23 de setembro de 1994.

2.- A ocupación dos nichos, sepulturas e panteóns, entenderase polo período máximo de 50 anos, con renovación cada 25, dentro do límite máximo establecido polo artigo 299 da Lei 5/97 da Administración local de Galicia en vigor, ou ata o momento da clausura do cemiterio se tivese lugar antes do transcurso deste período.

3.- Para poder acceder á renovación periódica das concesións, será requisito imprescindible que os obrigados ó pago estean ó día nas taxas e canon esixibles.

4.- O dereito de ocupación nas unidades de enterramento que non foran obxecto de concesión, enténdese por un período máximo de cinco anos. Ó concluír este período, os restos cadavéricos poderán ser trasladados ó osario xeral, segundo o disposto no Regulamento de Cemiterio en vigor, quedando a unidade a disposición do Concello para a súa nova utilización.

5.- Cando o Concello autorice a permuta de parcelas dentro daquel ou diferentes grupos, e sempre que non se trate dunha medida imposta por este, satisfarase o canon que corresponda en concepto do valor do terreo rateado polo tempo que falte para finalizar o período de vintecinco anos.

6.- No caso de caducidade da concesión de parcelas, os titulares poderán retirar delas os elementos que sexan removibles, e o resto quedará a disposición municipal. O Concello poderá cederllas ó novo/a concesionario ou concesionaria nas condicións establecidas no Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios en vigor.

No caso de que a concesión se outorgue a favor de anterior titular ou o/a que fose o seu/súa cónxuxe no momento da concesión, a tarifa correspondente á construción, terá unha bonificación dun 96%. O importe máximo a aboar neste concepto e caso é o de 1.000,00 € para os panteóns e de 300,00 € para as restantes unidades de enterramento.

Se a nova concesión é a favor de herdeiro ou herdeira lexítimos, a bonificación será dun 92%. O importe máximo a aboar neste concepto e caso é de 1.500,00 € para os panteóns e de 350,00 € para as restantes unidades de enterramento.

Nos restantes casos serán de aplicación as bonificacións que a continuación se indican:

Anos da construción	**Bonificación**
De 15 a 19 anos	10%
De 20 a 24 anos	15%
De 25 a 29 anos	20%
De 30 a 34 anos	30%
De 35 a 39 anos	40%
De 40 a 44 anos	50%
De 45 a 49 anos	60%
De 50 a 54 anos	70%
Máis de 55 anos	80%

7.- Salvo no previsto no apartado K) de tarifas, a entrada de vehículos ó recinto do cemiterio requirirá exclusivamente a autorización verbal do encargado.

8.- A concesión por urxencia caducará ó termo do seu prazo de duración ou ben coa desaparición do obxecto da concesión, entendéndose como tal o traslado dos restos antes do cumprimento do prazo, en tal caso quedará o nicho a libre disposición do Concello.

Neste caso, o concesionario poderá solicitar a devolución do importe ingresado, no seu día, en concepto de concesión administrativa de nicho de urxencia, na parte proporcional que corresponda ós anos que resten para a finalización da concesión, ata un máximo do 75 por cento do importe total.

Estas concesións non serán renovables e levarán implícita a obrigación de retirar os restos á finalización do prazo de concesión.

9.- As sepulturas construídas no antigo cemiterio, ás que se refire o parágrafo A) 2.5 do artigo 7, para os efectos de prestación de servizo, obras, renovacións, etc., asimilaranse ás incluídas no grupo primeiro.

ARTIGO 8º. CONSERVACIÓN

Os servizos xerais e os non regulados nesta e noutras ordenanzas deste Concello, están excluídos do devengo de taxas.

ARTIGO 9º. INGRESO.

Os suxeitos pasivos efectuarán o ingreso do importe da taxa relativa ós servizos regulados nos distintos epígrafes da presente Ordenanza, na Recadación municipal, polo procedemento de autoliquidación que realizarán en impreso regulamentario que facilitará o Servizo de Cemiterios.

ARTIGO 10º. INFRACCIÓNS

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como ás sancións daquelas que correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para o non previsto expresamente nesta ordenanza teranse en conta os preceptos da Ordenanza fiscal xeral, o Regulamento xeral dos servizos mortuorios de 1994, vixente na actualidade, Decreto da Alcaldía 134/98, do 23

de abril, sobre policía sanitaria mortuoria e demais normas sanitarias de aplicación e, no que se refire a licenzas urbanísticas, ás normas da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola prestación de servizos urbanísticos e a Ordenanza reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras que lle sexan aplicables.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008

ANEXO

GRUPOS DE NICHOS, SEPULTURAS SOTERRADAS, PARCELAS E COLUMBARIOS.

GRUPO PRIMEIRO

Subgrupo A, que inclúe as seccións: 1, 2, 3, 6, 7, 10, 11, 12, 13, 16, 17, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 29, 33, 34, 35, 39, 42, 43, 44 (completas), e a fila 47 da zona nova do cemiterio.

Subgrupo B, que inclúe as seccións: 4, 5, 8, 9, 14, 15, 18, 19, 26, 30, 36, 37, 40, 41, só os números de sepulturas comprendidas entre o un e o cento seis (menos de 106).

GRUPO SEGUNDO:

Seccións: 27, 28, 31, 32, 38, e nichos construídos nas parcelas de panteóns de parede das seguintes seccións: 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70.

Tamén se inclúen os nichos, columbarios e criptas sitos na zona nova do cemiterio, designados coas filas, 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10.

GRUPO TERCEIRO:

Seccións: 4, 5, 8, 9, 14, 15, 18, 19, 36, 37, 40, 41. Só os números de sepulturas superiores ó cento seis (máis do 106).

ORDENANZA FISCAL NÚM. 107

TAXAS POLO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS, INCLUÍDA A VIXILANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES.

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas polo servizo de rede de saneamento, incluída a vixilancia especial de saneamentos particulares na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó prevido nos artigos 20.4 e 57 da do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. Serán obxecto deste tributo:

a) A rede de sumidoiros municipal para a evacuación de excrecións, augas negras e residuais, en beneficio dos terreos sitos no termo municipal; é obrigatoria esta utilización cando sexa tecnicamente posible e o terreo non se encontre a máis de cen metros da rede de sumidoiros.

A imposibilidade da acometida haberá de xustificarse documentalmente para a excepción tributaria.

b) As acometidas ou conexións á rede xeral ou a reforma destas conexións.

c) A vixilancia especial de sumidoiros particulares cando non sexa posible a utilización da rede de sumidoiros municipal.

ARTIGO 2º. OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR

1. FEITO IMPOÑIBLE

Está constituído pola utilización dos servizos regulados no núm. 2 do artigo anterior.

2. OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR

1. Nacerá dende que teña lugar a prestación do servizo da rede de sumidoiros, a acometida a este ou a vixilancia dos sumidoiros particulares.

2. O que realice a acometida terá que deixar o pavimento da vía publica e as beirarrúas no estado anterior, baixo a dirección dos técnicos municipais.

3. No caso de acometida á rede de sumidoiros presumirase que esta leva consigo a utilización deste servizo.

4. En ambos supostos atenderase á efectiva prestación do servizo, mediase ou non autorización municipal, e sen prexuízo das sancións que sexan procedentes en caso negativo.

5. Nas novas edificacións devengarase a taxa pola acometida á rede xeral anque xa se satisfixese anteriormente polo edificio demolido, sobre o terreo do cal se edifica de novo.

6. O titular do inmoble será responsable das obras que se produzan con motivo da reparación da rede dende o entroncamento da xeral ata o inmoble.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

Están obrigados ó pagamento das taxas reguladas na presente Ordenanza fiscal:

A) Respecto dos servizos da rede de sumidoiros municipal:

1.

a) Os propietarios, posuídores ou usuarios dos inmobles, que consten como titulares para os efectos do servizo de abastecemento municipal de auga.

b) Aqueles titulares de inmobles non dotados do servizo municipal de augas que non estean obrigados á súa utilización, segundo o Regulamento do servizo de augas e a correspondente Ordenanza fiscal

pero que sen embargo utilicen a rede municipal de sumidoiros con auga distinta da do servizo municipal.

SUBSTITUTO DO CONTRIBUÍNTE

2. Os titulares dos edificios, como propietarios ou por calquera outro título, poderán repercutir, se é o caso, as cotas resultantes sobre os respectivos beneficiarios das vivendas e os ocupantes dos locais destinados a usos comerciais, mercantís, industriais e profesionais.

3. Non obstante, cando un mesmo inmoble se compoña de varias vivendas ou locais para outros usos, serán os donos ou as comunidades de propietarios dos ditos inmobles ou as entidades ou organismos que as administren os que estarán obrigados ó pago da taxa, en concepto de suxeitos pasivos, en orde inversa á sinalada, sen prexuízo de que os citados poidan repercutir sobre os beneficiarios das vivendas ou titulares dos locais o importe das cotas.

4. En todo caso, para a regulación da materia relativa ó substituto do contribuínte, en todo o non previsto nesta ordenanza, estarase ó disposto sobre o particular pola Ordenanza fiscal xeral e as disposicións de común aplicación sinaladas nela.

B) Respecto dos servizos de acometida: os que os solicitasen. Se non mediou autorización municipal para realizala, o obrigado será o que a levase a cabo.

C) En xeral, estarán obrigados ó pago das taxas reguladas nesta ordenanza as persoas que resulten beneficiadas ou que provocasen a prestación dos servizos correspondentes, así como as afectadas por eles cando se presten con carácter obrigatorio en virtude do precepto xeral ou por disposición de regulamento ou ordenanza do Concello.

ARTIGO 4º. BASES DE GRAVAME

A base deste tributo determinarase:

a) En canto ó servizo da rede de sumidorios municipal e vixilancia especial de sumidorios particulares, polo volume da auga consumida, medida por contador, segundo a facturación xirada polo Servizo de Augas.

b) En caso de que os inmobles dispuxesen do servizo da rede de sumidoiros, pero carecesen da subministración municipal de agua, utilizarase o sistema de cota fixa.

c) Nas novas acometidas, o número de vivendas e locais comerciais, industriais ou profesionais radicados en cada inmoble.

ARTIGO 5º. TARIFAS

Establécense as seguintes tarifas:

TARIFA A.- COTA DE ABOAMENTO

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen a rede de sumidoiros.

A cota establecida no presente epígrafe terá carácter fixo, liquidándose en períodos trimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

Cota de aboamento ó servizo, por usuario, ó trimestre:

a) Inmobles con servizo domiciliario de auga potable para o consumo doméstico:	5,00 €.
b) Inmobles ou actividades con consumo non doméstico:	15,00 €.

TARIFA B.- Primeira (servizos a que se refire o artigo 4-a da ordenanza).

Seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Epígrafe a) Inmobles con servizo domiciliario de auga potable para o consumo doméstico:

- De 0 a 10 m^3:	0,12 €/m^3.
- Exceso de 10 a 30 m^3:	0,12 €/m^3.
- Exceso de 30 a 60 m^3:	0,26 €/m^3.
- Exceso de 60 a 100 m^3:	0,38 €/m^3.

- Exceso de 100 m^3:	0,50 €/m^3.

Nas comunidades de veciños con contador xeral, a cota tributaria a esixir pola prestación do servizo determinarase dividindo o consumo total polo número de vivendas e/ou locais para obter o consumo medio por veciño en metros cúbicos. Sobre o dito consumo medio aplicarase a liquidación por tramos contida nesta tarifa e o resultado multiplicarase polo número de vivendas e/ou locais da comunidade, facturándose nun único recibo a nome desta.

Epígrafe b) Inmobles ou actividades con consumo non doméstico

- De 0 a 75 m^3:	0,12 €/m^3.
- Exceso de 75 a 150 m^3:	0,30 €/m^3.
- Exceso de 150 a 300 m^3:	0,40 €/m^3.
- Exceso de 300 m^3:	0,43 €/m^3.

Para os establecementos en que a auga non constitúa primeira materia ou elemento esencial e imprescindible, conforme ó previdо no artigo 4-tarifa B, epígrafe b) da Ordenanza fiscal núm. 109, os tipos de gravame serán os que corresponden a consumo doméstico.

TARIFA C.- Segunda (servizos no caso do artigo 4-b da ordenanza)

- Uso doméstico, ó trimestre:	9,58 €
- Uso non doméstico, ó trimestre:	23,98 €

TARIFA D.- Terceira (servizo a que se refire o artigo 4-c da ordenanza).

Taxas pola expedición de licenzas para acometida ou conexións á rede de saneamento municipal:

Por cada acometida á rede xeral, e que hai que satisfacer por unha soa vez:

En edificios cunha vivenda ou local:	94,08 €
En edificios de 2 a 10 vivendas ou locais por vivenda ou local:	47,07 €
Con máis de 10 vivendas, por vivenda ou local:	35,83 €

Non obstante, en caso de derribamento e nova edificación, aboaranse de novo os dereitos de entroncamento á rede.

ARTIGO 6º. EXCLUSIÓNS

Exclúense do pago da taxa por acometida as reformas destas que se efectúen con ocasión de executarse obras de pavimentación de calzadas ou beirarrúas. Aínda así, solicitarase licenza para a debida coordinación e comprobación das condicións técnicas.

ARTIGO 7º. COTAS TRIBUTARIAS E A SÚA COBRANZA

As cotas esixibles liquidadas de acordo con esta ordenanza liquidaranse e recadaranse:

a) As da tarifa primeira, trimestralmente, xunto coas taxas periódicas polo servizo de augas e polo de recollida domiciliaria de lixos.
b) As da tarifa segunda terán carácter anual e recadaranse nos prazos comúns que fixa a Lei xeral tributaria para a cobranza de valores no recibo.
c) As da tarifa terceira serán obxecto de ingreso directo ó retirar a licenza para a acometida.

ARTIGO 8º. NORMA ADICIONAL

1. O devengo prodúcese o primeiro día do trimestre natural correspondente e as cotas trimestrais ratearanse por días naturais.

2. Consecuentemente, as altas producirán efectos dende o mesmo día en que se autoricen, e as baixas no seguinte a aquel en que fosen aprobadas. Unhas e outras deben comunicárselle ó Concello dentro dos quince días posteriores a aquel en que se produza o feito que dea lugar a elas.

Así, no trimestre en que se produza unha alta esixirase a cota que corresponda dende o día da alta ata o último día do trimestre, ambos inclusive, e no trimestre en que se produza a baixa esixirase a cota que corresponda dende o primeiro día do trimestre ata o día da baixa, ambos inclusive.

3. Sempre que ó inmoble se lle preste o servizo de subministración municipal de auga, as altas e baixas nel suporán tamén automaticamente as do servizo de rede de sumidoiros.

ARTIGO 9º. NORMAS DE XESTIÓN

1. Os propietarios ou titulares de inmobles e, en xeral, os usuarios dos servizos ou os seus representantes legais ou os substitutos dos contribuíntes, se é o caso, obxecto desta ordenanza, están obrigados a presentar nas oficinas municipais as oportunas declaracións de altas e baixas, que producirán, respecto da obrigación de contribuír, os efectos sinalados no artigo anterior.

2. Aqueles que pretendan efectuar acometidas á rede de saneamento municipal solicitarano tamén á Administración municipal, acompañando xustificante de alta do Imposto de bens inmobles e licenza de primeira utilización ou o aumento de volume ou a autorización para o uso do local.

3. Nos casos dos números 2 e 3 pasarase a solicitude ó Servizo de Rede de Sumidoiros, que nun só acto requirirá a emisión dos informes técnicos se fosen necesarios, que haberán de ser emitidos no prazo de dez días hábiles.

4. Á vista deles, o negociado correspondente redactará a proposta de resolución que será motivada no caso de denegación. Unha vez dictada a dita resolución, notificarase ó interesado, ó Servizo de Rede de Sumidoiros e á Facenda Local para os efectos procedentes, en relación cos padróns e listas cobratorias, e darase conta á Intervención da alteración producida.

5. Cando sexa procedente a práctica das liquidacións individuais, efectuadas por esa administración, serán notificadas ós interesados unha vez aprobadas, despois da censura de Intervención, para que procedan a ingresar o importe das taxas directamente na Tesourería municipal e a retirar as licenzas no negociado correspondente, presentando o xustificante do ingreso.

6. As altas e baixas nos padróns terán a tramitación e producirán os efectos propios de tales casos, tratándose de exaccións que se recadan por recibo.

7. Os propietarios de predios que non contribuísen a sufragar os gastos de primeiro establecemento da rede xeral de auga e rede de saneamento nalgunha vía, cando soliciten levar a cabo a acometida para inmobles estarán obrigados a satisfacer, por entroncamento na dita rede, a cantidade deixada de aboar

incrementada nun 200 %, ademais da sinalada na tarifa D) do artigo 4º da Ordenanza número 109, reguladora do servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio, sempre que ó dito establecemento contribuísen algúns dos propietarios dos predios afectados pola dita mellora.

ARTIGO 10º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Ó abeiro do establecido no artigo 24.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA), sempre que non excedan do consumo establecido no primeiro tramo, noutro caso pagarase polos metros cúbicos que excedan. Para ter dereito á obtención deste beneficio, o interesado deberá acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello".

Establécese unha bonificación do 50 por cento na cota de aboamento para as familias númerosas que acrediten tal condición, e que cumpran as seguintes condicións:

a) A concesión deste beneficio terá carácter rogado polo que a súa concesión requirirá en todo caso solicitude previa do interesado e acto administrativo expreso favorable a esta,debendo achegar o título de familia numerosa anualmente, e surtindo efecto a partir da súa concesión.

b) Que o inmoble gravado por esta taxa estea destinado a vivenda habitual do suxeito pasivo e do resto dos membros que integran a familia numerosa, polo que deberán estar empadroados todos os membros da familia neste Concello. A estes efectos o Servizo de Augas requirirá ó Servizo de Estatística informe sobre os individuos empadroados na vivenda da que se solicita a bonificación.

ARTIGO 11º. INFRACCIÓN E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

1. Nesta materia estarase ó disposto na Ordenanza fiscal xeral, lexislación sectorial e bandos da Alcaldía.

2. A imposición de sancións non impedirá en ningún caso o cobro das cotas devengadas non prescritas.

NORMA COMPLEMENTARIA

Para o non previsto nesta ordenanza teranse en conta as disposicións da Ordenanza fiscal xeral e Ordenanza fiscal reguladora da prestación da subministración de auga potable, e regulamento de servizos que aprobe o Concello, e nos casos de acometidas, tamén as da Ordenanza de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e normas concordantes.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 28 de decembro de 2009, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2010. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009

ORDENANZA FISCAL NÚM. 108

TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO.

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigos 81 e 296 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos no termo municipal de Lugo, e o seu transporte ós centros de eliminación e posterior tratamento. O servizo pode prestarse por xestión directa ou indirecta.

Considéranse incluídos no servizo obxecto de gravame:

a) A limpeza de soares ou locais dos que os ocupantes se neguen ou se resistan á orde de efectuala.
b) A retirada de lixos, entullos e residuos que aparezan abandonados na vía pública.
c) A recollida de mobles, aparellos ou trastos inútiles, escouras e cinzas de calefaccións e calquera outro producto ou material nos casos en que se solicite a prestación dos servizos municipais de recollida de lixos e residuos.
d) Os desfeitos e residuos producidos en establecementos industriais e comerciais.

Quedan fóra do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que estean considerados, legal ou regulamentariamente, como tóxicos ou perigosos, os posuidores ou productores dos cales deberán cumprir as obrigacións establecidas nos artigos 5 da Lei 20/1986, de 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos, no artigo 13 do Real decreto 833/1988, de 20 de xullo, e preceptos concordantes.

2. A obriga de contribuír existe dende o momento en que se presta o servizo na zona na que se sitúa a vivenda ou establecemento, tanto urbano como rural. O servizo de recollida de lixo é de recepción e uso obrigatorio para ocupantes de vivendas ou locais sitos neste municipio.

Presúmese a utilización do servizo cando existe posibilidade de habitar a vivenda ou de usar o local por contar con calquera dos servizos de subministración de auga, enerxía eléctrica ou rede de sumidoiros.

Neste suposto, a taxa devéngase e nace a obrigación de contribuír o primeiro día de cada trimestre natural, calquera que sexa o tempo de duración do aproveitamento dentro do exercicio.

ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario, usufructuario, habitacionista, arrendatario ou precarista.

No caso de vivendas ou locais presumirase que é suxeito pasivo o titular do abono ó servizo e, no caso de establecementos comerciais, a persoa a nome da cal figure a licenza de apertura e os restantes tributos municipais que gravan a actividade desenvolvida.

2. Responderán solidariamente das obrigacións do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42.1.a) e b) da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.

ARTIGO 4º. EXENCIÓNS.

Ó abeiro do establecido no artigo 24.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para ter dereito á obtención deste beneficio, o interesado deberá acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello.

ARTIGO 5º. BASES DE GRAVAME E TARIFAS.

a) Para as vivendas utilizarase o sistema de cota fixa. Os establecementos tributarán en función da actividade desenvolvida, da súa superficie, e no caso dos establecementos hoteleiros, do número de habitacións que posúan.

b) Tarifa xeral trimestral. Prestación xeral e obrigatoria. Zona urbana.

b.1.) VIVENDAS, GARAXES PRIVADOS E LOCAIS SEN ACTIVIDADE:

21,00 €

b.2.) ACTIVIDADES COMERCIAIS, RECREATIVAS, PROFESIONAIS E OUTRAS:

Despachos profesionais e artistas:	21,10 €
Comercio en xeral, bancos, seguros, clínicas e hospitais, almacéns, oficinas, edificios públicos, e, en xeral, actividades non comprendidas noutras alíneas destas tarifas.	
- Ata 20 m^2 de superficie	46,84 €
- De 21 a 100 m^2	63,81 €
- De 101 a 200 m^2	76,79 €
- De 201 a 400 m^2	124,18 €
- De 401 a 1000 m^2	207,15 €
- Máis de 1000 m^2, por cada 1000 m^2 ou fracción de exceso:	119,28 €

Ás actividades de salón de peiteado, xastrería e confección que se desenvolvan nas vivendas dos titulares da actividade, aplicaráselles un coeficiente corrector do 0,5 sobre a cota que resulte en función da superficie utilizada, sempre e cando aboen, ademais, a cantidade que corresponda á vivenda.

Ós edificios ou locais pertencentes a administracións públicas aplicaráselles unha redución xenérica do 25% da superficie total computable en concepto de patios e corredores.

Non se esixirá o pago da taxa regulada nesta ordenanza ás administracións públicas, cando a recollida e traslado de residuos á planta de SOGAMA sexa pola totalidade deles, e as realicen as ditas administracións por si mesmas ou ben por medio dunha empresa especializada, sen que o Concello nin a empresa concesionaria do servizo de recollida de lixo interveñan en ningunha das fases.

b.3.) HOSTALERÍA:

Hoteis, moteis, residencias, pensións, fondas, casas de hóspedes e establecementos análogos dedicados exclusivamente á hospedaxe, que poidan servir almorzos, pero non outra clase de comidas. Por habitación:	4,13 €
Os mesmos establecementos citados no epígrafe anterior, se serven comidas. Por habitación:	8,28 €
Restaurantes, cafeterías, bares, tabernas e establecementos análogos:	
- Ata 20 m^2 de superficie	73,77 €
- De 21 a 100 m^2	106,84 €
- De 101 a 200 m^2	142,79 €
- De 201 a 400 m^2	246,21 €
- De 401 a 1.000 m^2	342,68 €
- Máis de 1.000 m^2, por cada 1.000 m^2 ou fracción de exceso:	197,91 €
Salas de festas, baile e similares:	
- Ata 100 m^2	112,25 €
- De 101 a 200 m^2	136,09 €
- De 201 a 400 m^2	269,66 €
- De 401 a 1.000 m^2	391,54 €
- Máis de 1.000 m^2, por cada 1.000 m^2 ou fracción de exceso:	225,60 €

Casinos, bingos, salas de xogo e similares:	
- Ata 50 m^2	74,19 €
- De 51 a 100 m^2	111,24 €
- De 101 a 200 m^2	148,30 €
- De 201 a 400 m^2	254,93 €
- De 401 a 1.000 m^2	347,63 €
- Máis de 1.000 m^2, por cada 1.000 m^2 ou fracción de exceso:	231,73 €

A superficie dos locais, para os efectos de determinar a base de gravame, comprenderá a totalidade do local afecto á actividade, sen que proceda a exclusión de ningunha dependencia ou habitación por razón do seu uso específico.

b.4.) ESPECTÁCULOS. SALAS DE TEATRO, CINEMATÓGRAFO E SIMILARES:

- Ata 500 m^2 de superficie	193,83 €
- De 501 a 1.000 m^2	236,38 €
- Máis de 1.000 m^2, por cada 1000 m^2 ou fracción de exceso:	176,82 €

b.5.) CENTROS DE ENSINO:

- Ata 20 m^2 de superficie	37,08 €
- De 21 a 100 m^2	68,14 €
- De 101 a 200 m^2	86,49 €
- De 201 a 400 m^2	146,41 €
- De 401 a 1.000 m^2	207,17 €
- Máis de 1.000 m^2, por cada 1.000 m^2 ou fracción de exceso:	81,11 €

A superficie computable será, para este epígrafe número 5, a ocupada polas aulas nas que se imparta ou se poida impartir o ensino e, caso de ter internado, incluirase tamén a superficie destinada a dormitorios, comedores e cociñas. Non se incluirá a superficie ocupada por patios, corredores e instalacións deportivas. No caso de descoñecerse esta superficie excluída, aplicarase unha redución xenérica do 50% da superficie total computable.

b.6.) INDUSTRIAS, FÁBRICAS, TALLERES E SIMILARES:

- Ata 25 m^2	35,72 €
- De 26 a 50 m^2	53,40 €
- De 51 a 100 m^2	68,14 €
- De 101 a 200 m^2	86,49 €
- De 201 a 400 m^2	138,11 €
- De 401 a 1.000 m^2	204,37 €
- De 1001 a 2.000 m^2	271,15 €
- Máis de 2.000 m^2, por cada 1.000 m^2 ou fracción de exceso:	61,66 €

Para determinar a superficie dos locais computarase a que resulte de sumar a totalidade dos andares ou pisos das naves ou edificios.

Tamén se incluirán nesta tarifa xeral trimestral para zona urbana as recollidas de lixo en zona rural cando se efectúen tres ou máis días de recollida á semana.

c) Tarifa xeral trimestral. Prestación xeral e obrigatoria. Zona rural.

	Ó trimestre	Ó ano
Por cada vivenda, dous días á semana:	10,25 €	41,00 €

A cota que se liquidará en zona rural para os epígrafes comprendidos entre o número 2 e o 6, ambos inclusive, será a metade das tarifas correspondentes, establecidas para a zona urbana.

d) Para a recollida de lixos ou residuos abandonados na vía pública ou en soares, a base do gravame serán os gastos de persoal e de material polo tempo empregado no servizo segundo a conta presentada; conta que será sometida á aprobación da Alcaldía, tras o informe da empresa concesionaria e servizos afectados.

A totalidade das tarifas anteriores non inclúen a cota tributaria que resulte de aplicación á operación en concepto do Imposto sobre o valor engadido (IVE).

No caso de que se desenvolva nun mesmo local máis dunha actividade, tributarase pola tarifa máis elevada.

ARTIGO 6º. PERÍODO IMPOSITIVO E COBRANZA DAS COTAS.

1. O período impositivo coincidirá co trimestre natural, e a el referiranse as cotas sinaladas nas tarifas do artigo 5 desta ordenanza. Pola recollida do lixo na zona urbana emitirase un recibo por trimestre. E polo que respecta á recollida do lixo na zona rural poderá emitirse un único recibo anual.

2. A cobranza poderá realizarse en recibo conxunto coa Taxa da rede de sumidoiros e do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable. Están obrigados ó pago as persoas que constan como titulares da vivenda ou local para os efectos de prestación do citado servizo de augas, de conformidade co artigo 3 desta ordenanza. A alta no servizo de augas leva consigo a correlativa inclusión no Padrón de recollida de lixo.

No caso dos establecementos en que se realicen actividades distintas da habitación das persoas, a cobranza poderá realizarse conxuntamente con outros tributos municipais que recaian sobre a actividade realizada ou o local no que se exerce.

Cando a alta, baixa ou variación do padrón se deriva de solicitude ou declaración presentada polo interesado e a liquidación resultante non modifica os datos consignados polo propio obrigado tributario, non será necesaria a notificación expresa da alteración de bases.

3. O Concello poderá establecer o réxime de autoliquidación nos supostos en que este sexa aplicable.

4. Cando o consumo de auga dun inmoble comprenda varios locais ou vivendas e sexa efectuado conxuntamente por un só contador, as taxas por prestación do servizo de recollida de lixo efectuaranse tamén conxuntamente por importe da suma de tantas cotas trimestrais como vivendas e locais existan no edificio.

ARTIGO 7º. ALTAS, BAIXAS E DECLARACIÓNS

1. As altas no Padrón da taxa de lixo-vivendas produciranse a partir das declaracións dos propietarios ou usufructuarios de vivendas.

De entre os supostos de alteracións de orde física, económica e xurídica respecto das vivendas e para os efectos desta taxa, resultan relevantes as seguintes obrigas:

a) No caso de nova construcción, ampliación, rehabilitación, demolición ou derriba, os propietarios ou usufructuarios de vivendas deberán presentar declaración no prazo de dous meses a partir da data de terminación das obras na Xerencia Territorial do Catastro.

b) No caso de adquisición de vivenda ou constitución de dereito de usufructo sobre elas, deberán presentar declaración no prazo de dous meses contados a partir da data da escritura ou documento en que se formalice a transmisión da propiedade ou constitución ou transmisión do dereito de usufructo na Xerencia Territorial do Catastro ou ben no Concello. Neste último caso, este remitirá a documentación á Xerencia Territorial, sen máis trámite.

As declaracións mencionadas anteriormente deberán formularse nos impresos que regulamentariamente determine a Dirección Xeral do Catastro.

A non presentación destas declaracións constituirá para os efectos da taxa de lixo-vivendas infracción tributaria grave.

2. Con relación a establecementos comerciais, industriais, profesionais, de artistas ou de outros usos, entenderase como declaración de alta a solicitude da preceptiva licenza de actividades e instalacións, que producirá efectos dende a data de concesión ou comezo efectivo da actividade. De iniciar unha actividade sen a preceptiva licenza, ademais de infracción urbanística estarase incorrendo en infraccción fiscal grave. De forma excepcional, e sen prexuízo das sancións urbanísticas que procedan, a Administración de Tributos do Concello admitirá declaracións de alta para os efectos de recollida de lixo industrial, comercial ou profesional en instancia razoada polo suxeito pasivo titular da actividade. Desta forma pode obviarse a sanción tributaria. No caso dos traspasos de negocio, o antigo e o novo titular deberán achegar o cambio de titularidade formulado no Rexistro do Concello en impreso regulamentario para tal efecto. O incumprimento desta obriga terá así mesmo, a cualificación de infracción tributaria grave para o adquirente do negocio e infracción simple para o cedente.

Os documentos de cambio de titularidade así como de concesión de licenza de actividades producirán os efectos de notificación de alta no Padrón da taxa de lixo, e non será precisa a notificación individual da liquidación.

3. Para actividades profesionais que, excepcionalmente, non precisen, de licenza de actividade e instalación, os titulares deberán presentar formalmente

declaración do exercicio da actividade no prazo dun mes dende o seu inicio para os efectos da súa inclusión no padrón da taxa.

4. Os titulares de actividades deberán formular declaración de baixa cando cesen naquelas. O incumprimento desta obriga ten a cualificación de infracción simple de conformidade co artigo 29 da Ordenanza fiscal xeral.

5. Os suxeitos pasivos desta taxa deberán cubrir as súas declaracións con indicación certa e completa do enderezo fiscal e número de identificación fiscal. A omisión de calquera dos datos anteriores terá a cualificación de infracción simple segundo se dispón no artigo 29 da Ordenanza fiscal xeral.

6. As altas, baixas e variacións producirán efectos da seguinte forma:

6.1. As altas no Padrón da taxa de lixo-vivendas derivadas das declaracións de nova construcción ou rehabilitación producirán efectos dende o mesmo día en que se ocupen os inmobles.

6.2. As modificacións derivadas de cambio de titularidade da vivenda ou constitución ou transmisión do dereito de usufructo producirán efectos dende o mesmo día en que o suxeito pasivo poña en coñecemento do Concello a transmisión ou constitución do dereito de usufructo.

6.3. As baixas por derribamento ou expropiación causarán efectos dende o día seguinte a aquel en que se formulen e, no seu defecto, dende a data na que se realice o derrubo ou se ocupe o ben pola administración expropiante, respectivamente.

6.4. No caso de altas de establecementos comerciais, industriais, profesionais ou doutros usos, estas causarán efectos no mesmo día en que se conceda a licenza de actividades ou a Administración municipal teña constancia da existencia do establecemento, salvo proba fehacente en contrario.

6.5. As baixas de establecementos por cese de actividade producirán efectos dende o día seguinte a aquel en que se deixe de exercer a actividade.

6.6. Os cambios de titularidade na licenza municipal de actividades e variacións na cota relativas á taxa de lixo de establecementos que non sexan vivendas producirán efectos dende o mesmo día en que se formulen.

6.7. As cotas trimestrais ratearanse por días naturais, polo que no trimestre en que se produza unha alta esixirase a cota que corresponda dende o día da alta ata o último día do trimestre, ambos inclusive, e no trimestre en que se produza a baixa esixirase a cota que corresponda dende o primeiro día do trimestre ata o día da baixa, ambos inclusive.

7. Para os locais nos que se realicen actividades económicas, para os efectos de aplicación da taxa de recollida de lixo, será preceptivo presentar a declaración censual do Imposto sobre actividades económicas ou, noutro caso, declaración xurada na que se manifeste a actividade desenvolvida, así como presentarse documentación que acredite suficientemente os metros cadrados do local (escritura de compra-venda, contrato de arrendamento, licenza de apertura, etc.), sen prexuízo da comprobación posterior pola Administración.

ARTIGO 8º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 5 de novembro de 2001 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008

ORDENANZA FISCAL NÚM. 109

TAXAS POLO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE A DOMICILIO

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigos 81 e 296 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. Configúrase o pagamento do servizo de auga como taxa, por cumprirse no feito impoñible as dúas condicións: a recepción obrigatoria para vivendas e locais en actividades que esixan o consumo de auga, e a non susceptibilidade de prestación do servizo pola iniciativa privada, por estar declarada a reserva deste servizo a favor dos concellos.

3. Constitúen o obxecto desta taxa os servizos reguladores na presente ordenanza, xa sexan prestados por medio de empresa concesionaria, xa directamente pola Administración municipal ou a través de servizo municipalizado.

4. É obrigatoria a aceptación do servizo municipal de auga e a realización da correspondente toma de acometida para os titulares dos edificios que disten en liña recta menos de 100 metros da rede de distribución do dito servizo, sempre que os edificios estean destinados a vivenda ou actividades de calquera tipo que esixan consumo de auga. O Concello mediante a prestación do servizo non garante en ningún momento unha presión mínima en calquera punto da subministración. Para lograr este mínimo necesario, o usuario deberá realizar as instalacións correspondentes para mellorar a dita presión, de acordo co establecido na Orde do 7 de xuño de 1973: “Instalacións de fontanería “NTE/IFF”. Nesta normativa contémplase a instalación de bombas que en ningún caso poderán estar conectadas á rede xeral, depósitos intermedios,

baterías de contadores, etc., para un correcto funcionamento das instalacións. O habitáculo que conteña a batería de contadores terá que estar en todo momento iluminado, exento de sucidade e en perfectas condicións para ser revisado pola Inspección municipal, e con fácil acceso dende o portal.

ARTIGO 2º. OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR

1. FEITO IMPOÑIBLE.

Está constituído pola utilización efectiva ou pola posibilidade de utilización do servizo, a petición do titular ou usuario dun inmoble ou, sen necesidade da dita petición, mediante resolución da Administración municipal.

2. OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR.

Recaerá sobre o solicitante dos servizos ou sobre o suxeito pasivo obrigado á súa aceptación, titular do inmoble ou usuario del, ou os seus representantes legais, sen prexuízo de que o obrigado ó pagamento poida repercutir, se é o caso, o importe da cota, segundo o que se dirá no número seguinte.

3. SUBSTITUTO DO CONTRIBUÍNTE.

a) Os propietarios ou os titulares das vivendas ou locais, poderán repercutir, se é o caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios ou usuarios do servizo, conforme ó disposto no artigo 23.2 a) da Lei 25/1998.

b) Cando unha mesma unidade inmoble se compoña de varios locais será a comunidade de propietarios ou a entidade ou organismo que administre a dita unidade a obrigada ó pagamento da taxa, sen prexuízo de que poida repercutir sobre os beneficiarios o importe das cotas.

ARTIGO 3º. BASE DE GRAVAME

Determínase conforme á natureza do servizo concreto obxecto de gravame:

a) Subministración de auga: os metros cúbicos consumidos efectivamente.

b) Inspección de contadores: por unidade.

c) Acometidas á rede de distribucións: segundo o número de vivendas.

d) Resto de subministracións e actuacións: custo dos materiais e da man de obra, fixados no presuposto previo formulado polo servizo aprobado pola Alcaldía.

ARTIGO 4º. TIPOS DE GRAVAME E COTAS

Con base no establecido no artigo 24.3 da Lei 25/1998, establécense as seguintes tarifas:

TARIFA A.- COTA DE ABOAMENTO

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que, dispoñendo do correspondente contrato de subministración, utilicen a rede de subministración de auga potable.

A cota establecida no presente epígrafe terá carácter fixo, liquidándose en períodos trimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

Cota de aboamento ó servizo, por usuario, ó trimestre:

a) Uso doméstico:	9 €.
b) Uso non doméstico:	20,00 €.

TARIFA B.- CONSUMO.

Seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Epígrafe a) Uso doméstico:

- De 0 a 10 m^3:	0,11 €/m^3.

- Exceso de 10 a 30m^3:	0,18 €/m^3.
- Exceso de 30 a 60 m^3:	0,60 €/m^3.
- Exceso de 60 a 100 m^3:	0,90 €/m^3.
- Exceso de 100 m^3:	1,10 €/m^3.

Nas comunidades de veciños con contador xeral, a cota tributaria a esixir pola prestación do servizo determinarase dividindo o consumo total polo número de vivendas e/ou locais para obter o consumo medio por veciño en metros cúbicos. Sobre o dito consumo medio aplicarase a liquidación por tramos contida nesta tarifa e o resultado multiplicarase polo número de vivendas e/ou locais da comunidade, facturándose nun único recibo a nome desta.

Epígrafe b) Uso non doméstico.

- De 0 a 75 m^3:	0,35 €/m^3.
- Exceso de 75 a 150 m^3:	0,95 €/m^3.
- Exceso de 150 a 300 m^3:	1,15 €/m^3.
- Exceso de 300 m^3:	1,30 €/m^3.

Inclúense nesta tarifa os abastecementos para obras, entidades ou empresas que prestan servizo ó público, residencias colectivas e establecementos nos que a auga constitúa materia prima esencial, tributando os restantes pola cota correspondente ó uso doméstico.

TARIFA C.- INSPECCIÓN DE CONTADORES.

Unha vez solicitada a alta como abonado ou producida esta de oficio, por unha soa vez:

22,45 €

A totalidade das tarifas anteriores non inclúen a cota tributaria que resulte de aplicación á operación en concepto do Imposto sobre o valor engadido (IVE).

TARIFA D.- ACOMETIDAS

Por acometida á rede de distribución, por unha soa vez:

En edificios cunha vivenda ou local:	94,08 €

En edificios de 2 a 10 vivendas ou locais por vivenda ou local:	47,07 €
Con máis de 10 vivendas, por vivenda ou local:	35,83 €

Non obstante, en caso de derribamento e nova edificación, aboaranse de novo os dereitos de entroncamento á rede.

TARIFA E.- OUTRAS SUBMINISTRACIÓNS E ACTUACIÓNS.

Todas as demais subministracións e a colocación de encanamentos, chaves de paso, arquetas, bocas de rega ou para o servizo contra incendios fóra das vías públicas, pezas de toma, e, en xeral, actuacións do servizo non recollidas expresamente nesta ordenanza serán obxecto de liquidación por unha soa vez, polo prezo dos materiais segundo a factura e da man de obra polo tempo investido, recargado este último concepto nun 100%, segundo o presuposto previo formulado polo servizo, autorizado pola Alcaldía, e coa conformidade do solicitante, e sen ese requisito non será atendida a súa petición.

Todos os tributos de calquera tipo que poidan gravar os servizos obxecto desta ordenanza, os contratos de subministración e os recibos, serán sempre por conta do abonado.

ARTIGO 5º. DEVENGO E COBRAMENTO DAS COTAS

1. Devengo:

1.a) Por consumo de auga.

1.a.1. As cotas terán carácter trimestral e estarán obrigados ó seu pago todos os suxeitos pasivos que figuren como titulares ó comezo de cada período facturado.

1.a.2. No caso de alta, baixa ou cambio de titularidade, as cotas trimestrais resultantes ratearanse por días naturais e devengarase ó producirse a lectura do contador.

1.b) Por outras actuacións ou subministracións:

1.b.1. Devénganse no momento de aprobarse as correspondentes liquidacións individuais.

2. Cobramento das cotas:

2.1. Cando se produza unha alta nova no servizo ou un cambio de titularidade nel, formalizada mediante o correspondente contrato de subministración, ingresarase a fianza regulada no artigo 12 desta ordenanza, e ratearase a cota de aboamento por días naturais dende o día da alta ata o último día do trimestre, ambos inclusive,e facturarase o consumo real.

2.2. Cando se produza a baixa no servizo, devolverase ó usuario a fianza regulada no artigo 12 desta ordenanza, trala comprobación da inexistencia de responsabilidade derivada do uso del e dos recibos pendentes de pagamento, prorrateándose a cota de aboamento por días naturais dende o primeiro día do trimestre ata o día da baixa, ambos inclusive,e facturarase o consumo real.

2.3. Nos casos en que se detecte ou comprobe polos lectores, a existencia de consumos de auga con anterioridade á formalización do preceptivo contrato de subministro, procederase a xirar unha liquidación polo importe dos mínimos establecidos na cota de aboamento -segundo o uso doméstico ou industrial-, dende que se teña coñecemento da existencia de consumo de auga ata a data de formalización do contrato, sempre dentro do prazo de prescrición legalmente establecido.

ARTIGO 6º.

1. As cotas periódicas resultantes da aplicación de taxas polo consumo de auga e aluguer de contadores serán obxecto de liquidación nun documento cobratorio único, xunto coas taxas periódicas polos servizos da rede de saneamentos e de recollida domiciliaria de lixo.

2. As tres exaccións sinaladas no punto 1 deste artigo serán cobradas conxuntamente nun recibo único, con especificación de conceptos, polo sistema que estableza o Concello, conforme ó previsto na Ordenanza fiscal xeral.

3. As cotas que correspondan ós epígrafes das tarifas C), D) e E) serán obxecto de liquidacións individuais e ingresadas segundo as normas aplicables á exacción obxecto de ingreso directo.

4. As reclamacións sobre a liquidación de cotas por erros de cálculo ou outros motivos efectuaranse por escrito ante o servizo, acompañando os recibos ou facturas que se presuma que conteñen o erro ou omisión.

5. As cotas conxuntas de auga, recollida de lixo e rede de saneamentos, que non se fixesen efectivas en período voluntario, pasaranse ó cobro en vía de constrinximento. Pola mesma vía, como garantía e defensa do servizo público, senón se puidera efetuar a notificación persoal, por resultar descoñecido o domicilio do debedor, procederase ó corte do servizo de abastecemento de auga.

ARTIGO 7º. EXENCIÓNS.

Ó abeiro do establecido no artigo 24.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA), polo que se aplicará unha bonificación do 100 por cento na cota de aboamento, sempre que non excedan do consumo establecido no primeiro tramo, noutro caso pagarase polos metros cúbicos que excedan. Para ter dereito á obtención deste beneficio, o interesado deberá acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello.

Establécese unha bonificación do 50 por cento na cota de aboamento para as familias numerosas que acrediten tal condición, e que cumpran as seguintes condicións:

a) A concesión deste beneficio terá carácter rogado polo que a súa concesión requirirá en todo caso solicitude previa do interesado e acto administrativo expreso favorable a esta,debendo achegar o título de familia numerosa anualmente, e surtindo efecto a partir da súa concesión.

b) Que o inmoble gravado por esta taxa estea destinado a vivenda habitual do suxeito pasivo e do resto dos membros que integran a familia numerosa, polo que deberán estar empadroados todos os membros da familia neste Concello. A estes efectos o Servizo de Augas requirirá ó Servizo de Estatística informe sobre os individuos empadroados na vivenda da que se solicita a bonificación.

INFRACCIÓNS, DEFRAUDACIÓNS E SANCIÓNS

ARTIGO 8º. TIPIFICACIÓNS.

1. Estarase, en xeral, ás normas sobre o particular contidas na Ordenanza fiscal xeral.

2. Tamén se estará ó previdо especialmente nos artigos pertinentes relativos á xestión do servizo.

3. Ninguén poderá empregar a auga sen ter subscrito o contrato.

4. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, as infraccións poderán ser graves e leves.

A) Será infracción grave o uso da auga procedente do Servizo municipal de Abastecemento Domiciliario de Auga, sen autorización expresa municipal, con destino a:

1) Uso da auga sen a licenza de primeira utilización ou documento que autorice o uso ou ocupación do inmoble.

2) Uso da auga con fins industriais, agrícolas ou de rega.

3) Uso da auga de obras, destinada a calquera dos anteriores fins e con defraudación, á súa vez, dos recursos municipais de recollida de lixo, rede de saneamentos e Imposto sobre bens inmobles.

B) Serán infraccións leves o uso da auga nas vivendas ou locais sen a autorización correspondente.

ARTIGO 9º. SANCIÓNS

As sancións que se aplicarán serán as seguintes:

1. Infracción tipificada no punto 4.A.1 e 4.A.2 do artigo anterior: dará lugar ó cobramento da cota, no trimestre en que sexa detectada, aplicando a tarifa B) do epígrafe b) do artigo 4º da presente ordenanza e unha multa de 60,10 euros, con corte da subministración.

2. Infracción tipificada no punto 4.A.3 do artigo anterior: practicarase liquidación dende a data na que debería estar rematada a obra (segundo licenza municipal), aplicando as tarifas correspondentes ó uso por cada unha das

vivendas ou locais, que estean en uso, e ata un máximo de 4 anos, con sanción de 60,10 euros, por cada vivenda ou local, procedendo ó corte da subministración.

No suposto de constatarse, mediante calquera medio de proba admitido en dereito, que o remate da obra e a súa ocupación tivo lugar antes da data máxima de remate das obras prevista na licenza municipal, a liquidación practicarase a partir do momento en que se produza a efectiva ocupación.

3. A imposición das sancións administrativas antes referidas non excluirán a esixencia doutras responsabilidades civil e penal que puideran ser de aplicación.

ARTIGO 10º. NORMAS DE XESTIÓN DO SERVIZO DE ABONADOS

Entenderase por abonado, para os efectos desta ordenanza, toda persoa natural ou xurídica capacitada legalmente para contratar, á que se lle concedese a prestación do servizo de auga.

ARTIGO 11º.

1. A solicitude de prestación do servizo de auga, calquera que sexa o uso ó que se destine, farase mediante a oportuna petición de alta e subscrición da póliza de abono, na que o interesado declarará nome, apelidos, razón social, domicilio, NIF ou CIF, fin e uso ó que se destinará a auga, establecemento ou predio, e demais datos complementarios para o perfecto coñecemento e determinación da clase e importancia do servizo que se pretende e a concesión e instalación del. Presentarase coa documentación complementaria, e será cursada á oficina do servizo.

2. As peticións levarán implícito o compromiso do concesionario de cumprir as disposicións consignadas na presente ordenanza.

3. O contrato da subministración terá unha duración indefinida ata que sexa formulada a baixa correspondente na Oficina de Augas, excepto a subministración para obras que terá unha duración polo período da licenza de obras correpondente.

ARTIGO 12º.

1.- Simultaneamente ás peticións de alta deberá o interesado constituír o depósito-fianza de 55,62 €, como garantía do pagamento da subministración e da responsabilidade do uso do servizo.

2.- A Administración municipal, estimando por si a importancia e características dos aproveitamentos que se concedan, poderá esixir maior depósito do que se expresa anteriormente mediante resolución razoada.

3.- Exclúense desta obriga os casos de subrogación por falecemento do titular da póliza de abono, nos que o herdeiro ou legatario suceda ó causante na propiedade ou uso da vivenda ou local onde se realice a subministración e, consecuentemente, asumirá os dereitos e obrigacións derivados do contrato de subministración, incluído o pagamento ó Concello das débedas pendentes que tivera o causante, derivadas da utilización do servizo.

ARTIGO 13º.

Os peticionarios do servizo de abastecemento da auga, han de presentar:

- Licenza de 1ª utilización ou documento que autorice o uso ou ocupación do inmoble.
- A licenza de 1ª utilización poderá ser substituída por resolución da Alcaldía, pola licenza de edificación, e para os usos previstos na dita licenza. No caso de edificación sen licenza de obras, ou sen axustarse a ela, se transcorrese o prazo de prescrición para axustarse á legalidade urbanística, notificación da resolución municipal que declare a prescrición das infraccións urbanísticas cometidas.
- Deberán achegar copia do DNI e no caso de arrendamento, contrato de arrendamento.
- Para os locais nos que se realicen actividades económicas, será preceptivo presentar a declaración censual do Imposto sobre actividades económicas ou, noutro caso, declaración xurada na que se manifeste a actividade desenvolvida.

ARTIGO 14º.

O abonado continuará posuíndo a condición de suxeito pasivo (contribuínte) da taxa pola subministración de auga potable mentres non presente a baixa correspondente na administración do servizo e, polo tanto, non se cortase a auga, aínda que, por calquera circunstancia, deixe de utilizar o servizo.

Non obstante, cando o abonado teña a condición de arrendatario ou titular de calquera outro dereito de uso, o propietario ou o usufructuario das vivendas ou locais arrendados ou cedidos poderá acudir ó Concello e formalizar a baixa no servizo municipal de subministración de auga potable cando teña coñecemento de que o arrendatario ou usuario non cumpriu co preceptuado no parágrafo anterior.

O propietario ou o usufructuario, segundo os casos, na súa condición de substituto do contribuínte, estará obrigado ó pagamento das cantidades facturadas á vivenda ou local por consumos realizados unha vez abandonados os inmobles polos arrendatarios ou os titulares de dereitos de uso, para o que terá que comunicarlle á Oficina de Augas calquera cambio de arrendamento ou de actividade.

ARTIGO 15º.

Cando os abonados pechen os seus domicilios por dous meses ou máis, deberán dar coñecemento anticipado disto á Administración, para aplicarlle o mínimo obrigatorio, e deberán, ademais, declarar o domicilio e persoa a quen han de ser presentados os recibos ó cobro ou coa cal se pode poñer en contacto o Concello por calquera problema do funcionamento do servizo de augas.

No caso de imposibilidade de lectura do contador por encontrarse pechado o acceso a este durante dous trimestres consecutivos, e en defensa e garantía do funcionamento do servizo público, practicarase notificación persoal ó interesado, con apercibimento do corte da subministración e sen prexuízo doutras responsabilidades esixidas.

ARTIGO 16º. ACOMETIDAS E OUTRAS INSTALACIÓNS

1. A concesión de nova toma ou acometida á rede farase mediante solicitude dos interesados, aprobado por decreto do Alcalde, tralo informe e liquidación de taxas polo servizo, visada por Intervención e aprobada tamén pola Autoridade municipal.

2. As peticións, que han de ser individuais, é dicir, unha por cada toma ou acometida, formularanse en impresos que se facilitarán na oficina correspondente do servizo.

3. Se o peticionario non fose o propietario do predio acompañará á petición a autorización escrita daquel para a instalación da acometida, ou dará conta por escrito da negativa do propietario se o servizo de auga é de obrigada aceptación.

ARTIGO 17º.

1. Para as tomas ou acometidas que se soliciten para utilizar a auga no predio onde non existe rede de distribución, no caso de acceder a iso o Concello, deberán executar os interesados a instalación correspondente de ampliación de rede, con carácter provisional e sempre baixo o control e dirección do persoal técnico do servizo, sendo por conta dos solicitantes os gastos de persoal, material e demais que con iso se orixinen; a instalación, unha vez que estea posta en funcionamento, pasará a ser propiedade do Concello.

2. Nestes casos, e para evitar duplicidade de taxas, non se esixirán as de entroncamento desta rede provisional, xa que se farán efectivas ó solicitar de novo a toma ou acometida coa dita rede para os predios.

3. Os propietarios de predios que non contribuísen a sufragar os gastos de primeiro establecemento da rede xeral de auga e rede de saneamento nalgunha vía, cando soliciten levar a cabo a acometida para inmobles estarán obrigados a satisfacer, por entroncamento na dita rede, a cantidade deixada de aboar incrementada nun 200 %, ademais da sinalada na tarifa D) do artigo 4º desta ordenanza, sempre que a dito establecemento contribuísen algúns dos propietarios dos predios afectados pola citada mellora.

ARTIGO 18º.

Unha toma ou acometida servirá só para o predio para o que fose pedido, sen que se permita estendela a varias, aínda estando contiguas e pertencendo ó mesmo dono, agás conveniencias de distribución para o servizo, neste caso faríase a derivación fóra do predio primitivo.

ARTIGO 19º.

Se por venda ou outra causa se dividise a propiedade, os novos propietarios estarán obrigados a executar tomas independentes para cada unidade obxecto da división.

ARTIGO 20º.

Todo predio abastecido terá na vía pública, e o máis próximo a el, a chave ou chaves de paso convenientes para poder incomunicala co encanamento xeral. Estas chaves serán necesariamente do modelo adoptado ou que no sucesivo se adopte polo servizo.

ARTIGO 21º.

1. Todos os traballos de acometidas ata conexión coa rede xeral, serán dirixidos e inspeccionados por persoal do Servizo de Augas, que cuidará que as obras realizadas, pezas de toma, chaves, arquetas e demais material empregado na execución das ditas acometidas cumpran con todas as esixencias de bo funcionamento do servizo e normas establecidas para cada caso.

2. A conservación destas acometidas en perfecto estado de funcionamento e as reparacións a que procedese serán por conta do propietario do predio abastecido.

No caso de avaría na acometida, fíxase un prazo de cinco días para a súa reparación polo usuario unha vez notificada polo Servizo de Augas. Se transcorrido este prazo a avaría non fose reparada, procederase polo servizo á súa reparación pasando ó usuario o cargo correspondente.

ARTIGO 22º.

As instalacións interiores dos predios serán efectuadas por persoal alleo ó Concello, quedando responsables os propietarios delas dos danos e perdas que poida producir ou ocasionar, por calquera causa, o establecemento ou existencia das súas instalacións de auga.

ARTIGO 23º.

1. Os contadores instalaranse sempre fóra da vivenda ou da industria nun lugar facilmente accesible e ben iluminado, non máis baixos de 0,50 m nin máis altos de 1,50 m. No caso de que o local tivera porta, esta estará equipada con pechadura que permita o uso de chave universal.

2. Nos predios que comprendan varias vivendas ou industrias e, por conseguinte, varios abonados, faranse as instalacións individuais a cada unha

delas, de forma que os contadores poidan colocarse en armarios axeitados e todos xuntos, en batería, con espacio suficiente para a súa colocación ou substitución, sen que en ningún caso quede en dobre fila (anterior e posterior), con acceso directo dende a rúa, adicado exclusivamente ós contadores e cumprindo, en todo caso, o establecido no punto 1. Ningún contador, aínda os que midan subministracións para servizos comunitarios (auga quente, etc.) se poderá instalar fóra de escuadra xeral.

3. Nas vivendas unifamiliares instalarase o contador no exterior do cerramento do predio, de xeito que non sexa necesario acceder ó interior da propiedade e cumprindo o establecido no punto 1. Non se poderá en ningún caso instalar o contador en arquetas soterradas, e coidarase que estea defendido contra as xeadas.

Sen cumprir estas estipulacións non se poderá causar alta na subministración nin facer uso dela.

ARTIGO 24º.

Inmediatamente despois do contador levará a instalación unha billa de comprobación, do mesmo diámetro en milímetros que o do contador, e unha chave de paso de bronce, modelo reforzado, de igual diámetro que o do encanamento, co fin de que se poida incomunicar ou suspender o servizo en casos determinados.

ARTIGO 25º.

Cando se instalen termosifóns ou calefaccións a presión é obrigatoria a colocación dunha válvula de retención antes dos depósitos ou caldeiras, e no tubo de alimentación delas, co obxecto de evitar que, a causa do peche na rede ou de aumento de presión nos aparellos, a auga quente poida pasar ós encanamentos xerais da subministración, co conseguinte prexuízo para os contadores, depósitos ou fervedoiros do termo. Recoméndase que neles se coloquen válvulas de expansión, co obxecto de evitar posibles explosións.

ARTIGO 26º.

Nos edificios nos que, para evitar a falta de auga por avaría ou por corte da subministración, se instalen depósitos situados nos tellados ou terrazas, estes serán cubertos e ventilados e construiranse de cemento, fibro-cemento ou

similares, prohibíndose o chumbo ou zinc polo perigo que significa para a formación de sales que contaminen a auga.

ARTIGO 27º.

Nos casos nos que, pola forma da instalación destes depósitos, poida pasar a auga deles ós encanamentos xerais, por falta de presión nela, instalarase tamén unha válvula de retención á saída dos contadores, o mesmo que no caso previsto no artigo 26.

ARTIGO 28º.

1. O propietario do predio ou o concesionario ou abonado, se é o caso, faise responsable do coidado e conservación das chaves de paso exteriores e interiores e moi especialmente dos aparellos-contador. Demostrada a súa neglixencia no cumprimento destas normas, así como o abandono das instalacións, deixando correr a auga innecesariamente, por rotura deles, cisternas deterioradas, etc., privaráselle da subministración de auga mentres non efectúe as oportunas rectificacións.

2. Nos casos de neglixencia desculpable e que non sexa de aplicación a sanción prevista no parágrafo anterior, o total consumo medio por contador será obxecto de liquidación e pagamento, sen que, co pretexto de producirse por causas alleas á vontade do abonado, se poidan realizar outras deduccións nin compensacións que aquelas que obedezan á necesidade de corrixir erros de feito comprobados.

3. Calquera fuga de auga que sexa medida polo contador será facturada ó abonado de acordo coas tarifas correspondentes.

ARTIGO 29º.

1. Todo concesionario ou abonado queda obrigado a permitir que a calquera hora hábil do día sexa visitada a súa instalación polos empregados municipais encargados deste cometido, sen opoñer ningún obstáculo a cantas comprobacións periódicas ou excepcionais se estimen procedentes.

2. Os empregados expresados anteriormente, e que se considerarán sempre autorizados polos donos ou inquilinos dos predios para entrar neles, coidarán de facer constar a data na que estas inspeccións teñan lugar, así como o

resultado do seu recoñecemento, que deberán dar inmediatamente coñecemento á administración do servizo, para os efectos conseguintes.

3. A negativa dos interesados a autorizar estas revisións será causa suficiente para a retirada do servizo de auga, sen dereito a reclamación ningunha.

ARTIGO 30º. CONTADORES

Para o debido coñecemento e control dos consumos que realicen os usuarios, instalaranse contadores debidamente homologados dos que se farán lecturas periódicas, cos intervalos que estime convenientes a Administración, tanto baixo o punto de vista de inspección, como do de cobramento e, en todo caso, polo menos cada tres meses.

ARTIGO 31º.

Os abonados responderán, como depositarios, da existencia e conservación dos contadores instalados que sexan propiedade do Concello, mentres non sexan retirados polo persoal propio do servizo.

ARTIGO 32º.

Poden instalarse contadores propiedade dos concesionarios e o seu diámetro en ningún caso será superior ó do encanamento no que se instalen. Os custos de verificación, reparacións e demais que ocasionen estes contadores serán pola conta do abonado.

ARTIGO 33º.

O Concello pode esixir ós abonados que instalen pola súa conta contador, sen que ningún abonado poida estar exento da súa instalación, coa correspondente sanción para o caso de incumprimento.

ARTIGO 34º.

A Administración municipal resérvase o dereito de comprobar cando o considere oportuno todo aparello-contador do que se estime que o seu funcionamento é dubidoso.

ARTIGO 35º.

As conexións de contadores efectuaranse exclusivamente por persoal do Servizo de Augas.

ARTIGO 36º.

Os precintos colocados nos contadores pola Xefatura de Industria ou polo Concello non poderán ser alterados baixo ningún pretexto polos abonados. Se por calquera accidente se rompera algún deles, está obrigado a comunicalo de inmediato para proceder á súa reparación.

ARTIGO 37º.

Cando ó concesionario se lle notifique que o contador da súa propiedade se encontra en malas condicións de funcionamento, disporá dun espacio de tempo de quince días hábiles para a súa reparación, ou a substitución por outro debidamente verificado. Se transcorrido o expresado prazo, non o presentaran na administración do servizo en condicións de ser instalado, o Concello poderá colocar un da súa propiedade, polo que o abonado satisfará a cota de alugamento correspondente, sempre e cando exista accesibilidade para a súa colocación, no caso contrario, estarase ó disposto no artigo seguinte.

ARTIGO 38º.

No caso de paralización dun contador ou desarranxo tal que as súas indicacións non poidan servir de base para unha medición, liquidarase o consumo conforme a igual período do ano anterior e incrementada nun 100%. Se non existise este dato tomarase o do trimestre anterior, e incrementado nun 100%.

Se unha vez notificada a avaría do contador, non se repara no prazo de 15 días, incrementarase a facturación en 40 m^3 cada trimestre.

ARTIGO 39º. PROHIBICIÓNS

1. Agás no caso de incendios, que se dará coñecemento ó Servizo de Augas dentro das vintecatro horas seguintes do sinistro, baixo ningún pretexto poderán os abonados ou representantes:

a) Empregar a auga para os usos distintos dos estipulados na poliza de abono.
b) Vender ou ceder a auga que lle subministre o Concello, en favor de terceiros.
c) Deixar correr a auga sen necesidade.
d) Abrir nin facer uso dos rexistros que encerran os aparellos de toma, chaves de paso, aforamentos ou outros servizos.
e) Establecer ningún ramal entre a toma e o aparello que verifique o aforamento, nin facer derivación da instalación para outros locais ou vivendas diferentes ás consignadas na póliza.

2. A contravención de calquera destes puntos dará lugar á imposición de multas pola Alcaldía, aténdose á gravidade e importancia da falta, e sen prexuízo de poder retirar temporal ou definitivamente o servizo.

ARTIGO 40º.

Igualmente incorrerán en sanción, que se graduará pola importancia e circunstancias de cada caso, os particulares, entidades, empresas e sociedades que cometan actos, omisións e inexactitudes que tendan a minorar ou eludir o pagamento das taxas correspondentes, utilizando sen embargo fraudulenta e artificiosamente os servizos e instalacións municipais, sen prexuízo de esixírselle a efectividade das cotas defraudadas ou minoradas.

ARTIGO 41º.

As cotas lexitimamente impostas en virtude desta ordenanza que non se puidesen facer efectivas en período voluntario ou ós dous meses de iniciarse o procedemento executivo darán lugar á suspensión e corte do servizo de auga, con baixa do interesado como abonado, quedando este inhabilitado para renovar a concesión ata tanto non pague a súa débeda tributaria, e sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.

ARTIGO 42º. NORMAS XERAIS

O Excmo. Concello de Lugo, por razóns de sanidade e hixiene, declara o servizo de augas obrigatorio para toda clase de vivendas e para atender ás instalacións sanitarias de todo xénero de establecementos comerciais ou industriais, tanto no núcleo urbano, como no rural, a onde chegue a rede de distribución, coa condición sinalada no art. 1.3 desta ordenanza.

ARTIGO 43º.

Non se lles permitirá ós particulares e empresas utilizar augas das fontes públicas para usos industriais e obras, onde exista rede de abastecemento.

ARTIGO 44º.

O municipio non se fai responsable por interrupcións involuntarias do servizo de abastecemento de augas, e, no caso de escaseza por calquera motivo, resérvase o dereito de suspendelo nas zonas que máis conveña, ou en toda a poboación, en determinadas horas, subordinando, en todo caso, os demais consumos ó dos servizos públicos.

ARTIGO 45º.

No caso de interrupcións na subministración de auga ocasionadas por accidente de encanamentos ou obras necesarias, así como por casos fortuítos, o Concello exímese da obrigación de facer descontos, sempre que as ditas interrupcións non duren máis de seis días. Se se excedese este prazo farase un desconto proporcional ós interesados, reducindo a conta dos abonados que non consumisen o mínimo establecido.

ARTIGO 46º.

Toda interrupción do servizo imputable directa ou indirectamente ó abonado non será obxecto de desconto ningún, calquera que fose a súa duración.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Poderase proceder ó corte da subministración da auga cando existan indicios de anormal funcionamento ou de vertidos ou perdas de auga que prexudiquen ou afecten ó funcionamento do servizo, ou cando non fixesen efectivo o pagamento de 2 trimestres. Neste caso requiririase o pagamento dentro do prazo de DEZ DÍAS, con advertencia de que, de non facerse así, se cortará a subministración.

No suposto de reiteración de infraccións do artigo 8º, ou pola obstaculización á lectura do contador, a que fai referencia o artigo 5º, darase

conta ó xulgado por desobediencia ou obstaculización do funcionamento dun servizo público.

Para o non previsto nesta ordenanza teranse en conta as disposicións da Ordenanza fiscal xeral, así como as do regulamento do servizo de augas que poida aprobar o Concello, en todo o que non se refira propiamente a materia fiscal, así como, a Ordenanza para a exacción de taxas por licenzas urbanísticas, no que poida ser aplicable respecto de acometidas, e normas concordantes dela.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os artigos 10 a 46, ambos inclusive, desta Ordenanza fiscal, os cales teñen carácter regulamentario, quedarán derrogados coa aprobación do correspondente regulamento, o cal terá que efectuarse no próximo ano.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 28 de decembro de 2009, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2010. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009

ORDENANZA FISCAL NÚM. 110

TAXA POLA INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS.

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola inmobilización, retirada, depósito e custodia de vehículos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó prevido nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación dos seguintes servizos:

a) A recollida, traslado e depósito de vehículos da vía pública, de conformidade co disposto nos artigos 38.4 e 71 do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, sobre o tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 13/1992, do 17 de xaneiro, e normas regulamentarias municipais. Se o obrigado a isto non o fixese, evitando as molestias que produce o seu aparcamento, procederase á súa retirada e depósito no lugar que designe a autoridade competente, nos seguintes casos:

- Sempre que constitúa perigo ou cause graves pertubacións á circulación ou ó funcionamento dalgún servizo público e tamén cando poida presumirse racionalmente o seu abandono na vía.
- No caso de accidente que impida continuar a marcha.
- Cando fora inmobilizado por deficiencias daquel.
- Cando inmobilizado un vehículo, de acordo co disposto no artigo 67.1, parágrafo terceiro, do devandito Real decreto lexislativo 339/1990, o

infractor persistise na súa negativa a depositar ou garantir o pagamento do importe da multa.

Os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada á que se refire o presente punto serán por conta do titular, que deberá aboalos ou garantir o seu pagamento como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de recurso que o asiste e da posibilidade de repercutilos sobre o responsable do accidente, do abandono do vehículo ou da infracción que dese lugar á retirada, agás no caso de subtracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular.

b) A inmobilización por procedementos mecánicos de vehículos na vía pública, de conformidade co artigo 70 do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, sobre o tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, o cal establece que os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico poderán proceder á inmobilización do vehículo cando, como consecuencia do incumprimento dos preceptos desta lei, da súa utilización puidese derivarse un risco grave para a circulación, as persoas ou os bens; medida que será levantada inmediatamente despois de que desaparezan as causas que a motivaron; poderá tamén inmobilizarse o vehículo nos casos de negativa a efectuar as probas a que se refire o número 2 do artigo 12; Regulamento xeral de circulación aprobado polo Real decreto 13/1992, do 17 de xaneiro, e normas regulamentarias municipais.

c) A captura, traslado e depósito de vehículos, dende o lugar onde se atopen, que estean embargados pola Recadación Executiva.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

1. Serán suxeitos pasivos contribuíntes os conductores do vehículo obxecto do servizo. O titular do respectivo vehículo será, en todo caso, responsable subsidiario do pagamento da taxa, salvo no caso de utilización ilexítima por parte do conductor.

2. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42.1.a) e b) da Lei xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios tamén os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos,

sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da lei a que se refire o parágrafo anterior.

4. Nos casos de prestación do servizo a requirimento da Recadación Executiva, serán suxeitos pasivos os que sexan obxecto do expediente administrativo de constrinximento correspondente.

ARTIGO 4º. DEVENGO

1. A obriga de contribuír nacerá coa prestación dos servizos referidos no artigo 2.

2. Para que se considere a obriga de contribuír, abondará coa iniciación polos servizos municipais das operacions conducentes a isto.

ARTIGO 5º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se concederá exención ou bonificación ningunha no pagamento da taxa, salvo no suposto de que os titulares de vehículos abandonados na vía pública acrediten suficientemente a utilización ilexítima daqueles.

ARTIGO 6º. COTA

As taxas esixibles en cada caso serán as seguintes:

Epígrafe 1: pola retirada e traslado de cada vehículo:

A.- Motocicletas, motocarros e vehículos análogos:	39,00 €
B.- Turismos, furgonetas e similares con tonelaxe de ata 3.500 kg:	76,00 €
C.- Camións e autobuses:	153,00 €

No caso de que, iniciadas as operacións da grúa, se presentase o condutor do automóbil e retirase este, a tarifa reducirase nun 50%, que aboará no acto coa multa que procedese.

Epígrafe 2: depósito de vehículos:

A.- Motocicletas, motocarros e vehículos análogos.	
- Por media hora ou fracción:	0,30 €.
- Por 1 hora ou fracción:	0,45 €.
- Por día ou fracción:	4,65 €.
B.- Turismos, furgonetas e similares con tonelaxe de ata 3.500 kg.	
- Por media hora ou fracción:	0,50 €.
- Por 1 hora ou fracción:	1,00 €.
- Por día ou fracción:	9,20 €.
C.- Camións e autobuses.	
- Por media hora ou fracción:	1,20 €.
- Por 1 hora ou fracción:	2,00 €.
- Por día ou fracción:	23,00 €.

En calquera caso, aplicarase a cota máis favorable, xa sexa no cómputo por horas ou ben por días.

Epígrafe 3: inmobilización de vehículos por procedementos mecánicos:

O 50% das tarifas sinaladas no epígrafe 1.

Estas cotas considéranse sen Imposto sobre o valor engadido (IVE).

ARTIGO 7º. NORMAS DE XESTIÓN

Ningún vehículo retirado ou depositado de conformidade con algún dos casos enumerados no artigo 71 do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e normas regulamentarias municipais, será devolto ó seu reclamante lexítimo sen que se satisfixese previamente a taxa liquidada de acordo coa presente ordenanza e co Regulamento xeral de circulación aprobado polo Real decreto 13/1992, do 17 de xaneiro, sen prexuízo da súa devolución se posteriormente se declarase a improcedencia do cobramento.

ARTIGO 8º.

Unha vez retirado un vehículo, por abandono ou por calquera infracción tipificada na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria ou no Regulamento xeral de circulación, notificaráselle ó seu titular rexistral para que se faga cargo del, advertíndolle que, de non facelo no prazo concedido, se procedera na forma determinada para o dito suposto.

ARTIGO 9º.

O pagamento da taxa que regula esta ordenanza será compatible co pagamento das sancións ou multas que procedesen por infracción simultánea de normas de circulación ou de policía urbana.

ARTIGO 10º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo a infraccións tributarias nas súas distintas cualificacións, así como ás sancións que correspondan en cada caso, non previstas nesta ordenanza, haberá que aterse ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
CORRECCIÓN ERROS:	BOP núm. 12 do 16 de xaneiro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
CORRECCIÓN ERROS:	BOP núm. 30 do 7 de febreiro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008

ORDENANZA FISCAL NÚM. 111

TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ALUGUER DO CONTADOR DA AUGA

ARTIGO 1º. NATUREZA E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa pola prestación do servizo de aluguer do contador da auga, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 57 e 20.4 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

Está constituído polo aluguer de cada contador de auga instalado.

ARTIGO 3º. BASE DE GRAVAME.

Tomarase como base de gravame cada unidade.

ARTIGO 4º. TIPOS DE GRAVAME E COTAS

Polo aluguer de cada contador instalado, propiedade do Concello:

Ó trimestre:

Calibre de ata 20 mm:	2,60 €.
Calibre superior:	5,25 €.

As tarifas anteriores non inclúen a cota tributaria que resulte de aplicación á operación en concepto do IVE.

Todos os abonados que dispoñan de contador propiedade do Concello e que queiran eximirse do pagamento desta taxa, poderán adquirir este en

propiedade, tras o pagamento da cantidade de 9,15 €. Nas novas instalacións, o Concello non alugará contadores, xa que estes serán por conta do abonado, sen prexuízo da necesaria inspección dos servizos técnicos municipais.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 ó 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as demais normas concordantes do réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria, así como as normas da Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008

ORDENANZA FISCAL NÚM. 112

TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo do centro de día para persoas maiores na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constituirá o feito impoñible destas taxas a prestación do servizo de Centro de Día.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos, obrigados ó pagamento destas taxas, as persoas que asistan ó centro.

ARTIGO 4º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Agás o disposto en normas de rango legal ou tratados internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nestas taxas.

ARTIGO 5º. COTAS

Para os efectos de establecer as cotas que terá que achegar o usuario diferénciase entre prestación ordinaria do servizo (de luns a venres) e a prestación extraordinaria fóra da referida xornada (o chamado “respiro familiar”).

A) TÁBOA DE ACHEGA DO USUARIO PARA A PRESTACIÓN ORDINARIA DO SERVIZO

RENDA PERSOAL	**COTA PARA ABOAR**	
CUSTO MÁXIMO: 449,28 €/MES CUSTO MÁXIMO TRANSPORTE: 44,93 €/MES		
IGUAL OU INFERIOR 70% IPREM	EXENTO	
SUPERIOR Ó 70 % IPREM E INFERIOR OU IGUAL Ó 100 % IPREM	ATENCIÓN ASISTENCIAL EXENTO	TRANSPORTE 14,89 €/MES
SUPERIOR Ó 100 % IPREM E INFERIOR OU IGUAL Ó 110 % IPREM	25 % CUSTO	TRANSPORTE 14,89 €/MES
SUPERIOR Ó 110 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 120 % IPREM	28,75 % CUSTO	TRANSPORTE 14,89 €/MES
SUPERIOR Ó 120 % Ó E INFERIOR OU IGUAL 130 % IPREM	32,5 % CUSTO	TRANSPORTE 14,89 €/MES
SUPERIOR Ó 130 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 140 % IPREM	36,25 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 140 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 150 % IPREM	40 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 150 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 160 % IPREM	43,75 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 160 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 170 % IPREM	47,5 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 170 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 180 % IPREM	51,25 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 180 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 190 % IPREM	55 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 190 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 200 % IPREM	58,75 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 200 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 210 % IPREM	62,5 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 210 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 220 % IPREM	66,25 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 220 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 230 % IPREM	70 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 230 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 240 % IPREM	73,75 % CUSTO	

SUPERIOR Ó 240 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 250 % IPREM	77,5 % CUSTO
SUPERIOR Ó 250 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 260 % IPREM	81,25 % CUSTO
SUPERIOR Ó 260 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 270 % IPREM	85 % CUSTO
SUPERIOR Ó 270 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 280 % IPREM	88,75 % CUSTO
SUPERIOR Ó 280 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 290 % IPREM	92,5 % CUSTO
SUPERIOR Ó 290 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 300 % IPREM	96,25 % CUSTO
SUPERIOR Ó 300 % IPREM	100 % CUSTO

B) TÁBOA DE ACHEGA DO USUARIO PARA A PRESTACIÓN EXTRAORDINARIA DO SERVIZO (“RESPIRO FAMILIAR”)

RENDA PERSOAL	**COTA PARA ABOAR**
CUSTO MÁXIMO: 106,13 €/MES (*)	
IGUAL OU INFERIOR 100% IPREM	EXENTO
SUPERIOR Ó 100 % IPREM E INFERIOR OU IGUAL Ó 110 % IPREM	25 % CUSTO
SUPERIOR Ó 110 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 120 % IPREM	28,75 % CUSTO
SUPERIOR Ó 120 % Ó E INFERIOR OU IGUAL 130 % IPREM	32,5 % CUSTO
SUPERIOR Ó 130 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 140 % IPREM	36,25 % CUSTO
SUPERIOR Ó 140 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 150 % IPREM	40 % CUSTO
SUPERIOR Ó 150 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 160 % IPREM	43,75 % CUSTO
SUPERIOR Ó 160 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 170 % IPREM	47,5 % CUSTO
SUPERIOR Ó 170 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 180 % IPREM	51,25 % CUSTO
SUPERIOR Ó 180 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 190 % IPREM	55 % CUSTO
SUPERIOR Ó 190 % E INFERIOR OU	58,75 % CUSTO

IGUAL Ó 200 % IPREM	
SUPERIOR Ó 200 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 210 % IPREM	62,5 % CUSTO
SUPERIOR Ó 210 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 220 % IPREM	66,25 % CUSTO
SUPERIOR Ó 220 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 230 % IPREM	70 % CUSTO
SUPERIOR Ó 230 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 240 % IPREM	73,75 % CUSTO
SUPERIOR Ó 240 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 250 % IPREM	77,5 % CUSTO
SUPERIOR Ó 250 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 260 % IPREM	81,25 % CUSTO
SUPERIOR Ó 260 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 270 % IPREM	85 % CUSTO
SUPERIOR Ó 270 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 280 % IPREM	88,75 % CUSTO
SUPERIOR Ó 280 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 290 % IPREM	92,5 % CUSTO
SUPERIOR Ó 290 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 300 % IPREM	96,25 % CUSTO
SUPERIOR Ó 300 % IPREM	100 % CUSTO

(*) A cota establecida pola prestación extraordinaria do servizo corresponde ó incremento da prestación ordinaria nunha única xornada semanal, de xeito que no caso de aumentar o número de xornadas extraordinarias incrementarase a cota proporcionalmente.

Para o cálculo da cota terase en conta o importe da renda persoal dos usuarios/as do servizo, a ditos efectos terase en conta:

A capacidade económica das persoas usuarias do servizo centro de día **calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, o seu patrimonio**. Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes: cónxuxe ou parella de feito, e os ascendentes ou fillos /as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade que dependesen economicamente do solicitante.

A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario e os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.

A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 ós 65 anos e dun 1% ós menores de 35 anos.

Para o cómputo do patrimonio estarase ó disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio incluído a vivenda habitual e ata o límite que determine a lexislación sobre o patrimonio aplicable.

Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida así

como a declaración responsable do patrimonio cumprimentada polo usuario/a ou o seu representante.

ARTIGO 6º. DEVENGO E INGRESO

- As taxas reguladoras na presente ordenanza devengaranse no momento en que se outorgue a prestación do servizo.

- O pagamento das taxas realizarase a trimestre vencido, prorrateándose por días naturais cando a alta ou a baixa no servizo non se corresponda co primeiro ou co último día do período. O pagamento realizarase por domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

-O departamento de Benestar Social remitiralle á oficina de Recadación a relación mensual de usuarios con especificación dos datos bancarios de domiciliación e os correspondentes recibos, así como o informe sobre as cotas que deben ser anuladas.

- En caso de utilizarse o Centro de Día a media xornada aboarase o 50 % da cota xirada en concepto de atención asistencial, e que lle correspondería se fixera uso do servizo completo, máis o 100% da cota xirada en concepto de transporte no caso de estar de alta neste concepto.

- O pagamento da cota, no caso de usuarios a xornada completa, realizarase na súa totalidade independentemente da non utilización do servizo de manutención durante todo o mes, e da utilización ou non do servizo de transporte no caso de estar de alta neste concepto.

- En caso da non-utilización do transporte nalgún dos traxectos (ida ou volta) aboarase igualmente a cota mínima establecida para o transporte.

- O pagamento da cota realizarase na súa totalidade en concepto de reserva de praza por ausencias voluntarias e nos supostos de ausencias temporais.

- Nos casos de ausencias obrigadas, sempre que se xustifiquen debidamente, o usuario estará exento do pagamento no correspondente ó primeiro mes.

- Será causa de suspensión temporal do servizo o non pagamento, sen causa xustificada, dunha cota das taxas xiradas pola prestación do servizo.

- Será causa de extinción do servizo o non pagamento, sen causa xustificada, de dúas cotas consecutivas das taxas xiradas pola prestación do servizo.

ARTIGO 7º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza será de aplicación a Ordenanza fiscal xeral, Lei xeral tributaria e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 8º. NORMAS ADICIONAIS

Para o aproveitamento do servizo deberá estarse ó disposto na Ordenanza reguladora do funcionamento dos Centro de Día pertencentes ós Servizos Sociais do Concello de Lugo ou ben no Regulamento do servizo no caso de prestarse de xeito indirecto.

ARTIGO 9º. DISPOSICIÓNS FINAIS

1. No non previsto nesta ordenanza fiscal será de aplicación a Ordenanza fiscal xeral e a Lei xeral tributaria.

2. A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 5 de novembro de 2001 e 8 de novembro de 2010, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2011. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Vista instrución número 0/2010 da Dirección Xeral de Dependencia que permite que aqueles recursos de titularidade municipal ou privada que teñan as autorizacións regulamentarias para a prestación de servizos sociais sexan susceptibles de libranzas vinculadas, e requirido informe a Comunidade Autónoma no que se clarifique este extremo procede non modificar a actual ordenanza fiscal á espera de ver como se desenvolve a normativa autonómica.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004

MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2010

ORDENANZA FISCAL NÚM. 113

TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MATADOIRO E CARREXO DE CARNES

ARTIGO 1º. CONCEPTO E OBXECTO

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo de matadoiro e carrexo de carnes na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGO

Están obrigados ó pago da taxa regulada nesta ordenanza fiscal, quen se beneficie do servizo, prestado polo Concello, a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3º. TARIFAS

A contía destas taxas regularase segundo a seguinte tarifa:

a) SACRIFICIO DE RESES

- Reses vacúas ou equinas:	0,17 €/quilo
- Reses porcinas:	0,15 €/quilo
- Reses ovinas:	2,45 €/res

b) TRANSPORTE

- Reses vacúas, equinas e porcinas:	0,06 €/quilo/canal
- Ovino sacrificado:	0,73 €/res

ARTIGO 4º. OBRIGACIÓN E FORMA DE PAGO

1. A obrigación de pago da taxa regulada nesta ordenanza, nace dende que se realice o servizo.

2. A cobranza realizarase directamente polo concesionario do servizo.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza fiscal, será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as demais normas concordantes de rexime local, e subsidiariamente os artigos 6 a 23 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, así como os preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria.

Tamén serán de aplicación directa os preceptos pertinentes da Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 5 de novembro de 2001 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008

ORDENANZA FISCAL NÚM. 114

TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MERCADO

ARTIGO 1º. CONCEPTO E OBXECTO

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo de mercado na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 20.4 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

1.2. Serán obxecto desta exacción:

a) A concesión e traspaso de postos fixos na praza e mercado de abastos, en todo o non regulado na normativa ditada polo Concello de Lugo ou rango superior.
b) As de almacéns de sotos na dita praza, para venda directa ou sen ela.
c) As de postos fixos interiores e exteriores no Mercado da rúa L. Quiroga Ballesteros.
d) A ocupación temporal de postos no mercado e na praza de abastos.
e) Entrada de camións no Mercado e praza de Abastos.
f) Almacenaxe en locais da praza de Abastos e Mercado e locais similares, con exclusión de sotos da praza.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGO

1. A obrigación de pago da taxa regulada nesta ordenanza fiscal nace dende que se presta o servizo.

2. Estarán obrigados ó pago as persoas naturais ou xurídicas ás que sexa outorgada a concesión ou licenza para ocupación de postos ou para o seu traspaso, así como as que utilicen calquera dos demais servizos suxeitos a taxa.

ARTIGO 3º.

1.- Tomarase como base de gravame:

a) POSTOS

A localización, destino e superficie deles, así como calquera outra circunstancia que, a xuízo da Alcaldía, tras o informe do servizo, deba terse en conta.

b) ALMACÉNS EN SOTOS:

A unidade.

c) ENTRADA DE CAMIÓNS:

O número de actos sometidos a gravame.

d) ALMACENAXE FÓRA DOS SOTOS:

O quilo de mercancías e día de ocupación.

TARIFAS

PRAZA DE ABASTOS E MERCADO DE QUIROGA BALLESTEROS

a) POSTOS FIXOS:

Por m^2 e mes:	12,80 €

Pola reserva de mesas ou mostradores, ó mes 12,25 € e ó día 1,45 €.

b) CÁMARAS FRIGORÍFICAS:

Por m^2 e mes:	4,35 €

c) ALMACÉNS:

Por m^2 e mes:	2,33 €

d) POSTOS DO MERCADO TRADICIONAL:

Por m^2 e día:	1,00 €
Mercado especial das flores e de Nadal, por pedra ou m^2 e día:	5,00 €

No caso de que se autoricen obras de peche para algún posto, dende o momento en que estas obras se realicen, pasarán a tributar o mesmo que aqueles postos pechados que teñan as súas mesmas características.

ARTIGO 4º. DEVENGO

1. Cando se trate de postos fixos, ou de ocupación temporal, as taxas devengaranse por períodos mensuais e serán irredutibles.

2. Para os postos do mercado tradicional con dereito a reserva o devengo será diario.

3. A taxa pola entrada de camións devengarase diariamente.

4. A taxa pola almacenaxe fóra dos sotos devengarase, así mesmo, diariamente.

ARTIGO 5º. PROCEDEMENTO DE PAGAMENTO

1. Os importes mensuais por canon da concesión de postos fixos e de almacéns en sotos terán que ser satisfeitos dentro do mes que se liquida.

2. As cantidades liquidadas diariamente ou as devengadas por cada utilización cobraranse polo funcionario encargado, que diariamente presentará relación con duplicado de xustificante de pagamento na Tesourería municipal para a formalización regulamentaria dos ingresos ou polos medios de pago que estableza o Concello.

ARTIGO 6º.

Os concesionarios que deixen transcorrer tres meses sen facer efectivas as cantidades polo canon de referencia cesarán na concesión, coa perda de todos os dereitos derivados dela, e satisfarán o descuberto a conta do depósito a que se refire o artigo seguinte.

ARTIGO 7º. GARANTÍAS

Para responder do pago puntual do canon mensual da concesión, o titular desta deberá constituír na Tesourería municipal un depósito en metálico de contía equivalente a tres mensualidades, incrementada nun 10%.

ARTIGO 8º.

A devolución dos depósitos, cando proceda, efectuarase a petición do interesado, tralo informe do funcionario encargado da praza ou mercado, con proposta do Servizo de Facenda Local, visada por Intervención, e resolución da Alcaldía.

ARTIGO 9º. DAS CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS

1. Correspóndelle ó Excmo. Concello de Lugo, a cesión da explotación dos postos fixos a particulares, mediante a fórmula de concesión administrativa.

2. Os postos fixos determínanse do seguinte xeito:

a) PRAZA DE ABASTOS: postos pechados, postos abertos e almacéns de sotos.

b) MERCADO DE QUIROGA L. BALLESTEROS: postos interiores e postos exteriores.

ARTIGO 10º.

1. A adxudicación de postos fixos na praza e no mercado, e dos almacéns dos sotos efectuarase polos trámites das concesións administrativas fixados regulamentariamente nos textos legais. Para tal efecto, o órgano competente aprobará os pregos de condicións técnicas e económico-administrativas que rexerán estas, coas publicacións regulamentarias dentro da oferta pública anual de postos.

ARTIGO 11º.

1. Os concesionarios poderán propoñerlle ó Concello o cambio de titularidade da concesión por actos “inter vivos”, sempre dentro das condicións do contrato de concesión administrativa. A Administración municipal terá a

liberdade para acceder ou non á devandita solicitude no caso de cambio de actividade.

2. Non poderán ser beneficiarios de traspasos aquelas persoas que, malia teren sido titulares ou concesionarios de postos, perderan os seus dereitos por sancións.

3. En caso de traspaso, con excepción dos casos estipulados no anterior artigo, o novo titular terá que satisfacer, por unha vez, unha cantidade equivalente a un ano do canon establecido para o dito posto. En calquera caso, outorgarase a oportuna autorización, na que se fará constar que o prazo será o mesmo que o establecido para a primeira concesión na que se subroga o novo titular, ou das súas prórrogas. Así mesmo, o novo titular constituirá o depósito correspondente sinalado na ordenanza fiscal vixente, excepto nos casos por traspasos aludidos no anterior artigo que continuarán co depósito anterior.

Non se procederá á autorización do traspaso se o anterior titular non está ó corrente dos pagos do canon concesionario.

ARTIGO 12º. DA CADUCIDADE, RESCISIÓN E RESCATE.

A concesión caducará tralo transcurso do prazo de 35 anos ou das súas prórrogas.

ARTIGO 13º.

Todos os almacéns fixos sobre os que non exista concesión en vigor, poderán ser cedidos a quen o solicite, con carácter provisional, mediante solicitude ó Concello.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

1. Para o non previsto expresamente neste texto será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as demais normas concordantes de réxime local, especialmente as relativas a contratación, bens e servizos das entidades locais.

Subsidiariamente, a lexislación estatal sobre contratación, e os artigos 6 a 23 da Lei 8/1989, de taxas e prezos públicos, así como os preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria.

2. Especialmente terase en conta a aplicación directa dos preceptos da Ordenanza fiscal xeral e as normas do Regulamento do servizo de mercados aprobado polo Excmo. Concello Pleno.

3. Os contratos particulares de concesión subscritos para os postos rehabilitados da praza de Abastos e mercado de Quiroga Ballesteros, aplicaranse con carácter preferente.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 5 de novembro de 2001 e do 8 de novembro de 2010, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2011. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2010

ORDENANZA FISCAL NÚM. 115

TAXAS POLA UTILIZACIÓN DE VEHÍCULOS, INSTALACIÓNS MÓBILES E EFECTOS DE PROPIEDADE MUNICIPAL

ARTIGO 1º. CONCEPTO E OBXECTO

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola utilización de vehículos, instalacións móbiles e efectos de propiedade municipal na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó prevido nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR E OBRIGADOS Ó PAGAMENTO

1. A obriga de contribuír nacerá dende o momento da autorización dos expresados servizos polas persoas ou entidades interesadas.

2. Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza fiscal os beneficiarios dos servizos prestados polo Concello, a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3º. BASE DE GRAVAME

a) Para os vehículos e material para obras en xeral:

- A clase do vehículo ou equipo e o tempo de utilización.

b) Para a utilización da estructura metálica municipal:

- O metro lineal e, se é o caso, o metro cadrado e os días de utilización.

c) Para os mastros e bandeiras:

- As unidades facilitadas e os días de utilización.

d) Para a comparsa de xigantes e cabezudos:

- As unidades facilitadas e os días de utilización.

ARTIGO 4º. CONTÍA

A contía da taxa será a que corresponda á seguinte tarifa (IVE incluído):

A) VEHÍCULOS E MAQUINARIA SERVIZO OBRAS

	Hora ou fracción
Pala mixta reto-escavadora:	41,15 €
Pala frontal cargadora:	59,00 €
Rodete-compactador 2.000 kg:	29,70 €
Rodete-compactador 8.000 kg:	44,70 €
Equipo mixto de rega:	56,15 €
Camión con bituminadora asfáltica:	38,25 €
Camión con comporta para soltar grava miúda:	33,25 €
Camión-grúa:	34,70 €
Camión de transporte (7.000 kg):	28,25 €
Dumper 1.500 kg con cabina:	23,95 €
Dumper obra “chimpín”:	18,95 €
Dumper-pa (2.500 kg):	29,00 €
Compresor, con mangueiras e martelo:	18,95 €
Formigoneira:	14,65 €
Camión con brazo hidráulico e cesta dos servizos eléctricos:	77,65 €
Land-Rover:	28,25 €

B) LIMPEZA E REDE DE SANEAMENTO

Equipo mixto limpeza rede de saneamento:	114,25 €
Camións do servizo de recollida de lixo: por horas de utilización incluíndo un percorrido máximo de 15 km:	44,00 €

C) CUSTO PERSOAL SERVIZO DE OBRAS:

Aplicarase en casos especiais non suxeitos a traballos con prezos unitarios establecidos.

	VALOR HORA	VALOR HORA EXTRA
Xefe de Servizo:	17,04 €	29,82 €
Encargado:	6,99 €	12,22 €
Oficial:	6,61 €	11,56 €
Operario:	6,24 €	10,91 €

ARTIGO 5º. LIQUIDACIÓN E COBRANZA

1. As cantidades resultantes, segundo a nota do persoal ó cargo do material de que se trate, determinaranse por liquidación que, practicada pola Administración de Facenda Local e visada por Intervención, será aprobada pola Alcaldía ó mesmo tempo que a prestación do servizo de que se trate.

2. O importe da liquidación ingresarase por anticipado na Tesourería na forma propia das exaccións que se recadan por ingreso directo.

ARTIGO 6º. EXENCIÓNS

No se concederá beneficio tributario ningún.

ARTIGO 7º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. No caso de neglixencia que motive subtraccións ou danos que non sexan consecuencia da utilización normal do equipo, o solicitante deberá reembolsar ó Concello os gastos de reposicións e reparacións.

2. Fóra do soposto anterior, só caben infraccións polo incumprimento das súas obrigacións por parte dos funcionarios responsables. Neste caso estarase ás normas da Ordenanza fiscal xeral, sen prexuízo da imposición das sancións administrativas procedentes.

ARTIGO 8º. PARTIDAS FALIDAS

Dado o pagamento por anticipado das cotas, non caben declaracións de partidas falidas.

ARTIGO 9º. NORMAS XERAIS

A utilización dos vehículos, equipo para obras, instalacións móbiles e efectos enumerados nesta ordenanza solicitarase por escrito ó Ilmo. Sr. Alcalde, o mesmo que a prórroga da dita utilización. Nun e noutro caso especificaranse os días nos que se utilizará o material.

ARTIGO 10º.

A Alcaldía logo do informe do servizo correspondente concederá ou non a utilización solicitada.

ARTIGO 11º.

Corren a cargo do usuario a responsabilidade e gastos de almacenamento e vixilancia do material.

Para a esixencia de responsabilidades estarase ó disposto no art. 7-1º deste texto.

ARTIGO 12º.

As condicións técnicas para o traballo da maquinaria e o seu traslado serán fixadas polos técnicos municipais a cargo dela.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 ó 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as demais normas concordantes de réxime local, e subsidariamente os artigos 6 e 23 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, así como os preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria.

Tamén serán de aplicación directa os preceptos pertinentes da Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 5 de novembro de 2001 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008

ORDENANZA FISCAL NÚM. 116

TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS ESCOLAS INFANTÍS (0-3 ANOS) MUNICIPAIS

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación de servizos nas Escolas Infantís (0-3 anos) municipais na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGO

Están obrigados ó pagamento desta taxa os usuarios ou beneficiarios dos respectivos servizos.

ARTIGO 3º. CONTÍA

A contía que corresponde aboar pola prestación dos servizos a que se refire esta ordenanza determinarase segundo a cantidade fixa ou en función dos elementos ou factores que se indican:

1.- Ata o 31 de agosto:

Renda “per capita” mensual	Cota mensual
De 0 a 147,23 €	Exento
De 147,24 a 245,40 €	22,85 €
De 245,41 a 368,10 €	57,40 €
De 368,11 a 490,80 €	91,85 €
De 490,81 a 739,20 €	143,55 €
De 739,21 € en adiante	160,75 €

2.- Dende o 1 de setembro:

Renda “per capita” mensual	Cota mensual
De 0 a 147,23 €	Exento
De 147,24 a 245,40 €	22,85 €
De 245,41 a 368,10 €	57,40 €
De 368,11 a 490,80 €	91,85 €
De 490,81 a 739,20 €	143,55 €
De 739,21 € en adiante	160,75 €

ARTIGO 4º. OBRIGA DE PAGAMENTO.

A obriga de pagamento nace en xeral dende que se inicie a prestación do servizo.

ARTIGO 5º. DOMICILIACIÓN DE PAGAMENTO

Para os efectos de cobro, os/as usuarios/as que utilicen este servizo terán a obriga de presentar unha conta bancaria ó seu nome, onde se cargarán por adiantado entre os cinco primeiros días de cada mes os recibos correspondentes a cada mensualidade.

ARTIGO 6º. INCIDENCIAS

1.- A inasistencia da/o usuaria/o durante un período determinado, mentres non se formalice a baixa correspondente, non supón redución ningunha nin exención do pagamento da taxa establecida coas seguintes excepcións:

a) Cando o neno ou a nena por motivos de saúde debidamente documentado deixe de asistir a Escola temporalmente estará exento de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de comenzo do período de ausencia. Esta suspensión temporal durará ata o día primeiro do mes natural en que a/o usuaria/o se reincorpore ó centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente ó dito mes reducirase nun 50%.

b) Nos supostos de solicitudes formuladas fóra do prazo de matriculación por circunstancias sobrevidas debidamente xustificadas, o aboamento da taxa será dende o mes en que se lle concede a praza.

c)Tódolos/as usuarios/as aboarán a contía de once mensualidades por curso escolar, de setembro a agosto, coa excepción do mes dedicado as vacacións anuais dos/as usuarios/as.

d) Ó longo do curso poderase proceder á revisión do prezo fixado inicialmente, cando concorran variacións non ingresos, que supoñan unha diminución ou incremento de máis do 20% no cómputo anual fronte aos declarados na solicitude ou reserva de praza, variacións que deberán ter unha duración dun mínimo de 4 meses para ser tidas en conta.

ARTIGO 7º. BONIFICACIÓNS

1.- Establécese unha bonificación do 20 por cento na cota mensual a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, segundo o concepto establecido no artigo 2 da Lei de protección de familias umerosas, do 18 de novembro de 2003.

Esta bonificación ten carácter rogado polo que a súa concesión requirirá, en todo caso, solicitude previa do interesado e acto administrativo expreso favorable a esta.

A solicitude de concesión desta bonificación deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello mediante escrito firmado polo suxeito pasivo, aportando a seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade do solicitante.
- Título de familia numerosa.
- Fotocopia compulsada do Libro de Familia.

2.- Establécese unha bonificación do 20 por cento por cada neno/a na cota mensual a favor daqueles suxeitos pasivos que teñan dous ou máis fillos matriculados na Escola Infantil Municipal. Esta bonificación será do 30 por cento se se trata de fillos dun parto múltiple.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As contías reguladas no punto 1 do artigo 3 aplicaranse ata o 31 de agosto do presente ano, e as reguladas no punto 2 do devandito artigo dende o 1 de setembro en adiante.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza fiscal será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as demais normas concordantes de réxime local, e subsidiarimante os artigos 6 a 23 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria. Tamén serán de aplicación directa os preceptos pertinentes da Ordenanza fiscal xeral así como o Regulamento de Réxime Interno da Gardería Infantil Municipal "Serra de Outes", publicado no BOP de 31 de marzo de 1998, e o Regulamento da Escola Infantil Municipal Gregorio Sanz, publicado no BOP de 19 de maio de 2010.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 5 de novembro de 2001 e do 8 de novembro de 2010, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2011. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 97 do 30 de abril de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2010

ORDENANZA FISCAL NÚM. 117

TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR PARTE DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS.

ARTIGO 1º. CONCEPTO

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar por parte dos servizos sociais municipais na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. Todo isto con base na Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as persoas en situación de dependencia (BOE nº 299 do15 de decembro de 2006), e demais normativa estatal de desenvolvemento, así como a normativa de carácter autonómico, Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestións das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 246, do 21 de decembro de 2007).

3. No non previsto neste baremo e programación anual haberá que aterse ó disposto na nova Orde autonómica, Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar así como pola ordenanza municipal reguladora do servizo.

ARTIGO 2º. OBRIGA DE PAGAMENTO DO SERVIZO

1. Estarán obrigados ó pagamento os usuarios do servizo municipal de axuda no fogar na contía que resulte de aplicación segundo a presente taxa, tendo en conta que o pagamento é unha contribución ó custo do servizo recibido e ós

ingresos do usuario; a concesión do servizo prodúcese en aplicación do baremo de acceso, que ten en conta os criterios técnicos ademais dos económicos.

2. Para a determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo, terase en conta:

A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar **calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, o seu patrimonio**. Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes: cónxuxe ou parella de feito, e os ascendentes ou fillos /as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade que dependesen economicamente do solicitante.

A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario e os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.

A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 ós 65 anos e dun 1% ós menores de 35 anos.

Para o cómputo do patrimonio estarase ó disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de

contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio incluído a vivenda habitual na que se preste o servizo e ata o límite que determine a lexislación sobre o patrimonio aplicable.

Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida así como a declaración responsable do patrimonio cumprimentada polo usuario/a ou o seu representante.

ARTIGO 3º. CONTÍA

Os criterios para determinar a contía do servizo estará determinada por:

a) duración do servizo concertado.

b) Capacidade económica das persoas usuarias, a cal se calculará segundo se establece no artigo anterior, en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio.

c) Cota a pagar.

Fíxase un prezo/hora (custe do servizo) de: 15,55 €/hora

Sobre dito prezo aplicaranse as seguintes porcentaxes:

CAPACIDADE ECONÓMICA	PORCENTAXE A COBRAR
IGUAL OU INFERIOR Ó IPREM	EXENTO
SUPERIOR Ó 100% DO IPREM E INFERIOR OU IGUAL Ó 200% DO IPREM	10%
SUPERIOR Ó 200% DO IPREM E INFERIOR OU IGUAL Ó 300% DO IPREM	20%
SUPERIOR Ó 300% DO IPREM E INFERIOR OU IGUAL Ó 400% DO IPREM	40 %

SUPERIOR Ó 400% DO IPREM E INFERIOR OU IGUAL Ó 500% DO IPREM	60%
SUPERIOR Ó 500% DO IPREM	65%

A cota mensual que haberá que pagar será a cantidade resultante de multiplicar o número de horas de prestación do servizo polo resultado de aplicar a porcentaxe ó prezo/hora.

A intensidade do SAF computase en número de horas mensuais de servizos prestados de xeito que, naqueles casos que a atención do usuario requira da presenza de 2 auxiliares de axuda no fogar, previo informe da traballadora social e coa conformidade do usuario, procederase o sumatorio do tempo prestado por cada un dos profesionais ó efectos de non superar a intensidade do servizo establecido.

ARTIGO 4º. PROCEDEMENTO DE PAGAMENTO

O pagamento do servizo efectuarase a trimestre vencido. O non pagamento de dúas cotas consecutivas determinará a interrupción do servizo e será causa de extinción o non pagamento de tres cotas consecutivas.

ARTIGO 5º. NORMAS ADICIONAIS.

1. Para gozar do servizo é condición indispensable que o usuario estea empadroado no Concello de Lugo cunha antigüidade mínima de tres anos. Esta condición poderá obviarse no caso de persoas empadroadas no municipio que acolleran a familiares residentes noutros concellos por circunstancias sociais, que valorarán os técnicos municipais no momento de formular a proposta correspondente.

2. O solicitante do servizo, unha vez avaliada a situación polos técnicos municipais, deberá concertar co Departamento de Benestar Social os obxectivos, programación, actividades e outros aspectos que establezan os traballadores sociais deste.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 5 de novembro de 2001 e do 8 de novembro de 2010, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e

comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2011. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2010

ORDENANZA FISCAL NUM. 118

TAXA POLO VERQUIDO DE AUGAS RESIDUAIS PROCEDENTES DE CISTERNAS NA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS (EDAR)

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas polo verquido de augas residuais procedentes de cisternas na EDAR, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 20.4 e 57 da do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación dos servizos de recollida, análise, tratamento e depuración de residuos na Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR).

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas que inicien a prestación dos servizos referidos no artigo 2º co depósito de verquidos de residuos na EDAR.

ARTIGO 4º. CONTÍA

1.- Residuos orgánicos asimilables a fosas sépticas de orixe domiciliario:

A contía da taxa será de 17,49 € por m^3 de carga contaminante dos residuos, sen que en ningún caso a contía poida ser inferior a 33,36 €.

2.- Residuos orgánicos de orixe industrial, animal ou mestura de diversas fraccións de residuos:

A contía da taxa calcularase baseándose na seguinte expresión:

PT = C * PF

Sendo:

PT: Prezo total
C: Carga contaminante
PF: Custo fixo asociado a cada m^3 de residuo vertido por tratamento de depuración. Será de 0,3972092 € por m^3.

O cómputo da carga contaminante dos residuos determinarase segundo a seguinte fórmula:

$$C = (0.5*SS/200+0,5*DQO/500)*F*Q$$

Sendo:

C: Carga contaminante total.
SS: Sólidos en suspensión (mg/l).
DQO: Demanda química de osíxeno (mg/l).
F: Factor corrector en función do tipo de actividade considerada.
Q: Volume de residuo vertido.

Os valores de DQO e SS serán obtidos dunha mostra do vertido tomada na recepción da cisterna en planta.

No anexo á presente ordenanza recóllese a clasificación de actividades que permite determinar o valor de F segundo a táboa seguinte:

F = 0,50 para actividades da clase I.
F = 1,00 para actividades da clase II.
F = 1,50 para actividades da clase III.
F = 2,00 para os residuos procedentes de lugares localizados fóra do termo municipal.

ARTIGO 5º. DEVENGO E INGRESO

1.- A taxa devengarase cando se inicie a prestación do servizo coa recepción dos verquidos de residuos na EDAR.

2.- O pagamento das taxas realizarase trimestralmente, mediante liquidación realizada polo Servizo de Facenda Local con base no informe da EDAR no que se indiquen os datos do suxeito pasivo e os valores necesarios para o cálculo da carga contaminante total.

ARTIGO 6º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Quedan exentos de pagamento os verquidos procedentes do servizo de limpeza da rede pública de sumidoiros realizados pola empresa adxudicataria do dito servizo.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 27 de decembro de 2005 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008

ANEXO Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLO VERQUIDO DE AUGAS RESIDUAIS PROCEDENTES DE CISTERNAS NA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS (EDAR).

Clasificación de actividades.

Esta clasificación afectará ás empresas en función da súa actividade con máis repercusión sobre as augas residuais. A adscrición do verquido a unha determinada clase de actividade realizaraa o persoal técnico da EDAR municipal, atendendo á procedencia do verquido, reflectida no parte de entrega do produtor ó transportista ou xestor autorizado que verta o residuo na EDAR.

CLASE I

151	Produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica.
152	Fabricación e distribución de gas.
153	Produción e distribución de auga quente.
161	Captación, depuración e distribución por tubo de auga para núcleos urbanos.
223	Fabricación de tubo de aceiro.
246	Fabricación de vidro plano, oco, técnico, fibra de vidro, manipulado do vidro.
311	Fundición de pezas.
312	Forxado, estampado, embutición, cuñaxe, corte e repulsado.
314	Carpintería metálica, estruturas metálicas.
315	Construción de grandes depósitos e caldeirería grosa.
316	Fabricación de ferramentas manuais e agrícolas, artigos de ferraxería e cerrallaría, parafusaría e artigos derivados do arame, artigos metálicos de enxoval, cociñas, etc., non eléctricas, mobiliario metálico, de recipientes e envases metálicos, armas lixeiras e municións, etc.
319	Mecánica en xeral (transformación de metais con máquina-ferramenta) e talleres mecánicos en xeral, de soldadura, etc.
32	Construción de máquinas agrícolas, máquinas para traballar os metais, a madeira, etc., máquina-ferramenta, máquinas téxtiles, de fundición, etc., fabricación de engrenaxes, cadeas de transmisión, maquinaria elevación, rodamentos.
330	Construción de máquinas de oficina e ordenadores.

34	Fabricación de fíos e cables eléctricos, material eléctrico e equipamentos, excepto fabricación de pilas e acumuladores, fabricación de contadores e aparellos a medida, electrodomésticos, lámpadas e material de iluminación.
35	Fabricación de aparellos de equipo telefónico e telegráfico, aparellos de radiocomunicación e televisión, aparellos electromédicos, profesionais e científico, etc., compoñentes electrónicos e circuítos integrados.
36	Construción e montaxe de vehículos automóbiles e os seus motores, carrocerías, remolques, etc.
38	Construción, reparación e mantemento de material ferroviario, aeronaves, bicicletas, motocicletas, etc.
39	Fabricación de instrumentos de precisión, medida e control, material médico-cirúrxico, equipos ópticos e fotográficos, reloxos, etc.
41	Fabricación de aceite de oliva, extracción de aceites de sementes oleaxinosas, extracción de aceites de graxas animais, refinado e hidroxenado doutros corpos graxos, obtención de margarina e graxas alimenticias.
413	Sacrificio de gando, preparación e conservas de carne e incubado de aves.
414	Industrias lácteas.
415	Fabricación de xogos e conservas vexetais.
416	Fabricación de conservas vexetais e outros produtos.
417	Fabricación de produtos de moedura.
418	Fabricación de pastas alimenticias.
419	Industria do pan, pastelería e galletas.
42	Industria do cacao e chocolate, elaboración de produtos de confeitería, produtos para a alimentación animal (pensos). Elaboración de café, té e sucedáneos, de sopas preparadas, extractos e condimentos, de produtos dietéticos e de réxime, etc.
420	Industria do azucre.
424	ndustria de alcohois etílicos de fermentación.
425	Industria vinícola.
426	Sidrerías.
427	Fabricación de cervexa e malte.
428	Industrias da auga mineral, augas gaseadas e outras bebidas alcohólicas.
429	Industrias do tabaco.
451	Fabricación en serie do calzado e do calzado de artesanía.

46	Serrado e preparación industrial da madeira. Fabricación de produtos semielaborados de madeira (chapas, taboleiros, etc.). Fabricación en serie de pezas de carpintería, parqué, etc. Fabricación de envases e embalaxes de madeira, de obxectos de madeira, de produtos de cortiza, artigos de xunco, cana, cestería, etc. De mobiliario de madeira para o fogar, escolar, de oficina, ataúdes.

CLASE II

121	Prospección de petróleo e gas natural.
122	Extracción e distribución de derivados do petróleo.
123	Extracción, depuración e distribución de gas natural.
124	Extracción de lousas bituminosas.
211	Extracción e preparación de minerais de ferro.
212	Extracción e preparación de minerais non férreos.
221	Siderurxia integral.
222	Siderurxia non integral.
224	Trefilaxe, estirado, perfilado, laminado en frío do aceiro.
241	Fabricación de produtos de terras cocidas para a construción, excepto artigos refractarios.
242	Fabricación de cementos, cales e xesos.
243	Fabricación de materiais de construción en formigón, cemento, xeso, escaiola e outros.
316	Fabricación de mobiliario metálico con fosfatado. Fabricación de armas lixeiras con pavonado.
431	Industria do algodón, fiado e tecido de algodón.
432	Preparación de fibras de la, fiado, retorcido e tecido de la e mesturas.
433	Industrias da seda natural e as súas mesturas.
434	Industrias das fibras duras e as súas mesturas.
435	Fabricación de xéneros de punto en peza, fabricación de calcetaría, prendas interiores e exteriores.
436	Acabados téxtiles.
437	Fabricación de alfombras, tecidos impregnados.
439	Outras industrias téxtiles.
442	Fabricación de artigos de marroquinería e viaxe, guantes de pel, outros artigos de coiro.
468.5	Actividades anexas á industria do moble (dourado, vernizado).
473.4	Fabricación de artigos de decoración e uso doméstico (papel pintado).

473.9	Fabricación doutros manipulados de papel e cartón non clasificados (papel revestido de cera, parafina, alcatrán, etc.).
474	Impresión gráfica, serigrafía, fotocomposición, e reprodución. Actividades anexas á impresión.
475	Actividades anexas ás artes gráficas.
481	Transformación do caucho.
482	Transformación de materias plásticas.
491	Xoiería e bixutería.
917	Lavanderías, tinturerías e servizos similares.

CLASE III

225	Produción e primeira transformación de metais non férreos.
245	Fabricación de abrasivos.
247	Fabricación de produtos cerámicos.
251	Fabricación de produtos químicos orgánicos de orixe petroquímico, outros produtos químicos orgánicos, produtos inorgánicos, primeiras materias plásticas, fabricación de caucho e látex sintéticos.
252	Fabricación de fertilizantes e praguicidas.
253	Fabricación de gases comprimidos, colorantes e pigmentos, pinturas, vernices e lacas, tintas de imprenta, aceites e graxas industriais, explosivos, etc.
254	Fabricación de produtos farmacéuticos de base, especialidades e outros produtos farmacéuticos.
255	Fabricación de xabóns, deterxentes, lixivias, produtos de perfumería e cosmética, derivados de cera e parafinas. Fabricación de material fotográfico sensible. Fabricación de artigos pirotécnicos, mistos, fósforos, etc.
313	Tratamento e recubrimento superficial dos metais.
343	Fabricación de pilas e acumuladores.
441	Curtume e acabados de coiro e peles.
472	Fabricación de pasta papeleira, de papel e cartón, cartón ondulado e artigos de cartón ondulado.
493	Laboratorios fotográficos e cinematográficos.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 119

TAXA POR DEREITOS DE EXAMES

ARTIGO 1º.

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por dereitos de exame, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa, a actividade técnica e administrativa conducente á selección do persoal funcionario e laboral entre quen soliciten participar nas correspondentes probas de acceso ou de promoción aos Corpos ou Escalas de funcionarios ou ás categorías de persoal laboral convocadas por este Concello.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas que soliciten a inscrición como aspirantes nas probas selectivas ás que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 4º. DEVENGO

1. O devengo da taxa producirase no momento da solicitude de inscrición nas probas selectivas.

2. A devandita solicitude de inscrición non se tramitará mentres non se faga efectivo o importe da taxa, nos termos previstos no artigo 6º desta ordenanza.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA

As tarifas que corresponde satisfacer polos servizos regulados nesta Ordenanza, determínanse en función do grupo ou escala a que corresponde a praza a cubrir, sendo as seguintes:

Grupo A, Subgrupo A1:	18,90 €
Grupo A, Subgrupo A2:	16,80 €
Grupo B:	15,75 €
Grupo C, Subgrupo C1:	14,70 €
Grupo C, Subgrupo C2:	12,60 €
Agrupacións profesionais sen requisito de titulación:	10,50 €

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN

1. A taxa regulada nesta ordenanza esixirase en réxime de autoliquidación.

Os suxeitos pasivos deberán practicar autoliquidación nos impresos habilitados ó efecto pola Administración municipal e realizar o seu ingreso en calquera entidade bancaria autorizada ou na Tesourería municipal, antes de presentar a correspondente solicitude de inscrición, non admitíndose o pagamento fóra do devandito prazo.

A falta de pagamento da taxa no prazo sinalado no parágrafo anterior, determinará a inadmisión do aspirante ás probas selectivas.

Á solicitude de inscrición haberá de acompañarse, en todo caso, copia da autoliquidación, debidamente ingresada.

2. Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo, a actividade técnica e/ou administrativa que constitúe o feito impoñible da taxa non se realizase, procederá a devolución do importe correspondente. Polo tanto, non procederá devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ó interesado.

ARTIGO 7º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1.- Estarán exentos do pago da taxa as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%.

2.- Así mesmo, estarán exentos as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral.

3.- Os interesados deberán xustificar as circunstancias, mediante a oportuna documentación, no momento da presentación da solicitude de inscripción nas probas selectivas.

ARTIGO 8º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

En todo o relativo a infraccións e sancións tributarias e as súas distintas cualificacións, así como as sancións que ás mesmas corresponda, serán de aplicación as normas establecidas na vixente Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Fiscal Xeral.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza fiscal será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as demais normas concordantes de réxime local, e subsidiarimante os artigos 6 a 23 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 26 de decembro de 2007 e do 8 de novembro de 2010, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2011. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2010

ORDENANZA FISCAL NÚM. 120

TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMIDA NO FOGAR

ARTIGO 1º. CONCEPTO

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as taxas pola prestación do servizo de comida no fogar na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo de comida no fogar.

ARTIGO 3º. OBRIGA DE PAGAMENTO DO SERVIZO

Estarán obrigados ó pagamento os usuarios do servizo municipal de comida no fogar na contía que resulte de aplicación segundo a presente taxa, tendo en conta que o pagamento é unha contribución ó custo do servizo recibido e ós ingresos do usuario; a concesión do servizo prodúcese en aplicación do baremo de acceso establecido na ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

ARTIGO 4º. COTA

1. A contía do taxa estará determinada pola:

a) Duración do servizo concertado.

b) Capacidade económica das persoas usuarias do servizo:

A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de comida no fogar **calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, o seu patrimonio**. Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes: cónxuxe ou parella de feito, e os ascendentes ou fillos /as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade que dependesen economicamente do solicitante.

A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario e os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.

A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 ós 65 anos e dun 1% ós menores de 35 anos.

Para o cómputo do patrimonio estarase ó disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio incluído a vivenda habitual na que se preste o servizo e ata o límite que determine a lexislación sobre o patrimonio aplicable.

Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida así como a declaración responsable do patrimonio cumprimentada polo usuario/a ou o seu representante.

c) A cota mensual que haberá que pagar será a resultante de multiplicar o número de comidas servidas pola taxa que corresponda, segundo a seguinte escala:

Ingresos iguais ou inferiores ó IPREM (Indicador público de renda de efectos múltiples)	EXENTOS
Ingresos superiores ó 100% e ata o 130% do IPREM	1,00 €/comida
Ingresos superiores ó 130% e ata o 150% do IPREM	2,00 €/comida
Ingresos superiores ó 150% e ata o 200% do IPREM	3,00 €/comida
Ingresos superiores ó 200% e ata o 250% do IPREM	4,00 €/comida
Ingresos superiores ó 250% do IPREM	4,57 €/comida

ARTIGO 5º. PROCEDEMENTO DE PAGAMENTO

O pagamento do servizo efectuarase mensualmente. O non pagamento de dúas cotas consecutivas determinará a interrupción do servizo e será causa de extinción o non pagamento de tres cotas consecutivas.

O usuario/a deberá comunicar as ausencias cun mínimo de 10 días de antelación ó/á responsable municipal, a excepción das ausencias obrigadas (hospitalización) que en todo caso deberán estar debidamente xustificadas, en caso contrario procederase ó cobro das comidas correspondentes a dito período.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 26 de decembro de 2007 e do 8 de novembro de 2010, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2011. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2010

TAXAS POR APROVEITAMENTO DO DOMINIO PÚBLICO

ORDENANZA FISCAL NUM. 150

TAXAS POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (SISTEMA ORA)

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa polo aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica (sistema Ora), que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 57 e 20.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. OBRIGA DE PAGAMENTO.

1. A obriga de pagamento da taxa xorde ó producirse o estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas seguintes rúas que figuran na Ordenanza xeral de policía.

2. Concederase o aproveitamento e realizarase o pagamento no momento de obter o correspondente ticket nas máquinas expendedoras. O ticket acreditativo do pagamento deberá exhibirse no parabrisas dianteiro e en lugar visible dende o exterior e nel indicarase o mes, o día e a hora de expedición, o tempo máximo autorizado do estacionamento e as demais circunstancias e requisitos que poidan esixirse por disposicións legais ou regulamentarias.

3. Existirá obriga de pagamento cando o aparcamento se realice en días laborables e nas zonas indicadas no núm. 1 deste artigo, co seguinte horario:

- De luns a venres: dende as 10 ás 14 horas, e dende as 16 ás 20 horas.
- Sábados: dende as 10 ás 14 horas.

Por resolución da Alcaldía poderá modificarse o tempo máximo de aparcamento autorizado para unha zona ou parte dela, así como aplicarse ou diminuírse os horarios citados.

ARTIGO 3º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento da taxa, con carácter solidario, o conductor do vehículo e o propietario deste. Para estes efectos, entenderase por propietario do vehículo a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que teñan ó seu nome o vehículo no permiso de circulación.

ARTIGO 4º. TARIFAS.

As tarifas que se van aplicar serán as seguintes:

- Xeral: pre-pagada. Co máximo de 2 horas.

Por 20 minutos ou fracción.	0,20 €
Por media hora ou fracción.	0,30 €
Por 50 minutos ou fracción.	0,50 €
Por 1 hora ou fracción.	0,60 €
Por 75 minutos ou fracción.	0,80 €
Por 90 minutos ou fracción.	1,00 €
Por 2 horas ou fracción.	1,30 €

- Complementaria: post-pagada:

Por exceso de tempo de ata 30 minutos.		1,50 €
Residentes:	por ano natural.	30,30 €
	por trimestre natural.	8,50 €

As cotas resultantes serán irreductibles.

ARTIGO 5º. RESIDENTES.

1. Dentro de cada zona da área non estarán suxeitos a limitación na duración do estacionamento, salvo sinalización específica ou norma xeral en contrario, os vehículos propiedade de persoas físicas que exhiban na parte

interior do parabrisas, totalmente visible dende o exterior, o distintivo especial correspondente á zona a que se refiren os artigos seguintes:

2. A Delegación de Tráfico e Transportes outorgará distintivos especiais con validez dun ano ou dun trimestre natural para os vehículos que reúnan os tres requisitos seguintes:

a) Ser propiedade de persoas físicas empadroadas e que de feito vivan dentro da zona correspondente.

b) Que no permiso de circulación conste o mesmo domicilio de empadroamento do titular.

c) Que estean ó corrente no pagamento do Imposto de vehículos de tracción mecánica.

Só se considerará propietario do vehículo a quen conste como tal no permiso de circulación expedido pola Xefatura Provincial de Tráfico, e non se admitirán outras formas de titularidade.

3. Como norma xeral, só se concederá un distintivo por propietario de vehículo. Excepcionalmente, poderanse conceder outros distintivos cando se acredite a existencia doutros vehículos do mesmo titular utilizados por outros conductores que sexan cónxuxe ou parente en primeiro grao, que estean en posesión do permiso de conductor e estean empadroados e de feito vivan no domicilio do propietario dos vehículos.

4. Para obter o distintivo especial, os interesados deberán:

a) Solicitalo no impreso oficial debidamente reintegrado.

b) Acreditar a personalidade do propietario do vehículo mediante a exhibición do documento nacional de identidade vixente, e os estranxeiros a tarxeta de residencia ou o pasaporte. Nestes documentos deberá constar o domicilio para o que se solicita o distintivo e entregarase fotocopia do documento exhibido.

c) Acreditar a propiedade do vehículo exhibindo o permiso de circulación, no cal deberá constar o domicilio idéntico ó do documento exhibido dos mencionados no punto anterior, e achegar fotocopia deste.

d) Exhibir o último recibo ou documento análogo acreditativo do pagamento do imposto municipal sobre vehículos.

e) Aboar a taxa establecida na ordenanza correspondente,que será indivisible, segundo o período para o que se outorgue.

5. A Delegación de Tráfico e Transporte, como norma xeral, comprobará de oficio que o propietario do vehículo, figura empadroado e vive de feito no domicilio para o que se solicita o distintivo.

6. A Delegación de Tráfico e Transportes tamén outorgará distintivos especiais con validez temporal ás persoas físicas que, residindo fóra do municipio de Lugo, ó presentar solicitude debidamente reintegrada acrediten documentalmente:

a) Necesidade de residir temporalmente en Lugo mediante certificado do organismo competente.
b) Residencia de feito dentro da zona, que acreditará a través de certificación expedida polo negociado correspondente deste Excmo. Concello.
c) Personalidade do propietario do vehículo, mediante exhibición do documento nacional de identidade vixente, tarxeta de residente ou pasaporte, e achega de fotocopia do documento que exhiba.
d) Propiedade do vehículo para o que se solicita o distintivo, exhibindo o permiso de circulación e achegando fotocopia del.

Os peticionarios aboarán a taxa correspondente ó período para o que solicitan o distintivo especial temporal, que será indivisible segundo o período para o que se outorgue.

7. Ademais da documentación e fotocopia a que se refiren os artigos oitavo e décimo e das comprobacións establecidas no artigo noveno, a Delegación de Tráfico e Transportes podera esixir ó interesado que achegue cantos documentos estime convenientes, para acreditar calquera punto que non aparece debidamente xustificado.

8. Os distintivos especiais autorizarán, cumprindo coa normativa xeral, con carácter único e exclusivo, a estacionar o vehículo na rúa da área especificada nesta.

Naquelas rúas que estea prohibido o estacionamento e non exista posibilidade de realizarse, a excepción dunha rúa próxima pertencente ó sistema ORA, poderá concederse o distintivo para esta última.

Os ditos distintivos especiais deberán exhibirse obrigatoriamente na parte interior do parabrisas dianteiro, de forma que sexan totalmente visibles dende a parte interior do vehículo, para comprobar zona, matrícula, número de distintivo e período de validez deste.

9. As persoas a quen se outorgue o distintivo serán responsables deste e cando cambien de domicilio ou de vehículo otorgaráselles o correspondente ó novo vehículo ou domicilio, se estivese incluído dentro da área, sen aboamento da taxa, sempre que devolvan o anterior distintivo.

O incumprimento desta norma, ademais da sanción prevista nos artigos 25 e 26, implicará a anulación do distintivo e a denegación do novo se en principio tivese dereito a iso.

10. No caso da perda do distintivo poderá expedirse outro duplicado, de forma gratuíta, sempre que o interesado asigne unha declaración xurada da perda, na que se faga responsable do posible uso fraudulento do distintivo perdido, e aboe en selos municipais a contía que establece a Ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos.

ARTIGO 6º. EXCEPCIÓNS Á OBRIGA DE PAGAMENTO.

Non estarán obrigados ó pagamento da taxa:

a) Os vehículos oficiais do Estado, comunidades autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición da reciprocidade na súa extensión e grao. Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede e oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

c) As ambulancias e vehículos dos servizos de urxencia, cando se encontren cumprindo tales servizos.

d) Os coches de inválidos ou os adaptados para a súa condición por diminuídos físicos, cando sexan conducidos polos seus titulares. Neste caso deben deixar en lugar visible, a acreditación de tales circustancias.

e) As motocicletas, ciclos, ciclomotores e bicicletas.

f) Os vehículos autotaxi, cando o conductor estea presente.

g) Os vehículos nos que se estean realizando operacións de carga e escarga, durante a realización destas, sempre que o conductor estea presente e cumpra as normas específicas que regulan as ditas operacións.

h) Os vehículos automóbiles cando no interior permaneza algún pasaxeiro maior de 60 anos ou un diminuído físico.

ARTIGO 7º. XESTIÓN E INCUMPRIMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO.

1. Os tickets, tarxetas de residentes e demais documentación utilizada deberán ser elaborados ou aprobados polo Concello.

2. O aparcamento sen ticket ou por espacio de tempo superior ó sinalado neste, constituirá unha infracción das normas de tráfico e sancionarase como estacionamento en lugar prohibido.

3. Sen prexuízo da sanción que corresponda pola infracción das normas de tráfico procederase á inmobilización ou retirada, de ser o caso, dos vehículos situados nos aparcamentos da zona de permanencia controlada cando concorra algunha das circustancias seguintes:

a) Cando o vehículo se encontre estacionado carecendo do correspondente ticket.
b) Cando o tempo de estacionamento supere en máis de trinta minutos o período aboado polo ususario.
c) Cando o vehículo con tarxeta de residente aparque fóra da súa zona de aparcamento, sen ticket.

4. A inmobilización ou retirada do vehículo producirá o nacemento da obriga de contribuír nos supostos previstos na Ordenanza fiscal núm. 123, con aplicación das tarifas correspondentes.

5. No soposto de que non proceda a inmobilización do vehículo por non ter excedido en 30 minutos o tempo de estacionamento autorizado no ticket, o usuario poderá anular a denuncia mediante a obtención dun segundo ticket especial de "exceso", no que constará a hora da súa expedición e o seu importe indícase no artigo 4ª anterior. Este ticket de post-pagado, xunto co primeiro e co boletín de denuncia serán introducidos no buzón situado no pé de cada expendedor, ou entregarase a un dos vixilantes do servizo para que anule a denuncia. O usuario deberá obter un xustificante de tales puntos.

6. No suposto de que, por carecer do preceptivo ticket, non proceda a inmobilización do vehículo ou este non fose xa retirado pola grúa, o usuario poderá anular a denuncia dentro dos seguintes 6 días mediante a obtención dun ticket por importe de 6,80 €, seguíndose idéntico procedemento ó establecido no parágrafo anterior para os excesos de 30 minutos do tempo de estacionamento autorizado.

ARTIGO 8º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

A) A utilización fraudulenta da tarxeta de estacionamento ou a infracción de calquera das normas establecidas na ordenanza sancionarase coa multa de 12,02 euros.

As ditas sancións tramitaranse da mesma forma que as infraccións cometidas contra o Código da circulación e que sexan competencia da Autoridade municipal.

B) De conformidade co disposto nos artigos 21-1-K da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 59 do R.d. lexislativo 781/1986, do 18 de abril, considerarase desobediencia manifesta á Autoridade municipal, e será sancionada coa multa de 90,15 euros.

a) O uso de distintivos especiais falsificados ou manipulados.

b) O uso das tarxetas horarias falsificadas ou reiteradamente manipuladas.

c) O uso do distintivo especial, unha vez transferida a propiedade do vehículo para o que se outorgou.

ARTIGO 9º.

A teor do establecido no Código da circulación no artigo 292- alínea III-b) 3º, e Bando da Alcaldía con data do 10 de xuño de 1978 (onde se considera moi densa circulación todas as vías públicas da cidade destinadas ó tránsito de vehículos) será retirado pola grúa municipal ou inmobilizado polos cepos todo vehículo que infrinxa a presente normativa.

ARTIGO 10º. NORMATIVA APLICABLE.

En todo o previsto nestas normas serán de aplicación as restantes disposición legais, regulamentarias, ordenanzas e bandos en materia de policía e ingresos públicos e se non as normas xerais de Dereito administrativo e, con carácter supletorio, as de Dereito privado.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 26 de decembro de 2007, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2008. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
CORRECCIÓN ERROS:	BOP núm. 12 do 16 de xaneiro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
CORRECCIÓN ERROS:	BOP núm. 30 do 7 de febreiro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007

ORDENANZA FISCAL NÚM. 151

TAXAS POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE SACAS DE AREA E DOUTROS MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN EN TERREOS PÚBLICOS MUNICIPAIS

ARTIGO 1º. CONCEPTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa polo aproveitamento especial de sacas de area e doutros materiais de construcción en terreos públicos municipais, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó prevido nos artigos 57 e 20.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. OBRIGA DE PAGO DA TAXA.

A obriga de pagar a taxa regulada nesta ordenanza nacerá dende o momento en que se produza o aproveitamento.

ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO.

Están suxeitos ó pago dos dereitos ou taxas as persoas naturais ou xurídicas que realicen ou se beneficien directamente dos aproveitamentos citados nesta ordenanza.

ARTIGO 4º. TARIFAS

A contía da taxa fíxase en 1,26 € por metro cúbico ou fracción de material que se extraia.

ARTIGO 5º. NORMAS DE XESTIÓN.

As persoas ou entidades ás que interese efectuar o aproveitamento mencionado na anterior tarifa solicitarano mediante instancia dirixida á Alcaldía, facendo constar a clase e cantidade de material que solicitan e lugar da extracción.

A concesión de autorización pola Alcaldía será discrecional, tralo informe do Celador do patrimonio municipal ou órgano competente.

ARTIGO 6º.

Na autorización que se conceda, chegado o caso, faranse constar as condicións do aproveitamento e a obrigación do beneficiario de responder dos danos que poidan producirse pola extracción de materiais ou por incumprimento das condicións fixadas.

Poderá esixirse o previo afianzamento para responder dos posibles danos indicados e en todo caso o previo ingreso do importe da taxa.

ARTIGO 7º.

Concedida a autorización pola Alcaldía comunicaráselle ó Celador do patrimonio municipal, para os efectos de vixilancia e comprobación do aproveitamento, e en caso necesario, a xuízo da Alcaldía, farase previamente un cálculo da capacidade da canteira, levantaranse os correspondentes perfís desta e dosificaranse provisionalmente os volumes de cada clase que ha de render a superficie avaliada.

ARTIGO 8º. TRATAMENTO.

1. Presentada a solicitude no Rexistro Xeral, coa documentación esixida, remitirase ó negociado correspondente, o cal requirirá nun só acto os informes regulamentarios, que no prazo de 10 días hábiles emitirán os Servizos Técnicos, sobre a procedencia ou non de acceder ó solicitado.

2. Emitidos os informes polo negociado que corresponda, formularase a proposta de resolución, que será motivada se é denegatoria.

3. O Servizo de Facenda local, previamente ó outorgamento da licenza, practicará a liquidación das diversas taxas, que se visará pola Intervención.

ARTIGO 9º. RESOLUCIÓN.

A Alcaldía adoptará a resolución procedente e chegado o caso aprobará no mesmo acto, a liquidación practicada.

Tamén resolverá sobre as prórrogas solicitadas e aprobará de ser o caso as liquidacións complementarias.

ARTIGO 10º. NOTIFICACIÓNS.

Adoptada a resolución, notificarase esta ó interesado, xunto coa liquidación das taxas para o seu ingreso directo na Tesourería, no prazo sinalado para a dita modalidade de cobranza na Ordenanza fiscal xeral.

Da dita resolución e liquidación darase traslado así mesmo á Intervención, ó Servizo de Facenda Local, ós servizos técnicos correspondentes e á Inspección de Facenda Local.

ARTIGO 11º. ENTREGA DA LICENZA Ó INTERESADO.

Terá lugar trala presentación no negociado correspondente do xustificante de ter efectuado o ingreso das cotas liquidadas na Tesourería.

ARTIGO 12º. FINAL DO APROVEITAMENTO.

Concluído o período de aproveitamento, o interesado está obrigado a comunicar por escrito ó Concello a finalización do dito aproveitamento. Noutro caso, seguirán devengándose as taxas que correspondan.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto especialmente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as demais normas concordantes de réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria. Támen serán de aplicación directa os preceptos pertinentes da Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 2 de novembro de 1999 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008

ORDENANZA FISCAL NÚM. 152

TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 57 e 20.3 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Son obxecto desta ordenanza os aproveitamentos da vía publica e terreos de dominio público no seu solo, subsolo e voo que a seguir se relacionan:

a) Con motivo da apertura de perforacións, gabias e calquera remoción de pavimento ou beirarrúas na vía pública.
b) Con valados, puntais, estadas e outras instalacións axeitadas para a protección da vía pública das obras lindeiras.
c) Con colectores e sacos para recollida ou depósito de entullos, areas, materiais de construcción, camións bombeadores de formigón, silos e outros.
d) Con Mesas e cadeiras provistas ou non de toldos ou elementos semellantes para protección.
e) Con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e actividades industriais ou recreativas instaladas na vía pública, e terreos de uso público ou ambulantes.
f) Con motivo de instalación de caixas rexistradoras e de distribución, bocas de carga de combustible, arquetas, báscula, casetas de transformación de enerxía eléctrica, cables, encanamento, farois, escadas de emerxencia e outras instalacións que impliquen ocupación de vía pública no solo, voo e subsolo para usos particulares.
g) Calquera outro aproveitamento especial da vía pública que conceda este Concello.

ARTIGO 3º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza:

1) As persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou a quen afecte ou beneficie, persoalmente ou nos seus bens, os servizos ou actividades públicos que constitúan o seu feito impoñible.
2) Se é o caso, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separados susceptible de imposición.
3) Os beneficiarios dun aproveitamento continuado que figuren no correspondente padrón, en tanto non presenten a baixa, aínda no caso de que cesasen no aproveitamento, mesmo cando o cesamento no dito aproveitamento se deba a causas non imputables ó contribuínte.

ARTIGO 4º.TARIFAS.

A contía das taxas reguladas nesta ordenanza será a que figure nos epígrafes que seguen, segundo ó tipo de aproveitamento, superficie ou lonxitude de ocupación, duración desta e categoría fiscal da rúa:

Epígrafe A: Perforacións e gabias e calquera remoción de pavimentos e beirarrúas.

a) Para acometidas á rede de auga e saneamento municipais:

A cota por aboar será o 50 por cento da valoración resultante dos puntos B.4) e B.5), respectivamente, do artigo 92.4 da Ordenanza fiscal xeral.

b) Para as restantes:

Por m^2 ou fracción por día.

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
	10,18 €	7,10 €	5,18 €	3,54 €	2,01 €

Epígrafe B: Valados, puntais, estadas e outras instalacións axeitadas para a protección da vía pública das obras lindeiras.

Por m^2 ou fracción e cada 15 días ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
	7,10 €	6,11 €	5,18 €	3,54 €	2,05 €

Unha vez rematado o prazo de ocupación sinalado na licenza deberá o interesado solicitar a correspondente baixa da ocupación nas Oficinas de Policía Urbana e Transportes ou, de ser o caso, solicitar a correspondente prórroga. De non se cumpriren estes requisitos aplicarase o seguinte:

As cotas deste epígrafe serán obxecto da recarga do 50% unha vez rematado o prazo fixado na licenza e nos tres meses seguintes. O tempo que exceda de tres meses aplicarase á cota inicial do epígrafe a recarga do 100%.

Epígrafe C:

a) Areas, materiais de construción, camións bombeadores de formigón, silos, plataformas elevadoras, estadas eléctricas monomástil e outros:

Por m^2 ou fracción e día ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
	11,20 €	5,18 €	2,05 €	2,05 €	2,05 €

b) Colectores e sacos para recollida ou depósito de entullos, que se esixirá en réxime de autoliquidación:

Colectores: Por m^2 ou fracción e día ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
	0,59 €	0,48 €	0,35 €	0,35 €	0,35 €

Sacos (ata 1,2 x 1,2 m^2): Por día ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
	0,94 €	0,71 €	0,48 €	0,48 €	0,48 €

Epígrafe D: Mesas e cadeiras provistas ou non de toldos ou elementos semellantes para protección.

a) Tarifa anual, por cada m^2 ou fracción de terreo de uso público:	57,90 €.
b) Tarifa de temporada, por cada m^2 ou fracción de terreo de uso público, durante os meses de xullo a setembro, ambos inclusive:	28,95 €.

Cando os aproveitamentos non se realicen en rúa de 1ª categoría fiscal, as cantidades que resulten da aplicación das anteriores tarifas multiplicaranse polos coeficientes que se indican a efectos de determinar o importe a pagar:

Categoría fiscal das vías públicas	2º	3º	4º	5º
Coeficiente	0,80	0,70	0,60	0,50

No caso de que existiran toldos ou parasoles de protección que delimiten unha superficie superior á delimitada polas mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

A superficie autorizada deberá de ser acotada pola Policía Local mediante pequenas escuadras pintadas no chan, co obxecto de facilitar a inspección da superficie realmente utilizada.

Epígrafe E: Postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e actividades industriais ou recreativas instaladas ou ambulantes.

A) Postos, barracas, espectáculos ou atraccións:

Por metro cadrado ou fracción de terreo ocupado por día.	0,85 €

B) Industrias ou actividades da rúa e ambulantes:

1. Artesáns que fabrican as súas propias mercancías, por m^2 ou fracción e día.	0,32 €
2. Actuacións circenses e outras semellantes, por día.	83,35 €
3. Exposicións de animais e outras semellantes, por día.	83,35 €
4. Outros ocupantes dedicados á venda de mercancías ou á prestación doutros servizos, por metro ou fracción e día.	2,10 €

A superficie computable será a que ocupe o posto máis unha franxa de terreo de 1 metro de ancho paralela á liña exterior do mostrador.

Os titulares destes aproveitamentos están obrigados a ter consigo a tarxeta identificadora para os efectos de comprobación pola Policía municipal e polo Servizo de Facenda Local.

Así mesmo, será necesario obter a tarxeta que autoriza o aproveitamento, previo pagamento a través de autoliquidación da taxa correspondente segundo o número de mercados autorizados.

C) Festas de San Froilán:

Dado o carácter específico e consuetudinario das ditas festas, e a especialidade desta ocupación do dominio público, na determinación do importe desta taxa aplicaranse os seguintes criterios e parámetros:

Atendendo ó tipo de atracción e metro lineal da ocupación establécense as seguintes tarifas:

Atraccións de azar, por metro lineal ou fracción.	552,30 €
Carruseis, por metro lineal ou fracción.	473,40 €
Espectáculos, por metro lineal ou fracción.	394,50 €
Degustacións, por metro lineal ou fracción.	315,60 €
Atraccións de habilidade, por metro lineal ou fracción.	236,70 €
Postos de venda, por metro lineal ou fracción.	157,80 €

Excepcionalmente, poderán determinarse unhas dimensións fixas á parcela obxecto de ocupación (posto) con independencia de cal sexa a ocupación real. Neste caso a determinación da tarifa será o resultado da aplicación do cadro anterior coa posibilidade dun incremento ou dunha diminución de ata un 20 por cento da tarifa así calculada.

Dentro dos distintos tipos de atracción, poderán contemplarse ata tres categorías e, atendendo a estas, á tarifa contemplada no cadro e parágrafo anteriores poderá aplicárselle un coeficiente de incremento de ata o 100 por cento ou unha diminución de ata o 50 por cento.

Así mesmo, poderán contemplarse ata tres categorías de situación en función da afluencia de público, situación, etc, e atendendo a esta, á tarifa calculada no parágrafo anterior poderá aplicárselle unha redución do 50 por cento ata un aumento do 100 por cento.

Atendendo á forma de adxudicación elixida (poxa, concurso ou adxudicación directa), poderá, así mesmo, aplicarse un incremento ou unha diminución das tarifas resultantes pola aplicación dos anteriores criterios de ata un 20 por cento.

Con ocasión da aprobación do proxecto de feira, o órgano competente confeccionará e aprobará o cadro de tarifas resultante da aplicación destes criterios e que servirá de base para a determinación do canon de ocupación.

Nos procedementos de licitación por poxa, este canon de ocupación terá o carácter de "prezo de saída" e o importe final da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a adxudicación.

Epígrafe F: Ocupación do solo, voo e subsolo.

1) APROVEITAMENTO DO SUBSOLO

1.A) INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS SUBTERRÁNEAS.

1.A.1) ALTA TENSIÓN

Por cada metro lineal ou fracción de condución, canalización eléctrica subterránea de media ou alta tensión.

Metro lineal.	0,35 €

1.A.2 TRANSFORMADORES:

Categorías	1ª e 2ª	3ª	Outro terreo núcleo urb.	Fóra núcleo urbano
1. Ata 25 kW	46,90 €/u	35,32 €/u	23,39 €/u	15,55 €/u
2. De 26 a 50 kW	77,99 €/u	58,33 €/u	38,90 €/u	27,46 €/u
3. De 51 a 100 kW	155,47 €/u	113,30 €/u	77,99 €/u	46,90 €/u
4. De máis de 100 kW	273,18 €/u	214,65 €/u	117,05 €/u	77,99 €/u

1.A.3 ELEMENTOS DE DERIVACIÓN E ARQUETAS DE ALTA TENSIÓN.

Elementos de derivación	27,46 €/u.
Arquetas	77,87 €/u.

1.A.4 BAIXA TENSIÓN.

Por cada m lineal ou fracción de condución, canalización eléctrica de baixa tensión.

Ata 10 m m^2 de sección nominal	0,08 €/metro.
De 16 a 95 m m^2	0,13 €/metro.
De 120 a 500 m m^2	0,15 €/metro.
De 630 a 1.000 m m^2	0,28 €/metro.

1.A.5 ELEMENTOS DE DERIVACIÓN E ARQUETAS BAIXA TENSIÓN

Caixas de distribución	19,61 €/u.
Arquetas	38,98 €/u.

1.B) ENCANAMENTOS PARA AUGA:

Por metro lineal ou fracción:

Ata 50 mm de diámetro	0,13 €
De 51 a 150	0,23 €
De máis de 150	0,29 €

1.C) LUCERNARIOS OU MOEGAS DE BEIRARRÚAS PARA SERVIZO DE EDIFICIOS

Por metro cadrado ou fracción:

En rúas de 1ª e 2ª categoría.	19,96 €
En rúas de 3ª categoría.	7,85 €
Outros terreos do núcleo urbano.	5,37 €
Terreos fóra do núcleo urbano.	3,15 €

1.D) DEPÓSITOS

Por metro cúbico de volume ou fracción:

	Para combustibles	Outros depósitos
Rúas 1ª e 2ª:	19,96 €	15,86 €
Rúas 3ª:	15,86 €	7,85 €
Outros terreos núcleo urbano:	7,85 €	4,06 €
Fóra núcleo urbano:	5,53 €	3,23 €

2) APROVEITAMENTO DO SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Roscas de ás ou soportes de condución aérea, unidade.	0,13 €
Postes de formigón armado, unidade.	12,99 €
Postes de estrutura metálica, unidade.	25,99 €
Caixas de distribución, unidade.	6,51 €
Transformadores eléctricos.	32,51 €
Aparellos subministradores de gasolina.	326,05 €
Grúas á semana: Por cada unha, instalada en terreo particular, pero na que a pluma voe sobre a vía pública.	1,38 €

Se a grúa está instalada sobre a vía pública, será gravada coas seguintes tarifas:

	Rúas de 1ª categoría	Rúas de 2ª categoría	Resto de rúas
1 mes	204,66 €	153,54 €	102,37 €
2 meses	429,75 €	327,54 €	225,21 €
3 meses	685,79 €	532,20 €	378,75 €
4 meses	992,77 €	788,03 €	583,41 €
5 meses	1.351,04 €	1.094,90 €	839,24 €
6 meses	1.760,42 €	1.453,29 €	1.146,22 €
No caso de que a ocupación exceda de 6 meses, por cada mes de exceso:	409,37 €	358,28 €	306,98 €

3) OUTROS APROVEITAMENTOS

Básculas automáticas e outros aparellos automáticos para venda.	66,14 €

Anuncios realizados mediante globo ou aeronave, propaganda arrastrada ou tirada dende eles ás vías públicas. Por cada establecemento ou produto anunciado e día.	102,29 €
Anuncios sonoros circulantes, por día e vehículo.	3,15 €
Instalación de valos publicitarios, lonas en edificacións e monopostes anunciadores, ocupando terreos de dominio público local: - Valos publicitarios, por metro cadrado e ano: - Valos publicitarios de 8 metros e catro soportes, por ano: - Lonas en edificacións, por metro cadrado e ano: - Monopostes anunciadores, por metro cadrado e ano: Os requisitos e condicións esixibles nestes aproveitamentos especiais da vía pública serán os seguintes: 1. A instalación de valos, lonas e monopostes contará coa debida autorización municipal. 2. Existirá sempre unha identificación visible da empresa propietaria. 3. As instalacións contarán cun seguro de responsabilidade civil. 4. Estarán sempre en bo estado de conservación, mantemento e limpeza. 5. Os valos terán un marco dunha anchura de 25 cms, pintado de cor. 6. Os valos serán sobre soportes introducidos nunha base de formigón a unha profundidade mínima de 0,75 metros. 7. O soporte das lonas estará debidamente afirmado na parede e as cordas de suxeición contarán coa resistencia adecuada. 8. Os monopostes contarán con proxecto e dirección de obra e a súa colocación farase a unha distancia de edificios e da vía pública dun mínimo que será o resultante da altura total do monoposte máis 5 metros.	3,68 €. 264,37 €. 7,34 €. 11,02 €.

4) EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN

1. Cando se trate de taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, en prol de empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, o importe daquelas consistirá, en todo caso e sen excepción ningunha, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente dentro do termo municipal as citadas empresas.

Para estes efectos, incluiranse entre as empresas explotadoras dos ditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras deles. Non se incluirán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil.

Este réxime especial de cuantificación aplicaráselles ás empresas a que se refire este parágrafo, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que efectúan as subministracións como se, non sendo titulares das ditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión a elas.

As ditas taxas son compatibles con outras que se establezan pola prestación de servizos ou pola realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas deban ser suxeitos pasivos conforme ó establecido no artigo 23.1.b) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, quedando excluída, polo pago desta taxa, a exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais.

O importe derivado da aplicación deste réxime especial non poderá ser repercutido ós usuarios dos servizos de subministración.

2. Terán a consideración de ingresos brutos, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, os que, sendo imputables a cada entidade, se obtiveran por esta como contraprestación polos servizos prestados no termo municipal.

Non se incluirán no concepto de ingresos brutos procedentes da facturación os impostos indirectos que os graven, nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se aplique este réxime especial de cuantificación da taxa.

3. Non se incluirán entre os ingresos brutos, para estes efectos, os impostos indirectos que graven os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se aplique este réxime especial de cuantificación da taxa.

As empresas que empreguen redes alleas para efectuar as subministracións deducirán dos seus ingresos brutos de facturación as cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión ás súas

redes. As empresas titulares das ditas redes deberán computar as cantidades percibidas por tal concepto entre os seus ingresos brutos de facturación.

4. A contía destas taxas que puidese corresponder á Telefónica de España, S.A., está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o punto 1 do artigo 4 da Lei 15/87, do 30 de xullo.

ARTIGO 5º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO.

1. A obrigación de pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza nace:

a) Cando se trate de autorización de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza ou no momento de comezar aqueles, no caso de non contar con licenza.

b) Cando se trate de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día no que se solicite a prórroga.

2. O pagamento das taxas realizarase:

a) No caso de novos aproveitamentos, no momento de autorizar a licenza, polo procedemento de autoliquidación nas oficinas de Facenda Local e depósito previo na Tesourería municipal.

b) No caso de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, ingresarase a contía correspondente ó período anual, para o que o Concello requirirá anualmente para o seu pagamento a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

c) As empresas explotadoras de servizos de subministración ingresarán polo procedemento de autoliquidación, no primeiro mes de cada trimestre, o importe da taxa correspondente ó penúltimo trimestre a aquel no que efectúen o pagamento.

A autoliquidación practicada no mes de xaneiro terá o carácter “a conta” da liquidación anual. A autoliquidación practicada en xullo deberá ir acompañada do balance de situación e conta de explotación da entidade, relativos ó exercicio precedente, certificados polo presidente do consello de administración así como informe de auditoría, onde conste expresamente a facturación correspondente ó termo municipal de Lugo no citado período.

3. Transcorridos os prazos establecidos no punto anterior e o que fixe o Concello para pagos anuais, as taxas exaccionaranse pola vía de constrinximento.

4. Poderán establecerse concertos semestrais ou anuais para a exacción do gravame que afecte á ocupación da vía pública con colectores. Neles poderán ser tidos en conta circunstancias de beneficio social, derivadas do desenvolvemento no uso dos colectores.

5. A exacción do gravame que afecte ós aproveitamentos especiais da vía pública será a establecida no correspondente concerto coa empresa subministradora do gas.

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Para gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas da vía pública, as persoas interesadas deberán solicitar a oportuna licenza. No caso de que os lugares susceptibles de aproveitamento especial ou utilización privativa fosen limitados, poderán concederse as licenzas mediante poxa ou concurso conforme ó prego de condicións que oportunamente se aprobe. Servirán de tipo inicial de licitación os prezos que figuran no artigo 4 desta ordenanza.

En todo caso estes aproveitamentos axustaranse segundo o disposto no Regulamento de bens das entidades locais aprobado polo Real decreto 1372/86.

As autorizacións para a ocupación de terreos de uso e servizo público con motivo dalgunha das festas que se celebran no municipio, despacharanse mediante poxa ou concurso, e os ingresos destinaranse ós fins de tales festas.

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán formular simultaneamente á solicitude de licenza, a declaración de lonxitude, superficie, elementos a instalar, plano de planta e todos aqueles datos que se consideren necesarios para practicar a liquidación.

3. As solicitudes contarán en todo caso cos seguintes datos: nome, apelidos e NIF ou razón social, e CIF do solicitante, enderezo e situación do aproveitamento.

4. Os servizos técnicos deste Concello informarán e liquidarán as solicitudes presentadas polos interesados e as licenzas concederanse conforme as normas vixentes no Concello en relación co tráfico, limpeza, non obstaculizar calzada e beirarrúas, seguridade e outras.

5. Ós efectos de practicar a liquidación, se o aproveitamento está situado na confluencia de varias rúas, aplicarase a tarifa correspondente á rúa de categoría fiscal superior, e se está situado en parques e xardíns públicos, aplicarase a categoría da rúa de maior categoría coa que linden.

6. Non poderá gozarse dun aproveitamento da vía pública ata que fose ingresado o importe da taxa e fose outorgada a correspondente licenza.

7. Entenderase autorizada a ocupación polo tempo que figure na licenza e no caso de aproveitamentos de duración indeterminada, mentres a Alcaldía non acorde a súa caducidade ou o interesado non presente a baixa.

8. As declaracións de baixa dos aproveitamentos prorrogados ou continuados producirán efectos no ano seguinte a aquel en que fosen formuladas.

9. No caso dos aproveitamentos que figuran nos epígrafes A, B, C e E, do artigo 4º os titulares das licenzas deberán depositar antes de retirar a licenza, fianza para responder dos posibles danos que poidan ocasionarse na vía pública, dos posibles gastos de reconstrucción ou reparación da vía pública, na contía que determine a Ordenanza fiscal xeral ou de ser o caso, os departamentos de Urbanismo, Seguridade e Tráfico segundo corresponda.

10. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial levase consigo a destrucción ou estrago do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que procedese, estará obrigado a deixar en perfecto estado o dominio público empregado. A Inspección municipal acreditará este punto, e, no caso de informe negativo, o Concello realizará as obras de reconstrucción ou reparación a cargo do titular e procederá ademais á imposición de sanción conforme ó artigo 21.K da Lei 7/1985.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do estrago causado.

O Concello non poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros ós que se refire este punto.

11. O goce dun aproveitamento sen licenza ou por superficie ou duración superior á que figurase naquela será sancionado pola Alcaldía de acordo co disposto no artigo 21.K da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes de réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria. Tamén se aplicarán directamente os preceptos pertinentes da Ordenanza fiscal xeral e a Ordenanza municipal de protección ambiental.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Establécese unha bonificación do 95% na Taxa polo aproveitamento especial da vía pública con estadas que se destinen ó pintado e tratamento de fachadas, sen prexuízo de que o interesado deba solicitar igualmente a oportuna autorización municipal.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 28 de decembro de 2009, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2010. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
CORRECCIÓN ERROS:	BOP núm. 11 do 15 de xaneiro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001

MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009

ORDENANZA FISCAL NÚM. 153

TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON ENTRADAS DE VEHÍCULOS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con entradas de vehículos e reservas de vía pública, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 57 e 20.3 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Son obxecto desta ordenanza os aproveitamentos da vía publica e terreos de dominio público que a seguir se relacionan:

a) Con entradas de vehículos ó interior de edificios ou soares.

b) Con reserva especial para estacionamento ou para carga e descarga de mercancías.

c) Con rebaixes, alzamentos ou reparacións de beirarrúas para entradas de vehículos.

ARTIGO 3º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza:

1) As persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou a quen afecte ou beneficie, persoalmente ou nos seus bens, os servizos ou actividades públicos que constitúan o seu feito impoñible.

2) Se é o caso, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separados susceptible de imposición.

3) Terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios dos predios e locais a que dean acceso as entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, de ser o caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

4) Os beneficiarios do aproveitamento continuado que figuren no correspondente padrón, en tanto non presenten a baixa, aínda no caso de que cesasen no aproveitamento, mesmo cando o cesamento no dito aproveitamento se deba a causas non imputables ó contribuínte.

ARTIGO 4º.TARIFAS.

1. A contía das taxas reguladas nesta ordenanza será a que figure nos epígrafes que seguen, segundo ó tipo de aproveitamento, superficie ou lonxitude de ocupación, duración desta e categoría fiscal da rúa:

Epígrafe A: Con entrada de vehículos.

a) Pasaxe permanente para garaxes privados ou de comunidades de propietarios, edificios ou instalacións de equipamentos comunitarios de carácter sanitario: hospitais, ambulatorios, etc, edificios destinados a organismos oficiais, cando a súa natureza llo esixa, por metro lineal ou fracción e por ano:

Categorías	1ª	2ª	3ª e 4ª	5ª
1. De 1 a 4 prazas.	44,60 €	39,04 €	29,40 €	14,24 €
2. De 5 a 10 prazas.	52,00 €	46,28 €	36,32 €	20,64 €
3. De 11 a 25 prazas.	59,48 €	52,32 €	41,76 €	29,76 €
4. De 26 a 50 prazas.	62,12 €	54,76 €	43,52 €	30,32 €
5. De 51 a 100 prazas.	67,36 €	59,20 €	47,12 €	33,68 €
6. De 101 a 150 prazas.	77,64 €	68,40 €	54,44 €	38,92 €
7. De 151 a 200 prazas.	88,12 €	77,64 €	60,84 €	44,08 €
8. De máis de 200 prazas.	98,60 €	87,08 €	68,20 €	49,32 €

b) Pasaxe comercial permanente para actividades comerciais como gasolineiras, estacións de servizo, venda de carburantes, garaxes abertos ó

público, establecementos comerciais, industriais ou de servizos para uso exclusivo do seu persoal e clientes, e actividades equivalentes non suxeitas ó horario laboral das 8 ás 20 horas, agás domingos e festivos, por metro lineal ou fracción e por ano:

Categorías	1ª	2ª	3ª e 4ª	5ª
1. De 1 a 10 prazas	111,16 €	99,28 €	77,64 €	55,64 €
2. De 11 a 25 prazas	127,68 €	112,48 €	89,44 €	63,92 €
3. De 26 a 50 prazas	133,24 €	117,40 €	93,32 €	66,76 €
4. De 51 a 100 prazas	144,52 €	127,24 €	101,16 €	73,92 €
5. De 101 a 150 prazas	166,64 €	146,64 €	116,72 €	83,32 €
6. De 151 a 200 prazas	187,76 €	164,68 €	132,16 €	92,32 €
7. De máis de 200 prazas	209,80 €	183,60 €	147,92 €	101,76 €

c) Pasaxe comercial limitada para talleres, almacéns de empresa que teñan espazo para carga e descarga de mercadorías, concesionarios de automóbiles, compravenda de vehículos, aluguer sen condutor e outras actividades de características análogas, con horario laboral das 8 ás 20 horas, agás domingos e festivos, por metro lineal ou fracción e por ano:

Categorías	1ª	2ª	3ª e 4ª	5ª
1. De 1 a 10 prazas	52,64 €	47,12 €	36,96 €	26,36 €
2. De 11 a 25 prazas	54,44 €	53,48 €	42,48 €	30,44 €
3. De 26 a 50 prazas	60,68 €	55,76 €	44,48 €	31,72 €
4. De 51 a 100 prazas	68,68 €	60,32 €	48,04 €	34,36 €
5. De máis de 100 prazas	79,32 €	69,64 €	55,48 €	39,76 €

d) Pasaxe comercial limitada para obras de construción, derrubamento, reforma e reparación de edificios, con horario laboral das 8 ás 20 horas, agás domingos e festivos, por metro lineal ou fracción e por mes ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª e 4ª	5ª
	47,28 €	42,20 €	33,00 €	23,64 €

e) Pasaxe industrial para actividades sitas en polígonos destas características con vixencia as 24 horas, por metro lineal ou fracción e por ano:

53,60 €.

f) Para todos os puntos anteriores, calcularase como superficie máxima para praza de garaxe 20 m^2 ou fracción, coa excepción do parágrafo e) anterior.

g) Placas para pasaxes, e por unha soa vez 13,10 €.

Epígrafe B: Reserva especial para estacionamento ou para carga e descarga de mercancías.

a) Reserva permanente, por metro lineal ou fracción e por mes ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª e 4ª	5ª
	69,76 €	62,28 €	48,72 €	34,88 €

b) Reservas permanentes que autoricen o estacionamento de ambulancias diante dos centros sanitarios, centros de saúde e mutuas sanitarias, por metro lineal ou fracción ó ano:

58,96 €.

c) Reserva limitada a días laborables, con horario de 8 a 20 horas, por metro lineal ou fracción e por mes ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª e 4ª	5ª
	48,84 €	43,60 €	34,08 €	24,40 €

d) Reserva limitada para obras de construción, derrubamento, reforma e reparación de edificios, días laborables con horario de 8 a 20 horas, por metro lineal ou fracción e por mes ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª e 4ª	5ª
	47,28 €	42,20 €	33,00 €	23,64 €

e) Polo sinal de tráfico R-307, que prohibe o estacionamento de vehículos na zona de reserva, se deberá aboar o importe de 126,30 €.

f) Reservas especiais que autoricen o estacionamento de camións de mudanzas, por vehículo e día:

30,00 €.

Epígrafe C: Rebaixe, alzamento ou reparación de beirarrúas para as entradas de vehículos:

1. Obra:

* Rebaixe do bordo, incluído a formación das caídas, a p/p da rígola e a retirada de entullo. (Lonxitude aproximada 3,80 m).
* Rebaixe da beirarrúa (a>60 cm), incluída a reposición da soleira e do pavimento, incluso p/p caídas e retirada de entullo.
* Pintado do bordo en cor amarela.

1.1 Tipo: BORDO, RÍGOLA E BALDOSA DE GRANITO. Valoración:	a) Caso estándar:	(L=3 m. / A=0,60 m.) Prezo execución:	431,65 €
	b) Casos especiais:	De 0 a 1 m.	262,95 €
		De 1 a 3 m.	431,65 €
		De 3 a 4 m.	575,80 €
		De 4 a 5 m.	719,94 €
		Máis de 5 m, por cada metro lineal ou fracción de exceso.	144,15 €
1.2 Tipo: BORDO E RÍGOLA DE FORMIGÓN, E BALDOSA HIDRÁULICA. Valoración:	a) Caso estándar:	(L=3 m. / A=0,60 m.) Prezo execución:	306,60 €
	b) Casos especiais:	De 0 a 1 m.	227,85 €
		De 1 a 3 m.	306,60 €
		De 3 a 4 m.	408,82 €
		De 4 a 5 m.	511,01 €
		Máis de 5 m, por cada metro lineal ou fracción de exceso.	102,20 €
1.3 Tipo: BORDO E RÍGOLA DE GRANITO, E BALDOSA HIDRÁULICA.	a) Caso estándar:	(L=3 m. / A=0,60 m.) Prezo execución:	361,16 €
	b) Casos especiais:	De 0 a 1 m.	239,19 €
		De 1 a 3 m.	361,16 €
		De 3 a 4 m.	481,56 €

Valoración:		De 4 a 5 m.	601,94 €
		Máis de 5 m, por cada metro lineal ou fracción de exceso.	120,38 €
1.4 Tipo: BORDO E RÍGOLA DE FORMIGÓN, E BALDOSA DE GRANITO. Valoración:	a) Caso estándar:	(L=3 m. / A=0,60 m.) Prezo execución:	370,67 €
	b) Casos especiais:	De 0 a 1 m.	242,35 €
		De 1 a 3 m.	370,67 €
		De 3 a 4 m.	494,23 €
		De 4 a 5 m.	617,77 €
		Máis de 5 m, por cada metro lineal ou fracción de exceso.	123,56 €

2. Obra:

* Levantamento e reposición do bordo por supresión da pasaxe, incluído a p/p da rígola e a retirada de entullo.

* Levantamento e reposición da beirarrúa o seu estado primitivo, incluída a reposición da soleira e do pavimento.

2.1 Tipo: BORDO, RÍGOLA E BALDOSA DE GRANITO. Valoración:	a) Caso estándar:	(L=3 m. / A=0,60 m.) Prezo execución:	373,83 €
	b) Casos especiais:	De 0 a 1 m.	243,16 €
		De 1 a 3 m.	373,84 €
		De 3 a 4 m.	498,17 €
		De 4 a 5 m.	622,52 €
		Máis de 5 m, por cada metro lineal ou fracción de exceso.	124,35 €
2.2 Tipo: BORDO E RÍGOLA DE FORMIGÓN, E BALDOSA HIDRÁULICA. Valoración:	a) Caso estándar:	(L=3 m. / A=0,60 m.) Prezo execución:	255,50 €
	b) Casos especiais:	De 0 a 1 m.	211,10 €
		De 1 a 3 m.	255,50 €
		De 3 a 4 m.	340,95 €
		De 4 a 5 m.	426,40 €

		Máis de 5 m, por cada metro lineal ou fracción de exceso.	85,44 €
2.3 Tipo: BORDO E RÍGOLA DE GRANITO, E BALDOSA HIDRÁULICA. Valoración:	a) Caso estándar:	(L=3 m. / A=0,60 m.) Prezo execución:	308,90 €
	b) Casos especiais:	De 0 a 1 m.	221,77 €
		De 1 a 3 m.	308,90 €
		De 3 a 4 m.	411,85 €
		De 4 a 5 m.	514,81 €
		Máis de 5 m, por cada metro lineal ou fracción de exceso.	102,96 €
2.4 Tipo: BORDO E RÍGOLA DE FORMIGÓN, E BALDOSA DE GRANITO. Valoración:	a) Caso estándar:	(L=3 m. / A=0,60 m.) Prezo execución:	320,78 €
	b) Casos especiais:	De 0 a 1 m.	225,74 €
		De 1 a 3 m.	320,78 €
		De 3 a 4 m.	427,68 €
		De 4 a 5 m.	534,61 €
		Máis de 5 m, por cada metro lineal ou fracción de exceso.	106,93 €

As obras e traballos mencionados faraos o Concello, sempre que fora posible, será causa de privación do aproveitamento o impago da Taxa polo aproveitamento especial da vía pública.

No caso de que a empresa adxudicataria realice simultaneamente nunha mesma obra o rebaixe e o alzamento da beirarrúa aboarase soamente a tarifa mínima dunha delas.

Estas tarifas realizáronse en función dos prezos de mercado, non incluíndo, a totalidade delas, a cota tributaria que resulte de aplicación á operación en concepto do IVE.

2. No caso de que o aproveitamento estea situado na confluencia de varias rúas, aplicarase a tarifa correspondente á rúa de categoría superior.

3. No caso de que o aproveitamento estea situado en parques e xardíns públicos, aplicarase a categoría da rúa de maior categoría coa que linden.

ARTIGO 5º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO.

1. A obrigación de pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza nace:

a) Cando se trate de autorización de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza ou no momento de comezar aqueles, no caso de non contar con licenza.

b) Cando se trate de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día no que se solicite a prórroga.

c) Cando se trate de aproveitamentos con entrada de vehículos o devengo será periódico, terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural e as cotas serán irreductibles, salvo cando, nos casos de declaración de alta, o día do comezo do aproveitamento non coincida co ano natural.

Nese suposto as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de semestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o do comezo do aproveitamento.

Así mesmo, e no caso de baixa por cesamento no aproveitamento, as cotas serán rateables por semestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cesamento. Para tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte de cota correspondente ós semestres naturais nos que non se realizase o aproveitamento.

2. O pagamento das taxas realizarase:

a) No caso de novos aproveitamentos, no momento de autorizar a licenza, polo procedemento de autoliquidación nas oficinas de Facenda Local e depósito previo na Tesourería municipal.

b) No caso de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, ingresarase a contía correspondente ó período anual, para o que o Concello requirirá anualmente para o seu pagamento a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

3. Transcorridos os prazos establecidos no punto anterior e o que fixe o Concello para pagos anuais, as taxas exaccionaranse pola vía de constrinximento.

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Para gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas da vía pública, as persoas interesadas deberán solicitar a oportuna licenza. No caso de que os lugares susceptibles de aproveitamento especial ou utilización privativa fosen limitados, poderán concederse as licenzas mediante poxa ou concurso conforme ó prego de condicións que oportunamente se aprobe. Servirán de tipo inicial de licitación os prezos que figuran no artigo 4 desta ordenanza.

En todo caso estes aproveitamentos axustaranse segundo o disposto no Regulamento de bens das entidades locais aprobado polo Real decreto 1372/86.

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán formular simultaneamente á solicitude de licenza, a declaración de lonxitude, superficie, elementos a instalar, plano de planta e todos aqueles datos que se consideren necesarios para practicar a liquidación.

3. No caso dos aproveitamentos para entrada de vehículos que requiran obras de rebaixe do bordo, as solicitudes de entradas a establecementos comerciais e industriais, simultaneamente coa solicitude de licenza de obra, deberán constituír fianza ou aval solidario para responder dos gastos de reposición, nas contías sinaladas no listado de prezos da Ordenanza fiscal xeral.

Procederase á devolución desta fianza ou aval solidario cando o titular do aproveitamento proceda á reposición, nos prazos que se sinalen.

Os titulares serán responsables dos danos ocasionados nas beirarrúas, co motivo do uso especial que comporta a entrada e saída de vehículos coa ocasión da pasaxe de vehículos concedida, polo que estarán obrigados á súa reparación a requirimento da autoridade competente e dentro do prazo que para o efecto se outorgue. O incumprimento dará lugar á execución forzosa nos termos regulamentados na Lei de procedemento administrativo.

Así mesmo, no caso de cesamento do uso especial, os titulares estarán obrigados a entregar a placa correspondente.

4. As solicitudes contarán en todo caso cos seguintes datos: nome, apelidos e NIF ou razón social, e CIF do solicitante, enderezo e situación do aproveitamento.

No caso de entradas de vehículos deberá figurar a referencia catastral do terreo beneficiado.

5. Os servizos técnicos deste Concello informarán e liquidarán as solicitudes presentadas polos interesados e as licenzas concederanse conforme as normas vixentes no Concello en relación co tráfico, limpeza, non obstaculizar calzada e beirarrúas, seguridade e outras.

6. No caso de que os interesados renuncien ó aproveitamento especial regulado na presente ordenanza con posterioridade á autorización do mesmo, devengarase igualmente o importe das cotas que orixinaran, sendo estas rateables conforme se establece no artigo 5º.1.

7. Non poderá gozarse do aproveitamento da vía pública ata que fose ingresado o importe da taxa e fose outorgada a correspondente licenza.

8. Entenderase autorizada a ocupación polo tempo que figure na licenza e no caso de aproveitamentos de duración indeterminada, mentres a Alcaldía non acorde a súa caducidade ou o interesado non presente a baixa.

9. As declaracións de baixa dos aproveitamentos prorrogados ou continuados producirán efectos no ano seguinte a aquel en que fosen formuladas.

10. Concluído o aproveitamento concedido con carácter indefinido, o interesado está obrigado a comunicar ó Concello a dita circunstancia con devolución material da placa. Noutro caso seguirán devengándose as taxas periódicas correspondentes.

11. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial levase consigo a destrucción ou estrago do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que procedese, estará obrigado a deixar en perfecto estado o dominio público empregado. A Inspección municipal acreditará este punto, e, no caso de informe negativo, o Concello realizará as

obras de reconstrucción ou reparación a cargo do titular e procederá ademais á imposición de sanción conforme ó artigo 21.K da Lei 7/1985.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do estrago causado.

O Concello non poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros ós que se refire este punto.

12. O goce dun aproveitamento sen licenza ou por superficie ou duración superior á que figurase naquela será sancionado pola Alcaldía de acordo co disposto no artigo 21.K da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e restante normativa de aplicación.

13. No suposto de existir un só paso, cunha soa placa, construído para o acceso a dous ou máis locais, estacionamentos ou garaxes de distintos propietarios ou con distintos usos, emitiranse tantas liquidacións como locais existan, computándose a cada un a parte proporcional que lle corresponda en función da superficie daqueles. Para estes efectos os suxeitos pasivos deberán de declarar tal circunstancia na solicitude de autorización correspondente, indicando a superficie de cada un dos locais.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes de réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria. Tamén se aplicarán directamente os preceptos pertinentes da Ordenanza fiscal xeral e a Ordenanza municipal de protección ambiental.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 27 de decembro de 2006 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008

ORDENANZA FISCAL NÚM. 154

TAXAS POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DA VÍA PÚBLICA CON QUIOSCOS

ARTIGO 1º. NATUREZA, FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa pola utilización privativa da vía pública con quioscos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas do cal atenden ó previdо nos artigos 57 e 20.3 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. ELEMENTOS DA OBRIGA DE PAGAMENTO.

1. FEITO IMPOÑIBLE.

Está constituído pola realización do aproveitamento sinalado no artigo anterior.

2. SUXEITO PASIVO

Será a persoa física ou xurídica:

a) A titular da autorización correspondente.

b) A que aínda sen autorización, que ocupe a vía pública coa dita instalación, ou aquela en beneficio da cal redunde a utilización exclusiva.

3. NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO

Nacerá dende o 1 de xaneiro do ano no que se outorgase a correspondente autorización ou no que efectivamente comezase a ocupación da vía pública.

ARTIGO 3º. BASE DE GRAVAME.

A base de gravame estará constituída por metro cadrado do quiosco e a categoría da rúa.

ARTIGO 4º. TARIFA

Esixiranse as seguintes:

1.- Por metro cadrado ou fracción de superficie ocupada, ó ano:

132,31 €

2.- Cando o titular do quiosco acredite unha minusvalía igual ou superior ó 33%, así como os quioscos da Organización Nacional de Ciegos Españoles (ONCE) e da Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI), por metro cadrado ou fracción de superficie ocupada, ó ano:

79,28 €

3.- Cando os aproveitamentos non se realicen en rúa de 1ª categoría fiscal, as cantidades que resulten da aplicación das anteriores tarifas multiplicaranse polos coeficientes que se indican a efectos de determinar o importe a pagar:

Categoría fiscal das vías públicas	2º	3º	4º	5º
Coeficiente	0,90	0,80	0,70	0,60

NOTA.- Esta taxa é compatible e independente da taxa que corresponda polo outorgamento de licenzas urbanísticas.

ARTIGO 5º. CONTÍAS E A SÚA COBRANZA.

1. As contías anuais resultantes son irreductibles.

2. As contías correspondentes á primeira anualidade serán obxecto de ingreso directo na Tesourería antes de reiterar a concesión ou licenza.

3. As correspondentes ás anualidades sucesivas, chegado o caso, serán recollidas nunha matrícula de contribuíntes e a súa cobranza terá lugar na forma

e prazos previstos na Ordenanza fiscal xeral para as exaccións que se recadan en forma de valores en recibos.

ARTIGO 6º. EXENCIÓNS.

Non se concederán exencións ás tarifas reguladas nesta Ordenanza fiscal.

NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 7º. DOCUMENTACIÓN.

1. Solicitarase a autorización, que terá carácter anual por medio de instancia dirixida ó Ilmo. Sr. Alcalde na que ademais dos datos do solicitante, especificarase o lugar de instalación do quiosco, superficie e actividade a desenvolver neste, prazo de intalación e comezo da acupación. Acompañarase bosquexo a escala tanto da fronte como do alzado e especificaranse materiais e cores do quiosco que se vai instalar, os cales se axustarán ás condicións que sinale o Concello.

Ó termo daquela entenderase prorrogada a autorización polo termo doutro ano, se o Concello dado o carácter demanial dos bens ocupados, non revogase a autorización, o que deberá notificarse ó interesado cun prazo mínimo dun mes.

2. Presentada a solicitude no Rexistro Xeral, remitirase ó negociado correspondente, o cal reclamará nun só acto os informes regulamentarios que, no prazo de dez días hábiles, deberán emitir os Servizos Técnicos.

3. Emitidos os informes anteriores, adoptarase resolución.

4. O Servizo de Facenda local, practicará a liquidación da taxa pola primeira anualidade que, visada pola Intervención, será aprobada, chegado o caso, pola Alcaldía se outorgase a autorización.

ARTIGO 8º. RESOLUCION, CERTIFICACIÓN E EXECUCIÓN DA INSTALACIÓN.

1. A Alcaldía adoptará a resolución procedente, que, coa liquidación, será notificada ó solicitante, para o ingreso directo na Tesourería municipal do importe da contía da primeira anualidade e a retirada do documento do

outorgamento da autorización ou licenza. O negociado correspondente entregará o dito documento trala presentación do xustificante do ingreso da taxa pola primeira anualidade.

2. O outorgamento da autorización será discrecional, atendendo as razóns de estética, circulación e demais de interese xeral. No documento fixarase o prazo para concluír a instalación, que se efectuará baixo as normas e a vixilancia dos termos municipais, no prazo sinalado na resolución.

ARTIGO 9º. MODIFICACIÓNS E BAIXAS.

1. O titular da autorización administrativa deberá solicitala por anticipado e por escrito para calquera modificación da superficie, ou que afecte á estética, así como para as variacións de actividade. A petición será resolta na forma indicada pola solicitude orixinal e dará lugar, chegado o caso, a liquidación complementaria en máis, correspondente á anualidade na que se conceda a modificación.

A baixa será comunicada polo menos cun mes de antelación ó final do exercicio económico e producirá efectos a partir do 1 de xaneiro do seguinte.

ARTIGO 10º. DOCUMENTOS COBRATORIOS.

Nos exercicios seguintes a Administración confeccionará a matrícula de obrigados ó pagamento da taxa, tendo en conta as alteracións que se produzan. Tramitarase e aprobarase como os demais documentos cobratorios para as exaccións que se recadan por valores en recibo.

ARTIGO 11º. OBRIGACIÓNS XERAIS DO CONCESIONARIO.

1. Prohíbese utilizar o quiosco para finalidade distinta da autorizada.

2. Será atendido polo titular da autorización, ou o seu cónxuxe ou parente de ambos ata o 2º grao, mediante autorización municipal nestes últimos casos, e por causa xustificada.

3. Prohíbese o traspaso da autorización sen permiso escrito da Administración municipal.

4. O incumprimento de calquera destas condicións, a falta de pago dos prezos no período voluntario e da execución da instalación no prazo sinalado, levarán aparellada a revogación da autorización, sen dereito de indemnización.

ARTIGO 12º. INFRACCIÓNS, SANCIÓNS E PARTIDAS FALIDAS.

Nesta materia estarase ó prevido na Ordenanza fiscal xeral. De ser o caso, as partidas falidas só procederán respecto do importe das liquidacións posteriores á inicial.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Respectaranse as autorizacións vixentes ata a finalización do seu prazo, coas condicións e cotas sinaladas nelas.

DISPOSICIÓNS COMPLEMENTARIAS

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza, serán directamente aplicables as normas das Ordenanzas de policía sobre a materia e as da Ordenanza fiscal xeral. Así mesmo, o disposto nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as demais disposicións concordantes en réxime local.

Subsidiariamente, teranse en conta os artigos 24 e 27 da Lei 8/1989, de taxas e prezos públicos e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999

MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008

ORDENANZA FISCAL NÚM. 155

TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previdto nos artigos 57, 20 e 24.1 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible da taxa o goce da utilización privativa, ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades explotadoras ou prestantes de servizos de telefonía móbil.

2. O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo de subministración débanse utilizar antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupan o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular daquelas.

3. A taxa regulada nesta Ordenanza é compatible coas contías ou tarifas que, con carácter puntual ou periódico, podan acreditarse como consecuencia da cesión de uso de infraestruturas dedicadas especificamente ou habilitadas polo Concello para aloxar redes de servizos.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

1. Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local, a que se refire o artigo anterior.

Para estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras dos devanditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras deles.

2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras a que se refire o apartado anterior, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales efectúanse as subministracións coma se, non sendo titulares das devanditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

3. Tamén serán suxeitos pasivos da taxa as empresas e entidades, públicas ou privadas, que presten servizos, ou exploten unha rede de comunicación no mercado, conforme ao previsto nos artigos 6 e concordantes da Lei 32/2003, de 3 novembro, xeral de telecomunicacións.

4. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

5. Responderán subsidiariamente da débeda tributaria os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal, e os liquidadores de entidades ou sociedades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4º. RESPONSABILIDADES DO SUXEITO PASIVO

1. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que houber lugar, estará obrigado ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ó depósito previo do seu importe.

2. Se os danos foran irreparables, os suxeitos pasivos indemnizarán ó Concello en contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do deterioro dos danados.

3. O Concello non poderá condonar, total nin parcialmente, as indemnizacións e reintegros ós que se refiren os apartados anteriores.

ARTIGO 5 º. BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA

1. Para determinar a contía da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal por parte dos servizos de telefonía móbil, aplicaranse as seguintes fórmulas de cálculo:

a) Base impoñible (BI):

A base impoñible, deducida da estimación do aproveitamento especial do dominio público polo servizo de telefonía móbil calcúlase:

BI = Cmf * Nt + (0,90(NH) * Cmm)

Sendo:

Cmf = Consumo telefónico medio estimado, por unidade urbana, corrixido polo coeficiente atribuído á participación da telefonía móbil. Será resultado de dividir la facturación por telefonía móbil dirixida á rede nacional entre o número de líneas de telefonía fixa.

Nt = Número de teléfonos fixos instalados no Municipio. Será resultado de aplicar ó número de habitantes do Concello de Lugo a taxa de penetración da telefonía fixa sobre a poboación.

0,90 = Coeficiente redutor estimativo que recollería la penetración de la telefonía móbil entre a poboación empadroada no termo municipal de Lugo.

NH = Número de habitantes empadroados no Municipio de Lugo a 31 de decembro do exercicio correspondente. Para o cálculo da liquidación provisional a que se refire o artigo 8º da presente Ordenanza se considerará o número de habitantes empadroados no Municipio de Lugo a 31 de decembro do exercicio inmediatamente anterior.

Cmm = Consumo medio telefónico estimado por teléfono móbil. Será resultado de dividir os ingresos totais por telefonía móbil entre o número de teléfonos móbiles.

b) Cota básica (QB):

A cota básica global determínase aplicando o 1,4 por 100 á base impoñible:

QB = 1,4% s/ BI

A cota tributaria por operador determínase aplicando o coeficiente atribuíble a cada un á cota básica global:

Cota tributaria/operador = CE * QB

Sendo:

CE = coeficiente atribuíble a cada operador, segundo a súa cota de participación no mercado, incluíndo as modalidades de postpago e prepago.

2. A efectos de determinar o coeficiente CE, os suxeitos pasivos poderán probar ante o Concello que o coeficiente real de participación no conxunto dos ingresos de telefonía móbil no exercicio obxecto de exacción é diferente do imputado. Neste caso, a liquidación axustarase aplicando o coeficiente declarado polo obrigado tributario.

3. Se no transcurso do procedemento de liquidación correspondente a cada exercicio non se acredita o coeficiente real de participación anteriormente referido, poderanse aplicar os que resulten para cada operador do último informe anual publicado pola Comisión do Mercado de Telecomunicacións detallados para o Municipio, se constan, ou para o conxunto nacional total, no seu defecto.

ARTIGO 6º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO DA TAXA

1. O período impositivo coincide co ano natural salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación da subministración ou servizo, casos en que procederá aplicar o prorrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar a alta.

b) En caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento.

ARTIGO 7º. DEVENGO

1. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza nace nos intres seguintes:

a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos, no intre de solicitar a licenza correspondente.

b) Cando o goce do aproveitamento especial a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira licenza ou autorización, dende o momento en que se iniciou o citado aproveitamento. Para ese efecto, enténdese que comezou o aproveitamento especial cando se inicia a prestación de servizos aos usuarios que o soliciten.

2. Cando os aproveitamentos especiais do chan, subsolo ou voo das vías públicas prolónganse durante varios exercicios, o devengo da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

ARTIGO 8º. RÉXIME DE DECLARACIÓN E DE INGRESO.

1. Para o cálculo do coeficiente específico atribuible a cada operador, os suxeitos pasivos da taxa regulada por esta ordenanza presentarán antes do 30 de xuño de cada ano, declaración acreditativa do número de usuarios polos que o suxeito pasivo opera no termo municipal, que incluirá tanto os servizos de postpago como os servizos de prepago.

2. A falta de declaración dos interesados dentro do termo indicado, facultará ó Concello para proceder á cuantificación da taxa, en función das respectivas cotas de mercado de cada operador determinado no Informe Anual, emitido ó respecto, pola Comisión do Mercado de Telecomunicacións.

3. O Concello xirará a liquidación oportuna no segundo semestre de cada exercicio.

ARTIGO 9º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 23 de decembro de 2008 e do 28 de decembro de 2009, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2010. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009

ORDENANZA FISCAL NÚM. 156

TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE PELÍCULAS, ADOSADOS ÓS EDIFICIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e máquinas expendedoras de películas, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previdо nos artigos 57 e 20.3 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Son obxecto desta ordenanza os aproveitamentos da vía pública e terreos de dominio público con caixeiros automáticos e demais aparatos de que se serven as entidades financeiras para prestar os seus servizos, e con máquinas para a adquisición/aluguer de películas e outros análogos, achegados ós edificios, por implicar un aproveitamento especial da vía pública ou unha especial intensidade de uso da mesma, en caso de goce de espazos sen pechar, abertos ó uso público.

A Ordenanza non será de aplicación ós casos de caixeiros e máquinas sitas en espazos delimitados por elementos permanentes de peche.

ARTIGO 3º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza:

1) As persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou a quen afecte ou beneficie,

persoalmente ou nos seus bens, os servizos ou actividades públicos que constitúan o seu feito impoñible e en calquera caso, a entidade financeira titular do caixeiro automático ou empresa explotadora das máquinas.

2) Se é o caso, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separados susceptible de imposición.

3) Os beneficiarios dun aproveitamento continuado que figuren no correspondente padrón, en tanto non presenten a baixa, aínda no caso de que cesasen no aproveitamento, mesmo cando o cesamento no dito aproveitamento se deba a causas non imputables ó contribuínte.

ARTIGO 4º.TARIFAS.

A contía das taxas reguladas nesta ordenanza será:

Por unidade de caixeiro automático ou máquina expendedora ó ano:	275,95 €

Ó abeiro do establecido no artigo 17º da Ordenanza fiscal xeral, establécese a obriga, a efectos de practicar a correspondente liquidación, de declarar perante a Administración tributaria a instalación e a desinstalación do caixeiro/máquina.

ARTIGO 5º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO.

A obrigación de pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza nace no momento de obter a preceptiva licenza ou ó comezar o aproveitamento especial, coa instalación do correspondente caixeiro/máquina.

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Para gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas da vía pública, as persoas interesadas deberán solicitar a oportuna licenza.

En todo caso estes aproveitamentos axustaranse segundo o disposto no Regulamento de bens das entidades locais aprobado polo Real decreto 1372/86.

2. O aproveitamento entenderase prorrogado mentres non se presente baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin, os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna declaración no prazo dun mes seguinte a aquel no que se retire a instalación. As declaracións de baixa dos aproveitamentos prorrogados ou continuados producirán efectos no ano seguinte a aquel en que fosen formuladas.

ARTIGO 7º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1. O período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese do aproveitamento especial, en cuxo caso, o período impositivo se axustará a esta circunstancia co conseguinte prorrateo da cota, calculándose as tarifas proporcionalmente ó número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o do comezo do aproveitamento especial.

Así mesmo, e no caso de baixa por cesamento do aproveitamento, as tarifas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cesamento. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se houbera producido o aproveitamento citado.

2. O Concello procederá a xirar anualmente a liquidación tributaria que corresponda. O pagamento da Taxa se realizará por ingreso directo na Depositaría Municipal, ou nas entidades bancarias que establecese o Concello.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes de réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria. Tamén se aplicarán directamente os preceptos pertinentes da Ordenanza fiscal xeral e a Ordenanza municipal de protección ambiental".

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada por acordo do Concello Pleno do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial

da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008

IMPOSTOS

ORDENANZA FISCAL NÚM. 200

IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

Segundo o artigo 59.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os concellos esixirán o Imposto sobre vehículos de tracción mecánica que se regula nos artigos 92 a 99 do citado texto legal.

O Concello de Lugo esixirá este tributo de conformidade co disposto no mencionado Real decreto lexislativo, disposicións que o desenvolven e os seguintes artigos.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito impoñible deste imposto a titularidade de vehículos de tracción mecánica, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2.- Considérase vehículo apto para a súa circulación o que estivese matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non tivese causado baixa nos mesmos. Para os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3.- Non están suxeitos a este imposto:

a) Os vehículos que tendo sido dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desa natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica nos que a carga útil non sexa superior a 750 Kg.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS E OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación.

2.- Estarán obrigados ó pagamento deste imposto no Concello de Lugo, os suxeitos pasivos que teñan enderezo fiscal en Lugo. Será enderezo fiscal para os efectos deste imposto aquel que conste no permiso de circulación do vehículo.

ARTIGO 4º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1.- Estarán exentos do imposto:

1.1 Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

1.2 Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao.

Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e os dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

1.3 Os vehículos respecto dos que así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.

1.4 As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou doentes.

1.5 Os vehículos para persoas de mobilidade reducida, entendendo por tales os vehículos cunha tara non superior a 350 kg, e que, pola súa construcción, non poida alcanzar en chan unha velocidade superior a 45 km/h, proxectado e construído especialmente (e non simplemente adaptado) para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física. En canto ó resto das súas características técnicas, equipararanse ós ciclomotores de tres rodas.

Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención, en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade como ós destinados ó seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultáneamente.

A efectos do disposto neste epígrafe, terán a consideración de persoas con minusvalía quen teñan esta condición legal en grao igual ou superior ó 33%. Tamén se considerarán afectados por unha minusvalía en grao igual ou superior ó 33% os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez e os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, ó abeiro da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal de persoas con discapacidade.

1.6 Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do conductor.

1.7 Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos da Cartilla de Inspección Agrícola.

2.- Establécese unha bonificación do 100 por cento da cota do Imposto para os vehículos declarados históricos. Así mesmo, establécese unha bonificación do 100 por cento da cota do imposto para os turismos, motocicletas e ciclomotores de uso particular que teñan unha antigüidade mínima, na data do devengo do Imposto (1 de xaneiro de cada ano), de vintecinco anos contados a partir da data da súa fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, senón, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

3.- Os vehículos de clase turismo, gozarán nos termos que se dispoñen, dunha bonificación do 50% na cota do imposto, durante 3 anos, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións seguintes:

a) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel o eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, axeitados á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.

b) Que se trate de vehículos de motor gasolina ou diesel, cuxa marca e modelo se inclúan entre os vehículos de máis eficiencia enerxética, con clasificación por consumo A), nos termos da Directiva Europea 1999/94/CE, do 13 de decembro e do Real Decreto 837/2002, do 2 de agosto, segundo a Guía de Vehículos Turismo de venda en España, elaborada polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, sempre que produzan emisións de CO_2 que non superen os 120 gr/km.

c) Que se trate de vehículos de motor eléctrico e/ou emisións nulas.

ARTIGO 5º. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS

Os beneficios fiscais establecidos no artigo 4 da presente ordenanza aplicaranse de oficio agás excepción dos sinalados nos apartados 1.5, 1.7, 2 e 3 que terán carácter rogado. Nestes últimos supostos actuarase da seguinte forma:

a) Para os supostos sinalados no apartado 1.5, os suxeitos pasivos deberán solicitar do Concello a exención correspondente indicando as características do vehículo, matrícula, documento acreditativo da súa titularidade e afección ós usos sinalados no mencionado apartado. En particular, para o outorgamento da exención prevista no parágrafo 2º do epígrafe 1.5, do artigo 4, os interesados deberán, de ser o caso, achegar certificado da minusvalía en grao igual ou superior ó 33 por 100, emitido polo órgano competente, ou certificado de percepción de pensión da Seguridade Social polas circunstancias recollidas na mencionada Lei 51/2003.

A concesión deste beneficio fiscal, a instancia dos suxeitos pasivos, surtirá efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se formule a súa solicitude. Non obstante, se un vehículo tiña concedida a exención con validez non definitiva pola temporalidade do certificado de minusvalía do suxeito pasivo, manterase a continuidade da exención se se presenta un novo certificado de minusvalía prorrogado, aínda que a presentación se fixera con posterioridade á data do devengo do imposto.

b) No suposto do apartado 1.7 os interesados poderán presentar a cartilla de inspección agrícola no momento da súa alta na Xefatura Provincial de

Tráfico, obviando así o pagamento do imposto e a solicitude expresa de exención, sen prexuízo das facultades revisoras da Administración Tributaria.

A concesión deste beneficio fiscal, a instancia dos suxeitos pasivos, terá efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se formule a súa solicitude.

c) No suposto do apartado 2 os suxeitos pasivos deberán achegar o permiso de circulación do vehículo, onde se acredite que o vehículo é histórico ou que ten unha antigüidade mínima de 25 anos, así como a ficha de inspección e características técnicas coa correspondente ITV en vigor e o seguro obrigatorio vixente.

Non procederá a concesión desta bonificación no caso de que o titular do vehículo beneficiado non estea ó corrente do pago deste imposto por calquera vehículo ó seu nome.

A concesión deste beneficio fiscal, a instancia dos suxeitos pasivos, terá efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se formule a súa solicitude.

d) No suposto do apartado 3, para poder gozar desta bonificación os interesados deberán instar a súa concesión, xuntando copia do permiso de circulación e da ficha técnica do vehículo, así como a documentación acreditativa dos requisitos.

A bonificación terá efectos no ano da primeira matriculación e nos dous anos seguintes. Si se desexa que a bonificación teña efectos no mesmo período impositivo no que se produce a matriculación, a solicitude deberá presentarse nese mesmo ano. No caso de que a solicitude se presente con posterioridade o ano da alta a bonificación non terá efectos para as cotas devengadas con anterioridade.

Non procederá a concesión desta bonificación no caso de que o titular do vehículo beneficiado non estea ó corrente do pagamento deste imposto por calquera vehículo ó seu nome.

ARTIGO 6º. COTA

De conformidade co artigo 95.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Lugo fixa as seguintes tarifas anuais:

POTENCIA E CLASE DE VEHÍCULO	COTA
A) Turismos:	
De menos de 8 cabalos fiscais.	21,08 €
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais.	57,60 €
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais.	120,12 €
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais.	150,20 €
De 20 cabalos fiscais en diante.	187,64 €
B) Autobuses:	
De menos de 21 prazas.	139,24 €
De 21 a 50 prazas.	199,00 €
De máis de 50 prazas.	248,92 €
C) Camións:	
De menos de 1000 quilogramos de carga útil.	70,80 €
De 1000 a 2999 quilogramos de carga útil.	139,24 €
De máis de 2999 a 9999 quilogramos de carga útil.	199,00 €
De máis de 9999 quilogramos de carga útil.	248,92 €
D) Tractores:	
De menos de 16 cabalos fiscais.	28,60 €
De 16 a 25 cabalos fiscais.	45,52 €
De máis de 25 cabalos fiscais.	139,24 €
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	
De menos de 1000 e máis de 750 quilogramos de carga útil.	28,60 €
De 1000 a 2999 quilogramos de carga útil.	45,52 €
De máis de 2999 quilogramos de carga útil.	139,24 €
F) Outros vehículos:	
Ciclomotores.	7,12 €
Motocicletas ata 125 cm^3.	7,12 €
Motocicletas de máis de 125 ata 250 cm^3.	13,72 €
Motocicletas de máis de 250 ata 500 cm^3.	25,04 €
Motocicletas de máis de 500 ata 1000 cm^3.	50,80 €
Motocicletas de máis de 1000 cm^3.	101,12 €

ARTIGO 7º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1.- O período impositivo coincide co ano natural, agás no caso de primeira adquisición do vehículo en que comezará o primeiro día do trimestre natural en que se produce a dita adquisición.

2.- O imposto devengarase o 1 de xaneiro de cada ano, agás que se trate de primeira adquisición en que se devenga o día de alta na Xefatura Provincial de Tráfico.

3.- A cota do imposto é irreductible agás no caso de primeira adquisición, baixa definitiva ou baixa temporal por substración ou roubo do vehículo (dende o momento no que se produza a dita baixa na Xefatura Provincial de Tráfico) en que se prorrateará por trimestres naturais.

4.- As alteracións no imposto consecuencia de transferencia ou cambio de domicilio surtirán efectos para o exercicio seguinte a aquel en que se produza a alteración no rexistro de Dirección Xeral de Tráfico.

ARTIGO 8º. DECLARACIÓN E XESTIÓN

1.- Quen solicite ante a Xefatura Provincial de Tráfico a matriculación, a certificación de aptitude para circular ou a baixa definitiva dun vehículo, terá que acreditar, antes, o pagamento do imposto.

2.- A esta mesma obrigación tamén estarán suxeitos os titulares de vehículos cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma deles, sempre que altere a súa clasificacion para os efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia e cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo.

3.- No caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación para os efectos deste imposto, os suxeitos pasivos formularán no prazo de trinta días, que empezarán a contar dende a data de adquisición ou reforma, unha declaración-liquidación no Concello.

4.- Cando se trate de vehículos de alta por primeira vez por seren de nova matriculación o imposto ingresarase polo sistema de autoliquidación. Esta

formularase en impreso regulamentario, que facilita o Servizo de Facenda Local, con carácter previo á inscrición do vehículo no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

ARTIGO 9º. PAGAMENTO

No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pagamento do imposto farase polo sistema de padrón anual, no que constarán todos os vehículos suxeitos ó imposto.

O padrón anual que se notificará de modo colectivo mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 102.3 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria. Esta exposición será anunciada tamén na prensa local.

O padrón fiscal, que terá carácter de documento público, estará a disposición das persoas interesadas para a súa consulta.

ARTIGO 10º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo a Infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998

MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008

ORDENANZA FISCAL NÚM. 201

IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello esixirá o Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, rexerase pola presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previdо no artigo 59.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

CAPÍTULO I

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible do imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e os terreos integrados nos bens inmobles clasificados como de características especiais para os efectos do Imposto sobre bens inmobles, e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da propiedade deles por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.

2. O título a que se refire o punto anterior poderá consistir en:

a) Negocio xurídico “mortis causa”
b) Declaración formal de herdeiros “ab intestato”.
c) Negocio xurídico “inter vivos”, xa sexa de carácter oneroso ou lucrativo e tanto se son voluntarios como se son consecuencia de execución administrativa ou xudicial.
d) Expropiación forzosa.

ARTIGO 3º.

1. Terán a consideración de terreos de natureza urbana:

a) O solo urbano clasificado polo planeamento urbanístico como tal.

b) O solo clasificado polo PXOU vixente como núcleo rural.

c) O solo clasificado polo PXOU vixente como solo urbanizable programado.

d) O solo clasificado polo PXOU vixente como solo urbanizable non programado a partir da aprobación do instrumento de planeamento urbanístico pormenorizado que o desenvolva.

e) O solo xa transformado por contar, como mínimo, con acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación de augas e subministro de enerxía eléctrica ou por estar consolidado pola edificación na forma e coas características que estableza a lexislación urbanística.

2. Terán a consideración de terreos integrados nos bens inmobles clasificados como de características especiais, os integrados no conxunto complexo de uso especializado, integrado por solo, edificios, instalacións e obras de urbanización e mellora que, polo seu carácter unitario e por estar ligado de forma definitiva para o seu funcionamento, se configuran para os efectos catastrais como un único ben inmoble, comprendidos nos seguintes grupos:

a) Os destinados á producción de enerxía eléctrica e gas e ó refino de petróleo, e as centrais nucleares.

b) As presas, saltos de auga e embalses, incluído o seu leito ou vaso, excepto as destinadas exclusivamente á rega.

c) As autopistas, estradas e túneles de peaxe.

d) Os aeroportos e portos comerciais.

ARTIGO 4º.

Non están suxeitos a este imposto:

1. O incremento do valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos para os efectos do Imposto sobre bens inmobles.

2. As achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións que ó seu favor e en pago delas se verifiquen e transmisións que se fagan ós cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

3. As transmisións de bens inmobles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial.

CAPÍTULO II

ARTIGO 5º. EXENCIÓNS

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia de:

a) A constitución e transmisión de dereitos de servidume.
b) As transmisións de bens que se encontren dentro do perímetro delimitado como conxunto histórico-artístico, ou fosen declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ó seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación nos ditos inmobles.

Para poder gozar da exención establecida neste parágrafo, os suxeitos pasivos deberán solicitala de forma expresa no prazo de declaración do imposto, acreditando, mediante facturas ou certificacións de obra, un desembolso que iguale ou supere ó valor catastral asignado ó inmoble no momento do devengo do imposto. As ditas obras terán que estar rematadas con posterioridade ó 1 de xaneiro de 1999. Achegarán, ademais a seguinte documentación:

- Licenza municipal ou orde de execución
- Copia da autoliquidación ou da liquidación complementaria ingresada en concepto de Taxas pola prestación de servizos urbanísticos e Imposto sobre construccións, instalacións e obras.
- Certificado de final de obra.

ARTIGO 6º.

Así mesmo, están exentos deste imposto os incrementos de valor correspondentes cando a condición de suxeito pasivo recaia sobre as seguintes persoas ou entidades:

a) O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais, ás que pertenza o municipio de Lugo, así como os organismos autónomos do estado e as entidades de Dereito público de análogo carácter das comunidades autónomas e das ditas entidades locais.
b) O municipio de Lugo e demais entidades locais integradas ou nas que se integre o municipio de Lugo, así como as respectivas entidades de Dereito público de análogo carácter ós organismos autónomos do Estado.
c) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico-docentes.
d) As entidades xestoras da Seguridade Social e as mutualidades de previsión social reguladas na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.
e) Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectos a estas.
f) A Cruz Vermella Española.
g) As persoas ou entidades que teñan recoñecido ó seu favor a exención en tratados ou convenios internacionais.

CAPÍTULO III

ARTIGO 7º.

1. É suxeito pasivo do imposto a título de contribuínte:

a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que adquira o terreo ou a favor de quen se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.
b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que transmita o terreo, ou que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

2. Nos supostos a que se refire a letra b) do parágrafo anterior, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou

xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que adquira o terreo ou a favor de quen se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

CAPÍTULO IV

ARTIGO 8º.

1. A base impoñible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos, posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ó longo dun período máximo de vinte anos.

Para os efectos da determinación da base impoñible, haberá de terse en conta o valor do terreo no momento do devengo, e a porcentaxe que corresponda, de acordo co previsto nos artigos seguintes desta ordenanza.

ARTIGO 9º.

Nas transmisións de terreos, o seu valor no momento do devengo será o que teña fixado no dito momento para os efectos do Imposto de bens inmobles.

Non obstante, cando o dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflicta modificacións de planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación da citada ponencia, poderase liquidar provisionalmente este imposto de conformidade con este. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se obteña conforme ós procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data do devengo. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corrixiranse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos para o efecto nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmoble de características especiais, no momento do devengo do imposto, non teña fixado valor catastral no dito momento, o Concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa fixado, referindo o dito valor ó momento do devengo.

ARTIGO 10º.

Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, sobre terreos de natureza urbana, para a determinación do seu valor no momento do devengo, tomarase a parte do valor definido no artigo anterior que represente, respecto deste, o valor dos referidos dereitos calculado segundo as seguintes regras:

a) No caso de constituírse un dereito de usufructo, o seu valor equivalerá a un 2% do valor catastral do terreo por cada ano de duración deste sen que poida exceder do 70% do dito valor catastral.

b) Se o usufructo fose vitalicio, o seu valor, no caso de que o usufructuario tivese menos de vinte anos, será equivalente ó 70% do dito valor catastral do terreo minorándose esta cantidade nun 1% por cada ano que exceda da dita idade, ata o límite mínimo do 10% do expresado valor catastral.

c) Se o usufructo se establece a favor dunha persoa xurídica por prazo indefinido ou superior a trinta anos, considerarase como unha transmisión da propiedade plena do terreo suxeita a condición resolutoria, e o seu valor equivalerá ó 100% do valor catastral do terreo usufructuado.

d) Cando se transmite un dereito de usufructo xa existente, as porcentaxes expresadas nas letras a), b) e c) anteriores aplicaranse sobre o valor catastral do terreo ó tempo da dita transmisión.

e) Cando se transmita o dereito de núa propiedade, o seu valor será igual á diferencia entre o valor catastral do terreo e o valor do usufructo, calculado este último segundo as regras anteriores.

f) O valor dos dereitos de uso e habitación será o que resulte de aplicar ó 75% do valor catastral dos terreos, sobre os que se constitúan tales dereitos, as regras correspondentes á valoración dos usufructos vitalicios segundo os casos.

g) Na constitución ou transmisión de calquera outro dereito real de goce limitativo do dominio distinto dos enumerados nas letras a), b), c), d) e f) deste artigo e no seguinte considerarase como valor destes para os efectos deste imposto:

a) O capital, prezo ou valor pactado ó constituílos se fose igual ou maior que o resultado da capitalización ó xuro básico do Banco de España da súa renda ou pensión anual.

b) Este último, se aquel fose menor.

ARTIGO 11º.

Na constitución ou transmisión do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito a realizar a construcción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, para a determinación do seu valor no momento do devengo, tomarase a parte do valor catastral que represente, respecto deste, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, se non, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou en subsolo e a total superficie ou volume edificados unha vez construídas aquelas.

ARTIGO 12º.

Nos supostos de expropiacións forzosas, para a determinación do seu valor no momento do devengo, tomarase a parte do prezo xusto que corresponda ó valor do terreo, salvo que o valor definido no artigo 9, fose inferior, no que prevalecerá este último sobre o prezo xusto.

ARTIGO 13º.

1. Sobre o valor do terreo no momento do devengo, derivado do disposto nos artigos anteriores, aplicarase a seguinte porcentaxe anual, que deberá multiplicarse polo número de anos ó longo dos cales se poña de manifesto o incremento de valor:

a) Para os incrementos do valor xerados nun período de tempo comprendido entre un e cinco anos: 2,8.
b) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata dez anos: 2,7.
c) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata quince anos: 2,7.
d) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata vinte anos: 2,7.

2. Para os efectos de determinar o período de tempo en que se xere o incremento de valor, tomaranse tan só os anos completos transcorridos entre a data da anterior adquisición do terreo de que se trate ou da constitución ou transmisión igualmente anterior dun dereito real de goce limitativo do dominio

sobre este e a producción do feito impoñible deste imposto, sen que se teñan en consideración as fraccións de ano.

En ningún caso, o período de xeración poderá ser inferior a un ano.

3. Cando o terreo se adquirise polo transmitente por cotas ou partes en datas diferentes, consideraranse tantas bases impoñibles como datas de adquisición, establecéndose cada base na seguinte forma:

a) Distribuirase o valor do terreo proporcionalmente á cota ou porción adquirida en cada data.
b) A cada parte proporcional, aplicarase a porcentaxe de incremento de valor correspondente ó período impositivo de xeración do incremento de valor.

CAPÍTULO V

DÉBEDA TRIBUTARIA

SECCIÓN PRIMEIRA: COTA TRIBUTARIA

ARTIGO 14º.

A cota deste imposto será a resultante de aplicar á base impoñible o tipo que corresponda entre os seguintes:

a) Se o período de xeración do incremento de valor é de 1 a 5 anos, o 28%.
b) Se o período de xeración do incremento de valor é de ata 10 anos, o 27%.
c) Se o período de xeración do incremento de valor é de ata 15 anos, o 27%.
d) Se o período de xeración do incremento de valor é de ata 20 anos, o 27%.

SECCIÓN SEGUNDA: BONIFICACIÓN NA COTA

ARTIGO 15º.

Nas trasmisións dos terreos e nas trasmisións ou constitucións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título lucrativo, por causa de morte, cando os suxeitos pasivos do imposto sexan descendentes e adoptados ou ascendentes e adoptantes, ou cónxuxe do causante, establécese unha bonificación do 95 por cento sobre a cota íntegra do imposto correspondente ó ben inmoble de natureza urbana que sexa a vivenda habitual do causante, e sempre que non se transmita o

citado ben no prazo de 4 anos contados dende a data de falecemento. Noutro caso, o suxeito pasivo deberá aboar o importe total bonificado.

A estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela que figure como domicilio do causante no padrón de habitantes na data do seu falecemento.

Esta bonificación deberá solicitarse dentro do prazo habilitado no artigo 110 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a presentación da declaración deste imposto.

CAPÍTULO VI

ARTIGO 16º. DEVENGO

1. O imposto devéngase:

a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou lucrativo, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión.
b) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2. Para os efectos do disposto na alínea anterior considerarase como data da transmisión:

a) Nos actos ou contratos entre vivos a do outorgamento do documento público e, cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun rexistro público ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.
b) Nas transmisións por causa de morte, a do falecemento do causante.

ARTIGO 17º.

1. Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme que tivo lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre ben, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que o dito acto ou contrato non lle producise efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de cinco anos dende que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se

xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucións a que se refire o artigo 1.295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non producise efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non procederá a devolución ningunha.

2. Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes, non procederá a devolución do imposto satisfeito e considerarase como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimarase a avinza en acto de conciliación e a simple conformidade coa demanda.

3. Nos actos ou contratos en que media algunha condición, a súa cualificación farase conforme as prescricións contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria esixirase o imposto dende logo, a reserva, cando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución segundo a regra do punto 1 anterior.

CAPÍTULO VII

XESTIÓN DO IMPOSTO

SECCIÓN PRIMEIRA: OBRIGACIÓNS MATERIAIS E FORMAIS

ARTIGO 18º.

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar declaración-autoliquidación ante este Concello, segundo o modelo determinado por este, contendo os elementos imprescindibles da relación tributaria.

2. A dita declaración autoliquidada presentarase nos seguintes prazos, que comezarán a contar dende a data na que se produza o devengo do imposto:

a) Cando se trate de actos “inter vivos”, o prazo será de trinta días hábiles.
b) Cando se trate de actos “mortis causa”, o prazo será de seis meses prorrogables ata un ano, á solicitude do suxeito pasivo.

3. A aquela acompañaranse os documentos nos que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición.

4. Esta terá o carácter de liquidación provisional, suxeita a comprobación, e a cantidade que resulte desta ingresarase nas arcas municipais no momento da presentación dos documentos a que se refire o punto 3 deste artigo.

5. Unha vez comprobada pola oficina correspondente, aquela adquirirá o carácter de definitiva mediante ratificación por decreto do Alcalde.

ARTIGO 19º.

No caso de que non se poida practicar a autoliquidación por algún motivo,as liquidacións do imposto notificaranse integramente ós suxeitos pasivos con indicación do prazo de ingreso e expresión dos recursos procedentes.

ARTIGO 20º.

Con independencia do disposto no punto primeiro do artigo 18, están igualmente obrigados a comunicar ó Concello a realización do feito impoñible nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos.

a) Nos supostos contemplados na letra a) do artigo 7º da presente ordenanza sempre que se producisen por negocio xurídico entre vivos, o doador ou a persoa que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.
b) Nos supostos contemplados na letra b) do dito artigo, o adquirente ou a persoa a favor de quen se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

ARTIGO 21º.

Así mesmo, os notarios estarán obrigados a remitir ó Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de todos os documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito impoñible deste imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos que lles fosen presentados para coñecemento ou lexitimación de sinaturas. O previdо neste punto enténdese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei xeral tributaria.

SECCIÓN SEGUNDA: INSPECCIÓN E RECADACIÓN

ARTIGO 22º.

A inspección e recadación do imposto realizaranse de acordo co previdо na Lei xeral tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 23º.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que por esta correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a completan e a desenvolven.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non especialmente previsto nesta ordenanza aplicaranse os preceptos concordantes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, da Lexislación Urbanística sobre a Cualificación dos Terreos, e as normas pertinentes da Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008

ORDENANZA FISCAL NÚM. 202

IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

ARTIGO 1º. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible do imposto a realización dentro do termo municipal, de calquera construcción, instalación ou obra para a que se esixa licenza urbanística, segundo o establecido no artigo 194 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, obtivésese ou non a dita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este municipio, segundo o disposto no artigo 100 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e concordantes deste.

2. As construccións, instalacións ou obras a que se refire o punto anterior poderán consistir en:

a) Obras de construcción de edificacións e instalacións de todas as clases de nova planta.
b) Obras de demolición.
c) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
d) Obras de fontanería e redes de sumidoiros.
e) Obras en cemiterios.
f) A colocación de carteis de propaganda visibles dende a vía pública.
g) Calquera outra construcción, instalación ou obra que requira licenza de obra urbanística.

ARTIGO 2º. SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan donos da construcción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmoble sobre o que se realice aquela.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, terán a consideración de dono da construcción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construcción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos del quen solicite as correspondentes licenzas ou realice as construccións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da obriga tributaria satisfeita.

ARTIGO 3º. BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO

1. A base impoñible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construcción, instalación ou obra, e se entende por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base impoñible o Imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, de ser o caso, coa construcción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base impoñible o tipo de gravame.

3. O tipo de gravame será o 3 por 100.

4. O imposto devéngase no momento de iniciarse a construcción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza.

ARTIGO 4º. XESTIÓN

1. Para as obras menores:

1.1. O imposto esixiranse en réxime de autoliquidación; o suxeito pasivo, no momento de presentar a correspondente solicitude, deberá acreditar o ingreso do importe total declarado da débeda tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda. A base liquidable resultará da aplicación da lista de prezos unitarios que figura no anexo 3.

1.2. A Administración de Tributos, no momento de concederse a preceptiva licenza, practicará unha liquidación complementaria no caso de que a autoliquidación presentada non fose conforme a esta ordenanza.

1.3. Unha vez finalizadas as construccións, instalacións e obras, e á vista do custo real e efectivos das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, se é o caso, a base impoñible e practicará a correspondente liquidación definitiva esixindo ou reintegrando a diferencia ó suxeito pasivo.

2. Para as obras maiores:

2.1. A base liquidable nas obras maiores en ningún caso poderá ser inferior ó presuposto de referencia que resulte de aplicar o cálculo que figura no anexo 2.

2.2. A Administración municipal realizará unha liquidación provisional no momento de concederse a preceptiva licenza, a cal se aboará no momento do despacho desta, sen prexuízo da posterior liquidación definitiva que resulte do custo real efectivo das obras, unha vez que aquelas estean rematadas.

2.3. Unha vez finalizadas as construccións, instalacións e obras, no caso de que o custo real e efectivo delas sexa superior ou inferior ó que serviu de base impoñible na liquidación referida no punto anterior, os suxeitos pasivos presentarán no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á dita finalización, certificado e presuposto final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas, e calquera outro documento que se considere oportuno.

2.4. Á vista da documentación aportada e das construccións, instalacións e obras realizadas e do custo real e efectivos das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, se é o caso, a base impoñible e practicará a correspondente liquidación definitiva esixindo ou reintegrando a diferencia ó suxeito pasivo.

2.5. No caso de solicitudes de legalización de obras maiores, o imposto esixiranse en réxime de autoliquidación, conforme as regras establecidas para as obras menores no punto 1 anterior.

3. Para aquelas construccións, instalacións e obras que non conten con licenza, sen prexuízo das sancións que procedan, trala valoración do construído tendo en conta os anexos aplicables a esta ordenanza, procederase á liquidación e esixencia deste imposto.

4. A Inspección Técnica de Obras do Concello remitirá á Inspección de Tributos relación de construccións, instalacións e obras iniciadas ou realizadas sen licenza xunto coa valoración destas co fin de que esta proceda a incoar o correspondente expediente sancionador.

5. A Inspección de Tributos, sen prexuízo do disposto no punto anterior, realizará as súas propias funcións de comprobación e investigación, así como as reguladas nos artigos 141 e seguintes da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 4º bis. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que ó estaren suxeitas a este, vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de novo investimento como de conservación.

2. Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota do imposto, por unha soa vez, a favor das construcións, instalacións e obras, coa excepción de obras novas e obras realizadas en locais comerciais, que se realicen dentro das zonas delimitadas polo Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) ou en Áreas de Rehabilitación Integral (ARI).

O presuposto bonificado non poderá exceder de 11.000 euros por vivenda no caso de que se realice no ámbito do PEPRI e de 9.000 euros por vivenda no caso de que se realice no ámbito do ARI.

Esta bonificación non poderá simultanearse con calquera outra bonificación desta ordenanza.

3. Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota do imposto a favor das novas instalacións completas de calefacción en vivendas e de ascensor en edificios, sempre que os inmobles teñan unha antigüidade mínima de 15 anos.

4. Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota do imposto por pintura e tratamento integral de fachadas, substitución de materiais de cubertas e elementos externos de fachadas, cando se comprendan dentro dos deberes de conservación e rehabilitación previstos no artigo 9 da Lei 9/2002, do 30 de

decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ou supoñan unha notoria mellora nas condicións estéticas da edificación.

5. Establécese unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o presuposto de execución material das obras especificamente destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo.

O solicitante deberá achegar documentación ou proxecto que acredite as condicións antes sinaladas, que afecten a ramplas, aseos adaptados, dimensións de portas e corredores, ascensores, etc. No caso de existir dúbidas acerca de se as construcións, instalación e obras favorecen as condicións de acceso ou habitabilidade, solicitarase informe dos servizos técnicos municipais, con carácter previo á resolución da petición de bonificación.

6. Establécese unha bonificación do 50% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

7. Establécese unha bonificación do 95 por cento da cota do imposto a favor das obras de movementos de terra, desmontes, demolicións, e baleirados interiores que sexa necesario realizar neste termo municipal por mor das escavacións arqueolóxicas, para o que deberá terse achegada a correspondente solicitude de autorización arqueolóxica, se fose necesaria.

ARTIGO 5º. INSPECCIÓN E RECADACIÓN

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 6º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. Nas materias regulamentadas nesta ordenanza constitúen infraccións:

a) A realización sen licenza das obras ou actividades enumeradas no artigo 194 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e para os que a esixe a presente ordenanza, prodúzase ou non prexuízo ós dereitos da facenda municipal.

b) Non dar conta á Administración municipal do maior valor das realizadas, das modificacións daquelas ou do seus presupostos.

c) A falsidade da declaración en puntos que afecten á determinación da base do gravame.

2. Para a cualificación das infraccións e a súa sanción estarase ó prevido na Ordenanza fiscal xeral, e nos artigos 199 e 209 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e concordantes.

3. De conformidade co establecido na Ordenanza fiscal xeral e artigos 199 e 209 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, non impedirá a liquidación ou cobro das cotas devengadas non liquidadas.

ARTIGO 7º.

O imposto obxecto desta ordenanza é compatible coa Taxa sobre licenzas urbanísticas e, se é o caso, co Imposto sobre actividades económicas, por ser distintos os feitos impoñibles.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para o previsto nesta ordenanza rexerán as normas pertinentes da Ordenanza fiscal xeral, e no que sexa de aplicación a Ordenanza fiscal número 103.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 28 de decembro de 2009, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e

comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2010. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009

ORDENANZA FISCAL NÚM. 203

IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

ARTIGO 1º.

De conformidade co previsto no artigo 72 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles aplicable neste municipio queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

ARTIGO 2º.

1. O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,65.

2. O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,30.

3. O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles aplicable ós bens de características especiais queda fixado no 0,60.

ARTIGO 3º.

O Concello agrupará nun único documento de cobro todas as cotas deste imposto dun mesmo suxeito pasivo cando se trate de bens rústicos sitos no municipio de Lugo.

ARTIGO 4º. EXENCIÓNS.

Ademais das exencións previstas no texto vixente do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, por razón de criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, establécese a exención dos inmobles rústicos cando a cota agrupada correspondente a cada suxeito pasivo sexa inferior a 3,60 €. Igual exención establécese para os bens inmobles de natureza urbana nos que a súa cota sexa inferior a 3,90 €.

ARTIGO 5º. BONIFICACIÓNS.

1.- Establécese unha bonificación do 90% na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, para os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construcción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmobilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación delas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construcción efectiva, e sen que, en ningún caso, poda exceder de tres períodos impositivos.

A documentación que terán que achegar na solicitude da bonificación polos interesados será a seguinte:

- Fotocopia da Licenza municipal de obras.
- Fotocopia do último recibo do Imposto sobre actividades económicas, en caso de tributar por el, ou noutro caso, fotocopia da declaración censual no imposto anterior ou acreditación por calquera medio admisible en dereito de que se trata dunha empresa de urbanización, construcción ou promoción inmobiliaria.
- Fotocopia do último recibo do Imposto sobre bens inmobles ou declaración de alteración de bens no caso de que o recibo figurase a nome doutro propietario.
- Balance de situación pechado a 31 de decembro do ano anterior, para acreditar que o inmoble non figura entre os bens do inmobilizado.

Unha vez presentada a solicitude, o Concello requerirá ó interesado para que achegue certificado do Director Técnico, visado polo Colexio Oficial competente, para acreditar a data de inicio das obras.

2.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme á normativa da Comunidade Autónoma.

A dita bonificación concederase a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos

impositivos de duración desta e producirá efectos, de ser o caso, dende o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.

A documentación que hai que achegar na solicitude da bonificación polos interesados será a seguinte:

- Cédula de cualificación provisional e definitiva de vivenda de protección oficial expedida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.
- Escritura de compravenda da vivenda obxecto da solicitude.

3.- Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra, os bens rústicos das Cooperativas Agrarias e de Explotación Comunitaria da Terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

4.- Recoñécese unha bonificación na cota íntegra do imposto a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa no momento do devengo do tributo segundo o concepto establecido no artigo 2 da Lei de Protección de Familias Numerosas, do 18 de novembro de 2003, sempre que reúnan, ademais, as seguintes condicións:

a) Que o inmoble gravado con este imposto estea destinado a vivenda habitual do suxeito pasivo e do resto dos membros que integran a familia numerosa, polo que deberán estar empadroados todos os membros da familia neste Concello. A estes efectos o Servizo de Facenda Local requirirá ó Servizo de Estatística informe sobre os individuos empadroados na vivenda da que se solicita a bonificación.

b) Que ningún dos membros que integran a familia numerosa sexa propietario de ningunha outra vivenda.

c) Que o inmoble obxecto da solicitude, no momento de devengo, teña un valor catastral igual ou inferior a 60.000 €.

A porcentaxe de bonificación aplicable variará en función do valor catastral da vivenda no momento do devengo, segundo o seguinte cadro:

Valor catastral	**Porcentaxe**
De 0 a 20.000 €	90 %
De 20.000,01 a 30.000 €	70 %

De 30.000,01 a 45.000 €	50 %
De 45.000,01 a 60.000 €	30 %

Esta bonificación ten carácter rogado polo que a súa concesión requirirá, en todo caso, solicitude previa do interesado e acto administrativo expreso favorable a esta.

A bonificación terá duración exclusivamente anual polo que debe ser solicitada para cada exercicio en que se pretenda a súa aplicación dentro do primeiro trimestre. A non presentación da solicitude no prazo establecido implicará a perda da bonificación, sen prexuízo de poder solicitarse novamente para períodos impositivos seguintes.

A solicitude de concesión desta bonificación deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello mediante escrito firmado polo suxeito pasivo, aportando a seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade do solicitante.
- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba xurdir efectos a bonificación.
- Fotocopia compulsada do Libro de Familia.
- Recibo do Imposto sobre bens inmobles do inmoble para o que se solicita a bonificación.
- Declaración de IRPF dos integrantes da familia. No caso de que calquera ou todos os integrantes da familia non formulasen declaración de IRPF, poñerase de manifesto esta circunstancia na solicitude e acreditarase mediante certificado expedido ó efecto pola AEAT.
- Certificación catastral telemática emitida no Punto de Información Catastral (PIC) do Excmo. Concello de Lugo respecto de cada un dos membros da familia numerosa, do que se desprenda que non é propietario de ningunha vivenda en todo o territorio español.

A variación do enderezo que constitúa a vivenda habitual familiar deberá comunicarse ó Concello mediante a presentación da nova solicitude de beneficio fiscal.

5.- Establécese unha bonificación do 95% na cota íntegra do imposto para os inmobles propiedade da Universidade de Santiago de Compostela directamente destinados a fins universitarios. A estes efectos solicitarase anualmente, dentro do primeiro semestre do ano, a concesión da bonificación,

acreditando mediante certificación expedida ó efecto o destino de tódolos inmobles dos cales se insta a bonificación.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Son directamente aplicables as normas contidas nos artigos 60 a 77 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que se consideran incorporadas a esta ordenanza, e os pertinentes preceptos da Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008

ORDENANZA FISCAL NÚM. 204

IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

ARTIGO 1º.

De conformidade co previsto nos artigos 86 e 87 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o coeficiente de ponderación e o coeficiente de situación do Imposto sobre actividades económicas aplicables neste municipio quedan fixados nos termos que se establecen nos artigos seguintes.

ARTIGO 2º.

Sobre as cotas municipais, provinciais ou nacionais fixadas nas tarifas do imposto, aplicaranse, en todo caso, os seguintes coeficientes de ponderación, determinados en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo:

Importe neto da cifra de negocios (€)	Coeficiente
Dende 1.000.000,00 ata 5.000.000,00	1,29
Dende 5.000.000,01 ata 10.000.000,00	1,30
Dende 10.000.000,01 ata 50.000.000,00	1,32
Dende 50.000.000,01 ata 100.000.000,00	1,33
Máis de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra de negocio	1,31

Para os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas por este e determinarase de acordo co previsto na letra c) do parágrafo 1 do artigo 82 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 3º.

Para os efectos previstos da aplicación do coeficiente de situación do artigo seguinte, as vías públicas clasifícanse en 5 categorías fiscais.

ARTIGO 4º.

Sobre as cotas incrementadas por aplicación do coeficiente sinalado no artigo 2º e segundo a categoría fiscal da vía pública onde radique a actividade económica, establécese o seguinte coeficiente de situación:

Coeficiente de situación aplicable	CATEGORÍA FISCAL VÍAS PÚBLICAS				
	1º	2º	3º	4º	5º
	1,72	1,47	1,21	1,10	0,98

ARTIGO 5º.

As oscilacións en máis ou en menos non superiores ó 20 por 100 dos elementos tributarios non alterarán a contía das cotas polas que estean tributando. Cando as oscilacións de referecia fosen superiores á porcentaxe indicada, estas terán a consideración de variacións para os efectos do disposto no punto segundo do artigo 90.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 6º.

Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que teñan incrementado o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ó da aplicación, disfrutarán dunha bonificación igual ó devandito incremento promedio, cun máximo dun 25%, sobre as cotas fixas municipais, sempre que o devandito incremento sexa como mínimo do 10%, a plantilla previa ó incremento sexa igual ou superior a seis traballadores.

Exclúense do disposto neste artigo aqueles traballadores cuxa contratación indefinida fora realizada en execución de sentenza xudicial.

De se volver a solicitar esta bonificación, o número de traballadores inicial non poderá ser inferior ó total, incluídos ós que deron dereito a bonificación, que posuía o suxeito pasivo para a bonificación anteriormente aplicada.

A documentación acreditativa será a seguinte:

- Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social da vida laboral da empresa acreditativo dos extremos especificados, individualizado por meses.

A bonificación terá duración exclusivamente anual polo que debe ser solicitada para cada exercicio en que se pretenda a súa aplicación dentro do primeiro semestre. A non presentación da solicitude no prazo establecido implicará a perda da bonificación, sen prexuízo de poder solicitarse novamente para períodos impositivos seguintes.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 28 de decembro de 2009, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2010. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009

CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS

ORDENANZA FISCAL NÚM. 300

ORDENANZA XERAL DE CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS

CAPÍTULO I

ARTIGO 1º. FEITO IMPOÑIBLE

1. O feito impoñible das contribucións especiais estará constituído pola obtención polo suxeito pasivo dun beneficio ou dun incremento do valor dos seus bens como consecuencia da realización das obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos de carácter municipal por este Concello.

2. As contribucións especiais fundaranse na mera realización das obras ou no establecemento ou ampliación dos servizos a que se refire o punto anterior, e a súa exacción será independente do feito de que suxeitos pasivos utilicen efectivamente unhas ou outras.

ARTIGO 2º.

1. Para os efectos do disposto no artigo anterior, terán a consideración de obras e servizos municipais:

a) Os que dentro do ámbito da súa competencia realice ou estableza o Concello para atender ós fins que lle estean atribuídos. Exclúense as obras realizadas por este a título de propietario dos seus bens patrimoniais.

b) Os que realice ou estableza o Concello por serlle atribuído ou delegado por outras entidades públicas, así como aqueles que asumise a titularidade conforme a lei.

c) Os que realicen ou establezan outras entidades públicas ou os concesionarios destas, con achegas económicas deste municipio.

2. As obras e servizos a que se refire a letra a) da alínea anterior conservarán o seu carácter municipal aínda cando fosen realizados ou establecidos por:

a) Organismos autónomos municipais ou sociedades mercantís dos que fose este municipio o único titular do capital social.
b) Concesionarios con achegas deste municipio.
c) Asociacións de contribuíntes.

3. As contribucións especiais municipais son tributos de carácter finalista e o producto da súa recadación destinarase, integramente, a sufragar os gastos da obra ou do establecemento ou ampliación do servizo que por esta razón fosen establecidas e esixidas.

ARTIGO 3º.

1. O Concello poderá, potestativamente, acordar a imposición e ordenación de contribucións especiais, sempre que se dean as circunstancias conformadoras ó feito impoñible establecidas no artigo 1º da presente ordenanza xeral:

a) Pola apertura de rúas e prazas e a primeira pavimentación das calzadas.
b) Pola primeira instalación, renovación e substitución de redes de distribución da auga, de redes de sumidoiros e desaugadoiros de augas residuais.
c) Polo establecemento e substitución da iluminación pública e pola instalación de redes de distribución de enerxía eléctrica.
d) Polo ensanchamento e novas aliñacións das rúas e prazas xa abertas e pavimentadas, así como a modificación das rasantes.
e) Pola substitución das calzadas, beirarrúas, absorbedoiros e bocas de rego das vías públicas urbanas.
f) Polo establecemento e ampliación do Servizo de Extinción de Incendios.
g) Pola construcción de presas, canles e outras obras para a irrigación de terreos.
h) Pola realización de obras de captación, represa, depósito, conducción e depuración de augas para o abastecemento.
i) Pola construcción de estacións depuradoras de augas residuais e colectores xerais.
j) Pola plantación de arboredo en rúas e prazas, así como pola construcción e ampliación de parques e xardíns que sexan de interese para un determinado barrio, zona ou sector.

k) Polo desmonte, terraplenado e construcción de muros de contención
l) Pola realización de obras de desecación e saneamento e de defensa de terreos contra avenidas e inundacións, así como a regulación e desviacións de cursos de augas.
m) Pola construcción de galerías subterráneas para o aloxamento de redes e canalización de distribución de auga, gas e electricidade, así como para que sexan utilizadas por redes de servizos de comunicación e información.
n) Pola realización ou o establecemento ou ampliación de calquera outra obra ou servizo municipal.

2. O Concello pode concertar o pagamento da contribución especial a que se refire o artigo 1 desta ordenanza coa representación das entidades aseguradoras.

CAPÍTULO II

ARTIGO 4º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Non se recoñecerán en materia de constribucións especiais outros beneficios fiscais que os que estean establecidos por disposicións con rango de lei ou por tratados ou convenios internacionais.

2. Quen, nos casos a que se refire o punto anterior se considerase con dereito a un beneficio fiscal farao constar así ante o Concello, con expresa mención do precepto en que consideren amparado o seu dereito.

3. Cando se recoñezan beneficios fiscais nas constribucións especiais municipais, as cotas que puidesen corresponder ós beneficiarios ou, de ser o caso, o importe das bonificacións, non poderán ser obxecto de distribucións entre os demais suxeitos pasivos.

CAPÍTULO III

ARTIGO 5º. SUXEITOS PASIVOS

1. Terán a consideración de suxeitos pasivos das contribucións especiais municipais as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, especialmente beneficiadas pola realización

das obras ou polo establecemento ou ampliación dos servizos municipais que orixinen a obriga de contribuír.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior consideraranse persoas especialmente beneficiadas:

a) Nas contribucións especiais por realización de obras ou establecementos ou ampliación de servizos que afecten a bens inmobles, os propietarios destes.
b) Nas contribucións especiais por realización de obras ou establecementos ou ampliación de servizos a consecuencia de explotacións empresariais, as persoas ou entidades titulares destas.
c) Nas contribucións especiais polo establecemento ou ampliacións dos servizos de extinción de incendios, ademais dos propietarios dos bens afectados, as compañías de seguros que desenvolvan a súa actividade no ramo, no término deste Concello.
d) Nas contribucións especiais por construcción de galerías subterráneas, as empresas subministradoras que deban utilizalas.

ARTIGO 6º.

1. Sen prexuízo, chegado o caso, do disposto na alínea 3 do artigo 11 da presente ordenanza xeral, as contribucións especiais recaerán directamente sobre as persoas naturais ou xurídicas que aparezan no Rexistro da Propiedade como donos o posuidoras dos bens inmobles, ou no Rexistro Mercantil ou na Matrícula do Imposto sobre actividades económicas, como titulares das explotacións, ou negocios afectados polas obras ou servizos, na data de terminación daquelas ou na de comenzo da prestación destes.

2. Nos casos de réxime de propiedade horizontal, a representación da comunidade de propietarios facilitará á Administración municipal o nome dos copropietarios e o seu coeficiente de participación na comunidade, con indicación do DNI e domicilio, así como fotocopia da escritura de división horizontal, a fin de proceder ó xiro de cotas individuais. De non facerse así, entenderase aceptado que se xire unha única cota, e da súa distribución ocuparase a propia comunidade.

CAPÍTULO IV

ARTIGO 7º. BASE IMPOÑIBLE

1. A base impoñible das contribucións especiais está constituída, como máximo, polo 90 por 100 do custo que o Concello soporte pola realización das obras ou polo establecemento ou ampliación dos servizos.

2. O referido custo estará integrado polos seguintes conceptos:

a) O custo real dos traballos periciais, de redacción de proxectos e de dirección de obras, plans e programas técnicos.

b) O importe das obras a realizar ou dos traballos de establecemento ou ampliación dos servizos.

c) O valor dos terreos que tivesen que ocupar permanentemente as obras ou servizos, agás que se trate de bens de uso público, de terreos cedidos gratuíta e obrigatoriamente ó municipio, ou o de inmobles cedidos nos termos establecidos no artigo 77 da Lei de Patrimonio do Estado.

d) As indemnizacións procedentes por derribamento de construccións de plantacións, obras ou instalacións, así como as que deban aboarse ós arrendatarios dos bens que teñan que ser derruídos ou ocupados.

e) O xuro do capital investido nas obras ou servizos cando o Concello tivese que recorrer ó credito para financiar a porción non cuberta por contribucións especiais ou a cuberta por estas, en caso de fraccionamento xeral das citadas.

3. O custo total presupostado das obras ou servizos terá carácter de mera previsión. Se o custo real fose maior ou menor que o previsto, tomarase aquel para os efectos do cálculo das cotas correspondentes.

4. Cando se trate de obras ou servizos a que se refire o artigo 2º, 1 c) da presente ordenanza, ou das realizadas por concesionarios con achegas do Concello a que se refire o punto 2.b) do mesmo artigo, a base impoñible das contribucións especiais determinarase en función do importe destas achegas, sen prexuízo das que poidan interpoñer outras administracións públicas por razón da mesma obra ou servizo. En todo caso, respectarase o límite do 90 por 100 a que se refire o punto primeiro deste artigo.

5.Para os efectos de determinar a base impoñible, entenderase por custo soportado polo Concello a contía resultante de restar á cifra do custo total o importe das subvencións ou auxilios que a entidade local obteña do Estado ou de calquera outra persoa ou entidade pública ou privada. Exceptúase o caso de que a persoa ou entidade a subvención ou auxilio teña a condición de suxeito pasivo, caso no que se procederá de conformidade co indicado na alínea 2 do artigo 9º da presente ordenanza xeral.

ARTIGO 8º.

A Corporación determinará no acordo de ordenación respectivo a porcentaxe do custo da obra achegado por esta, que constituirá en cada caso concreto a base impoñible da contribución especial de que se trate, sempre co limite do 90 % a que se refire o artigo anterior.

CAPÍTULO V

ARTIGO 9º. COTA TRIBUTARIA

1. A base impoñible das contribucións especiais repartirase entre os suxeitos pasivos, tendo en conta a clase e natureza das obras e servizos, con suxeición ás seguintes regras:

a) Con carácter xeral aplicaranse conxunta ou separadamente, como módulos de reparto, os metros lineais ou de fachada dos inmobles, a súa superficie, o volume edificable destes e o valor catastral para os efectos do Imposto sobre bens inmobles.

b) Se se trata do establecemento e mellora do Servizo de Extinción de Incendios, poderán ser distribuídas entre as entidades ou sociedades que cubran o risco por bens sitos neste Concello, proporcionalmente ó importe das primas recadadas no ano inmediatamente anterior. Se a cota esixible a cada suxeito pasivo fose superior ó 5 por 100 do importe das primas recadadas por este, o exceso trasladarase ós exercicios sucesivos ata a súa total amortización.

c) No caso das obras a que se refire o artigo 3º,m) da presente ordenanza xeral, o importe total da contribución especial será

distribuído entre as compañías ou empresas que teñan que utilizalas de acordo co espacio reservado a cada unha ou en proporción á total sección destas, aínda cando non as usen.

2. No caso de que se outorgase para a realización das obras ou establecemento ou ampliación dos servizos unha subvención ou auxilio económico, por quen tivese a condición de suxeito pasivo das contribucións especiais que se exaccionasen por tal razón, o importe da dita subvención ou auxilio destinarase primeiramente a compensar a cota da respectiva persoa ou entidade. O exceso, se o houbese, aplicarase a reducir a pro rata a cota dos restantes suxeitos pasivos.

ARTIGO 10º.

1. En toda clase de obras, cando a diferencia do custo por unidade nos diversos traxectos, tramos ou seccións da obra ou servizo non corresponda análoga diferencia no grao da utilidade ou beneficio para os interesados, todas as partes do plan correspondente serán consideradas en conxunto para os efectos do reparto, e, en consecuencia, para a determinación das cotas individuais non se atenderá soamente ó custo especial do tramo ou sección que inmediatamente afecte a cada contribuínte.

2. No caso de que o importe total das contribucións especiais se repartira tendo en conta os metros lineais da fachada dos inmobles, entenderase por predios con fachada á vía publica no só as edificadas en coincidencia coa aliñación exterior do rueiro, senón tamén as construídas en bloques illados calquera que fose a súa situación respecto da vía pública que delimite aquel rueiro e sexa obxecto da obra; en consecuencia, a lonxitude da fachada medirase, en tales casos, pola do soar do predio, independentemente das circunstancias da edificación, retranqueo, patios abertos, zonas de xardín ou espacios libres.

3. Cando o encontro de dúas fachadas estea formado por un chafrán ou se una en curva, consideraranse para os efectos da medición da lonxitude da fachada a metade da lonxitude do chafran ou a metade do desenvolvemento da curva, que se sumarán ás lonxitudes das fachadas inmediatas.

CAPÍTULO VI

ARTIGO 11º. DEVENGO

1. As contribucións especiais devénganse no momento en que as obras se executasen ou o servizo comezase a prestarse. Se as obras fosen fraccionables, o devengo producirase para cada un dos suxeitos pasivos dende que se executasen as correspondentes a cada tramo ou fracción da obra.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, unha vez aprobado o acordo concreto de imposición e ordenación, o Concello poderá esixir por anticipado o pago das contribucións especiais, en función do importe do custo previsto para o ano seguinte. Non poderá esixirse o anticipo dunha nova anualidade sen que fosen executadas as obras para as que se esixiu o correspondente anticipo.

3. O momento do devengo das contribucións especiais terase en conta para os efectos de determinar a persoa obrigada ó pagamento, de conformidade co disposto no artigo 5 da presente ordenanza xeral, e aínda que no acordo concreto de ordenación figure como suxeito pasivo quen o fose con referencia á data da súa aprobación e de que este anticipase o pago das cotas, de conformidade co disposto no punto 2 do presente artigo. Cando a persoa que figure como suxeito pasivo no acordo concreto de ordenación, que fose notificada diso, transmita os dereitos sobre os bens ou explotacións que motivan a imposición no período comprendido entre a aprobación do dito acordo e o do nacemento do devengo, estará obrigada a dar conta á Administración municipal da transmisión efectuada, dentro do prazo dun mes dende a data desta e, se non o fixese, a dita administración poderá dirixir a acción para o cobro contra quen figuraba como suxeito pasivo no dito expediente.

4. Unha vez finalizada a realización total ou parcial das obras, ou iniciada a prestación do servizo, procederase a sinalar os suxeitos pasivos, a base e as cotas individualizadas definitivas, xirando as liquidacións que procedan e compensando como entrega a conta os pagos anticipados que se efectuasen. Tal sinalamento definitivo realizarase polos órganos competentes do Concello, axustándose ás normas do acordo concreto de ordenación do tributo para a obra ou servizo de que se trate.

5. Se os pagos anticipados fosen efectuados por persoas que non teñen a condición de suxeitos pasivos na data do devengo do tributo, ou ben excedesen da cota individual definitiva que lles corresponda, o Concello practicará de oficio a pertinente devolución.

CAPÍTULO VII

ARTIGO 12º. XESTIÓN, LIQUIDACIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN

A xestión, liquidación e recadación das contribucións especiais realizaranse en forma, prazos e condicións que se establecen na Lei xeral tributaria nas demais leis do Estado reguladoras na materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 13º.

1. Unha vez determinada a cota que se satisfará, o Concello poderá conceder, a solicitude do contribuínte, o fraccionamento ou aprazamento daquela por un prazo máximo de cinco anos. Deberá garantirse o pagamento da débeda tributaria, que incluirá o importe dos xuros de mora das cantidades aprazadas, mediante hipoteca, peñor, aval bancario ou outra garantía suficiente a satisfacción da Corporación.

2. A concesión do fraccionamento ou aprazamento implicará a conformidade do solicitante co importe total da cota tributaria que lle corresponda.

3. A falta do pagamento dará lugar á perda do beneficio do fraccionamento, con expedición de certificación de descuberto pola parte pendente do pago, recargas e xuros correspondentes.

4. En calquera momento o contribuínte poderá renunciar ós beneficios do aprazamento ou fraccionamento, mediante ingreso da cota ou parte daquela pendente de pago así como dos xuros vencidos, cancelándose a garantía constituída.

5. De conformidade coas condicións socio-económicas da zona na que executen as obras, a súa natureza e cadro de amortización, o custo, a base liquidable e o importe das cotas individuais, o Concello poderá acordar de oficio o pagamento fraccionado co carácter xeral para todos os contribuíntes, sen prexuízo de que eles mesmos poidan en calquera momento anticipar os pagos que consideren oportunos.

CAPÍTULO VIII

ARTIGO 14º. IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN

1. A exacción das contribucións especiais precisará a previa adopción polo Concello do acordo de imposición en cada caso concreto.

2. O acordo relativo á realización dunha obra ou ó establecemento ou ampliación dun servizo que deba custearse mediante contribucións especiais non poderá executarse ata que se aprobase a ordenación concreta destas.

3. O acordo de ordenación será de inescusable adopción e conterá a determinación do custo previsto das obras e servizos, da cantidade a repartir entre os beneficiarios e dos criterios de reparto. O acordo de ordenación concreto complementarase nas demais cuestións coa presente Ordenanza xeral de contribucións especiais.

4. O acordo de ordenación unha vez adoptado expoñerase ó público por prazo de 30 días, mediante anuncio no BOP e no Taboleiro de Anuncios do Concello, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

5. Unha vez adoptado o acordo concreto de ordenación das contribucións especiais, e determinadas as cotas que hai que satisfacer, estas serán notificadas individualmente a cada suxeito pasivo se este ou o seu domicilio fosen coñecidos e, se non, por edictos. Os interesados poderán formular recurso de reposición ante o Concello que poderá versar sobre a procedencia das contribucións especiais, a porcentaxe do custo que deban satisfacer as persoas especialmente beneficiadas ou as cotas asignadas.

ARTIGO 15º.

1. Cando este Concello colabore con outra entidade local na realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos, e sempre que se impoñan contribucións especiais, observaranse as seguintes regras:

a) Cada entidade conservará as súas competencias respectivas tocante ós acordos de imposición e ordenación concretos.

b) Se algunha das entidades realizara as obras, ou establecese ou ampliase os servizos coa colaboración económica da outra, corresponderalle á primeira a xestión e recadación das

contribucións especiais, sen prexuízo do disposto na letra a) anterior.

2. No suposto de que o acordo concreto de ordenación non fora aprobado por unha das ditas entidades, quedará sen efecto a unidade de actuación, adoptando separadamente cada unha delas as decicións que procedan.

CAPÍTULO IX

ARTIGO 16º. COLABORACIÓN CIDADÁ

1. Os propietarios ou titulares afectados polas obras poderán constituírse en asociación administrativa de contribuíntes e promover a realización de obras ou o establecemento ou ampliación de servizos do Concello, comprometéndose a sufragar a parte que lle corresponde achegar a este Concello cando a súa situación financeira non llo permitira, ademais da que lles corresponda segundo a natureza da obra ou servizo.

2. Para os efectos de execución das obras ou servizos polas asociacións administrativas de contribuíntes, teranse en conta os seguintes requisitos:

a) A execución levarase a cabo con suxeición e prazos do proxecto elaborado pola Administración municipal, ou cando menos, sobre o proxecto presentado pola asociación e aprobado polo Concello.

b) A dita execución, en todo caso, farase baixo a dirección dos técnicos designados pola asociación administrativa de contribuíntes, sen prexuízo das facultades de inspección do Concello.

c) A asociación será responsable dos danos e perdas que poidan orixinar tanto ós intereses públicos como privados, así como tamén do retraso na execución e dos vicios ocultos que se poñan de manifiesto nos 10 anos seguintes á recepción definitiva.

3. Así mesmo, os propietarios ou titulares afectados pola realización das obras ou o establemento ou ampliación de servizos promovidos polo Concello, que deban financiarse con contribucións especiais, poderán solicitar a constitución da asociación administrativa de contribuíntes no período de exposición ó público do acordo de ordenación de contribucións especiais.

ARTIGO 17º.

Para a constitución das asociacións administrativas de contribuíntes a que se refire o artigo anterior, o acordo deberá ser tomado pola maioría absoluta dos afectados, sempre que representen, polo menos, os dous tercios das cotas que deban satisfacerse.

En todo caso, os acordos que adopte a asociación de contribuíntes por maioría absoluta destas e que representen os 2/3 da propiedade afectada, obrigarán ós demais.

Potestativamente o Concello poderá solicitar da asociación de contribuíntes a elaboración do cadro reparto e demais asistencia técnica, para os efectos da elaboración de documentación integrante do expediente administrativo.

CAPÍTULO X

ARTIGO 18º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. En todo o relativo a infraccións tributarias e a súa cualificación, así como ás sancións que a estas correspondan en cada caso, aplicaranse as normas contidas na Lei xeral tributaria.

2. A imposición de sancións non suspenderá, en ningún caso, a liquidación e cobro das cotas devengadas non prescritas.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para o non previsto nesta ordenanza serán aplicables os artigos procedentes da Ordenanza fiscal xeral do Concello, así como os artigos 28 a 38 da do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e outras disposicións concordantes daquel e demais lexislación de rexime local e da Lei xeral tributaria, que se aplicará subsidiariamente.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 27 de decembro de 2004, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2005. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004

PREZOS PÚBLICOS

ORDENANZA NÚM. 400

PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E DE RECREO MUNICIPAL

ARTIGO 1º. CONCEPTO E OBXECTO

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, este Concello establece os prezos públicos pola prestación de servizos nas instalacións deportivas, culturais e de recreo municipais.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento deste prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficie dos servizos prestados por este Concello a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO

Nacerá dende o momento que se accede á solicitude de reserva para a utilización das instalacións a que se refire a presente ordenanza.

ARTIGO 4º. COTAS

As tarifas serán as seguintes:

	ACTOS DE CARÁCTER OFICIAL	ACTOS NON OFICIAIS
A) Pavillón municipal:	5,20 €	17,00 €
B) Polideportivo O Pombal: Pista grande: Pista pequena:	 3,70 € 2,50 €	 6,80 € 4,90 €
C) Polideportivo de Frigsa: Pavillón de baloncesto:	 3,70 €	 6,80 €
D) Polideportivo Piringalla:	3,70 €	6,80 €
E) Campo de fútbol Gándaras:	3,70 €	8,60 €

F) Campo de fútbol A Cheda:	3,70 €	8,60 €
G) Campo de fútbol de Nadela:	3,70 €	8,60 €
H)*Campo de fútbol Mundial-82 do Ceao:	3,70 €	8,60 €
I) Campo de fútbol O Polvorín:	3,70 €	8,60 €

* Estarán exentos deste prezo público os clubs inscritos na Federación Galega de Fútbol, de conformidade co convenio subscrito entre o Concello e a devandita Federación o 31 de maio de 1999.

	ACTOS DE CARÁCTER OFICIAL	ACTOS NON OFICIAIS
J) Pistas de tenis:		
Sen luz:	2,50 €	3,70 €
Con luz:	3,70 €	4,30 €
Menores 16 anos sen luz:	1,20 €	1,80 €
Menores 16 anos con luz:	1,50 €	2,50 €

K) Piscinas climatizadas:		
BAÑO LIBRE:	Entrada adultos:	3,10 €
	Abono 5 baños adultos:	9,30 €
	Abono 10 baños adultos:	17,30 €
	Abono 20 baños adultos:	25,30 €
	Abono 5 baños pensionistas(*):	4,30 €
	Entrada nenos (menores de 16 anos):	1,20 €
	Abono 5 baños (menores de 16 anos):	4,30 €
	Abono 10 baños (menores de 16 anos):	8,00 €
	Abono 20 baños (menores de 16 anos):	14,20 €
	Bono anual adultos:	86,40 €
	Bono anual menores de 16 anos:	47,50 €
CURSOS DE NATACIÓN TRIMESTRAIS:	Cursos natación adultos 2 días:	22,20 €
	Cursos natación adultos 3 días:	29,60 €
	Cursos natación nenos:	17,90 €
Outros cursos ou actividades análogas non recollidas, aplicarase o custo da actividade.		
NATACIÓN PARA COLEXIOS:	Colexios do municipio:	8,60 €
	Resto de colexios:	23,70 €

(*) Só pensionistas con ingresos inferiores ó 1,5 veces o salario mínimo interprofesional.

L) Piscinas de verán:	
Entrada adultos:	2,10 €
Abono 15 baños adultos:	21,60 €
Abono 30 baños adultos:	43,10 €
Abono 15 baños pensionistas (*):	10,80 €
Entrada nenos (menores de 16 anos):	0,90 €
Abono 15 baños nenos (menores 16 anos):	10,50 €
Abono 30 baños nenos (menores 16 anos):	20,90 €
Abono 15 baños familiar:	29,00 €
Abono 30 baños familiar:	57,40 €

(*) Só pensionistas con ingresos inferiores ó 1,5 veces o salario mínimo interprofesional.

M) Escolas deportivas:	MATRÍCULA	MENSUALIDADE
Escola de artes marciais (*):	11,70 €	22,20 €
Ximnasia mantemento(*):	11,70 €	20,90 €
Atletismo(**):	11,70 €	14,80 €
Tenis adultos 2 días:	11,70 €	23,80 €
Outras escolas deportivas:	11,70 €	14,80 €

(*) Segundo o convenio firmado coa Asociación de Ximnasios e Entidades Deportivas de Lugo (20,00 €).
(**) Convenio coa Universidade.

N) Actividade deportiva para 3ª idade:	7,70 €
O) Pistas atletismo:	
Entrada semanal:	3,50 €
Carné mensual:	8,00 €
Carné semestral:	30,00 €
Carné anual:	50,00 €

Estes prezos darán dereito ó uso das instalacións exclusivamente en horario de mañá.

P) Tarifa para actos non deportivos

Excepto para os actos benéficos que estarán exentos do pagamento dos prezos públicos, a hora do Pavillón municipal dos Deportes será de 160,00 €, tralo depósito dunha fianza de 601,01 €.

Q) Calquera outro servizo deportivo ou instalación non previsto que se poida ofertar, ben propiedade do Concello ou conveniada con outros organismos, imputarase o seu custo.

R) No caso de realización de actividades non recollidas nesta ordenanza, aplicarase como prezo o custo destas, que será previamente aprobado polo órgano competente.

Todos estes prezos non inclúen o IVE, que será de aplicación conforme a normativa vixente.

ARTIGO 5º. NORMAS XERAIS

1. Os usuarios están obrigados a manter en perfecto estado os servizos e instalacións deportivas e seguir as instruccións do persoal encargado das ditas instalacións.

2. Non estarán suxeitas a esta taxa aquelas utilizacións da instalación que correspondan a competicións organizadas por iniciativa do Excmo. Concello ou patrocinados polo Concello, ou que así se recollan en convenios asinados.

ARTIGO 6º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Non serán esixibles as cotas para equipos alevíns, infantís, benxamíns, cadetes e xuvenís, con motivo da promoción do deporte de formación promovido polo Excmo. Concello de Lugo.

2. En virtude do convenio asinado entre a Universidade de Santiago de Compostela e este Concello, con data do 28 de xaneiro de 2000, decláranse exentos do pago do prezo público pola utilización das pistas de atletismo “Gregorio Pérez Rivera”, todos os membros da comunidade universitaria da Universidade de Santiago de Compostela que estean en posesión do carné de usuario ou do carné acreditativo da pertenza a esa universidade.

Así mesmo, esta exención aplicarase a todos os atletas federados, incluídos os atletas federados pertencentes ó Club Deportivo da Universidade de Santiago de Compostela con licenza en vigor.

3. As exencións dos parágrafos anteriores non serán de aplicación para as piscinas municipais, e pistas de tenis con luz.

4. Establécese unha bonificación do 20 por cento nas tarifas das instalacións deportivas municipais para as familias numerosas que acrediten esta condición.

ARTIGO 7º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Neste suposto estarase ó disposto sobre o particular na Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para o previsto expresamente nesta Ordenanza fiscal estarase ós preceptos sobre o particular contidos na Ordenanza fiscal xeral e no regulamento de servizos que poida aprobar o Concello.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e do 23 de decembro de 2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2009. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 295 do 27 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 70 do 26 de marzo de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 28 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006

MODIFICACIÓN:	BOP núm. 294 do 24 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 300 do 31 de decembro de 2008

ORDENANZA NÚM. 401

PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS

ARTIGO 1º. CONCEPTO E OBXECTO

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, este Concello establece os Prezos Públicos polo Servizo de Organización de Espectáculos.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO

Serán obrigados ó pagamento destes prezos públicos os asistentes ós espectáculos.

ARTIGO 3º. CONTÍA

En todos os espectáculos organizados polo Concello os prezos públicos deberán cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada. No caso de que a actividade a desenvolver non figure regulada o prezo fixarase a través de Decreto da Alcaldía.

ARTIGO 4º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO

Satisfaranse os prezos públicos regulados nesta ordenanza no momento de retirar os tickets de entrada ós espectáculos.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto nesta ordenanza, estarase ó disposto na Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 29 de decembro de 1998 e 27 de decembro do 2006, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e

comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2007. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 1998
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 293 do 23 de decembro de 1999
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 295 do 27 de decembro de 2000
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 297 do 28 de decembro de 2004
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006

ORDENANZA NÚM. 402

PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS E PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN - CENTRO DE SERVIZOS TECNOLÓXICOS (CEI-NODUS).

ARTIGO 1º. CONCEPTO E OBXECTO

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, este Concello establece o prezo público pola utilización das instalacións e prestación de servizos do Centro de Empresas e Innovación - Centro de Servizos Tecnolóxicos (CEI-NODUS).

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficie dos servizos prestados por este Concello a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3º. CONTÍA.

1.- As tarifas mensuais que deberán aboar os titulares de autorizacións administrativas pola utilización de locais (despachos, obradoiros ou laboratorios) do CEI-NODUS, previo depósito dunha fianza de 600 €, serán as seguintes:

LOCAIS	**TARIFAS**		
	1º ano	**2º ano**	**3º ano**
Despachos	3,07 €/m^2	4,09 €/m^2	4,85 €/m^2
Obradoiros e Laboratorios	1,96 €/m^2	2,62 €/m^2	3,11 €/m^2

2.- Pola utilización de Salas e outros espazos comúns do CEI-NODUS:

SALAS COMUNS	**TARIFAS**	
	Diaria	**Cesión mínima**

Salas de Xuntas	51,10 €/día	8,20 €/hora
Salón de Actos	204,40 €/día	32,70 €/hora
Aula de Formación	102,20 €/día	16,35 €/hora
Aula TIC	122,65 €/día	20,45 €/hora
Sala Multimedia	204,40 €/día	32,70 €/hora
Sala de Demostracións Tecnolóxicas	122,65 €/día	15,35 €/hora
Sala de Videoconferencias	122,65 €/día	15,35 €/hora

3.- Polos servizos de reprografía e fax:

SERVIZOS	**DESCRICIÓN**	**TARIFAS**
Fotocopias/ Impresións	A4 en branco e negro	0,03 €
	A4 en cor	0,20 €
	A3 en branco e negro	0,06 €
	A3 en cor	0,36 €
Fax	Cada páxina	0,15 €
Escáner	Cada páxina	0,15 €
Material de encuadernación	2 cubertas e 1 canutillo	0,60 €

4.- Pola cesión de equipamento informático, audiovisual e multimedia:

SERVIZOS	**TARIFAS**	
	Diaria	**Cesión mínima**
Equipo reproductor-grabador DVD	10,20 €/día	2,05 €/hora
Equipo de vídeo	10,20 €/día	2,05 €/hora
Equipo de TV	10,20 €/día	2,05 €/hora
Proxector vídeo	20,45 €/día	4,10 €/hora
Pantalla de proxección	10,20 €/día	2,05 €/ hora
Ordenador portátil	20,45 €/día	4,10 €/ hora
Visor de documentos	15,35 €/día	3,05 €/ hora
Teclado e rato sen fíos	13,30 €/día	2,55 €/ hora
Punteiro láser	6,15 €/día	1,00 €/ hora
Equipo de audioconferencia	20,45 €/día	4,10 €/ hora
Escáner	13,30 €/día	2,55 €/ hora
Impresora láser	10,20 €/día + 0,05 € copia	2,05 €/hora + 0,05 € copia

5.- Polos servizos de telecomunicacións:

SERVIZOS	Tarifa Conexión simple	Tarifa Conexión múltiple (4)
Audioconferencia con España	10,20 €/hora	20,45 €/hora
Audioconferencia coa U.E.	30,65 €/hora	40,90 €/hora
Audioconferencia resto do mundo	51,10 €/hora	71,55 €/hora

6.- Os beneficiarios do servizo de domiciliación de empresas deberán satisfacer un prezo público que queda fixada na contía mensual de 15,35 €.

7.- En canto á subministración de gas, os titulares das autorizacións deberán aboar as cantidades que lles correspondan en función dos metros cadrados do módulo obxecto de autorización, en concepto de participación nos gastos derivados do mantemento do sistema de calefacción. Para a súa exacción teranse en conta as seguintes tarifas:

LOCAL	**TARIFA**
Despacho de 32 m^2	12,25 €/mes
Despacho de 64 m^2	24,55 €/mes
Taller de 50 m^2	19,40 €/mes
Taller de 63 m^2	23,50 €/mes
Taller de 94 m^2	35,75 €/mes
Taller de 105 m^2	39,85 €/mes
Taller de 156 m^2	59,30 €/mes
Laboratorio de 63 m^2	23,50 €/mes
Laboratorio de 105 m^2	39,85 €/mes

8.- En concepto de limpeza, os titulares das autorizacións deberán aboar as cantidades que lles correspondan en función dos metros cadrados do módulo obxecto de autorización. Para a súa exacción teranse en conta as seguintes tarifas, considerando que se trata de custes mensuais mínimos obrigatorios por unha hora de limpeza ó mes, sen prexuízo de que os titulares das autorizacións poidan contratar máis horas de limpeza, neste caso aplicarase a cantidade proporcional en función do tempo de limpeza contratado.

LOCAL	**TARIFA**
Despacho de 32 m^2	11,25 €/mes
Despacho de 64 m^2	21,45 €/mes
Taller de 50 m^2	17,35 €/mes
Taller de 63 m^2	21,45 €/mes

Taller de 94 m^2	31,70 €/mes
Taller de 105 m^2	35,75 €/mes
Taller de 156 m^2	53,15 €/mes
Laboratorio de 63 m^2	21,45 €/mes
Laboratorio de 105 m^2	35,75 €/mes

9.- A expedición de tarxetas electrónicas emitidas polo CEI-NODUS terá un custe de 12 euros cada unha.

Os titulares de autorizacións administrativas pola utilización de locais recibirán como máximo e sen custe algún dúas tarxetas electrónicas nominativas por local, pola expedición da terceira e seguintes tarxetas electrónicas, establécese o pagamento de 12 euros por unidade.

10.- No caso de realización de actividades non recollidas nesta ordenanza, aplicarase como prezo o custo destas, que será previamente aprobado polo órgano competente.

ARTIGO 4º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Estará exenta do pago deste prezo público a estancia no semilleiro de empresas.

2. Asimesmo, exímese do pago do prezo público pola utilización de locais (despachos, obradoiros e laboratorios) ás empresas cualificadas como Iniciativas de Emprego de Base tecnolóxica (IEBT). A exención comprenderá un período de doce meses, podendo prorrogarse por outros doce meses se a IEBT acada os obxectivos fixados no Plan de Empresa avaliado polo CEI e supoñan cando menos a contratación dun titulado técnico ou superior a tempo completo sobre a contratación inicial.

3. Non serán esixibles as cotas polo uso das Salas e outros espazos comúns regulados no punto 2 do artigo anterior por parte das empresas instaladas no CEI-NODUS, por un máximo de ata tres días ó mes. A partires do cuarto día, aplicarase unha bonificación do 40% sobre a tarifa xeral establecida.

A utilización das salas e outros espazos comúns non devengará cantidade algunha sempre que o CEI-NODUS actúen como entidades coorganizadoras ou colaboradoras na promoción do acto ou evento que, revestindo de interese para as empresas, precise das referidas instalacións.

4. A utilización do equipamento informático, audiovisual e multimedia e dos servizos de telecomunicacións, referidos nos puntos 4 e 5 do artigo anterior, por parte das empresas instaladas no CEI-NODUS gozará dunha bonificación do 40% sobre a tarifa xeral establecida.

5. As empresas beneficiarias do servizo de domiciliación de empresas e as empresas que estiveron instaladas no CEI-NODUS que contaron no seu día cunha autorización administrativa de uso dun módulo, integrantes do viveiro virtual do CEI-NODUS, gozarán das exencións e bonificacións dispostas nos puntos 3 e 4 deste artigo 4º, equiparándose para estes efectos ás empresas instaladas no Centro.

As restantes empresas integrantes do viveiro virtual do CEI-NODUS, é dicir, as empresas constituídas ó abeiro do CEI-NODUS e outras empresas que dende o punto de vista das actuacións que desenvolvan, das súas finalidades e obxectivos, dos colectivos desfavorecidos ós cales se dirixan, do seu carácter social ou innovador, do desenvolvemento das novas tecnoloxías, ou do seu impacto no territorio en materias tales como creación de emprego ou de fomento da riqueza e do benestar ou calquera outra acción desenvolvida complementaria das anteriores, e sempre que así se estime pola Concellería de Economía e Emprego, non lles será esixibles as cotas polo uso das Salas e otros espazos comúns, regulados no punto 2 do artigo 3º desta Ordenanza, por un máximo de ata dous días ó mes. A partires do cuarto día, aplicarase unha bonificación do 20% sobre a tarifa xeral establecida. Ademais pola utilización do equipamento informático, audiovisual e multimedia e dos servizos de telecomunicacións, referidos nos puntos 4 e 5 do artigo 3º desta Ordenanza, as devanditas empresas gozarán dunha bonificación do 20% sobre a tarifa xeral establecida.

ARTIGO 5º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO

As liquidacións por este prezo público realizaranse mensualmente, facéndose efectivas ó vencemento de cada período, salvo que se trate de actos de disposición puntuais ou esporádicos por parte de entidades externas ó CEI-NODUS. Neste caso as liquidacións realizaranse con posterioridade ó acto de disposición.

A confirmación da reserva das Salas e outros espazos comúns do CEI-NODUS conleva a xeración de liquidación por importe do 20% do prezo público correspondente á reserva realizada, que o solicitante deberá aboar no caso de

anulación da reserva ou de que non chegue a facer uso efectivo de ditas Salas e espazos.

ARTIGO 6º.

No caso de que o Concello de Lugo organice actividades ou accións formativas que teñan lugar nas instalacións do CEI-NODUS (xa sexan xornadas, seminarios, obradoiros, cursos, etc.) que polas súas características requiran o aboamento dunhas cotas de matrícula por parte das persoas interesadas en asistir á realización de ditos eventos, as ditas cotas quedarán determinadas mediante Decreto de Alcaldía emitido expresamente para o evento concreto.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 7 de novembro do 2005 e 28 de decembro do 2009, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 294 do 24 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 300 do 31 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009

ORDENANZA NÚM. 403

PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS CULTURAIS

ARTIGO 1º. CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación cos artigos 41 a 47, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece os prezos públicos pola prestación de servizos nas instalacións culturais, cuxas normas reguladoras contéñense na presente Ordenanza.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO

Están obrigados ó pagamento dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza quen se beneficien dos servizos ou actividades, prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3º. CONTÍA

As contías dos prezos públicos regulados nesta ordenanza serán as seguintes, os cales non inclúen o IVE, que será de aplicación conforme á normativa vixente:

Epígrafe 1: AUDITORIO MUNICIPAL "GUSTAVO FREIRE"

Pola prestación de servizos e a utilización da Sala Principal en festivais, actos e outros análogos:

Tarifa única por cesión do Auditorio:	500,00 €/día.

Epígrafe 2: BIBLIOTECA MUNICIPAL

Pola impresión de documentos en papel DIN A4, por páxina	0,10 €.

Pola venda de soportes magnéticos para ó almacenamento de información descargada de internet: CD 700 MB:	1,10 €.

Epígrafe 3: PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES CULTURAIS

a) Talleres e obradoiros, tales como debuxo, pintura, cerámica, modelado, etc, incluso para nenos diferentes ás encadradas dentro das ociotecas e das aulas abertas:	0,40 €/hora ata un tope máximo de 20 euros/taller.
b) Actividades destinadas a nenos/as: Ociotecas (Proxecto Aprende Xogando), e Aulas Abertas. Pola participación na actividade media xornada: Pola participación na actividade en xornada completa: A actividade terá media xornada nos casos en que se desenvolva só en horario de mañá ou de tarde. A actividade terá xornada completa nos casos en que se desenvolva en horario de mañá e tarde (Nadal, Semana Santa e Vacacións de verán).	1,00 €/xornada 2,00 €/xornada
c) Excursións:	4,00 € cada día de excursión.
d) Cursos sociosanitarios (primeiros auxilios, socorrismo acuático, etc.): - Menos de 15 horas: - Entre 16 e 25 horas: - Entre 26 e 50 horas: - Entre 51 e 100 horas: - Máis de 100 horas:	15 €/persoa. 30 €/persoa. 45 €/persoa. 60 €/persoa. 75 €/persoa.
e) Cursos formativos (monitor de tempo libre, linguaxe de signos, etc.): - Menos de 99 horas: - Entre 100 e 199 horas: - Entre 200 e 299 horas: - Máis de 300 horas:	10 €/persoa. 25 €/persoa. 50 €/persoa. 75 €/persoa.
f) Cursos de lecer (fotografía, maxia, etc.):	0,40 € por hora cun máximo de 20 euros por curso.
No caso de realización de actividades non recollidas nesta ordenanza, aplicarase	

como prezo o custo destas, que será previamente aprobado polo órgano competente.

Epígrafe 4: MUSEOS

Polo acceso ós museos aboaranse as seguintes cantidades:

a) Centro de Interpretación da Muralla	
Entrada por persoa:	3,00 €.
Entradas reducidas: Xubilado: Menores de 14 anos: Estudantes: Grupos de 20 ou máis persoas, por cada un:	 1,50 €. 1,50 €. 1,50 €. 1,50 €.
b) Casa dos Mosaicos, Centro Arqueolóxico de San Roque, Sala de Exposicións Porta Miñá	
Entrada por persoa:	2,00 €.
Entradas reducidas: Xubilado: Menores de 14 anos: Estudantes: Grupos de 20 ou máis persoas, por cada un:	 1,00 €. 1,00 €. 1,00 €. 1,00 €.
c) Entrada Múltiple (para os catro centros)	
Entrada por persoa:	7,00 €.
Entradas reducidas: Xubilado: Menores de 14 anos: Estudantes: Grupos de 20 ou máis persoas, por cada un:	 4,00 €. 4,00 €. 4,00 €. 4,00 €.

Epígrafe 5: CASA DAS LINGUAS

Pola participación no programa e nas actividades socioeducativas a desenvolver con apoio de monitor/a:

Matrícula anual por persoa e idioma. (inclúe a entrega de carné de socio/a, exentos os menores de 14 anos sempre que presenten carné de socio/a)	30 €
Pola entrega de carné de socio/a	3 €.

ARTIGO 4º. NACEMENTO DA OBRIGACIÓN

A obrigación de pagamento dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza nace dende que se inicie a prestación dos servizos ou a realización das actividades, sen prexuízo das exencións e bonificacións que se establecen.

ARTIGO 5º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Quedarán exentos do pago pola participación en actividades socio-culturais aquelas persoas que foran derivadas dende os servizos sociais de atención primaria.

As actividades relativas á formación de adultos como alfabetización, acceso á universidade, habilidades sociais e as de marcado carácter social estarán exentas do pagamento do prezo público.

En relación ás actividades destinadas a nenos/as encadradas dentro as ociotecas e aulas abertas quedarán exentos do pagamento do prezo público os terceiros fillos pertencentes a mesma unidade de convivencia, e establecese unha bonificación do 50% da cota para o segundos fillos, previa xustificación.

2. No que respecta á prestación de servizos e á utilización da Sala Principal do Auditorio “Gustavo Freire”, non están obrigados ó pagamento de cantidade ningunha as actividades culturais ou actos de calquera índole, organizadas polo Concello de Lugo ben directamente ou ben a través doutras entidades ás que se conceda o patrocinio municipal.

A Xunta de Goberno Local ou por razóns de urxencia a Alcaldía dando conta a esta, poderá acordar a redución e ata a condonación total das tarefas previstas para estes prezos públicos cando en atención ó carácter social, cultural, benéfico ou formativo dos actos se estime procedente fomentar a súa realización. O acordo que se adopte deberá ser motivado e conter os informes pertinentes.

As persoas ou entidades interesadas na obtención dos beneficios a que se refire o parágrafo anterior instarán estes do Concello acreditando suficientemente as circunstancias que xustifican a súa pretensión e cunha antelación mínima de quince días sobre a celebración do acto.

3. Os museos ós que se refire o epígrafe 4 do artigo 3º poderán visitarse gratuitamente:

a) O primeiro sábado de cada mes.
b) O día 17 de maio, Día das Letras Galegas.
c) O día 18 de maio, Día Internacional dos Museos.
d) O día 25 de xullo, Santiago Apóstolo, Día Nacional de Galicia.

4. Non están obrigados ó pagamento de cantidade algunha pola participación en actividades ou actos a celebrar na Casa das Linguas sempre que non sexa necesario o apoio de monitor/a, as proxeccións de películas, e as consultas nas que non sexa necesario a utilización de novas tecnoloxías, estarán exentos así mesmo os actos organizados polo Concello de Lugo.

Quedarán exentos do pagamento do prezo público pola participación en actividades da Casa das Linguas os segundos fillos pertencentes a mesma unidade de convivencia, previa xustificación.

Así mesmo, quedarán exentos do pago pola participación en actividades da Casa das Linguas aquelas persoas que foran derivadas dende os servizos sociais municipais de atención primaria.

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN

1. O pagamento dos prezos públicos regulados nos epígrafes 1 e 3 do artigo 3º efectuarase, en todo caso, con carácter previo á prestación do servizo ou a realización da actividade, o cal poderá esixirse en réxime de autoliquidación.

A reserva do Auditorio considerarase confirmada unha vez se teña recibido resgardo do preceptivo ingreso efectuado no prazo sinalado. Transcorrido o dito prazo sen terse efectuado o ingreso quedará anulada a reserva.

A reserva de praza nas actividades desarrolladas dentro do programa “aprende xogando” considerarase confirmada unha vez se teña recibido resgardo do preceptivo ingreso efectuado no prazo que se sinalen nas normas de admisión. Transcorrido o dito prazo sen terse efectuado o ingreso quedará anulada a reserva.

2. A autorización para a utilización do Auditorio municipal solicitarase por medio de instancia dirixida á Alcaldía, cuxa resolución sobre a procedencia ou improcedencia de conceder a autorización será notificada ós interesados e ós servizos encargados da súa execución.

3. A renuncia á reserva do Auditorio realizada polos interesados, entre 60 e 30 días naturais anteriores á data de autorización, terán unha retención do 25% do importe do prezo público. As renuncias entre os días 30 e 10 terán unha retención do prezo público do 50% e cando a renuncia se produza 10 días anteriores á data de autorización da actividade non se producirá devolución del importe del prezo público ingresado.

A renuncia á praza na actividade desenvolvida dentro do programa "aprende xogando" realizada polos interesados ben antes do comezo ou durante o mes de duración da mesma, non producirá devolución do importe do prezo público ingresado.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 7 de novembro do 2005 e 28 de decembro do 2009, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005
CORRECCIÓN ERROS:	BOP núm. 146 do 27 de xuño de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 294 do 24 de decembro de 2007
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 300 do 31 de decembro de 2008
MODIFICACIÓN:	BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2009

ORDENANZA NÚM. 404

PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE PUBLICACIÓNS LOCAIS

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, este Concello establece o prezo público pola venda de publicacións editadas polas súas Delegacións e Servizos, ou que, promocionadas por estes, dispoña delas para a súa venda, con independencia do soporte en que sexan realizadas.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado na presente ordenanza os adquirentes dos libros, revistas e demáis publicacións a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3º. FIXACIÓN DO PREZO

1. A contía do prezo público determinarase tendo en conta os seguintes criterios:

a) Soporte da publicación.
b) Calidade do material no que se realiza o soporte.
c) Extensión da publicación.
d) Número de exemplares editados.
e) Sistema de financiamento da publicación.
f) Custo do deseño, maquetación e edición.
g) Número de exemplares adquiridos.

2. A concreción do prezo de cada unha das publicacións farase por resolución do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, ou do Concelleiro/a en quen delegue, tendo en conta os criterios sinalados no punto anterior.

3. O prezo así calculado non inclúe o IVE, que será de aplicación conforme a normativa vixente.

4. O Concello poderá facilitar sen custo exemplares das publicacións a persoas públicas ou privadas, sempre que isto redunde en interese xeral do municipio, sexa en actuacións turísticas, culturais, sociais, xuvenís, de tempo libre ou análogas.

ARTIGO 4º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO

1. A obrigación de pagar o prezo público nace desde o intre da entregaa da publicación.

2. No suposto da adquisición dunha pluralidade de exemplares, poderá esixirse o prezo público en réxime de autoliquidación, que será requisito previo para a súa entrega.

3. Para a distribución das súas publicacións, o Concello poderá establecer un contrato de depósito de exemplares cunha ou con varias empresas ou entidades distribuidoras, que efectuarán coa periodicidade que se fixe liquidación das vendas producidas, deducindo do importe total facial das publicacións vendidas as comisións acordadas no contrato.

ARTIGO 5º. PAGO

O pagamento poderase efectuar na Tesourería Municipal ou nas dependencias municipais autorizadas para isto, nas entidades colaboradoras autorizadas, ou mediante domiciliación bancaria.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto nesta ordenanza, estarase ó disposto na Ordenanza fiscal xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza aprobada por acordo do Concello Pleno do 5 de novembro do 2007, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2008. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA:	BOP núm. 294 do 24 de decembro de 2007

ANEXOS

ANEXO 1

ÍNDICE ALFABÉTICO DE VÍAS PÚBLICAS APLICABLE A TODAS AS ORDENANZAS FISCAIS E PREZOS PÚBLICOS.

1. As vías públicas do municipio clasifícanse en 5 categorías fiscais:

CODIGO	SIGLAS	NOME	CATE-GORIA
1101	TRVA	2 TRAVESIA AREAS	5
722	LUGAR	ABELAIRAS (SAN XOAN DO ALTO)	5
757	LUGAR	ABELEDO (SANTA MARIA DE BOVEDA)	5
1169	LUGAR	ABELEDO-COEO(STA MARIA BOVEDA)	5
1387	RUA	ABETO	5
776	LUGAR	ABOL (SAN XOAN DO CAMPO)	5
632	CRRIL	ABROTEGAS (DAS)	4
1412	AVDA	ABUIN (DE)	3
1325	LUGAR	ABUIN (DISEMINADO) (PEDREDA)	5
870	LUGAR	ABUIN (PEDREDA)	5
1	RUA	ACACIA	4
1282	RUA	ACEA DE OLGA	3
2	RUA	ACEROLEIRO	4
537	RUA	ACIVRO	4
1107	LUGAR	ADAI (ADAI)	5
1093	LUGAR	ADAI (ADAI)	5
383	LUGAR	ADAI (SANTA MARIA MADANELA)	5
773	LUGAR	AEZ (CAMOIRA)	5
1011	RUA	AFONSO X O SABIO	3
1413	CMÑO	AGRA VELLA (DA)	4
1072	RUA	AGRICULTURA (DA)	4
1070	RUA	AGRO CEDEIRA	4
1224	CMÑO	AGRO DA PONTE	5
1016	RUA	AGRO DA TORNA	4
654	RUA	AGRO DO GRANXEIRO	4
1036	RUA	AGRO DO MONTE	4
997	LUGAR	AGRO MOUZON (MUXA SAN FIZ)	5
1201	LUGAR	AGRO NAVEIRA (MONTIRON)	4
1414	RUA	AGRO NOVO	4

279	RUA	AGROS (DOS)	4
648	RUA	AGUIA	4
1397	RUA	AIRAS (DAS)	4
879	LUGAR	AIREXE (A) (SAN XOAN DE PENA)	5
853	LUGAR	AIREXE (A) (MUXA (SANTA MARIA))	5
908	LUGAR	AIREXE (A) (PROGALO)	5
743	LUGAR	AIREXE (A) (BENADE)	5
815	LUGAR	AIREXE (A) (ESPERANTE (SANTALLA))	5
1128	LUGAR	AIREXE (LABIO)	5
1254	LUGAR	AIREXE-MUXA ARRIBA (NUCLEO)	5
1183	LUGAR	AIREXE-MUXA ARRIBA(STA M.MUXA)	5
1187	LUGAR	AIREXE-SEOANE (PENA)	5
7	PRAZA	ALACANTE	2
5	RUA	ALAMO	4
6	RUA	ALBA	4
871	LUGAR	ALBARELLO (PEDREDA)	5
880	LUGAR	ALBARES (SAN XOAN DE PENA)	5
984	LUGAR	ALBAZOI (VILACHA DE MERA)	5
158	RUA	ALBEDRO	4
444	AVDA	ALCALDE ANXO LOPEZ PEREZ	1
1063	RUA	ALCALDE CARLOS V. PIMENTEL	4
1356	RUA	ALCALDE FRANCISCO LAMAS LOPEZ	4
1382	RUA	ALCALDE JOSE NOVO FREIRE	3
543	RUA	ALCALDE LUIS AMEIJIDE	4
544	RUA	ALCALDE MANUEL PORTELA	4
1294	RUA	ALCALDE PARDO REGUERA	4
1066	RUA	ALCALDE RAMIRO RUEDA FERNANDEZ	3
923	LUGAR	ALDEA DE ABAIXO (A) (RUBIAS)	5
534	RUA	ALECRIN	4
518	RUA	ALEXANDRE BOVEDA	3
1055	RUA	ALFREDO BRAÑAS	4
1415	RUA	ALFREDO VILA (ARQUITECTO)	3
949	LUGAR	ALLARIZ (SAN ROMAN)	5
914	LUGAR	ALONGAR (RIBAS DE MIÑO)	5
1030	RUA	ALTA	4
1287	LUGAR	ALTA (DISEMINADO) (SANTA MARIA DE ALTA)	5
716	LUGAR	ALTA (SANTA MARIA DE ALTA)	5
1164	LUGAR	ALTA-MATELO (ALTA)	5
1060	PASEO	ALVARO CUNQUEIRO	5

1373	RUA	ALVARO GIL	4
822	LUGAR	AMEDIN (OMBREIRO)	5
1177	LUGAR	AMEDIN-REGUEIRO (OMBREIRO)	5
67	RUA	AMEIXEIRA	4
8	RUA	AMENDOEIRA	4
265	RUA	AMENEIRO	4
481	AVDA	AMERICAS (DAS)	3
1247	BARRO	AMIEIROS	5
378	RUA	AMIZADE	3
264	RUA	ANDORIÑAS	2
1376	PRAZA	ANGEL JOHAN	2
3	RUA	ANGELO COLOCCI	4
789	LUGAR	ANGUIEIRO (SANTO ANDRE DE CASTRO)	5
1173	LUGAR	ANGUIEIRO-FONTAO (CASTRO)	5
1416	RUA	ANSELMO SAMPEDRO ANIA (SINDICALISTA)	3
556	RUA	ANTON FRAGUAS FRAGUAS	1
1402	PRAÑA	ANTONIO GANDOI (CREGO)	2
1349	RUA	ANTONIO ROSON	3
505	RUA	ANXEL FOLE	1
13	PRAZA	ANXO FERNANDEZ GOMEZ	1
1006	RUA	AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO (POETA)	3
1032	PRAZA	ARBORE (DO)	3
1069	RUA	ARCO (DO)	4
1088	RUA	AREAS (DAS)	4
350	RUA	AREEIRAS	4
646	LUGAR	AREEIRAS OVISA	5
1231	BARRO	AREEIRAS-ESTRADA FRIOL	5
1307	LUGAR	ARGONDE (DISEMINADO) (SAN XOAN DO CAMPO)	5
777	LUGAR	ARGONDE (SAN XOAN DO CAMPO)	5
363	RUA	ARMANDO DURAN	2
16	RUA	ARMANYA	1
17	RUA	ARMIÑO	4
28	RUA	ARMORICA	2
1021	RUA	ARTES (DAS)	4
1073	RUA	ARTESANS (DOS)	4
965	LUGAR	ARXEMIL (TEIXEIRO)	5
884	LUGAR	AS BARADAS (PENA)	5
993	LUGAR	AS SEARAS (BURGO)	5

1156	LUGAR	ASIMONDE (VILACHA DE MERA)	5
503	RUA	ASOREI (ESCULTOR)	3
1334	LUGAR	ASTARIZ (DISEMINADO) (VERAL, O)	5
978	LUGAR	ASTARIZ (VERAL, O)	5
872	LUGAR	ASTRAR (PEDREDA)	5
445	PRAZA	ASTURIAS	1
18	RUA	ATALAIA	4
608	RUA	ATURUXO	4
1343	PRAZA	AUGAS FERREAS	3
1371	CANÑO	AURELIANO J PEREIRA	1
1386	RUA	AVEA	5
447	RUA	AVETARDA	4
29	RUA	AVIACION ESPAÑOLA	2
1417	PRAZA	AVIADOR PARGA CEREZO	2
551	RUA	AVIADOR PARGA CEREZO	4
446	PRAZA	AVILES (DE)	1
1054	RUA	AZALEA	3
355	RUA	AZOR	3
1383	RUA	AZUCENA	5
729	LUGAR	BACURIN (BACURIN)	5
387	LUGAR	BACURIN (SAN MIGUEL)	5
972	LUGAR	BAGUEIXOS (TIRIMOL)	5
1064	RUA	BAIXA (DA)	3
644	RUA	BALURO (DO)	4
823	LUGAR	BANDELO (OMBREIRO)	5
1238	LUGAR	BARADAS (AS) (SAN XOAN DE PENA)	5
758	LUGAR	BARBAIN (SANTA MARIA DE BOVEDA)	5
1394	RUA	BARBEITO	4
840	LUGAR	BARCIA (MAZOI)	5
700	LUGAR	BARREIRA (A) (MEILAN)	5
926	LUGAR	BARREIRO (SAA)	5
1245	BARRO	BARRIO DE PIUGOS	5
1207	LUGAR	BARXELAS (GANDARAS)	5
999	LUGAR	BARXELAS (MUXA SAN FIZ)	5
388	LUGAR	BASCUAS (SANTA MARIA)	5
734	LUGAR	BASCUAS (SANTA MARIA)	5
540	RUA	BATANEIRA	4
739	LUGAR	BAZAR (BAZAR)	5
389	LUGAR	BAZAR (SAN REMIXIO)	5
31	RUA	BECERREA	2

1308	LUGAR	BELESAR (DISEMINADO) (SAN XOAN DO CAMPO)	5
778	LUGAR	BELESAR (SAN XOAN DO CAMPO)	5
744	LUGAR	BENADE (BENADE)	5
390	LUGAR	BENADE (SANTO ESTEVO)	5
1284	RUA	BENIGNO LEDO (CURA DAS ABELLAS	3
685	AVDA	BENIGNO RIVERA	4
1045	RUA	BERNARDINO PARDO OURO (MEDICO)	3
448	RUA	BETANZOS	2
107	RUA	BIDUEIRO	4
779	LUGAR	BIRBIGUEIRA (SAN XOAN DO CAMPO)	5
187	RUA	BISPO AGUIRRE	1
189	RUA	BISPO BASULTO	1
188	RUA	BISPO DOUTOR BALANZA	2
1418	PRAZA	BISPO FREI XOSE GOMEZ	3
1013	RUA	BISPO ONA DE ECHAVE	4
35	RUA	BO XESUS	1
749	LUGAR	BOCAMAOS (BOCAMAOS)	5
391	LUGAR	BOCAMAOS (SAN XILLAO)	5
32	RUA	BOLAÑO RIVADENEIRA	1
528	RUA	BOLBORETA (DA)	4
850	LUGAR	BOSENDE (MUXA SAN FIZ)	5
280	RUA	BOUZA (DA)	4
759	LUGAR	BOVEDA (BOVEDA)	5
393	LUGAR	BOVEDA (SANTA MARIA)	5
752	LUGAR	BOVEDA DE MERA (BOVEDA DE MERA)	5
735	LUGAR	BREA (A) (BASCUAS)	5
973	LUGAR	BREA (A) (TIRIMOL)	5
1342	AVDA	BREOGAN	5
204	PRAZA	BRETAÑA (DE)	1
653	RUA	BRETEMA (DA)	4
1061	RUA	BUBELA	4
760	LUGAR	BURATAI (SANTA MARIA DE BOVEDA)	5
989	LUGAR	BURGO (O) (SAN VICENTE DO BURGO)	5
440	LUGAR	BURGO, O (SAN VICENTE)	5
936	LUGAR	BURNEIROS (SANTA COMBA)	5
1393	RUA	BUSTELO	4
33	RUA	BUXO (DO)	4
1170	LUGAR	C ABAIXO-C ARRIBA-PENELAS(CALD	5
858	LUGAR	CABALO (O) (ORBAZAI)	5

1184	LUGAR	CABALO-TABOELLE (ORBAZAI)	5
753	LUGAR	CABANAS	5
937	LUGAR	CABANAS (SANTA COMBA)	5
848	LUGAR	CABANAS (MONTE DE MEDA)	5
737	LUGAR	CABO (O) (BASCUAS)	5
808	LUGAR	CABO DE VILA (CUIÑA)	5
1176	LUGAR	CABO DE VILA-VILAMIÑAO (CUIÑA)	5
37	RUA	CABO ESTACA DE BARES	4
841	LUGAR	CACABELOS (MAZOI)	5
1257	LUGAR	CACABELOS-CERRACIN	5
38	CRRIL	CAIÑOS (DE)	3
834	LUGAR	CAINZO (O) (LAMAS)	5
603	LUGAR	CAL DE PEON (*)	5
1137	LUGAR	CAL DE PEON (ORBAZAI)	5
1185	LUGAR	CAL DE PEON-USEIRA (ORBAZAI)	5
1160	LUGAR	CAL DO CARRELO (VILACHA MERA)	5
394	LUGAR	CALDE (SAN PEDRO)	5
780	LUGAR	CAMBRA (A) (SAN XOAN DO CAMPO)	5
45	RUA	CAMBRIA	4
450	RUA	CAMELIA	3
1345	RUA	CAMILO JOSE CELA	3
996	LUGAR	CAMIÑO BARREIRO (MUXA SAN FIZ)	5
597	RUA	CAMIÑO DA COSTA	5
1302	LUGAR	CAMIÑO DA COSTA (SAN XOAN DO ALTO)	5
500	RUA	CAMIÑO DA CROA	5
657	RUA	CAMIÑO DA FONTE	5
658	RUA	CAMIÑO DA GRANXA	4
1293	RUA	CAMIÑO DA IGREXA	4
1215	RUA	CAMIÑO DA NAMELA	5
1076	RUA	CAMIÑO DA ROZANOVA	5
663	RUA	CAMIÑO DA VIA	5
1092	LUGAR	CAMIÑO DE BOSENDE (MUXA SANFIZ	5
356	RUA	CAMIÑO DE FRIAS	5
1039	RUA	CAMIÑO DE GUSTAVO	5
647	RUA	CAMIÑO DE HERRERO	5
1074	RUA	CAMIÑO DE LIÑARES	5
42	RUA	CAMIÑO DE PIPIN	4
1034	CMÑO	CAMIÑO DE ROMAI	5
1023	RUA	CAMIÑO DE SAN FIZ	5

510	RUA	CAMIÑO DE SISULFES	5
664	RUA	CAMIÑO DO AGRO	5
354	RUA	CAMIÑO DO BALNEARIO	4
1115	LUGAR	CAMIÑO DO SANTO (SANTO ANDRE DE CASTRO)	5
660	RUA	CAMIÑO DO SOUTO	5
795	LUGAR	CAMIÑO DO SOUTO (CASTRO)	5
1075	RUA	CAMIÑO DO TRONZO	5
794	LUGAR	CAMIÑO DO VILAR (SANTO ANDRE DE CASTRO)	5
1419	PRAZA	CAMIÑO PRIMITIVO (DO)	3
20	RUA	CAMIÑO REAL (DO)	
		DO 1 Ó 63 IMPARES	1
		DO 65 Ó 151 IMPARES	2
		DO 153 Ó FINAL IMPARES	3
		DO 2 Ó 62 PARES	1
		DO 64 Ó 150 PARES	2
		DO 152 Ó FINAL PARES	3
50	RUA	CAMIÑO VERDE	5
774	LUGAR	CAMOIRA (CAMOIRA)	5
395	LUGAR	CAMOIRA (SANTO ESTEVO)	5
954	LUGAR	CAMPA DA BARRA (A) (SOÑAR)	5
1194	LUGAR	CAMPA DA BARRA-SOÑARIÑO(SOÑAR)	5
656	LUGAR	CAMPAS (AS)	5
493	RUA	CAMPAS (DAS)	4
1003	ESTDA	CAMPIÑA (A) (SALVADOR DE MUXA)	5
1250	LUGAR	CAMPIÑA (A) (SAN SALVADOR DE MUXA)	5
1251	LUGAR	CAMPIÑA-ZARRA (NUCLEO)	5
1181	LUGAR	CAMPIÑA-ZARRA (SALVADOR MUXA)	5
955	LUGAR	CAMPIÑAS (AS) (SOÑAR)	5
1052	RUA	CAMPO (DO)	4
208	PRAZA	CAMPO (DO)	1
190	PRAZA	CAMPO CASTELO (DO)	1
885	LUGAR	CAMPOS (OS) (PIAS)	5
1274	RUA	CAMPOS NOVOS	3
1188	LUGAR	CAMPOS-C ARRIBA-C ABAIXO(PIAS)	5
682	CMÑO	CAMPOSO (DO)	5
1203	LUGAR	CAMPOSO (SAAMASAS)	5
1062	POLIG	CAMPUS UNIVERSITARIO	5
711	LUGAR	CANCELAS (AS)	5

1235	BARRO	CANCELO (O)	5
1305	LUGAR	CANEDO DE ABAIXO (O) (BURGO)	5
610	RUA	CAÑICEIRO (DO)	3
1348	RUA	CANOVAS DEL CASTILLO	3
1077	RUA	CANTEIROS (DOS)	4
1351	RUA	CANTIGAS E FRORES	3
51	PRAÑA	CANTIÑO (O)	2
499	RUA	CARAVEL	4
1331	LUGAR	CARBALLAL (O) (DISEMINADO) (SOÑAR)	5
956	LUGAR	CARBALLAL (O) (SOÑAR)	5
979	LUGAR	CARBALLIDO (VERAL)	5
784	LUGAR	CARBALLIDO (CARBALLIDO)	5
816	LUGAR	CARBALLIDO (ESPERANTE (SANTALLA))	5
397	LUGAR	CARBALLIDO (SAN MARTIÑO)	5
266	RUA	CARBALLO	4
904	LUGAR	CARBALLO (O) (POUTOMILLOS)	5
1136	LUGAR	CARBALLOSO (STA MARIA MUXA)	5
516	CRRIL	CARBOEIRO (DO)	2
1149	LUGAR	CARDELLE (SAN XOAN TIRIMOL)	5
725	LUGAR	CARDOSO (SAN MAMEDE DOS ANXOS)	5
52	AVDA	CARLOS AZCARRAGA	3
1099	TRVA	CARME (DO)	3
461	PRAZA	CARME (DO)	3
252	RONDA	CARME (DO)	3
53	RUA	CARME (DO)	3
541	RUA	CARPAZA (DA)	4
1269	RUA	CARPINTEIROS (DOS)	4
474	BARRO	CARQUEIXO	5
938	LUGAR	CARRAS (SANTA COMBA)	5
1174	LUGAR	CARRETERA-QUINTELA(COEO S VIC.	5
730	LUGAR	CARRICOVA (BACURIN)	5
990	LUGAR	CARRIGUEIROS (BURGO)	5
1270	RUA	CARROS (DOS)	4
671	CRRIL	CARTEIROS (DOS)	2
1272	RUA	CARVALHO CALERO (PROFESOR)	3
740	LUGAR	CASANOVA (BAZAR)	5
343	BARRO	CASAS	5
785	LUGAR	CASAS DA VIÑA (AS) (CARBALLIDO)	5
1172	LUGAR	CASAS DA VIÑA-FAZAI(CARBALLIDO	5
1198	CMÑO	CASAS NOVAS (AREEIRAS)	5

1243	LUGAR	CASAS NOVAS (AS) (PIUGOS)	5
581	RUA	CASAS VELLAS	4
895	LUGAR	CASASNOVAS (PIUGOS)	5
835	LUGAR	CASILLA (A) (LAMAS)	5
940	LUGAR	CASILLA (A) (SANTA COMBA)	5
21	RUA	CASTELAO	1
1258	BARRO	CASTELO	5
650	BARRO	CASTELO DE ABAIXO	5
651	BARRO	CASTELO DE ARRIBA	5
1377	PRAZA	CASTIÑEIRO (DO)	3
605	RUA	CASTIRO	4
701	LUGAR	CASTRO (MEILAN)	5
790	LUGAR	CASTRO (SANTO ANDRE)	5
927	LUGAR	CASTRO ALFONSIN (SAA)	5
761	LUGAR	CASTRO DE BOVEDA (O)	5
652	POLIG	CASTRO GIL	5
1204	POLIG	CASTRO GIL (B)	5
61	RUA	CASTRO GIL (GRAVADOR)	2
1139	LUGAR	CASTRO-AS BARADAS (PENA)	5
1017	CRRIL	CATASOL (DO)	3
641	PRAZA	CATASOL (DO)	3
62	RUA	CATASOL (DO)	3
63	RUA	CATEDRAL (DA)	1
611	RUA	CATON	4
886	LUGAR	CEAO (O) (PIAS)	4
379	POLIG	CEAO-POLIGONO	4
64	RUA	CEDRO	4
65	RUA	CEDRON DEL VALLE	2
866	LUGAR	CEIDE (OUTEIRO DAS CAMOIRAS)	5
1094	BARRO	CELA (CASTELO)	5
219	RUA	CELESTINO FERNANDEZ DE LA VEGA	4
137	RUA	CELSO EMILIO FERREIRO (POETA)	1
66	RUA	CENTOLA	3
1236	BARRO	CERDEIRO	5
842	LUGAR	CERRACIN (MAZOI)	5
1398	RUA	CERROTA	4
1365	RUA	CESTEIRAS (DAS)	4
801	LUGAR	CEZA (COESES)	5
1314	LUGAR	CEZA (DISEMINADO) (COESES)	5
1140	LUGAR	CHALETS (PENA)	5

87	BARRO	CHANCA (A)	5
89	RUA	CHANCA (DA)	4
1226	BARRO	CHANQUIÑAS (AS)	4
91	RUA	CHANTADA	2
1118	LUGAR	CHAO	5
1042	RUA	CHAOS (DOS)	4
874	LUGAR	CHAVIAN (PEDREDA)	5
46	BARRO	CHEDA	4
1130	LUGAR	CHOUSA (MERA)	5
1145	LUGAR	CHOUSAS (ROMEAN)	5
1096	LUGAR	CHOUSAS VELLAS (CASTELO)	5
58	RUA	CIDADE DE VIGO	1
68	RUA	CIDADE DE VIVEIRO	2
626	ESCAL	CIDADE DE VIVEIRO	2
1255	LUGAR	CIMA DE VILA (NUCLEO)	5
873	LUGAR	CIMA DE VILA (PEDREDA)	3
896	LUGAR	CIMA DE VILA (PIUGOS)	3
1350	RUA	CIRCULO DAS ARTES	3
228	RAMPA	CLAUDIO LOPEZ	3
69	RUA	CLERIGOS (DOS)	1
30	RUA	CODESAL	4
797	LUGAR	COEO (COEO – NUCLEO)	5
1313	LUGAR	COEO (DISEMINADO) (COEO)	5
399	LUGAR	COEO (SAN VICENTE)	5
762	LUGAR	COEO (SANTA MARIA DE BOVEDA)	5
400	LUGAR	COESES (SANTA MARIA MADANELA)	5
209	PRAZA	COLEXIO (DO)	3
205	PRAZA	COMANDANTE MANSO	1
1078	RUA	COMERCIO (DO)	4
1079	RUA	COMUNICACIONS (DAS)	4
70	RUA	CONCELLO (DO)	4
71	RUA	CONCEPCION ARENAL	1
72	RUA	CONDE (DO)	1
110	PRAZA	CONDE DE FONTAO	2
73	RUA	CONDE PALLARES	1
897	LUGAR	CONGOS (OS (PIUGOS)	5
1372	RUA	CONSELLO DE EUROPA	4
495	PRAZA	CONSTITUCION (DA)	1
1312	LUGAR	CONTURIZ (DISEMINADO)	5
791	LUGAR	CONTURIZ (SANTO ANDRE DE CASTRO)	5

451	RUA	CORNUBIA	3
1233	BARRO	CORRAL DE ABAIXO	5
766	LUGAR	CORRAL DE ABAIXO (O) (CALDE)	5
887	LUGAR	CORRAL DE ABAIXO (O) (PIAS)	5
1239	BARRO	CORRAL DE ARRIBA	5
767	LUGAR	CORRAL DE ARRIBA (O) (CALDE)	5
888	LUGAR	CORRAL DE ARRIBA (O) (PIAS)	5
335	RUA	CORREDOIRA (PINTOR)	2
1389	RUA	CORTIÑA (A)	5
889	LUGAR	CORTIÑA (PIAS)	5
1100	LUGAR	CORTIÑA DO MONTE (GANDARAS)	5
19	AVDA	CORUÑA (DA)	
		DO 1 Ó 171 IMPARES	1
		DO 173 Ó 377 IMPARES	2
		DO 379 Ó FINAL IMPARES	3
		DO 2 Ó 154 PARES	1
		DO 156 Ó 356 PARES	2
		DO 358 Ó FINAL PARES	3
519	ESTDA	CORUÑA (DA)	4
1110	BARRO	CORVAZAL (STA EULALIA BOVEDA)	5
798	LUGAR	CORVELLE (COEO)	5
1237	LUGAR	CORVELLE (DISEMINADO) (COEO)	5
1091	LUGAR	COSTA (A) (MUXA SAN FIZ)	5
1366	RUA	COSTUREIRAS (DAS)	4
963	LUGAR	COTILLON (O) (TEIXEIRO)	5
1195	LUGAR	COTILLON-TEIXEIRO(S.M.TEIXEIRO	5
1392	RUA	COTON DE ARRIBA	4
661	RUA	COUSELO	4
1206	RUA	COUTADO (DO)	4
828	LUGAR	COUTO (O) (LABIO)	5
1395	RUA	COUTO GRANDE	4
1399	RUA	COUTO PEQUEÑO	4
82	RUA	COVA DA SERPE	4
844	LUGAR	CRECENTE (SAN PEDRO DE MERA)	5
824	LUGAR	CRISTIMIL (OMBREIRO)	5
1178	LUGAR	CRISTIMIL-RIAZON (OMBREIRO)	5
1214	TRVA	CROA (DA)	5
1353	BARRO	CROA (DA)	5
84	RUA	CRUCEIRO (DO)	4
1142	LUGAR	CRUCEIRO (PIAS)	5

81	RUA	CRUZ (DA)	1
80	RUA	CRUZAMENTO (DO)	4
509	RUA	CUARTEL (DO)	4
582	RUA	CUCO (DO)	4
792	LUGAR	CUCO (O) (SANTO ANDRE DE CASTRO)	5
809	LUGAR	CUIÑA (CUIÑA)	5
928	LUGAR	CUIÑA (SAA (SANTIAGO))	5
401	LUGAR	CUIÑA (SANTALLA)	5
810	LUGAR	CUMBRAOS (CUIÑA)	5
1306	LUGAR	CURRELOS (CALDE)	5
512	RUA	CURROS ENRIQUEZ (POETA)	3
1143	LUGAR	CURUTELO (PIAS)	5
1279	TRVA	DEAN FERNANDEZ VARELA	1
1222	AVDA	DEPORTES (DOS)	4
93	RUA	DEPUTACION	3
1202	CELLA	DEPUTACION (DA)	3
1106	LUGAR	DEVESA (A) (MEILAN)	5
1132	LUGAR	DEVESA (MERA)	5
1263	RUA	DIAZ CASTRO (POETA)	3
92	RUA	DINAN	1
702	LUGAR	DISTRIZ (MEILAN)	5
94	RUA	DIVINA PASTORA	2
102	RUA	DOLMEN (DO)	4
101	RUA	DONA URRACA	4
971	LUGAR	DORNAS (AS) (TEIXEIRO)	5
1146	LUGAR	DORNAS (RUBIAS)	5
95	RUA	DOUTOR CASTRO	1
99	RUA	DOUTOR FLEMING	1
96	RUA	DOUTOR GARCIA PORTELA	1
97	RUA	DOUTOR GASALLA	2
1286	RUA	DOUTOR IGLESIAS OTERO	4
98	RUA	DOUTOR OCHOA	2
85	RUA	DOUTOR RAFAEL VEGA	2
133	RUA	DOUTOR XERMAN ALONSO HORTAS	2
303	RUA	DOUTOR YAÑEZ REBOLO	2
302	RUA	EDUARDO PONDAL (POETA)	2
1420	RUA	ELOI MAQUIEIRA (ARQUITECTO)	3
104	RUA	EMILIA PARDO BAZAN	2
105	CRRIL	ENCRUCILLADAS (DAS)	4
1355	RUA	ENRIQUETA OTERO	3

1223	LUGAR	ENTRAMBOS RIOS	5
1020	RUA	ENTRE RUAS	4
83	RUA	ERIN	3
111	RUA	ESCOCIA	3
620	RUA	ESPADELA (DA)	4
1240	LUGAR	ESPERANTE (*)	5
1319	LUGAR	ESPERANTE (DISEMINADO) (*)	5
1318	LUGAR	ESPERANTE (DISEMINADO) (ESPERANTE)	5
402	LUGAR	ESPERANTE (SANTALLA)	5
817	LUGAR	ESPERANTE (SANTALLA)	5
1264	CRRIL	ESPIÑO (DO)	2
191	RUA	ESQUECEMENTO (DO)	2
26	RUA	ESQUIO	4
106	ESCAL	ESTACION (DA)	2
458	CRRIL	ESTANTIGAS (DAS)	4
939	LUGAR	ESTRADA (A) (SANTA COMBA)	5
736	LUGAR	ESTRADA (A) (BASCUAS)	5
796	LUGAR	ESTRADA (A) (COEO)	5
1337	LUGAR	ESTRADA DA CORUÑA (TIRIMOL)	4
1232	LUGAR	ESTRADA SANTIAGO (ESPERANTE)	4
1303	LUGAR	ESTRADA VILAESTEVEZ (SAN XOAN DO ALTO)	5
542	RUA	ESTRALOTE	4
1065	CRRIL	ESTRELA (DA)	4
533	RUA	ESTRELAMAR	4
452	PASEO	ESTUDIANTES (DOS)	4
508	RUA	EVARISTO CORREA CALDERON	4
1288	AVDA	FABRICA DA LUZ (DA)	4
1421	RUA	FABRICA DE ABELLA	4
985	LUGAR	FACOI (VILACHA DE MERA)	5
1080	RUA	FACTORIA (DA)	4
890	LUGAR	FAFIAN (PIAS)	5
529	RUA	FALCON	2
609	RUA	FALLA (MUSICO)	4
549	RUA	FARALLONS	4
763	LUGAR	FARXOCOS (SANTA MARIA DE BOVEDA)	5
929	LUGAR	FAXILDE (SAA)	5
786	LUGAR	FAZAI (CARBALLIDO)	5
460	LUGAR	FAZAI/CARBALLIDO	5
1354	RUA	FENTO (DO)	4

346	RUA	FERMIN RIVERA	4
27	PRAZA	FERNANDO DE CASAS NOVOA (ARQUITECTO)	1
1025	RUA	FERNANDO ESQUIO (TROBADOR)	4
589	RUA	FERNANDO PESSOA (POETA)	3
585	RUA	FERRADURA (DA)	4
1281	RUA	FERREIRIÑO	4
712	LUGAR	FERREIROS (ADAI)	5
1271	RUA	FERREIROS (DOS)	4
206	PRAZA	FERROL (DE)	1
403	BARRO	FERVEDOIRA	4
538	RUA	FIGUEIRA	4
1378	AVDA	FILARMONICA LUCENSE	5
339	RUA	FILGUEIRO	4
1009	PRAZA	FILLOS DE ANTON DE MARCOS	1
630	RONDA	FINGOI (DE)	2
405	BARRO	FINGOI DE ABAIXO	3
1381	BARRO	FINGOI DE ARRIBA	3
44	RUA	FISTERRA	4
1040	RUA	FIUNCHO	4
819	LUGAR	FIXOS (SANTA MARTA DE FIXOS)	5
117	RUA	FLOR DE LIRIO	4
126	RUA	FLOR DE LIS	4
118	RUA	FLOR DE MALVA	4
153	RUA	FLOR DE TOXO	4
1059	RUA	FLORENTINO LOPEZ CUEVILLAS	4
119	CRRIL	FLORES (DAS)	3
613	RUA	FONDAL (DO)	4
120	RUA	FONMIÑA	4
376	ESTDA	FONSAGRADA (A)	5
121	RUA	FONTANEIRA	4
1370	LUGAR	FONTAO (ESPERANTE (SANTALLA))	5
1119	LUGAR	FONTAO (SANTO ANDRE DE CASTRO)	5
957	LUGAR	FONTE DO MOURO (A) (SOÑAR)	5
103	PRAZA	FONTE DOS RANCHOS	2
1159	BARRO	FONTELA (VILACHA DE MERA)	5
1197	LUGAR	FONTELA-VIGO (VILACHA DE MERA)	5
1292	RUA	FONTELO	3
802	LUGAR	FONTEMAIOR (COESES)	5
1315	LUGAR	FONTEMAIOR (DISEMINADO) (COESES)	5

745	LUGAR	FONTENOVA (A) (BENADE)	5
125	RUA	FONTES (DAS)	4
1166	LUGAR	FONTESNOVAS-LAXE (BENADE)	5
352	RONDA	FONTIÑAS (DAS)	2
139	CRRIL	FORNOS (DOS)	4
261	RUA	FRAGA (DA)	3
514	RUA	FRANCISCO MOURE	4
123	RUA	FRANCO (DO)	3
124	RUA	FREI PLACIDO REI LEMOS	2
268	RUA	FREIXO (DO)	3
1046	BARRO	FRIAS	4
598	ESTDA	FRIOL	4
615	RUA	FUSO (DO)	4
1186	LUGAR	FUXAOS-TORRE (ORBAZAI)	5
612	RUA	GAIVOTA	4
47	RUA	GALEGOS (DE)	4
930	LUGAR	GALEGOS (SAA)	5
1219	RUA	GALEGOS-8 TRAVESIA	5
127	RUA	GALICIA	2
1283	RUA	GALLEGO TATO (XORNALISTA)	4
622	RUA	GALO (DO)	4
941	LUGAR	GANDARA (A) (SANTA COMBA)	5
40	CZADA	GANDARAS (DAS)	4
332	BARRO	GANDARAS PIÑEIRO	4
687	CMNO	GARABALLA	4
624	RUA	GARABALLA DE ABAIXO	4
464	RUA	GARABALLA DE ARRIBA	4
635	TRVA	GARABALLA DE ARRIBA-1 TRAVESIA	4
517	AVDA	GARABOLOS (DE)	4
991	LUGAR	GARALOCES (BURGO)	5
15	RUA	GARAÑON	4
128	RUA	GARCIA ABAD	1
374	XDIN	GARCIA MORATO	1
136	RUA	GARDAS (DOS)	3
1038	RUA	GARZA (DA)	4
909	LUGAR	GOLMAR (PROGALO)	5
1191	LUGAR	GOLMAR-LAMEIRO-VILAR (PROGALO)	5
1316	LUGAR	GONDAR (DISEMINADO)	5
821	LUGAR	GONDAR (GONDAR)	5
406	LUGAR	GONDAR (SANTA MARIA)	5

593	RUA	GOYA (PINTOR)	3
1261	LUGAR	GRAMELA (A) (VILACHA DE MERA)	5
55	ESTDA	GRANXA (DA)	4
1033	RUA	GRANXA DE ALBEIROS	4
453	ESTDA	GRANXA REXIONAL	5
1148	LUGAR	GRISIN (S XOAN TIRIMOL)	5
919	LUGAR	GUDE (ROMEAN)	5
1249	LUGAR	GUNDIN	5
746	LUGAR	GUNDIN (DISEMINADO) (BENADE)	5
703	LUGAR	GUNTIN (MEILAN)	5
331	RUA	GUSTAVO FREIRE (MUSICO)	2
511	RUA	HERBA (DA)	4
454	RUA	HERMANITAS (DAS)	2
140	RUA	HORREO (DO)	4
1422	PRAZA	HORTA DO SEMINARIO	1
141	CRRIL	HORTAS (DAS)	3
1049	RUA	HORTENSIA	4
469	CELLA	HOSPITAL (DO)	3
1321	LUGAR	HOSPITAL (O) (DISEMINADO) (SAN PEDRO DE MERA)	5
845	LUGAR	HOSPITAL (O) (SAN PEDRO DE MERA)	5
548	RUA	ILLA COELLEIRA	4
640	RUA	ILLA DA TOXA	4
561	RUA	ILLA DE EIVISA	4
144	RUA	ILLA DE MAN	3
521	RUA	ILLA DE ONS	4
562	RUA	ILLA FORMENTERA	4
559	RUA	ILLA GABEIRAS	4
560	RUA	ILLA LOBEIRA	4
520	RUA	ILLA MADEIRA	4
558	RUA	ILLA SARON	4
950	LUGAR	ILLAR DE AMIGO (SAN ROMAN)	5
1323	LUGAR	ILLAS (AS) (DISEMINADO) (ORBAZAI)	4
1138	LUGAR	ILLAS (AS) (ORBAZAI)	5
639	PRAZA	ILLAS (DAS)	4
142	RUA	ILLAS CANARIAS	
		DO 1 Ó 79 IMPARES	3
		DO 81 Ó FINAL IMPARES	4
		DO 2 Ó FINAL PARES	4
143	RUA	ILLAS CIES	3

601	RUA	ILLAS SISARGAS	4
600	CRRIL	INDIOS (DOS)	
		DO 1 Ó FINAL IMPARES	4
		DO 2 Ó FINAL PARES	5
1081	RUA	INDUSTRIA (DA)	4
591	RUA	INES DE CASTRO	4
1352	AVDA	INFANTA ELENA, DUQUESA DE LUGO	5
1082	RUA	INSPECCION (DA)	4
138	RUA	IRMANS CARRO	1
1010	GTA	IRMANS PEDROSA	1
100	RUA	IRMANS VILAR PONTE	1
1409	RUA	JACINTO CALVO (SENADOR)	2
1423	RUA	JUAN ANTONIO MORENO FUENTES (MUSICO)	3
149	RUA	JUANA IBARBOROU	4
150	RUA	JUANA LA LOCA	4
829	LUGAR	LABIO (LABIO)	5
408	LUGAR	LABIO (SAN PEDRO)	5
1102	RUA	LAGARTEIRO	4
1161	LUGAR	LAGOA (VILACHA DE MERA)	5
1127	LUGAR	LAGOAS (AS) (OMBREIRO)	5
1241	BARRO	LAMABLANCA	5
1309	LUGAR	LAMABOA (DISEMINADO) (SAN XOAN DO CAMPO)	5
781	LUGAR	LAMABOA (SAN XOAN DO CAMPO)	5
836	BARRO	LAMAS (LAMAS)	5
1179	LUGAR	LAMAS (LAMAS)	5
409	LUGAR	LAMAS (SANTALLA)	5
475	LUGAR	LAMAS DE CALDE	5
1005	TRVA	LAMAS DE PRADO	3
194	RUA	LAMAS DE PRADO	
		DO 1 Ó 139 IMPARES	2
		DO 141 Ó FINAL IMPARES	3
		DO 2 Ó 158 PARES	2
		DO 160 Ó FINAL PARES	3
910	LUGAR	LAMEIRO (O) (PROGALO)	5
1358	RUA	LAVANCO	4
152	RUA	LAVANDEIRA	4
881	LUGAR	LAVANDEIRA (A) (SAN XOAN DE PENA)	5
9	RUA	LAVERCA	4

875	LUGAR	LAXE (A) (PEDREDA)	5
738	LUGAR	LAXE (A) (BASCUAS)	5
747	LUGAR	LAXE (A) (BENADE)	5
1165	LUGAR	LAXE-DAQUELCABO (BASCUAS)	5
1357	RUA	LAXEIRO (PINTOR)	3
1024	RUA	LAXES (DAS)	4
1367	RUA	LEITEIRAS (DAS)	4
498	PRAZA	LIBERDADE (DA)	3
536	RUA	LIGUSTRO	4
1385	RUA	LILA	5
1157	BARRO	LIÑAR (VILACHA DE MERA)	5
1196	LUGAR	LIÑAR-PENA (VILACHA DE MERA)	5
621	RUA	LIÑO (DO)	4
1299	LUGAR	LOCAI (DISEMINADO) (SANTA MARIA DE ALTA)	5
717	LUGAR	LOCAI (SANTA MARIA DE ALTA)	5
1341	RUA	LOPEZ GUNTIN (PINTOR)	3
154	RUA	LOPO LIAS	2
1424	RUA	LORENZO VARELA (POETA)	3
155	CRRIL	LOUREIROS (DOS)	3
353	RUA	LOUSAS (DAS)	4
455	BARRO	LOUZANETA	4
1008	ESCAL	LUIS PIMENTEL (POETA)	1
192	RUA	LUIS SEOANE (PINTOR)	2
34	RUA	LUMBRIGANTE	4
764	LUGAR	LUXILDE (SANTA MARIA DE BOVEDA)	5
1007	RUA	LUZ (DA)	4
1012	RUA	MADANELA	4
159	RUA	MADRESELVA	4
22	AVDA	MADRID (DE)	
		DO 1 Ó 109 IMPARES	2
		DO 111 Ó FINAL IMPARES	3
		DO 2 Ó 88 PARES	2
		DO 90 Ó FINAL PARES	3
634	RUA	MAGARZA	4
160	RUA	MAGNOLIA	4
161	BARRO	MAGOI	4
1275	AVDA	MAGOI (DE)	3
207	PRAZA	MAIOR	1
775	LUGAR	MAIRA (CAMOIRA)	5

860	LUGAR	MALLADOIRA (A) (ORBAZAI)	5
765	LUGAR	MALLE (SANTA MARIA DE BOVEDA)	5
162	RUA	MALLORCA	2
11	RUA	MANUEL AMOR MEILAN	1
1340	RUA	MANUEL BECERRA	2
1056	RUA	MANUEL LEIRAS PULPEIRO	4
1289	RUA	MANUEL MARIA (POETA)	3
1031	RUA	MANUEL MURGUIA	4
1276	TRVA	MANZANO-CAMINO VERDE –TRAVESIA	4
787	LUGAR	MANZOI (CARBALLIDO)	5
1310	LUGAR	MANZOI (DISEMINADO) (CARBALLIDO)	5
1103	TRVA	MAR CANTABRICO	4
164	RUA	MAR CANTABRICO	
		DO 1 Ó 89 IMPARES	3
		DO 91 Ó FINAL IMPARES	4
		DO 2 Ó 54 PARES	3
		DO 56 Ó FINAL PARES	4
799	LUGAR	MARCE (COEO)	5
655	LUGAR	MARCELLE-SAAMASAS	5
718	LUGAR	MARCOI (SANTA MARIA DE ALTA)	5
165	RUA	MARGARIDA (DA)	4
1359	RUA	MARIA BALTEIRA	2
1346	RUA	MARIA CASTAÑA	3
166	RUA	MARIÑA ESPAÑOLA	2
567	RUA	MARISCAL PARDO DE CELA	4
1205	RUA	MAROUZON	4
59	AVDA	MARQUES DE OMBREIRO	
		DO 1 Ó 73 IMPARES	3
		DO 75 Ó FINAL IMPARES	4
		DO 2 Ó 70 PARES	3
		DO 72 Ó FINAL PARES	4
719	LUGAR	MATELO (SANTA MARIA DE ALTA)	5
530	PRAZA	MATIAS GARCIA BERNAL (MESTRE)	3
163	RUA	MAZAIRA	4
1217	CMNO	MAZOI	5
843	LUGAR	MAZOI (MAZOI)	5
411	LUGAR	MAZOI (SANTALLA)	5
1162	LUGAR	MEILAN (MEILAN)	5
375	LUGAR	MEILAN (SANTIAGO)	5
1221	CRRIL	MELEIRA (DA)	4

361	RUA	MENDEZ (MESTRE)	4
167	RUA	MENORCA	3
1041	RUA	MENTA	4
861	LUGAR	MERA (A) (ORBAZAI)	5
1152	LUGAR	MERA (A) (VERAL)	5
988	LUGAR	MERA (VILACHA DE MERA)	5
224	CRRIL	MERCADO (DO)	3
1083	RUA	MERCADORIAS (DAS)	4
253	RONDA	MERCEDES (DAS)	2
267	RUA	MERLO (DO)	3
1151	LUGAR	MESON (VERAL)	5
168	RUA	MIGUEL DE CERVANTES	2
1001	PRAZA	MILAGROSA (DA)	2
169	RUA	MILAGROSA (DA)	2
1208	CMÑO	MILITARES (DOS)	5
494	RUA	MILLARA (DA)	4
704	LUGAR	MILLEIROS (MEILAN)	5
1163	LUGAR	MILLEIROS-PACIOS (MEILAN)	5
675	RUA	MINA (A)	3
1425	PRAZA	MINA (DA)	2
893	LUGAR	MIÑAO (PIÑEIRO)	5
1265	RUA	MIÑATO	4
312	TRVA	MIÑO (DO)	2
233	RENTO	MIÑO (DO)	2
170	RUA	MIÑO (DO)	2
171	RENTO	MIÑONS (DOS)	4
633	CRRIL	MIÑONS (DOS)	4
172	RUA	MONDOÑEDO	2
173	RUA	MONFORTE	2
174	RUA	MONTE ADAIRO	4
177	RUA	MONTE CADRAMON	4
1280	LUGAR	MONTE DA CASILLA (ALBEIROS)	5
1322	LUGAR	MONTE DE MEDA (DISEMINADO) (MONTE DE MEDA)	5
849	LUGAR	MONTE DE MEDA (MONTE DE MEDA)	5
413	LUGAR	MONTE DE MEDA (SANTA MARIA MADANELA)	5
178	RUA	MONTE FARO	3
179	RUA	MONTE PENA MAIOR	4
180	RUA	MONTE PENA RUBIA	4

526	RUA	MONTE PIA PAXARO	4
200	RUA	MONTE PICATO	3
176	RUA	MONTE PICO SACRO	4
1401	RUA	MONTE RASO	4
857	LUGAR	MONTE SARTEGO (SANTA MARIA DE MUXA)	5
1037	RUA	MONTE TEGRA	4
1390	RUA	MONTE TORRON	4
181	RUA	MONTERO RIOS	1
182	RUA	MONTEVIDEO	1
48	RUA	MONTIRON	2
1400	RUA	MONZON	4
113	RUA	MOUCHO (DO)	3
731	LUGAR	MOURENTAOS (BACURIN)	5
748	LUGAR	MOURIZ (BENADE)	5
257	RONDA	MURALLA (DA)	1
590	RUA	MURILLO (PINTOR)	3
416	LUGAR	MUXA (SANTA MARIA)	5
1327	LUGAR	MUXA DE ABAIXO (DISEMINADO) (SAN SALVADOR DE MUXA)	5
851	LUGAR	MUXA DE ABAIXO (SAN SALVADOR DE MUXA)	5
1253	BARRO	MUXA DE ARRIBA (DISEMINADO)	5
854	LUGAR	MUXA DE ARRIBA (SANTA MARIA DE MUXA)	5
414	LUGAR	MUXA/SAN FIZ	5
456	LUGAR	NADELA (*)	5
726	LUGAR	NADELA (ANXELES)	5
882	LUGAR	NADELA (SAN XOAN DE PENA)	5
360	RUA	NARCISO PEINADO	4
183	RUA	NAZARIO ABEL	4
1426	CANÑO	NEMESIO COBREROS (ARQUITECTO)	2
184	RUA	NICOMEDES PASTOR DIAZ	2
262	RUA	NOGUEIRA	4
185	RUA	NORIAS (DAS)	1
1229	TRVA	NORIEGA VARELA (POETA)	3
186	RUA	NORIEGA VARELA (POETA)	3
272	RUA	NOVA	1
1019	RUA	NUBEIRO (DO)	4
994	LUGAR	O MOUTO (MUXA SAN FIZ)	5

995	LUGAR	O MOUTO(MUJA SAN PEDRO FELIX)	5
1057	PRAZA	ODOARIO (BISPO)	1
1368	RUA	OLEIRAS (DAS)	4
195	RUA	OLIVEIRA (DA)	4
1298	TRVA	OMBREIRO (PRIMEIRA TRAVESIA)	5
407	LUGAR	OMBREIRO (SAN MARTIÑO)	5
862	LUGAR	ORBAZAI (ORBAZAI)	5
417	LUGAR	ORBAZAI (SAN MIGUEL)	5
341	RUA	ORQUIDEA	4
531	RUA	ORTEGA Y GASSET	3
1295	RUA	OTERO BESTEIRO (ESCULTOR)	3
201	RUA	OTERO PEDRAYO (PROFESOR)	2
1388	RUA	OUREGO	5
193	RUA	OURENSE	2
1035	RUA	OURIOL	4
931	LUGAR	OUTEIRO (SAA (SANTIAGO))	5
1324	LUGAR	OUTEIRO (O) (DISEMINADO (OUTEIRO DAS CAMOIRAS)	5
867	LUGAR	OUTEIRO (O) (OUTEIRO DAS CAMOIRAS)	5
876	LUGAR	OUTEIRO (PEDREDA)	5
920	LUGAR	OUTEIRO (ROMEAN)	5
418	LUGAR	OUTEIRO DAS CAMOIRAS (O) (SAN SALVADOR)	5
1192	LUGAR	OUTEIRO-SABOLEIRO-TELLADO(ROME	5
1266	RUA	OUTONO (DO)	2
1297	AVDA	PABLO IGLESIAS	3
1111	LUGAR	PACIOS (SAN XOAN DO CAMPO)	5
705	LUGAR	PACIOS (MEILAN)	5
553	RUA	PACIOS (PINTOR)	4
942	LUGAR	PACIOS (SANTA COMBA)	5
1171	LUGAR	PACIOS-VERIN (S XOAN DO CAMPO)	5
741	LUGAR	PADERNE (BAZAR)	5
1256	LUGAR	PADIN (TIRIMOL)	5
1379	AVDA	PADRE GOMEZ	4
568	RUA	PADRE SARMIENTO	4
1403	PASEO	PALESTINA	5
602	LUGAR	PALLOZA (A) (SANTA MARIA DE MUXA)	5
1369	RUA	PANADEIRAS (DAS)	4
770	LUGAR	PAPOI (CALDE)	5
1122	LUGAR	PAPOI DE ABAIXO (ESPERANTE)	5

525	RUA	PAPORRUBIO	4
10	RUA	PAPOULA	4
629	RUA	PARADAI DE ABAIXO	4
197	RUA	PARADAI DE ARRIBA	4
998	LUGAR	PAREDES (MUXA SAN FIZ)	5
1210	LUGAR	PAREDES (SAN FIZ)	5
129	RUA	PASCUAL VEIGA	1
1290	AVDA	PAULO FABIO MAXIMO (LEGADO ROMANO)	4
271	RUA	PAXARIÑOS (DOS)	3
351	ESCAL	PAXARIÑOS (DOS)	2
43	RUA	PEDANEO XOAN DIEGO	4
1050	RUA	PEDERNEIRA	4
943	LUGAR	PEDRAFITA (SANTA COMBA)	5
877	LUGAR	PEDREDA (PEDREDA)	5
419	LUGAR	PEDREDA (SAN VICENTE)	5
649	RUA	PEDREIRAS (AS)	4
1029	RUA	PEDRO GONZALEZ LOPEZ	3
974	LUGAR	PEDROUZON (TIRIMOL)	5
958	LUGAR	PEITEIROS (SOÑAR)	5
1141	LUGAR	PENA (A) (SAN XOAN DE PENA)	5
768	LUGAR	PENA (A) (CALDE)	5
1335	LUGAR	PENA (A) (DISEMINADO) (VILACHA DE MERA)	5
986	LUGAR	PENA (A) (VILACHA DE MERA)	5
898	LUGAR	PENA (PIUGOS)	5
1285	RUA	PEÑA ANDA	3
903	LUGAR	PENA DA MULA (A) (PIUGOS)	5
1278	BARRO	PENA DA MULA (SAN LAZARO)	5
1225	LUGAR	PENA DA MULA (SAN LAZARO)	5
627	RUA	PENA DO REI	4
1155	LUGAR	PENAIRADA (VERAL)	5
1244	BARRO	PEÑALIÑAS	5
863	LUGAR	PENARRUBIA (ORBAZAI)	5
769	LUGAR	PENELAS (CALDE)	5
1304	LUGAR	PENELAS (DISEMINADO) (CALDE)	5
1209	LUGAR	PENOUCOS (SAN FIZ)	5
1360	PRAZA	PEPE BARREIRO	2
199	RUA	PERPETUO SOCORRO	3
595	RUA	PETO (DO)	4

57	RUA	PIAS (DAS)	4
421	LUGAR	PIAS (SAN VICENTE)	5
552	RUA	PICASSO (PINTOR)	3
203	RUA	PIÑEIRAL	4
1427	RUA	PIÑEIRAL GRANDE	4
894	LUGAR	PIÑEIRO (SAN MARTIÑO DE PIÑEIRO)	5
855	LUGAR	PIÑEIRO (SANTA MARIA DE MUXA)	5
198	RUA	PINTARROXO	4
210	PRAZA	PIO XII	1
1113	LUGAR	PIQUEIRA (A) (SAN XOAN DO CAMPO)	5
1104	BARRO	PISTA CIMA DE VILA (CARQUEIXO)	5
1336	LUGAR	PISTA DE BARBAIN (SANTA MARIA DE BOVEDA)	5
333	BARRO	PITEIRO (O)	5
423	LUGAR	PIUGOS (SANTIAGO)	5
899	LUGAR	PIUGOS DE PENA (PIUGOS)	5
584	LUGAR	PLATEIROS (OS) (MUXA SAN FIZ)	5
803	LUGAR	POLIDO	5
1199	POLIG	POLIGONO LOUZANETA	5
1242	LUGAR	POLLIDO (COESES)	5
278	RUA	POMAR	4
196	RUA	POMBA (DA)	4
214	RUA	POMBAL (DO)	4
1121	LUGAR	POMBAL (O)	5
1047	RUA	POMBO (DO)	4
1375	LUGAR	PONDELO (O) (CARBALLIDO)	5
825	LUGAR	PONTE (A) (OMBREIRO)	5
41	CZADA	PONTE (DA)	4
1116	LUGAR	PONTE DE CASTRO (CASTRO)	5
1120	LUGAR	PONTE DO BAO (COEO S. VICENTE)	5
1361	PASEO	PONTE VELLA (DA)	5
426	BARRO	PONTE/SAN LAZARO	4
349	LUGAR	PONTEGAOS	5
216	RUA	PONTEVEDRA	2
732	LUGAR	PORTAFONTAO (BACURIN)	5
804	LUGAR	PORTANOVA (COESES)	5
1175	LUGAR	PORTANOVA-TRASFONTAO (COESES)	5
1234	LUGAR	PORTELA (A) (LAMAS)	5
837	BARRO	PORTELA (LAMAS)	5
852	BARRO	PORTELA (SALVADOR MUXA)	5

1252	LUGAR	PORTELA-MUXA ABAIXO (NUCLEO)	5
1182	LUGAR	PORTELA-MUXA ABAIXO(SALVADOR M	5
357	RUA	PORTIÑO	4
891	LUGAR	PORTO DE LUGO (O) (PIAS)	5
713	LUGAR	PORTO MEILAN (ADAI)	5
1124	LUGAR	PORTOGANOI (SANTA MARTA DE FIXOS)	5
372	ESTDA	PORTOMARIN	5
24	RUA	PORTUGAL	2
380	RUA	POUSADELA	4
992	LUGAR	POUTOMILLOS (BURGO)	5
424	LUGAR	POUTOMILLOS (SAN MARTIÑO)	5
269	RUA	PRADAIRO	4
217	RUA	PRADO (DO)	2
830	LUGAR	PRATEIRO (LABIO)	5
501	RUA	PRIETO NESPEREIRA (GRAVADOR)	4
218	RUA	PRIMAVERA	2
330	PRAZA	PRIMEIRO DE MAIO	4
425	LUGAR	PROGALO (SANTIAGO)	5
146	RUA	PROGRESO (DO)	1
1220	RUA	PROLONGACION REI CHIQUITO	4
1108	LUGAR	PUGA (A) (BENADE)	5
1404	RUA	PURO CORA (XORNALISTAS)	1
800	LUGAR	QUINTELA (COEO)	5
856	LUGAR	QUINTIAN (SANTA MARIA DE MUXA)	5
221	RUA	QUIROGA	2
222	RUA	QUIROGA BALLESTEROS	1
1347	RUA	RAFAEL DIESTE	3
230	RUA	RAIÑA (DA)	1
975	LUGAR	RAMIL	5
1333	LUGAR	RAMIL (DISEMINADO) (SAN XOAN DE TIRIMOL)	5
1428	RUA	RAMON BEBERIDE (RADIOFONISTA)	3
211	RUA	RAMON CABANILLAS (POETA)	2
1053	PRAZA	RAMON FALCON	4
365	AVDA	RAMON FERREIRO	1
226	RUA	RAMON MONTENEGRO	2
1267	RUA	RAMON PIÑEIRO	4
227	RUA	RAMON Y CAJAL	1
565	RUA	RAMOS MISIONE	3
932	LUGAR	RAÑA (A) (SAA)	5

964	LUGAR	RATOEIRO (O) (TEIXEIRO)	5
980	LUGAR	REAL (O) (VERAL)	5
1068	PRAZA	REBOIRAS (DAS)	4
981	LUGAR	REBORDAOS (VERAL)	5
1125	LUGAR	REBOREDO (SANTA MARTA DE FIXOS)	5
959	LUGAR	REBOREDO (SOÑAR)	5
1277	LUGAR	REBOREDO DE ARRIBA	5
580	RUA	RECATELO	2
229	CRRIL	RECATELO (DE)	3
1329	LUGAR	RECIMIL (DISEMINADO) (RECIMIL)	5
905	LUGAR	RECIMIL (POUTOMILLOS)	5
912	LUGAR	RECIMIL (RECIMIL (SAN LOURENZO))	5
427	LUGAR	RECIMIL (SAN LOURENZO)	5
1114	LUGAR	REGAS (AS) (CARBALLIDO)	5
1200	LUGAR	REGAS (AS) (SAN LAZARO)	5
1134	LUGAR	REGAS (AS) (SAN SALVADOR DE MUXA)	5
1090	CMÑO	REGAS (DAS)	5
1098	CMÑO	REGAS (DAS) (GANDARAS)	5
1411	CMÑO	REGO DA LAXE	4
1246	BARRO	REGO DO ESPIÑO	5
599	RUA	REGO DO ESPIÑO	4
1144	LUGAR	REGO DO ESPIÑO (PIUGOS)	5
1097	LUGAR	REGOA (CASTELO)	5
826	LUGAR	REGUEIRO (O) (OMBREIRO)	5
1153	LUGAR	REGUEIRO (VERAL)	5
1027	CMÑO	REGUEIRO DOS HORTOS	4
583	PRAZA	REI (DO)	2
1228	LUGAR	REI CHIQUITO	5
231	RUA	REI CHIQUITO	4
49	RUA	REI DON GARCIA	3
274	RUA	REISEÑOR	4
1133	BARRO	REMESAR (MERA)	5
442	RONDA	REPUBLICA ARGENTINA (DA)	3
1095	LUGAR	REQUE (CASTELO)	5
1429	AVDA	REVERENDO XOSE FERNANDEZ NUÑEZ	3
1268	RUA	REVISTA RONSEL	4
1320	LUGAR	RIAZON (DISEMINADO) (OMBREIRO)	5
827	LUGAR	RIAZON (OMBREIRO)	5
915	LUGAR	RIBADELO (RIBAS DE MIÑO)	5
232	RUA	RIBADEO	1

916	LUGAR	RIBAS DE MIÑO	5
428	LUGAR	RIBAS DE MIÑO (SAN MAMEDE)	5
811	LUGAR	RIBEIRA (CUIÑA)	5
234	RUA	RIO AVIA	3
1058	RUA	RIO AZUMARA	4
235	RUA	RIO CABE	3
236	RUA	RIO CHAMOSO	2
237	RUA	RIO EO	3
238	RUA	RIO EUME	4
239	RUA	RIO LADRA	3
240	RUA	RIO LANDRO	4
241	RUA	RIO LEA	4
242	RUA	RIO LOR	2
1396	RUA	RIO LOUZANETA	4
628	RUA	RIO LOUZARA	4
631	RUA	RIO MANDEO	4
276	RUA	RIO MASMA	4
246	RUA	RIO MERA	3
281	RUA	RIO MOSA	4
243	RUA	RIO NARLA	3
244	RUA	RIO NAVIA	2
245	RUA	RIO NEIRA	2
247	RUA	RIO ORIBIO	3
569	RUA	RIO PAMBRE	4
277	RUA	RIO PARGA	4
1362	PASEO	RIO RATO (DO)	5
645	RUA	RIO SAR	4
248	RUA	RIO SER	2
249	RUA	RIO SIL	2
250	RUA	RIO TAMOGA	3
251	RUA	RIO ULLA	3
720	LUGAR	RIOBO (SANTA MARIA DE ALTA)	5
619	RUA	RIPANZO (DO)	4
966	LUGAR	ROADE (TEIXEIRO)	5
256	CMÑO	ROCA (DE)	5
522	RUA	ROCHA (DA)	4
254	AVDA	RODRIGUEZ MOURELO	1
1405	RUA	ROF CARBALLO (HUMANISTA)	3
255	RUA	ROF CODINA (VETERINARIO)	4
604	RUA	ROI XORDO	4

1048	RUA	ROLA (DA)	4
1213	LUGAR	ROMAI DE ARRIBA	5
429	LUGAR	ROMEAN (SAN PEDRO)	5
587	RUA	ROMEU	4
381	RUA	ROSEIRA (DA)	3
340	BARRO	ROSENDE	5
637	CMÑO	ROSENDE (DE)	5
1260	LUGAR	ROXAS (VERAL)	5
967	LUGAR	ROZAS (TEIXEIRO)	5
706	LUGAR	RUBIANA (A) (MEILAN)	5
1004	LUGAR	RUBIANA (MEILAN)	5
430	LUGAR	RUBIAS (SAN XILLAO)	5
275	RUA	RUIZ DE ALDA	2
1193	LUGAR	S ENGRACIA-VEIGA-VILAMARCE(S C	5
1180	LUGAR	S PEDRO DE ABAIXO-REMESAR(MERA	5
933	LUGAR	SAA (SAA)	5
431	LUGAR	SAA (SANTIAGO)	5
344	LUGAR	SAAMASAS	5
921	LUGAR	SABOLEIRO (ROMEAN)	5
1071	RUA	SABUGO	4
213	BARRO	SAGRADO CORAZON (POLIGONO)	3
364	TRVA	SALGUEIRO	5
282	RUA	SALMON	3
1015	RUA	SALVADOR DALI	3
147	RUA	SALVADOR DE MADARIAGA	2
586	RUA	SALVIA	4
793	LUGAR	SAN AMARO (SANTO ANDRE DE CASTRO)	5
490	LUGAR	SAN CIBRAO	5
662	TRVA	SAN EUFRASIO	4
286	RUA	SAN EUFRASIO	4
287	RUA	SAN FERNANDO	1
1000	LUGAR	SAN FIZ (MUXA SAN FIZ)	5
288	RUA	SAN FROILAN	1
289	RUA	SAN ISIDRO LABRADOR	3
476	BARRO	SAN LAZARO	5
291	RUA	SAN LOURENZO	3
507	PRAZA	SAN LOURENZO	3
292	LUGAR	SAN LOURENZO DE ALBEIROS	5
1301	LUGAR	SAN MAMEDE (DISEMINADO) (SAN MAMEDE DOS ANXOS)	5

917	LUGAR	SAN MAMEDE (RIBAS DE MIÑO)	5
727	LUGAR	SAN MAMEDE (SAN MAMEDE DOS ANXOS)	5
386	LUGAR	SAN MAMEDE DOS ANXOS (SAN MAMEDE)	5
293	RUA	SAN MARCOS	1
422	LUGAR	SAN MARTIÑO DE PIÑEIRO (SAN MARTIÑO)	5
294	RUA	SAN PEDRO	1
846	LUGAR	SAN PEDRO DE ABAIXO (SAN PEDRO DE MERA)	5
847	LUGAR	SAN PEDRO DE ARRIBA (SAN PEDRO DE MERA)	5
412	LUGAR	SAN PEDRO DE MERA (SAN PEDRO)	5
951	LUGAR	SAN ROMAN (SAN ROMAN)	5
433	LUGAR	SAN ROMAN (SANTA CRISTINA)	5
23	RUA	SAN ROQUE	1
415	LUGAR	SAN SALVADOR DE MUXA (SAN SALVADOR)	5
297	RUA	SAN VICENTE	3
892	LUGAR	SAN VICENTE DE PIAS	5
1189	LUGAR	SAN VICENTE-CORTIÑA (PIAS)	5
564	RUA	SAN XILLAO	4
1109	LUGAR	SAN XILLAO (BOCAMAOS)	5
1430	PRAZA	SAN XOAN (DE)	3
420	LUGAR	SAN XOAN DE PENA (SAN XOAN)	5
385	LUGAR	SAN XOAN DO ALTO (SAN XOAN)	5
396	LUGAR	SAN XOAN DO CAMPO (SAN XOAN)	5
369	RUA	SAN XOSE	4
545	RUA	SANGUIÑO (DO)	4
432	LUGAR	SANTA COMBA (SAN PEDRO)	5
944	LUGAR	SANTA COMBA (SANTA COMBA)	5
945	LUGAR	SANTA ENGRACIA (SANTA COMBA)	5
772	LUGAR	SANTA EUFEMIA (CALDE)	5
788	LUGAR	SANTA LOCAIA (CARBALLIDO)	5
298	PRAZA	SANTA MARIA	1
384	LUGAR	SANTA MARIA DE ALTA (SANTA MARIA)	5
820	LUGAR	SANTA MARTA (SANTA MARTA DE FIXOS)	5

404	LUGAR	SANTA MARTA DE FIXOS (SANTA MARTA)	5
812	LUGAR	SANTALLA (CUIÑA)	5
392	LUGAR	SANTALLA DE BOVEDA DE MERA (SANTALLA)	5
296	RUA	SANTIAGO	
		DO 1 Ó 3 IMPARES	1
		DO 5 Ó FINAL IMPARES	2
		DO 2 Ó 14 PARES	1
		DO 18 Ó FINAL PARES	2
347	ESTDA	SANTIAGO (ESTRADA VELLA DE)	4
1262	ESTDA	SANTIAGO,ST.VELLA (ESPERANTE)	5
398	LUGAR	SANTO ANDRE DE CASTRO (SANTO ANDRE)	5
284	RUA	SANTO ANTONIO	3
299	PRAZA	SANTO DOMINGO	1
592	RUA	SANTO DOMINGO DE LA CALZADA	3
301	RUA	SANTO GRAAL	
		DO 1 Ó 131 IMPARES	3
		DO 133 Ó FINAL IMPARES	4
		DO 2 Ó 106 PARES	3
		DO 108 Ó FINAL PARES	4
982	LUGAR	SANTO MATIAS (O) (VERAL)	5
900	LUGAR	SANTOIÑO (PIUGOS)	5
1190	LUGAR	SANTOIÑO-TABERNAS (PIUGOS)	5
1344	RUA	SARGADELOS	5
283	RUA	SAUDE	3
968	LUGAR	SEGADE (TEIXEIRO)	5
976	LUGAR	SEIVANE (TIRIMOL)	5
1051	RUA	SEIXO (DO)	4
1129	LUGAR	SEIXO (LABIO)	5
883	LUGAR	SEOANE (SAN XOAN DE PENA)	5
1326	LUGAR	SEOANE (DISEMINADO) (SAN XOAN DE PENA)	5
723	LUGAR	SEOANE (SAN XOAN DO ALTO)	5
782	LUGAR	SEOANE (SAN XOAN DO CAMPO)	5
304	RUA	SERRA DE MEIRA	4
305	RUA	SERRA DE OUTES	4
12	RUA	SERRA DOS ANCARES	2
306	RUA	SERRA GAÑIDOIRA	3

1291	RUA	SERVICIOS (DOS)	4
969	LUGAR	SILGUEIROS (OS) (TEIXEIRO)	5
783	LUGAR	SILVA (A) (SAN XOAN DO CAMPO)	5
342	RUA	SILVA (DA)	4
307	RUA	SOIDADE	1
524	PRAZA	SOIDADE (DA)	1
223	CRRIL	SON (DO)	3
434	LUGAR	SOÑAR (SAN PEDRO)	5
960	LUGAR	SOÑAR (SOÑAR)	5
961	LUGAR	SOÑARIÑO (SOÑAR)	5
1363	RUA	SOTO FREIRE	2
496	RUA	SOUTULLO (MUSICO MESTRE)	4
616	RUA	SUBELA (DA)	4
901	LUGAR	TABERNAS (AS) (PIUGOS)	5
1131	LUGAR	TABOEIRO (MERA)	5
864	LUGAR	TABOELLE (ORBAZAI)	5
618	RUA	TASCO (DO)	4
617	RUA	TEAR (DO)	4
131	RUA	TEATRO (DO)	1
614	RUA	TECELANS	4
952	LUGAR	TEDIN (SAN ROMAN)	5
839	LUGAR	TEICELLE	5
946	LUGAR	TEIGUESELLE (SANTA COMBA)	5
1332	LUGAR	TEIXEIRO (DISEMINADO) (TEIXEIRO)	5
435	LUGAR	TEIXEIRO (SANTA MARIA)	5
970	LUGAR	TEIXEIRO (TEIXEIRO)	5
535	RUA	TEIXO (DO)	4
922	LUGAR	TELLADO (O) (ROMEAN)	5
308	RUA	TENENTE CORONEL TEIJEIRO	1
1364	RUA	TERESA DE CALCUTA	4
1084	RUA	TERRA (DA)	4
309	RUA	TINERIA	2
157	RUA	TINO GRANDIO (PINTOR)	3
554	RUA	TINO PRADOS (ARTISTA)	4
436	LUGAR	TIRIMOL (SAN XOAN)	5
1158	LUGAR	TOANDE (VILACHA DE MERA)	5
1328	LUGAR	TOIRIZ (DISEMINADO (PIUGOS)	5
902	LUGAR	TOIRIZ (PIUGOS)	5
1227	ESTDA	TOLDA	5
382	BARRO	TOLDA DE CASTELA	3

709	LUGAR	TOLDA DE MEILAN	5
710	LUGAR	TOLDA DE MILLEIROS (A) (MEILAN)	5
707	LUGAR	TOLDA DE MILLEIROS (MEILAN)	5
1089	RUA	TOLEDO	4
636	RUA	TOMELO	4
437	LUGAR	TORIBLE (SANTA MARIÑA)	5
977	LUGAR	TORIBLE (TORIBLE)	5
1150	LUGAR	TORIBLE DE ABAIXO (TORIBLE)	5
484	RUA	TORNA (DA)	4
1431	RUA	TORNEIROS (DOS)	4
566	RUA	TORQUES (DOS)	3
1211	LUGAR	TORRE	5
1248	LUGAR	TORRE (A) (SOÑAR)	5
865	LUGAR	TORRE (A) (ORBAZAI)	5
878	LUGAR	TORRE (A) (PEDREDA)	5
868	LUGAR	TORRE (OUTEIRO)	5
962	LUGAR	TORRE (SOÑAR)	5
310	RUA	TORRE DE DONCOS	4
818	LUGAR	TORRON (O) (ESPERANTE)	5
1085	RUA	TRANSPORTES (DOS)	4
506	RUA	TRAPERO PARDO	4
1259	LUGAR	TRAS DO CASTRO (PROGALO)	5
659	RUA	TRAS DO COLEXIO	4
805	LUGAR	TRASFONTAO (COESES)	5
1126	LUGAR	TRASNARLA (OMBREIRO)	5
1123	LUGAR	TRAVESA (A) (ESPERANTE)	5
314	CRRIL	TREN (DO)	4
316	RUA	TRES MARIAS	4
315	RUA	TREVO (DO)	3
368	RUA	TRIABA	4
1026	RUA	TRONEIRO (DO)	4
318	RUA	TUI	2
742	LUGAR	TUIXE (BAZAR)	5
523	RUA	TUÑAS BOUZON	1
317	RUA	TUNEL DE OURAL	4
1391	RUA	UCEIRA	4
906	LUGAR	UCEIRA (A) (POUTOMILLOS)	5
319	RUA	UNIDADE (DA)	2
1406	PRAÑA	UNIVERSIDADE (DA)	1

1374	LUGAR	URBANIZACION BELA VISTA (ESPERANTE)	5
487	LUGAR	URBANIZACION CAMPIÑA (SAN SALVADOR DE MUXA)	5
527	RUA	VAGALUME (DO)	4
642	RUA	VAL (DO)	4
953	LUGAR	VAL (O) (SAN ROMAN)	5
754	LUGAR	VALIN (SANTALLA DE BOVEDA DE MERA)	5
1167	LUGAR	VALIN-VILAR(STA EULALIA BOVEDA	5
492	RUA	VALIÑO (DO)	4
366	BARRO	VALIÑO (O)	5
504	RONDA	VALLE INCLAN	3
1105	LUGAR	VAQUEIRA (A) (MEILAN)	5
1338	RUA	VARELA ESPAÑA	3
1407	RUA	VAZQUEZ QUEIPO (MATEMATICO)	4
1339	RUA	VAZQUEZ SEIJAS	3
643	RUA	VEDOIRO (DO)	4
370	ESTDA	VEGADEO	4
1147	BARRO	VEIGA (STA COMBA)	5
1154	LUGAR	VEIGAS (VERAL)	5
485	RUA	VELAZQUEZ (PINTOR)	3
348	RUA	VELLA DA PONTE	4
321	RUA	VENANCIO SENRA	3
690	RUA	VENTO (DO)	4
806	LUGAR	VENTOSIÑOS (COESES)	5
983	LUGAR	VERAL (O) (VERAL, O)	5
438	LUGAR	VERAL, O (SAN VICENTE)	5
1112	BARRO	VERIN (SAN XOAN DO CAMPO)	5
86	CRRIL	VIA (DA)	5
322	RUA	VIA LACTEA	4
323	RUA	VIA ROMANA	2
728	LUGAR	VIADOR (SAN MAMEDE DOS ANXOS)	5
1296	PRAZA	VIANA DO CASTELO	3
1028	RUA	VICEDO (DO)	4
1014	RUA	VICENTE RISCO	3
1086	RUA	VIDRO (DO)	4
733	LUGAR	VIGO (BACURIN)	5
987	LUGAR	VIGO (VILACHA DE MERA)	5
911	LUGAR	VILA (A) (PROGALO)	5

924	LUGAR	VILA (A) (RUBIAS (SAN XILLAO))	5
1380	PASEO	VILA DE FOZ	5
325	RUA	VILA DE SARRIA	2
1408	AVDA	VILA VERDE (CIDADE DE PORTUGAL)	3
1317	LUGAR	VILACHA (DISEMINADO) (LABIO)	5
1330	LUGAR	VILACHA (DISEMINADO) (RIBAS DE MIÑO)	5
831	LUGAR	VILACHA (LABIO)	5
918	LUGAR	VILACHA (RIBAS DE MIÑO)	5
439	LUGAR	VILACHA DE MERA (SAN XILLAO)	5
925	LUGAR	VILADONEGA (RUBIAS)	5
1300	LUGAR	VILAESTEVEZ (DISEMINADO) (SAN XOAN DO ALTO)	5
724	LUGAR	VILAESTEVEZ (SAN XOAN DO ALTO)	5
326	RUA	VILALBA	1
807	LUGAR	VILALVITE (COESES)	5
715	LUGAR	VILAMAIOR (ADAI)	5
1212	LUGAR	VILAMAIOR (DISEMINADO)	5
948	LUGAR	VILAMARCE (SANTA COMBA)	5
813	LUGAR	VILAMIÑAO (CUIÑA)	5
934	LUGAR	VILAMOURE (SAA)	5
1117	LUGAR	VILANOVA (CASTRO)	5
755	LUGAR	VILANOVA (SANTALLA DE BOVEDA DE MERA)	5
1168	LUGAR	VILANOVA-CORVAZAL(S EULALIA B)	5
907	LUGAR	VILAR (POUTOMILLOS)	5
947	LUGAR	VILAR (SANTA COMBA)	5
756	LUGAR	VILAR (SANTALLA DE BOVEDA DE MERA)	5
714	LUGAR	VILAR (ADAI)	5
708	LUGAR	VILAR (MEILAN)	5
814	LUGAR	VILAR (O) (CUIÑA)	5
750	LUGAR	VILAR DE BOCAMAOS (O)	5
913	LUGAR	VILAR DE CUCOS (RECIMIL)	5
1311	LUGAR	VILAR QUEIMADO (CARBALLIDO)	5
751	LUGAR	VILARDON (BOCAMAOS)	5
832	LUGAR	VILARIÑO (LABIO)	5
721	LUGAR	VILARIÑO (SANTA MARIA DE ALTA)	5
833	LUGAR	VILARVENTE (LABIO)	5
869	LUGAR	VILAVERDE (OUTEIRO DAS CAMOIRAS)	5

220	RUA	VILLAMIL (PINTOR)	3
1384	RUA	VIOLETA	5
327	RUA	VIRXE DA ESPERANZA	3
329	RUA	VIRXE DA SOIDADE	4
328	RUA	VIRXE DOS OLLOS GRANDES	4
1218	TRVA	VIRXEN OLLOS GRANDES	4
1230	BARRO	VISTA ALEGRE	5
14	RUA	XACOBE III DE INGLATERRA	4
1067	RUA	XARDIN	4
1216	RUA	XASMIN	4
109	RUA	XENEBRO (DO)	4
130	RUA	XENERAL TELLA	2
263	RUA	XESTA (DA)	2
838	LUGAR	XESTAL (O) (LAMAS)	5
1022	RUA	XESUS BAL Y GAY	4
1002	LUGAR	XESUS DE NAZARET (SANTA MARIA DE BOVEDA)	5
1432	RUA	XESUS VILELA GARCIA (PROFESOR)	4
1043	LUGAR	XIAN	4
606	RUA	XOAN CARBALLAL (VETERINARIO)	4
148	RUA	XOAN MONTES	1
489	RUA	XOAN RICO PEREZ (VETERINARIO)	4
625	TRVA	XOAN RICO PEREZ (VETERINARIO)	5
594	RUA	XOANA DE CASTRO	4
1273	RONDA	XOSE CASTIÑEIRA (MUSICO)	2
1044	RUA	XOSE CRECENTE VEGA (POETA)	4
1410	RUA	XOSE FERRO (COENGO)	3
1433	RUA	XOSE GARCIA RODRIGUEZ (MUSICO)	3
1434	XDIN	XOSE MANUEL NUÑEZ TORRON (AVOGADO)	4
1435	RUA	XOSE PUJOL Y BALFER (IMPRESOR)	4
359	BARRO	XUIZ	5
1018	CRRIL	XUIZO (DO)	4
151	RUA	XULIA MINGUILLON (PINTORA)	2
859	LUGAR	XUXAOS (ORBAZAI)	5
483	RUA	ZARRA (DA)	3
1135	BARRO	ZARRA (SALVADOR MUXA)	5

2. Con carácter xeral, todas as rúas en solo urbano deberán ter ó menos a categoría 4ª.

3. Os lugares ou parroquias que non aparezan sinaladas no índice alfabético consideraranse de última categoría, permanecendo calificadas así ata o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquél en que se aprobe polo Pleno da Corporación a categoría fiscal correspondente e a súa inclusión no índice alfabético de vías públicas.

4. En calquera vía pública numerada, na que se encontre un inmoble sen número, aplicaráselle a categoría fiscal máis elevada da que rixa na rúa.

ANEXO 2: MANUAL PARA OBTER O PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL DUNHA EDIFICACIÓN, APLICABLE Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS E Á ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

1. NORMAS XERAIS: CRITERIOS DE VALORACIÓN.

1.1. Un traballo considerarase incluído no punto que lle corresponde de acordo co destino predominante da superficie, e incluiranse naquel as superficies con destinos minoritarios. Soamente se dividirán en varios puntos cando un dos destinos minoritarios ocupe unha superficie maior do 20% do total, nese caso valorarase independentemente.

1.2. A superficie total construída é a suma da superficie de cada unha das plantas do edificio, medida dentro dos límites definidos polas liñas perimetrais das fachadas, tanto exteriores como interiores, e os eixes de medianeiras compartidas, se é o caso.

Nos edificios de vivendas as superficies abufardadas accesibles, que polas súas características construtivas e tipolóxicas sexan susceptibles de ser destinadas a vivenda, incluiranse no cómputo cando a súa altura libre sexa superior a 1,5 metros e valoraranse co uso da vivenda.

2. ESTIMACIÓN SIMPLIFICADA DOS PRESUPOSTOS DE EXECUCIÓN MATERIAL DA EDIFICACIÓN.

2.1. DEFINICIÓNS.

Mb.- Módulo básico.
Mc.- Módulo de construción ou de referencia.
S.- Superficie total construída, en m^2.
Si.- Superficie construída por uso de acordo co destino predominante dela.
Ct.- Coeficiente corrector en función da tipoloxía da edificación.
Cu.- Coeficiente corrector en función do uso da edificación.
PEMb.- Presuposto de execución material segundo módulos básicos.
PEM.- Presuposto de execución material do proxecto.

2.2. VALORES DE APLICACIÓN.

2.2.1. MÓDULO BÁSICO (**Mb**):

398,81 €/ m^2

2.2.2. SUPERFICIE CONSTRUÍDA POR USO**: Si.**

Un traballo considérase incluído na alínea que lle corresponde de acordo co uso predominante da superficie; inclúense naquel as superficies con destinos minoritarios, tal e como se especifica no punto 1.1.1.

2.2.3. COEFICIENTE TIPOLOXÍAS: **Ct.**

Ct.- Tipoloxía da edificación.

1. En edificacións de nova planta e adicións.

1,20 Edificación illada (4 fachadas). Vivenda unifamiliar illada. Sotos a partir do 3º.
1,10 Agrupación en fila ou fileira. Sotos 1º e 2º.
1,00 Edificio en quinteiro pechado. Edificación aberta vivenda colectiva.

2. En obras de reforma e rehabilitación.

1,20 Rehabilitación total que inclúe desmontaxe de fachadas.
1,00 Adecuación interior de plantas baixas e entresollados. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas.

0,65	Reforma interior de instalacións e acabados conservando a estrutura existente.
0,50	Reformas de elementos estruturais.
0,35	Rehabilitación de fachadas. Substitución de carpintería e pechamentos (aplicada á superficie de fachada).
0,30	Reformas de pouca entidade que non afecten a elementos estruturais nin a instalacións (acabados interiores).
0,02	Demolicións e derribamentos (aplicada á superficie total das plantas que se derriban).*

(*) Coeficiente de uso **Cu**=1.

2.2.4. COEFICIENTE DE USOS: **Cu**.

Cu.- Usos da edificación.

1. Edificación:

1,60	Auditorios. Museos. Teatros. Hoteis 5 estrelas. Edificios bancarios.
1,50	Hospitais. Laboratorios. Igrexas.
1,40	Bibliotecas. Facultades e Escolas universitarias. Hoteis 4 estrelas. Edificios penitenciarios. Terminais marítimas e aéreas.
1,30	Clubs sociais. Cines. Centros de saúde. Balnearios. Hoteis 3 estrelas. Salas de festas. Discotecas. Colexios con residencia.
1,20	Casas da cultura. Casas consistoriais. Locais bancarios. Consultorios. Residencias 3ª idade. Aparthoteis. Tanatorios. Centros de culto. Cuarteis. Matadoiros.
1,10	Vivenda. Hoteis 2 estrelas. Residencias universitarias. Moteis.
1,00	Residencial VPO. Oficinas. Garderías. Centros docentes. Hoteis 1 estrela. Ambulatorios. Hostais-residencias. Restaurantes. Estacións de autobuses. Salas de exposicións. Piscinas cubertas.
0,90	Bares. Mercados.
0,80	Centro comercial. Pavillóns deportivos cubertos. Vestiarios. Bungalows. Servizos campings.
0,65	Edificios de aparcadoiros. Local comercial. Establecementos comerciais industria escaparate.
0,50	Piscinas descubertas. Cemiterios.
0,40	Garaxes e aparcadoiros. Estacións de servizo.
0,35	Rochos. Locais en planta baixa ou semisoto sen uso específico. Soportais e terrazas abertas.

0,30	Almacéns. Instalacións deportivas descubertas. Granxas. Cubertos. Depósitos. Bancadas. Panteóns (por nicho). Naves industriais.
0,15	Acondicionamento de naves con obras mínimas.
0,10	Proxectos de urbanización (adscritos á edificación). Parcelas campings.**
0,05	Xardíns. Pistas de terra e formigón. Tratamento de espazos exteriores. Acondicionamento de terreos.**

(**)Coeficiente de tipoloxía **Ct**=1

2.3. OBTENCIÓN DO PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL SEGUNDO MÓDULOS BÁSICOS: PEMb.

O custo da execución material de todo tipo de edificación obterase en función do módulo de construción **Mc**, e da superficie construída para cada uso, de acordo coas seguintes fórmulas:

2.3.1. MÓDULO DE CONSTRUCIÓN: Mc = Mb x Ct x Cu

Nos casos en que un coeficiente corrector non se axuste á tipoloxía ou ós usos antes definidos, aconséllase aplicar a media entre os que máis se asemellan.

2.3.2. PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL SEGUNDO MÓDULOS BÁSICOS: PEMb = Sumatorio (Mci x Si)

Mci = Módulo de construción que corresponda, de acordo co destino predominante da superficie.

Si = Superficie construída que corresponda, de acordo co destino predominante dela.

(Nos edificios con usos diferentes recoméndase calcular o PEMb para cada uso).

Este presuposto así obtido será o presuposto de referencia para o cálculo da autoliquidación.

FOLLA DE AVALIACIÓN

SUXEITO PASIVO:	
ENDEREZO:	
DNI/CIF:	TFNO.:

TIPO DE OBRA:

OBTENCIÓN DO PRESUPOSTO DE REFERENCIA SEGUNDO MÓDULOS BÁSICOS ORIENTATIVOS PMb

PLANTAS			Superficie construída	Módulo básico **Mb**	Tipo-loxía **Ct**	Uso **Cu**	Módulo **Mc**	Presupos-tos parciais
Núm.	Uso	Super-ficie						
TOTAL SUPERFICIE				**PRESUPOSTO DE REFERENCIA**				

……, …… de …… do ……
O INTERESADO

<u>ANEXO 3:</u> CUSTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS MENORES, APLICABLE Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS E Á ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

A.- SOBRE A SUPERFICIE COMPUTABLE (módulos)

1.- M^2 Construción dun galpón ou alpendre:	168,83 €
2.- M^2 Obras de reforma en:	
1) Vivendas:	285,87 €
2) Oficinas:	282,72 €
3) Locais comerciais:	329,69 €
4) Locais de hostalería:	484,12 €

B.- SOBRE UNIDADES DE OBRA (prezos unitarios)

1.- M^2 nivelación terreos:	2,15 €
2.- M^3 Escavación de terras:	4,77 €
3.- M^3 Recheo e compactado de terras:	3,69 €
4.- M Apertura de gabias:	34,59 €
5.- M Encanamento de saneamento enterrado:	46,97 €
6.- U. Acometida domiciliaria de saneamento:	249,35 €
7.- U. Acometida domiciliaria de auga:	318,38 €
8.- U. Pozo de auga:	2.197,89 €
9.- M^3 Depósito de auga:	164,04 €
10.- U. Instalación de fosa séptica:	1.449,33 €
11.- M^2 Demolición de tabique ou apertura de ocos:	5,99 €
12.- M^2 Demolición de cubertas:	4,61 €
13.- M^2 Demolición de falsos teitos:	2,38 €
14.- M^2 Picado de masas ou azulexados:	5,34 €
15.- M^2 Picado e levantado de pavimentos:	6,84 €
16.- M^2 Tabique de ladrillo:	13,69 €
17.- M^2 Tabique pladur:	25,97 €
18.- M^2 Enfuscado mestreado e alisado:	10,95 €
19.- M^2 Falso teito de escaiola:	16,33 €
20.- M^2 Pavimento de cemento ou terrazo:	20,87 €

21.- M^2 Pavimento de gres, PVC ou moqueta:	31,51 €
22.- M^2 Chan de madeira:	43,13 €
23.- M^2 Pavimento de pedra ou mármore:	77,64 €
24.- M Banzo (“peldaño”):	20,14 €
25.- M^2 Azulexado:	32,05 €
26.- M^2 Chapeado de pedra ou mármore:	83,21 €
27.- M^2 Pintura plástica interiores:	5,19 €
28.- M^2 Panelado de madeira:	29,78 €
29.- U. Porta blindada de madeira:	870,40 €
30.- M^2 Substitución carpintería de madeira:	159,58 €
31.- M^2 Substitución carpintería de aluminio:	202,66 €
32.- M^2 Substitución carpintería PVC:	209,92 €
33.- M^2 Substitución de carpintería metálica:	86,47 €
34.- M^2 Peche metálico de seguridade (reixas):	120,15 €
35.- M^2 Acristalamento con vidro normal:	41,39 €
36.- M^2 Acristalamento con vidro “Climalit”:	93,39 €
37.- M^2 Acristalamento con vidro de seguridade:	147,31 €
38.- M^2 Limpeza de fachadas:	7,07 €
39.- M^2 Limpeza e rexuntado fachadas granito:	7,07 €
40.- M^2 Pintura exteriores:	7,72 €
41.- M^2 Revestimento monocapa para exteriores:	14,27 €
42.- M^2 Substitución de acabado de cuberta pesada tipo lousa:	49,11 €
43.- M^2 Substitución de acabado de cuberta lixeira tipo fibrocemento:	23,57 €
44.- M^2 Impermeabilización de terraza:	17,83 €
45.- M Canlón:	13,87 €
46.- M Baixante:	16,87 €
47.- U. Rede interior de auga fría e quente:	609,20 €
48.- U. Instalación completa de calefacción en vivenda:	4.183,19 €
49.- U. Instalación da rede eléctrica en vivenda:	2.152,50 €
50.- Instalación de ascensor en edificio de planta baixa e tres plantas altas:	11.530,05 €
51.- Incremento por planta de instalación de ascensor:	1.537,33 €
52.- U. Lavabo:	170,56 €
53.- U. Bañeira:	186,81 €
54.- U. Bidé:	146,20 €
55.- U. Inodoro:	162,45 €
56.- M^2 Toldo:	91,55 €
57.- M^2 Marquesiña:	274,95 €

58.- M^2 Rótulo opaco:	404,51 €
59.- M^2 Rótulo luminoso:	560,05 €
60.- M^2 Carteleira publicitaria, valos, lonas e monopostes anunciadores: Os requisitos e condicións esixibles serán os seguintes: 1.- A instalación de valos, lonas e monopostes contará coa debida autorización municipal. 2.- Existirá sempre unha identificación visible da empresa propietaria. 3.- As instalacións contarán cun seguro de responsabilidade civil. 4.- Estarán sempre en bo estado de conservación, mantemento e limpeza. 5.- Os valos terán un marco dunha anchura de 25 cm, pintado de cor. 6.- Os valos serán sobre soportes introducidos nunha base de formigón a unha profundidade mínima de 0,75 metros. 7.- O soporte das lonas estará debidamente afirmado na parede e as cordas de suxeición contarán coa resistencia adecuada. 8.- Os monopostes contarán con proxecto e dirección de obra e a súa colocación farase a unha distancia de edificios e da vía pública dun mínimo que será o resultante da altura total do monoposte máis 5 metros.	41,82 €
61.- U. Instalación grúa:	1.514,90 €
62.- M Peche de postes con aramado:	13,07 €
63.- M^2 Peche de tea metálica con postes:	13,95 €
64.- M^2 Cerrume con bloque de formigón:	27,29 €
65.- M^2 Cerrume con bloque acabado especial:	46,93 €
66.- M Cerrado de chantos:	31,82 €
67.- M Cerrume con bloque e tea metálica:	42,13 €
68.- M^3 Cerrume con cachotería, pedra ou lousa:	369,58 €
69.- M^2 Peche metálico:	69,83 €
70.- M^2 Peche fundición:	111,27 €
71.- M^2 Porta entrada a parcela: Metálica: Fundición:	 109,64 € 251,81 €
72.- U. Entrada a parcela, incluída canalización:	470,27 €
73.- M^2 Reposición de beirarrúas:	47,04 €

74.- M Execución gabia:	61,73 €
75.- Tala de árbores, por unidade:	
Coníferas e frondosas (agás carballos e castaños):	
Ata 20 cms. de diámetro:	60,00 €.
De 20,01 cms. a 30 cms. de diámetro:	80,00 €.
De 30,01 cms. a 40 cms. de diámetro:	115,00 €.
De 40,01 cms. a 50 cms. de diámetro:	150,00 €.
De máis de 50 cms. de diámetro:	250,00 €.
Carballos e castaños:	
Ata 20 cms. de diámetro:	130,00 €.
De 20,01 cms. a 30 cms. de diámetro:	150,00 €.
De 30,01 cms. a 40 cms. de diámetro:	220,00 €.
De 40,01 cms. a 50 cms. de diámetro:	315,00 €.
De máis de 50 cms. de diámetro:	450,00 €.
A escala de diámetros de tronco ou fuste mídese a 1,20 metros dende o chan portante.	